

Clasificación Nacional de Ocupaciones 2011 (CNO 2011)

Notas explicativas

1 Directores e xerentes

A Directores e xerentes

11 Membros do poder executivo e dos corpos lexislativos; directivos da Administración pública e organizacións de interese social; directores executivos

111 Membros do poder executivo e dos corpos lexislativos; directivos da Administración pública e organizacións de interese social

1111 Membros do poder executivo (nacional, autonómico e local) e do poder lexislativo

Os membros do poder executivo (nacional, autonómico e local) e do poder lexislativo definen, formulan e orientan a política do goberno nacional, do goberno do Estado federado ou da provincia, rexión ou colectividade local e dos organismos gobernamentais internacionais, e elaboran, ratifican, modifican ou derrogan leis e regulamentos. Inclúense neles membros electos e non electos de parlamentos, concellos e gobernos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- presidir os traballos dos corpos lexislativos e dos concellos deliberantes do goberno e das asembleas lexislativas da nación, do Estado federado ou da provincia, rexión ou colectividade local, e participar nos devanditos traballos;
- definir, formular e orientar a política do goberno nacional, do goberno do Estado federado ou da provincia, rexión ou colectividade local;
- elaborar, ratificar, modificar ou derrogar leis e regulamentos dentro dun marco lexislativo ou constitucional;
- integrar concellos deliberantes da Administración pública ou comisións oficiais;
- examinar cuestións de interese para o público e defender os intereses do electorado representado por eles;
- asistir a actos e reunións para prestar servizos á comunidade, captar a opinión pública e facilitar información sobre os plans da Administración pública;
- negociar con outros membros do poder lexislativo e representantes de grupos de interese social para conciliar intereses opostos e establecer políticas e acordos;
- dirixir, na súa calidade de membros do goberno, os administradores e os funcionarios dos departamentos ministeriais e dos órganos que deles dependen en canto á interpretación e aplicación da política do goberno.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Presidente do Goberno
- Ministros do goberno
- Deputados do Parlamento
- Secretarios de Estado
- Senadores
- Membros dos órganos de goberno das CC.AA.
- Membros das asembleas lexislativas das CC.AA.
- Concelleiros
- Alcaldes

- Presidentes de deputación provincial, deputación foral do País Vasco, cabido insular ou consello insular
- Deputados de deputación provincial, deputación foral do País Vasco, cabido insular ou consello insular
- Membros do Consello Xeral do Poder Xudicial

1112 Persoal directivo da Administración pública

O persoal directivo da Administración pública asesora esta nos asuntos políticos, vixía a interpretación e aplicación da política pública e da lexislación polos órganos públicos; actúa en nome e representación do país no estranxeiro ou desempeña tarefas similares en organizacións intergubernamentais. Planifica, organiza, orienta, controla e avalía as actividades xerais dos departamentos, órganos, axencias ou comisións do goberno nacional ou dos gobernos da rexión ou da provincia ou colectividade local, de conformidade coa lexislación e as políticas do goberno ou dos órganos lexislativos.

Nota: Os empregados ou funcionarios das administracións públicas que xestionan unha empresa pública ou un organismo análogo onde os empregados públicos desempeñan tarefas semellantes ás exercidas polos dirixentes das empresas descritas no grupo primario 1120, directores xerais e presidentes executivos, clasificaranse no devandito grupo.

Considerarase empresa pública calquera empresa en que os poderes públicos poidan exercer, directa ou indirectamente unha influencia dominante en razón da propiedade, da participación financeira ou das normas que a rexen. Para efectos prácticos considérase que a empresa é pública: a) cando a participación efectiva dos poderes públicos no capital da empresa supera o 50%; b) cando as decisións dunha empresa dependen fundamentalmente dos poderes públicos, aínda que non estea maioritariamente participada por estes.

Por poderes públicos enténdense as administracións públicas (xeral do Estado, autónoma e local), a Administración da Seguridade Social e outros organismos públicos, como o INI e o INH.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar nos asuntos políticos a Administración pública e o órgano lexislativo nacional ou do Estado federado ou da provincia, rexión ou colectividade local;
- asesorar na preparación dos orzamentos públicos, así como das leis e regulamentos, incluídas as súas emendas;
- establecer obxectivos para os órganos públicos de conformidade coa lexislación e a política da Administración pública;
- elaborar ou aprobar e avaliar programas e procedementos para a aplicación das políticas públicas xunto coa propia Administración pública ou en consulta con ela;
- recomendar, examinar, avaliar e aprobar documentos, notas e informes presentados por outros directivos da Administración pública de nivel medio ou superior;
- velar pola elaboración e aplicación de sistemas e procedementos adecuados para a realización do control orzamentario;
- coordinar as actividades cos demais directivos e funcionarios da Administración pública;
- presentar a comisións lexislativas ou da Administración pública políticas, programas ou orzamentos;

- controlar a interpretación e aplicación da política pública e da lexislación polos órganos públicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Embaixadores
- Cónsules xerais
- Subsecretarios de Estado
- Directores da función pública
- Subdirectores da función pública

1113 Directores de organizacións de interese social

Os directores de organizacións de interese social definen, formulan e orientan a política destas organizacións, tales como partidos políticos, sindicatos, organizacións de empregadores, asociacións industriais, organizacións humanitarias ou de beneficencia e asociacións deportivas, representan as organizacións e actúan no seu nome.

Entre as súas tarefas inclúense:

- definir e formular a política, os estatutos e regulamentos da organización;
- planificar, dirixir e coordinar o funcionamento xeral da organización;
- examinar as operacións e resultados da organización e informar o consello de dirección e os órganos directivos, os membros da organización e as entidades que acheguen financiamento;
- realizar negociacións en nome da organización, dos seus membros e dos grupos relevantes de interese social;
- defender os intereses da organización e dos seus membros ante os órganos lexislativos, a Administración pública ou o público en xeral;
- planificar, organizar e orientar as actividades dos órganos encargados de aplicar as políticas, estatutos e regulamentos da organización;
- velar pola elaboración e aplicación de sistemas e procedementos adecuados para a realización do control orzamentario;
- supervisar e avaliar o funcionamento da organización ou empresa conforme os obxectivos e políticas establecidos;
- representar a organización en actos oficiais e reunións de órganos directivos, nas negociacións e nas convencións, audiencias públicas e foros.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Dirixentes, partido político
- Dirixentes, organización empresarial
- Dirixentes, sindicato de traballadores;
- Dirixentes, organización humanitaria
- Dirixentes, fundación

112 Directores xerais e presidentes executivos

1120 Directores xerais e presidentes executivos

Os directores xerais e presidentes executivos elaboran e examinan as políticas e planifican, orientan, coordinan e avalían as actividades xerais das empresas ou organizacións (salvo as organizacións de interese social e os órganos públicos) coa asistencia doutros directivos, seguindo, en xeral, a orientación impartida polo consello de dirección ou outro órgano directivo, ante quen son responsables dos resultados obtidos e das actividades realizadas.

Nota: Os directores xerais e presidentes executivos e os demais altos directivos que coordinan e supervisan as actividades dos directores subordinados responsables dunha variada gama de tarefas funcionais deben incluírse no grupo primario 1120, Directores xerais e presidentes executivos. Os directores responsables de funcións especializadas nunha zona xeográfica concreta están excluídos deste grupo primario. Por exemplo, os directores rexionais de vendas están clasificados no grupo primario 1221, Directores comerciais e de vendas.

Os postos de traballo cuxa principal función é participar no consello de dirección dunha ou máis empresas ou organizacións están incluídos no grupo primario 1120, Directores xerais e presidentes executivos. Os xerentes xerais de empresas públicas están incluídos no grupo primario 1120, Directores xerais e presidentes executivos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, orientar e coordinar o funcionamento xeral da empresa ou organización;
- examinar as actividades e resultados da empresa ou organización e comunicar esta información ao consello de dirección ou aos órganos directivos;
- establecer obxectivos, estratexias, políticas e programas para a empresa ou organización;
- asumir o liderado xeral e a xestión da empresa ou organización;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- autorizar os recursos materiais, humanos e financeiros para a execución das políticas e programas da organización;
- supervisar e avaliar o funcionamento da organización ou empresa conforme os obxectivos e políticas establecidos;
- consultar co persoal de alto nivel subordinado e examinar as súas recomendacións e informes;
- representar a organización en actos oficiais e reunións de órganos directivos, en negociacións e en convencións, seminarios, audiencias públicas e foros;
- seleccionar o persoal de alto nivel ou aprobar a súa selección;
- velar por que a organización cumpra as leis e regulamentos en vigor.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores xerais, empresa privada
- Directores xerais, empresa pública
- Presidentes executivos

12 Directores de departamentos administrativos e comerciais

121 Directores de departamentos administrativos

1211 Directores financeiros

Os directores financeiros planifican, dirixen e coordinan as operacións financeiras dunha empresa ou organización en consulta co consello de dirección e cos directores doutros departamentos ou doutras empresas que presten servizos financeiros a esta empresa ou organización.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, dirixir e coordinar as operacións financeiras da empresa ou organización;
- avaliar a situación financeira da empresa ou organización, preparar os orzamentos e controlar as operacións financeiras;
- consultar co xerente xeral e cos directores doutros departamentos;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- controlar a selección, a formación e o rendemento do persoal;
- representar a empresa ou organización nas relacións con entidades externas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores financeiros
- Directores de departamentos de contabilidade
- Directores de departamentos de custos
- Directores de departamentos de orzamentos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de sucursais de servizos financeiros, 1327
- Especialistas en contabilidade, 2611

1212 Directores de recursos humanos

Os directores de recursos humanos planifican, dirixen e coordinan políticas relativas ao persoal, ás relacións laborais e ás actividades de saúde e seguranza no traballo dunha empresa ou organización, ou de empresas que presten servizos de recursos humanos a outras empresas ou organizacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, dirixir e coordinar as actividades, políticas e prácticas dunha empresa ou organización en todo o relativo ao persoal e ás relacións laborais;
- planificar e organizar os procedementos destinados á contratación, formación, promoción, traslados e despedimentos do persoal;
- planificar e organizar as negociacións sobre fixación da escala e os niveis salariais e sobre a consulta aos traballadores sobre as condicións de emprego;
- controlar os programas e actividades de saúde e seguranza e outras cuestións conexas;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos;
- controlar a elaboración e aplicación de sistemas de información de xestión;

- velar polo cumprimento das normas e da lexislación sobre os dereitos dos traballadores, a saúde e seguranza, a igualdade de oportunidades e cuestións conexas;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal de toda a empresa ou organización;
- consultar coa alta dirección e cos directores doutros departamentos;
- representar a empresa ou organización nas relacións con entidades externas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de departamentos de recursos humanos
- Directores de departamentos de relacións laborais
- Directores de selección de persoal
- Directores de contratación
- Directores de formación de persoal

1219 Directores de políticas e planificación e doutros departamentos administrativos non clasificados baixo outras epígrafes

Neste grupo primario inclúense os directores de políticas e planificación, os cales planifican, organizan, dirixen e coordinan actividades de planificación estratéxica e de asesoramento sobre políticas dentro da Administración pública ou para organizacións non gobernamentais ou entidades do sector privado, ou xestionan as actividades de empresas que prestan servizos de planificación estratéxica e de asesoramento sobre políticas. Tamén se inclúen os directores de departamentos administrativos e de servizos non clasificados baixo outras epígrafes do subgrupo 121, Directores de departamentos administrativos. Inclúense, por exemplo, ocupacións como as de director de servizos administrativos, director de instalacións ou director de servizos de limpeza xa sexa directores de departamentos de grandes empresas ou organizacións ou directores de empresas que fornecen os devanditos servizos a outras empresas ou organizacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- elaborar, aplicar e supervisar plans, programas, políticas, procesos, sistemas e procedementos estratéxicos para alcanzar fins ou obxectivos ou cumprir normas de traballo;
- elaborar, dirixir e administrar estudos e análises de políticas e participar neles;
- coordinar a aplicación de políticas e prácticas;
- establecer medidas da actividade e medicións da responsabilidade;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- dirixir e xestionar as actividades do persoal de elaboración de políticas e de planificación estratéxica;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal;
- representar a empresa ou organización en negociacións e en convencións, seminarios, audiencias públicas e foros;
- realizar tarefas de asistencia, estudo e asesoramento nos ámbitos administrativo, operativo e de planificación estratéxica á alta dirección sobre cuestións como a xestión das instalacións da empresa e dos servizos administrativos;
- desenvolver e xestionar os recursos administrativos e físicos da organización;
- elaborar e aplicar declaracións e directrices en materias administrativas e de procedemento para uso polo persoal da organización;

- analizar cuestións e iniciativas complexas en relación coa xestión dos recursos que afecten a organización e preparar os correspondentes informes, correspondencia e documentos;
- prestar información e asistencia para a preparación de informes financeiros e de orzamentos;
- dirixir, xestionar e formar o persoal administrativo para garantir o desenvolvemento sen problemas das actividades e a subministración de información de forma precisa e oportuna;
- representar a empresa ou organización en negociacións e en convencións, seminarios, audiencias públicas e foros;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal;
- consultar con directores executivos e directores doutros departamentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de planificación corporativa
- Directores de instalacións
- Directores de departamentos de control de calidade
- Directores de servizos de limpeza

122 Directores comerciais, de publicidade, relacións públicas e de investigación e desenvolvemento

1221 Directores comerciais e de vendas

Os directores comerciais e de vendas planifican, dirixen e coordinan as actividades de vendas e comercialización dunha empresa ou organización, ou de empresas que prestan servizos de vendas e comercialización a outras empresas ou organizacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e organizar programas especiais de venda e comercialización baseados no estado das vendas e a avaliación do mercado;
- fixar as listas de prezos, as porcentaxes de desconto e os prazos de entrega, os orzamentos para campañas de promoción de vendas, os métodos de venda, e os incentivos e campañas especiais;
- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos relativos ás actividades de vendas e comercialización;
- dirixir e xestionar as actividades do persoal de vendas e comercialización;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal;
- representar a empresa ou organización en convencións de vendas e comercialización, feiras de mostras e outros foros.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de comercialización

- Directores de comercio exterior
- Directores de vendas
- Directores de servizo posvenda
- Directores de departamentos de estudos de mercado
- Directores de mercadotecnia

1222 Directores de publicidade e relacións públicas

Os directores de publicidade e relacións públicas planifican, dirixen e coordinan as actividades de publicidade, relacións públicas e información ao público dunha empresa ou organización, ou de empresas que prestan servizos relacionados a outras empresas ou organizacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar dirixir e coordinar as actividades de publicidade e relacións públicas da empresa ou organización;
- negociar contratos de publicidade con clientes ou con xornais, emisoras de radio e televisión, organizacións deportivas e culturais e axencias de publicidade;
- planificar e xestionar programas de información destinados ás autoridades, aos medios de comunicación de masas e ao público en xeral sobre os plans, logros e opinións da empresa ou organización;
- dirixir e xestionar as actividades do persoal de publicidade e relacións públicas;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de publicidade
- Directores de relacións públicas
- Directores de gabinetes de prensa

1223 Directores de investigación e desenvolvemento

Os directores de investigación e desenvolvemento planifican, dirixen e coordinan as actividades de investigación e desenvolvemento dunha empresa ou organización ou de empresas que prestan servizos relacionados a outras empresas ou organizacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, dirixir e coordinar as actividades de investigación e desenvolvemento, tanto as da propia empresa ou organización coma as confiadas por outras organizacións de investigación, para crear procedementos, produtos, coñecementos ou modos de utilización de materiais novos ou perfeccionados;
- planificar o programa xeral de investigación e desenvolvemento da empresa ou organización, definir as metas dos proxectos e fixar os seus orzamentos;
- dirixir e xestionar as actividades do persoal de investigación e desenvolvemento;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;

- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal;
- representar a empresa ou organización en convencións, seminarios ou conferencias.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de desenvolvemento de produtos
- Directores de departamentos de investigación e desenvolvemento (I+D)

13 Directores de produción e operacións

131 Directores de produción de explotacións agropecuarias, forestais e pesqueiras, e de industrias manufactureiras, de minaría, construción e distribución

1311 Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais

Os directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais planifican, dirixen e coordinan a produción de operacións a grande escala agrícola, hortícola e forestal, tales como plantacións, grandes facendas, granxas colectivas e cooperativas agrícolas para cultivar e obter cultivos, ou para alimentar e criar gando.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade do mercado da agricultura e a silvicultura e planificar a produción para satisfacer os requirimentos do contrato e a demanda do mercado;
- establecer e xestionar orzamentos, supervisar o rendemento e os custos de produción, rexistrar información relativa á xestión agraria e preparar informes financeiros e operativos;
- acordar cos compradores os termos das vendas de cultivos e gando;
- contratar con agricultores ou propietarios independentes a produción de cultivos e o gando, ou para xestionar a produción;
- planificar o tipo, intensidade e secuencia das operacións agrícolas (por exemplo, determinar o mellor momento para plantar, sulfatar e recoller);
- analizar o solo para determinar os tipos e cantidades de fertilizantes necesarios para maximizar a produción;
- comprar maquinaria, equipamento e fornecementos tales como tractores, sementes, fertilizantes e produtos químicos;
- identificar e controlar toxinas ambientais, malas herbas, pestes e enfermidades na agricultura e nos bosques;
- organizar operacións agrícolas tales como o mantemento de edificios, sistemas de abastecemento de auga e equipamento;
- dirixir e coordinar actividades tales como a plantación, a rega, a aplicación de produtos químicos, a colleita e a súa clasificación;
- inspeccionar plantacións e campos para determinar datas de maduración dos cultivos, ou para estimar o dano potencial sobre cultivos causados polo clima;
- supervisar a selección, formación e desempeño dos traballadores agrícolas e forestais e dos contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de silvicultura
- Directores de explotacións agrícolas
- Directores de explotacións gandeiras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Agricultores propietarios, 611

1312 Directores de produción de explotacións pesqueiras e acuícolas

Os directores de produción de explotacións pesqueiras e acuícolas planifican, dirixen e coordinan a produción en grande escala de piscicultura e operacións de pesca de captura e de colleita de peixes e mariscos, e a cría de peixes, mariscos ou outras formas de vida acuática, tales como cultivos para fins alimentarios ou para a súa posterior liberación en auga doce ou salgada.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento do mercado de piscicultura e pesca e planificar a produción e a actividade pesqueira para satisfacer os requirimentos contractuais e a demanda do mercado;
- establecer e xestionar orzamentos, supervisar o rendemento e custos da produción, rexistrar informacións tales como prácticas de xestión pesqueira, e preparar informes financeiros e operativos;
- acordar cos compradores os termos de venda de produtos e capturas;
- contratar cos patróns de pesca ou os propietarios dos buques e das granxas de piscicultura as operacións de pesca e piscicultura, ou para xestionar a produción;
- realizar e organizar exames de existencias de piscicultura ou de pesca co fin de identificar enfermidades ou parasitos;
- elaborar e coordinar actividades para mellorar a incubación de peixes e as súas taxas de crecemento, e para previr enfermidades en salas de incubación;
- efectuar o seguimento das condicións ambientais para manter ou mellorar as condicións da vida acuática;
- dirixir e supervisar a captura e as zonas de desova de peixes, a incubación de ovos e a produción de crías, aplicando o coñecemento de xestión e técnicas de cultivo de peixes;
- coordinar a selección e mantemento das existencias de crías;
- dirixir e supervisar a transferencia de peixes maduros a lagos, estanques, regatos ou depósitos comerciais;
- comprar maquinaria, equipamento e fornecementos tales como barcos e redes de pesca;
- organizar operacións tales como o mantemento dos buques, embarcacións e equipamentos;
- supervisar a selección, formación e desempeño de traballadores e contratistas de piscicultura ou de pesca.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de explotacións acuícolas
- Directores de piscifactorías
- Directores de empresas pesqueiras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Piscicultores, 6421
- Piscicultores propietarios, 6421
- Cultivadores de ostras, 6421
- Patróns de buques en augas doces e augas costeiras, 6422
- Patróns de pesca (altura), 6423

1313 Directores de industrias manufactureiras

Os directores de industrias manufactureiras planifican, dirixen e coordinan as actividades relativas á produción de bens, á produción e á distribución de electricidade, gas e auga e a recolla, tratamento e eliminación de residuos. Recóllense neste grupo tanto os directores de departamentos de produción de grandes empresas coma os directores de pequenas empresas manufactureiras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- definir, aplicar e supervisar estratexias, políticas e plans de produción;
- planificar detalles das actividades de produción en termos de calidade e cantidade do produto, custos, tempos e necesidades de man de obra;
- controlar o funcionamento da instalación de produción e dos procedementos de calidade mediante a planificación do mantemento, a indicación das horas de funcionamento e o fornecemento de pezas e ferramenta;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar o produto e os custos de produción, e axustar os procesos e recursos para minimizar os custos;
- consultar outros directores sobre cuestións de produción e informalos delas;
- controlar a adquisición e instalación de novas instalacións e equipamentos;
- controlar a preparación de rexistros e informes de produción;
- coordinar o cumprimento dos requisitos de saúde e seguranza no traballo;
- identificar oportunidades de negocio e determinar os produtos que deben fabricarse;
- estudar e aplicar os requisitos legais e regulamentarios que afectan as operacións de fabricación e o ambiente;
- controlar a fixación de cotas para a fabricación de bens especializados e celebrar contratos con clientes e fornecedores;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fabricantes
- Directores de industrias manufactureiras
- Directores de produción e operacións (industrias manufactureiras)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Supervisores de industrias manufactureiras, 320

1314 Directores de explotacións mineiras

Os directores de explotacións mineiras planifican, dirixen e coordinan as actividades de produción das explotacións de minaría, canteiras e depósitos de extracción de petróleo e gas. Inclúense neste grupo tanto directores de departamentos como directores xerais de empresas que non contan cunha xerarquía a nivel directivo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar consultas con outros directores para fixar cotas de produción, planificar lugares de extracción e elaborar políticas para a eliminación das materias primas;
- avaliar a eficiencia dos lugares de produción para determinar a idoneidade do persoal, os equipamentos e a tecnoloxía utilizados e para introducir cambios, en caso necesario, no programa de traballo ou nos equipamentos;
- planificar detalles das actividades de produción en termos de calidade e cantidade do produto, custos, tempos e necesidades de man de obra;
- controlar o funcionamento da instalación de produción e dos procedementos de calidade mediante a planificación do mantemento, a indicación das horas de funcionamento e o fornecemento de pezas e ferramenta;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar o produto e os custos de produción, e axustar os procesos e recursos para minimizar os custos;
- controlar a adquisición e instalación de novas instalacións e equipamentos;
- controlar a preparación de rexistros e informes de produción;
- coordinar o cumprimento dos requisitos de saúde e seguranza no traballo;
- estudar e aplicar os requirimentos legais e regulamentarios que afectan as operacións de extracción de minerais e o ambiente;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de minas
- Directores de produción (minaría)
- Directores de produción (extracción de gas e petróleo)
- Directores de produción (canteira)
- Directores de canteiras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Supervisores de minas, 3201

1315 Directores de empresas de fornecemento, transporte, distribución e afíns

Os directores de empresas de fornecemento, transporte, distribución e afíns planifican, dirixen e coordinan o abastecemento, almacenamento e distribución de bens. Inclúense neste grupo tanto directores de departamentos como directores xerais de empresas que non contan cunha xerarquía a nivel directivo.

Nota: Os directores executivos de grandes aeroportos, compañías de ferrocarril, empresas de transporte urbano ou outras compañías de transporte que contan cunha xerarquía a nivel directivo serán clasificados no grupo primario 1120, Directores xerais e presidentes executivos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- decidir, aplicar e supervisar estratexias, políticas e plans de compra, almacenamento e distribución;
- preparar e aplicar plans para manter os niveis de existencias necesarios ao custo mínimo;
- negociar contratos cos fornecedores para que se cumpran os requisitos de calidade, custo e entrega;
- supervisar e examinar os sistemas de almacenamento e de existencias para que

se cumpran os requirimentos de abastecemento e se controlen os niveis de existencias;

- controlar a distribución de vehículos de estrada, trens, buques ou aeronaves;
- xestionar sistemas de rexistro que garantan a rastrexabilidade de todos os movementos dos bens e velar pola formulación de novos pedidos e a reposición de existencias nos momentos óptimos;
- manter contactos con outros departamentos e cos clientes no que respecta aos requisitos aplicables á saída dos produtos e ao transporte correspondente;
- controlar o rexistro das operacións de compra, almacenamento e distribución;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de loxística
- Directores de fornecemento e distribución
- Directores de cadea de fornecementos
- Directores de compras
- Directores de empresa de transportes
- Directores de almacén
- Xefes de estacións de autobuses
- Xefes de grandes estacións de ferrocarril

1316 Directores de empresas de construción

Os directores de empresas de construción planifican, dirixen e coordinan a construción de obras públicas, edificios e vivendas. Inclúense neste grupo tanto directores de departamentos como directores xerais de empresas que non contan cunha xerarquía a nivel directivo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- interpretar planos e especificacións de arquitectura;
- coordinar os recursos de man de obra e a compra e entrega de materiais, instalacións e equipamentos;
- negociar cos propietarios dos edificios, os urbanizadores e os subcontratistas que interveñen no proceso de construción para garantir que os proxectos se completan dentro de prazo e conforme o orzamento;
- preparar licitacións e ofertas contractuais;
- xestionar e aplicar programas de coordinación dos traballos para as obras de construción;
- velar polo cumprimento da lexislación sobre construción e das normas en vigor en materia de rendemento, calidade, custos e seguranza;
- organizar a presentación de plans ás entidades locais;
- construír baixo contrato ou subcontratar os servizos de construción especializados;
- adoptar as medidas necesarias en relación coa inspección da construción polas autoridades competentes;

- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal e dos subcontratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de proxectos de construción
- Construtores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Supervisores da construción de edificios, 3202

132 Directores de servizos de tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) e de empresas de servizos profesionais

1321 Directores de servizos de tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)

Os directores de servizos de tecnoloxías da información e as comunicacións planifican, dirixen e coordinan a adquisición, desenvolvemento, mantemento e uso dos sistemas de ordenadores e telecomunicacións. Inclúense neste grupo tanto directores de departamentos como directores xerais de empresas que non contan cunha xerarquía a nivel directivo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- consultar os usuarios, directivos, provedores e técnicos para avaliar as necesidades informáticas e os requisitos do sistema e especificar a tecnoloxía para satisfacer esas necesidades;
- elaborar e dirixir estratexias, políticas e plans sobre tecnoloxía da información e as telecomunicacións (TIC);
- dirixir a selección e instalación dos recursos de TIC e a formación dos usuarios;
- dirixir as operacións de TIC, analizar os fluxos de traballo, establecer prioridades, elaborar normas e fixar prazos;
- controlar a seguranza dos sistemas de TIC;
- asignar, examinar, xestionar e dirixir o traballo dos analistas de sistemas, programadores e demais empregados relacionados coa informática;
- avaliar o uso da tecnoloxía da organización e as necesidades ao respecto, e recomendar melloras tales como a actualización do hardware e o software;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal;
- representar a empresa ou organización nas convencións, seminarios e conferencias sobre TIC.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de desenvolvemento de aplicacións
- Directores de informática
- Directores de proceso de datos
- Directores de desenvolvemento de TIC
- Directores de tecnoloxía da información

1322 Directores de servizos sociais para crianzas

Os directores de servizos sociais para crianzas planifican, dirixen e coordinan a prestación de servizos de coidados das crianzas antes e despois da asistencia á escola e durante as vacacións, así como outros centros de coidados de crianzas fóra do sistema educativo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- elaborar e aplicar programas para apoiar o desenvolvemento físico, social, emocional e intelectual das crianzas;
- establecer e supervisar os orzamentos e determinar a dotación de fondos para os gastos de persoal, fornecementos, materiais, equipamentos e mantemento;
- controlar e coordinar a prestación de servizos de coidados das crianzas antes e despois da escola e durante as vacacións, así como outros centros de coidados de crianzas fóra do sistema educativo;
- dirixir e supervisar os coidadores na prestación dos servizos de coidados e na supervisión das crianzas;
- xestionar as instalacións e velar polo mantemento dos edificios e equipamentos co fin de garantir a seguranza do centro para as crianzas, o persoal e os visitantes;
- examinar e interpretar as normas da Administración pública e elaborar procedementos para cumprilas (por exemplo, no relativo á saúde e seguranza);
- supervisar os progresos das crianzas e manter contactos cos seus pais ou titores;
- preparar e manter os rexistros e contas do centro de coidados;
- contratar e avaliar o persoal e coordinar a súa formación profesional.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de centros de coidados infantís fóra do sistema educativo

1323 Directores-xerentes de centros sanitarios

Os directores-xerentes de centros sanitarios planifican, organizan, dirixen, controlan e coordinan servizos médicos e de saúde en hospitais, clínicas, organismos de saúde pública e organizacións similares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- orientar e xestionar globalmente o servizo, instalación, organización ou centro;
- dirixir, supervisar e avaliar as actividades profesionais do persoal médico, de enfermaría, técnico, administrativo, de servizo, de mantemento e doutras áreas;
- definir obxectivos e criterios avaliativos ou operativos para as unidades que xestionan;
- dirixir ou realizar a selección, contratación e formación do persoal;
- desenvolver procedementos, políticas e normas de aplicación e supervisión para o persoal médico, de enfermaría, técnico e administrativo;
- supervisar o uso de servizos de diagnóstico, camas para internos, instalacións e persoal co fin de asegurar o uso efectivo dos recursos e avaliar a necesidade de aumentar o persoal, o equipamento ou os servizos;
- controlar operacións administrativas como a planificación do orzamento, a elabo-

- ración de informes e os gastos en fornecementos, equipamentos e servizos;
- establecer relacións con outros prestadores, xuntas e órganos de financiamento de servizos de sanidade e benestar para coordinar a prestación destes;
- asesorar organismos públicos sobre medidas de mellora dos servizos e instalacións de saúde e benestar;
- representar a organización en negociacións e convencións, seminarios, audiencias públicas e foros.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de centros sanitarios
- Administradores de instalacións sanitarias
- Xefes de enfermeiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de servizos sociais para persoas de idade, 1324

1324 Directores de servizos sociais para persoas de idade

Os directores de servizos sociais para persoas de idade planifican, organizan, dirixen, controlan e coordinan a prestación de servizos para persoas de idade na comunidade e en residencias asistidas, urbanizacións para xubilados e institucións similares para persoas de idade.

Entre as súas tarefas inclúense:

- orientar e xestionar globalmente o servizo, instalación, organización ou centro;
- dirixir, supervisar e avaliar as actividades profesionais do persoal médico, de enfermaría, técnico, administrativo, de servizo, de mantemento e doutras áreas;
- definir obxectivos e criterios avaliativos ou operativos para as unidades que xestionan;
- dirixir ou realizar a selección, contratación e formación do persoal;
- desenvolver procedementos, políticas e normas de aplicación e supervisión para o persoal de enfermaría, de coidados persoais, técnico e administrativo;
- coordinar e administrar programas de benestar e servizos de atención ás persoas de idade;
- controlar operacións administrativas como a planificación do orzamento, a elaboración de informes e os gastos en fornecementos, equipamentos e servizos;
- establecer relacións con outros prestadores, xuntas e órganos de financiamento de servizos de sanidade e benestar para coordinar a prestación destes;
- asesorar organismos públicos sobre medidas de mellora dos servizos e instalacións de saúde e benestar;
- representar a organización en negociacións e convencións, seminarios, audiencias públicas e foros.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de centros de día para a terceira idade
- Directores de residencias

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de servizos sanitarios, 1323

1325 Directores doutros servizos sociais

Os directores doutros servizos sociais planifican, dirixen e coordinan a prestación de servizos sociais e comunitarios, como os de axuda ás rendas, os de asistencia familiar, os de servizos para nenos e os demais programas comunitarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- establecer a orientación xeral dun servizo, organización ou centro e atender a súa xestión;
- elaborar, aplicar e supervisar procedementos, políticas e normas para o persoal;
- supervisar e avaliar os recursos asignados á prestación de servizos de benestar, de vivenda e demais de carácter social;
- controlar actividades administrativas tales como a planificación orzamentaria, a preparación de informes e a asunción de gastos por fornecementos, equipamentos e servizos;
- manter contactos con outros provedores de servizos de benestar e de saúde, órganos directivos e entidades que acheguen financiamento, para examinar ámbitos de cooperación e coordinación en relación cos devanditos servizos;
- asesorar os órganos da Administración pública sobre a adopción de medidas para mellorar os servizos e centros de benestar;
- representar a organización en negociacións e en convencións, seminarios, audiencias públicas e foros;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- establecer e dirixir os procedementos operativos e administrativos;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal;
- representar a organización en convencións, seminarios e conferencias.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de centros de acollida
- Directores doutros centros de servizos sociais

1326 Directores de servizos de educación

Os directores de servizos de educación planifican, dirixen e coordinan os aspectos educativos e administrativos dos servizos de educación, os centros de ensino primario e secundario, as facultades e outras institucións docentes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar os programas educativos no marco establecido en cada caso polas autoridades educativas e os órganos directivos;
- aplicar sistemas e procedementos para supervisar o rendemento escolar e as matriculacións de alumnos;
- dirixir as actividades administrativas e de secretaría relativas á admisión de alumnos e á prestación dos servizos educativos;
- controlar actividades administrativas tales como a planificación orzamentaria, a preparación de informes, a asunción de gastos por fornecementos, equipamentos e servizos;
- asumir o liderado e orientación do persoal docente, académico e administrativo e dos alumnos;

- avaliar o labor dos profesores visitando as aulas, observando os métodos docentes, revisando os obxectivos formativos e examinando os materiais didácticos;
- promover o programa educativo e representar o servizo ou institución na comunidade en sentido máis amplo;
- supervisar o mantemento das instalacións educativas;
- elaborar e aplicar un código disciplinario para crear un ámbito seguro e favorable para os alumnos e os profesores;
- organizar e aplicar métodos para a captación adicional de fondos conxuntamente cos pais e cos grupos da comunidade e os patrocinadores;
- controlar a selección, formación e supervisión do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de centros de primaria
- Directores de centros de secundaria
- Directores de centros de formación profesional
- Directores de universidades
- Reitores de universidades

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de centros de coidados infantís fóra do sistema educativo, 1322

1327 Directores de sucursais de bancos, de servizos financeiros e de seguros

Os directores de sucursais de bancos, de servizos financeiros e de seguros planifican, dirixen e coordinan as sucursais de institucións que prestan servizos financeiros e de seguros, como bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito e empresas de seguros. Prestan asistencia e asesoramento aos clientes sobre temas financeiros e de seguros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, dirixir e coordinar as actividades do persoal da sucursal;
- establecer e manter relacións cos clientes individuais ou empresariais;
- prestar asesoramento e asistencia aos clientes sobre as súas necesidades financeiras e de seguros e sobre temas como as modificacións legais que poidan afectalos;
- examinar, avaliar e tramitar solicitudes de préstamos e de seguros;
- supervisar as decisións de ampliación de crédito;
- realizar investigacións financeiras;
- controlar o fluxo de caixa e os instrumentos financeiros e a preparación de informes financeiros ou de informes exixidos legalmente;
- aprobar ou rexeitar a concesión de liñas de crédito ou de préstamos comerciais, hipotecarios ou persoais, ou coordinar a súa aprobación ou rexeitamento;
- coordinar a cooperación coas demais sucursais da empresa;
- xestionar os orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización racional dos recursos;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de sucursais de banco
- Directores de caixas de aforro

- Directores de cooperativas de crédito
- Directores de axencias de seguros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores financeiros, 1211
- Comerciantes de préstamos e créditos, 3402
- Mediadores e axentes de seguros, 3521

1329 Directores doutras empresas de servizos profesionais non clasificados baixo outras epígrafes

Inclúense neste grupo primario os directores que planifican, dirixen, coordinan e avalían a prestación de servizos técnicos e profesionais especializados e que non están clasificados no subgrupo 121, Directores de departamentos administrativos e de servizos, nin no subgrupo principal 13, Directores de produción e operacións. Por exemplo, inclúense aquí os directores responsables da prestación de servizos de policía, penitenciarios, xurídicos e de loita contra incendios.

Nota: Os directores e xerentes de empresas de servizos profesionais son responsables da planificación, dirección e coordinación da prestación de servizos profesionais e técnicos especializados. Normalmente requírense cualificacións especializadas e ampla experiencia nunha ou máis das ocupacións clasificadas no gran grupo 2, Técnicos e profesionais científicos e intelectuais, ou no gran grupo 3, Técnicos; profesionais de apoio.

Entre as súas tarefas inclúense:

- establecer a orientación xeral dun servizo, instalación, organización ou centro e atender a súa xestión;
- elaborar, aplicar e supervisar procedementos, políticas e normas para o persoal;
- dirixir, supervisar e avaliar o labor do persoal profesional, técnico, administrativo, de servizos, de mantemento e doutra natureza;
- supervisar e avaliar os recursos destinados á prestación dos servizos;
- controlar actividades administrativas tales como a planificación orzamentaria, a preparación de informes e a asunción de gastos por fornecementos, equipamentos e servizos;
- planificar, dirixir e coordinar a prestación dos servizos;
- coordinar a cooperación con outras entidades de prestación de servizos no mesmo campo ou en campos afíns;
- xestionar os orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización racional dos recursos;
- controlar a selección, formación e rendemento do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de arquivos
- Directores de galerías de arte
- Directores de servizos xurídicos
- Directores de bibliotecas
- Directores de museos
- Directores de establecementos penitenciarios

14 Directores e xerentes de empresas de aloxamento, restauración e comercio

141 Directores e xerentes de empresas de aloxamento

1411 Directores e xerentes de hoteis

Os directores e xerentes de hoteis planifican, organizan e dirixen as actividades dos hoteis para prestar aos hóspedes aloxamento e outros servizos.

Os xerentes xerais e directores especializados de grandes empresas hoteleiras ou cadeas de hoteis clasifícanse no grupo primario correspondente dentro dos subgrupos principais 11 e 12.

Entre as súas tarefas inclúense:

- dirixir e controlar as actividades de reserva, recepción, servizo de cuartos e servizo de limpeza;
- supervisar os sistemas de seguraza e o mantemento dos inmobles e xardíns;
- planificar e supervisar as actividades de cafetaría, restaurante, salóns para reunións e conferencias;
- cumprir as leis e regulamentos sobre bebidas, xogos de azar e outras cuestións;
- avaliar e revisar a satisfacción dos clientes;
- controlar as actividades de contabilidade e de compras;
- ocuparse do orzamento do establecemento;
- controlar a selección, formación e supervisión do persoal;
- velar polo cumprimento das leis e regulamentos sobre saúde e seguraza;
- facilitar aos hóspedes información turística local e organizar percorridos e transportes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de hoteis

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de albergues xuvenís, 1419
- Traballadores propietarios de pequenos aloxamentos, 5840

1419 Directores e xerentes doutras empresas de servizos de aloxamento

Os directores e xerentes doutras empresas de servizos de aloxamento planifican, organizan e dirixen as actividades para prestar aos hóspedes aloxamento e outros servizos en empresas de servizos de aloxamento non incluídas nos grupos primarios anteriores.

Nota: Os propietarios de pequenos establecementos que ofrecen aloxamento, como por exemplo pequenos hostais ou pensións, que, ademais do aloxamento poden ofrecer algúns servizos de comidas aos seus clientes en calidade de fogares particulares e para os cales a xestión e supervisión do persoal non é unha compoñente significativa do seu traballo, clasifícanse no grupo primario 5840, Traballadores propietarios de pequenos aloxamentos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- dirixir e controlar as actividades de reserva, recepción, servizo de cuartos e servizo de limpeza;
- supervisar os sistemas de seguraza e o mantemento dos inmobles e xardíns;
- planificar e supervisar as actividades de cafetaría, restaurante, salóns para reunións e conferencias;
- cumprir as leis e regulamentos sobre bebidas, xogos de azar e outras cuestións;
- avaliar e revisar a satisfacción dos clientes;
- controlar as actividades de contabilidade e de compras;
- ocuparse do orzamento do establecemento;
- controlar a selección, formación e supervisión do persoal;
- velar polo cumprimento das leis e regulamentos sobre saúde e seguraza;
- facilitar aos hóspedes información turística local e organizar percorridos e transportes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de albergues xuvenís
- Xerentes de moteis
- Xerentes de cámping
- Xerentes de cámping de autocaravanas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de hoteis, 1411
- Traballadores propietarios de pensións, 5840
- Traballadores propietarios de aloxamentos de turismo rural, 5840

142 Directores e xerentes de empresas de restauración

1421 Directores e xerentes de restaurantes

Os directores e xerentes de restaurantes planifican, organizan e dirixen as actividades de prestación de servizos de comedor e de comidas preparadas de restaurantes.

Nota: Os operadores-propietarios de pequenos cafés, restaurantes e bares que exercen de cociñeiros ou camareiros e non dedican unha parte significativa do seu traballo á xestión do negocio ou á supervisión dos seus empregados clasifícanse no gran grupo 5.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar os menús en consulta cos xefes de cociña e cociñeiros;
- planificar e organizar reunións especiais;
- organizar a compra e o prezo dos produtos de acordo co orzamento;
- manter rexistros dos niveis de existencias e das operacións financeiras;
- velar por que os comedores, cociñas e instalacións de conservación de alimentos cumpran os regulamentos sanitarios e estean limpos, sexan funcionais e presenten un aspecto axeitado;
- manter contactos cos clientes para avaliar a súa satisfacción coas comidas e co servizo;
- seleccionar os camareiros e o persoal de cociña, fixar os seus horarios de traballo e ocuparse da súa formación e supervisión;

- facer as reservas, recibir os clientes e axudarlles a facer os pedidos;
- negociar acordos cos clientes e os fornecedores;
- velar polo cumprimento dos regulamentos sobre saúde e seguranza no traballo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de restaurantes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de bares e cafetarías, 1422
- Xerentes de cátering, 1429
- Xefes de cociña, 3734
- Camareiros e cociñeiros propietarios, 5000

1422 Directores e xerentes de bares, cafetarías e similares

Os directores e xerentes de bares, cafetarías e similares planifican, organizan e dirixen as actividades de prestación de servizos de comedor e de comidas preparadas de bares, cafetarías e outros establecementos similares.

Nota: Operadores-propietarios de pequenos cafés, restaurantes e bares que exercen de cociñeiros ou camareiros e non dedican unha parte significativa do seu traballo á xestión do negocio ou a supervisión dos seus empregados clasifícanse no gran grupo 5.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar os menús en consulta cos xefes de cociña e cociñeiros;
- planificar e organizar reunións especiais;
- organizar a compra e o prezo dos produtos de acordo co orzamento;
- manter rexistros dos niveis de existencias e das operacións financeiras;
- velar por que os comedores, cociñas e instalacións de conservación de alimentos cumpran os regulamentos sanitarios e estean limpos, sexan funcionais e presenten un aspecto axeitado;
- manter contactos cos clientes para avaliar a súa satisfacción coas comidas e co servizo;
- seleccionar os camareiros e o persoal de cociña, fixar os seus horarios de traballo e ocuparse da súa formación e supervisión;
- facer as reservas, recibir os clientes e axudarlles a facer os pedidos;
- negociar acordos cos clientes e os fornecedores;
- velar polo cumprimento dos regulamentos sobre saúde e seguranza no traballo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de bares e cafetarías

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de restaurantes, 1421
- Xerentes de cátering, 1429
- Xefes de cociña, 3734
- Camareiros e cociñeiros propietarios, 5000

1429 Directores e xerentes de empresas de cátering e outras empresas de restauración

Os directores e xerentes de empresas de cátering e outras empresas de restauración planifican, organizan e dirixen as actividades de prestación de servizos de comedor e de comidas preparadas de empresas de cátering e empresas de restauración afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar os menús en consulta cos xefes de cociña e cociñeiros;
- planificar e organizar reunións especiais;
- organizar a compra e o prezo dos produtos de acordo co orzamento;
- manter rexistros dos niveis de existencias e das operacións financeiras;
- velar por que os comedores, cociñas e instalacións de conservación de alimentos cumpran os regulamentos sanitarios e estean limpos, sexan funcionais e presenten un aspecto axeitado;
- manter contactos cos clientes para avaliar a súa satisfacción coas comidas e co servizo;
- seleccionar os camareiros e o persoal de cociña, fixar os seus horarios de traballo e ocuparse da súa formación e supervisión;
- facer as reservas, recibir os clientes e axudarlles a facer os pedidos;
- negociar acordos cos clientes e os fornecedores;
- velar polo cumprimento dos regulamentos sobre saúde e seguranza no traballo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de cátering

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de restaurantes, 1421
- Xerentes de bares e cafetarías, 1422
- Xefes de cociña, 3734
- Camareiros e cociñeiros propietarios, 5000

143 Directores e xerentes de empresas de comercio por xunto e polo miúdo

1431 Directores e xerentes de empresas de comercio por xunto

Os directores e xerentes de empresas de comercio por xunto planifican, organizan, coordinan e controlan as actividades dos establecementos de venda de bens por xunto. Son responsables dos orzamentos, a dotación de persoal e a orientación da explotación das tendas ou das unidades organizativas existentes dentro das tendas que venden tipos concretos de produtos.

Nota: Os directores e xerentes de empresas de comercio por xunto e polo miúdo adoitan estar empregados en establecementos relativamente pequenos nos cales non hai unha estrutura xerarquizada de directivos. Os xerentes de grandes establecementos polo miúdo, como supermercados e grandes almacéns, teñen que clasificarse no grupo 1432, Directores e xerentes de empresas de comercio polo miúdo, aínda que neses establecementos haxa unha estrutura xerarquizada de directivos e supervisores. No entanto, os directores xerais de grupos de establecementos como supermercados

ou de cadeas de grandes almacéns deben clasificarse no grupo primario 1120, Directores xerais e presidentes executivos.

O persoal que controla e dirixe as actividades dos dependentes de tendas e almacéns, operadores de caixa e outros empregados, pero que non ten a responsabilidade de definir a combinación de produtos, fixar os prezos, elaborar os orzamentos e os niveis de dotación de persoal, e seleccionar e contratar este, clasifícase no grupo primario 5210, Xefes de sección de tendas e almacéns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- definir a combinación de produtos, os niveis de existencias e as normas de servizo;
- elaborar e aplicar políticas de compras e de comercialización, e fixar os prezos;
- promover e facer publicidade dos bens e servizos dos establecementos;
- manter rexistros dos niveis de existencias e das operacións financeiras;
- ocuparse do orzamento do establecemento;
- controlar a selección, formación e supervisión do persoal;
- velar polo cumprimento dos regulamentos sobre saúde e seguranza no traballo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de comercios por xunto

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores comerciais e de vendas, 1221
- Xerentes de supermercados, 1432
- Xerentes de establecemento de alimentación, 1432
- Xefes de sección de tendas e almacéns, 5210
- Dependentes en tendas e almacéns, 5220

1432 Directores e xerentes de empresas de comercio polo miúdo

Os directores e xerentes de empresas de comercio polo miúdo planifican, organizan, coordinan e controlan as actividades dos establecementos de venda de bens polo miúdo. Son responsables dos orzamentos, a dotación de persoal e a orientación da explotación das tendas ou das unidades organizativas existentes dentro das tendas que venden tipos concretos de produtos.

Nota: Os directores e xerentes de empresas de comercio polo miúdo adoitan estar empregados en establecementos relativamente pequenos nos cales non hai unha estrutura xerarquizada de directivos. Os xerentes de grandes establecementos a retallo, como supermercados e grandes almacéns, débense clasificar neste grupo, aínda que neses establecementos haxa unha estrutura xerarquizada de directivos e supervisores. No entanto, os directores xerais de grupos de establecementos como supermercados ou de cadeas de grandes almacéns deben clasificarse no grupo primario 1120, Directores xerais e presidentes executivos.

Os comerciantes propietarios de pequenas tendas en que a xestión e supervisión do persoal non son un elemento significativo do traballo clasifícanse no grupo primario 5300, Comerciantes propietarios de tendas.

O persoal que controla e dirixe as actividades dos dependentes de tendas e almacéns, operadores de caixa e outros empregados, pero que non ten a responsabilidade de definir a combinación de produtos, fixar os prezos, elaborar os orzamentos e os niveis de dotación de persoal, e seleccionar e contratar a este, clasifícase no grupo primario 5210, Xefes de sección de tendas e almacéns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- definir a combinación de produtos, os niveis de existencias e as normas de servizo;
- elaborar e aplicar políticas de compras e de comercialización, e fixar os prezos;
- promover e facer publicidade dos bens e servizos dos establecementos;
- manter rexistros dos niveis de existencias e das operacións financeiras;
- ocuparse do orzamento do establecemento;
- controlar a selección, formación e supervisión do persoal;
- velar polo cumprimento dos regulamentos sobre saúde e seguranza no traballo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de comercios polo miúdo
- Xerentes de supermercados
- Xerentes de establecementos de alimentación
- Xerentes de tendas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores comerciais e de vendas, 1221
- Xerentes de comercios por xunto, 1431
- Xefes de sección de tendas e almacéns, 5210
- Dependentes en tendas e almacéns, 5220
- Comerciantes propietarios de tendas, 5300

15 Directores e xerentes doutras empresas de servizos non clasificados baixo outras epígrafes

150 Directores e xerentes doutras empresas de servizos non clasificados baixo outras epígrafes

1501 Directores e xerentes de empresas de actividades recreativas, culturais e deportivas

Os directores e xerentes de empresas de actividades recreativas, culturais e deportivas planifican, organizan e controlan as actividades de establecementos que prestan servizos deportivos, artísticos, teatrais e outros recreativos e de lecer.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e organizar a variedade e combinación dos servizos de entretemento, de lecer e culturais e dos programas de ximnasia e de deportes que vaia ofrecer o centro;
- velar por que as instalacións se manteñan limpas e en bo estado;
- manterse ao tanto das novas tendencias e cambios nas artes creativas e organi-

- zar producións teatrais e actuacións de bandas e orquestras;
- asesorar sobre as instalacións dispoñibles e facer publicidade dos actos, espectáculos e actividades;
- comprobar e custodiar os recibos de caixa e facer comprobacións regulares das existencias;
- establecer e xestionar orzamentos, controlar os gastos e asegurar a utilización eficiente dos recursos;
- planificar e dirixir o traballo diario;
- controlar a selección, supervisión e rendemento do persoal;
- velar polo cumprimento dos regulamentos sobre saúde e seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de parques de atraccións
- Xerentes de parques temáticos
- Xerentes de salas de billar ou de xogos
- Xerentes de casinos
- Xerentes de salas cinematográficas
- Xerentes de escolas de equitación
- Xerentes de centros deportivos
- Xerentes de salas teatrais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de galerías de arte, 1329
- Xerentes de museos, 1329
- Xerentes de bibliotecas, 1329

1509 Directores e xerentes de empresas de xestión de residuos e doutras empresas de servizos non clasificados baixo outras epígrafes

Inclúense neste grupo primario os xerentes que planifican, dirixen e coordinan a prestación de servizos e que non están clasificados no subgrupo principal 13, Directores de produción e operacións, nin no subgrupo principal 14, Directores e xerentes de empresas de aloxamento, restauración e de comercio, nin no grupo primario 1501, Directores e xerentes de empresas de actividades recreativas, culturais e deportivas. Inclúense aquí, por exemplo, os xerentes de axencias de viaxes, centros de conferencias, centros de contactos e centros comerciais.

Nota: Exclúense deste grupo primario as ocupacións que implican a xestión da prestación de servizos profesionais ou técnicos especializados e que exixen cualificacións especializadas e a experiencia correspondente nunha ou máis das ocupacións clasificadas no gran grupo 2, Técnicos e profesionais científicos e intelectuais, ou no gran grupo 3, Técnicos; profesionais de apoio. Estas ocupacións xerenciais clasifícanse en varios grupos primarios dentro dos subgrupos principais 12, Directores de departamentos administrativos e comerciais, e 13, Directores de produción e operacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xerentes de empresas de xestión de residuos
- Xerentes de axencias de viaxes
- Xerentes de centros de conferencias
- Xerentes de centros de contactos

- Xerentes de centros comerciais

2 Técnicos e profesionais científicos e intelectuais

B Técnicos e profesionais científicos e intelectuais da saúde e do ensino

21 Profesionais da saúde

211 Médicos

2111 Médicos de familia

Os médicos de familia (incluíndo os médicos familiares e de atención primaria) diagnostican, tratan e preveñen enfermidades, lesións e outros trastornos físicos e mentais. Estes profesionais manteñen o estado de saúde xeral das persoas aplicando principios e procedementos da medicina moderna. Non limitan a súa práctica a determinadas categorías de enfermidades ou métodos de tratamento e poden asumir a responsabilidade da prestación de atención médica continuada e completa a persoas, familias e comunidades.

Nota: As ocupacións incluídas neste grupo primario requiren estar en posesión dunha licenciatura universitaria en medicina máis a formación clínica de posgrao, ou equivalente, requirida para o exercicio das competencias. Aínda que nalgúns países *médico xeral* ou *de familia* pode considerarse unha especialidade, esta ocupación debe clasificarse sempre aquí.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar a exploración física dos pacientes e entrevistalos, a eles e ás súas familias, para determinar o seu estado de saúde;
- encargar análises de laboratorio, radiografías e outros procedementos diagnósticos; analizar os resultados para determinar a natureza dos trastornos ou enfermidades;
- poñer atención médica continuada aos pacientes, prescribindo e administrando tratamentos curativos e medidas preventivas;
- realizar o seguimento destes; asesoramento sobre estes;
- realizar intervencións e outros procedementos clínicos;
- aconsellar as persoas, familias e comunidades sobre saúde, nutrición e estilo de vida que contribúan á prevención ou o tratamento de enfermidades e trastornos;
- subministrar aos pacientes e ás familias as referencias clínicas requiridas para o tratamento especializado en hospitais, centro de rehabilitación ou outros tipos de centros saúde;
- identificar, xestionar e subministrar referencias clínicas relativas a complicacións antes, durante e posteriores ao nacemento;
- recoller a información e historia médica dos pacientes e intercambiar información con médicos especialistas e outros traballadores da saúde que permitan unha atención médica continuada;
- certificar nacementos, mortes e enfermidades de declaración obrigatoria aos organismos públicos de acordo con normativa legal e profesional;
- realizar investigación sobre a saúde das persoas e os servizos médicos; difundir

- os resultados por medio de informes científicos ou similares;
- planificar e participar en programas deseñados para previr a aparición e propagación de enfermidades comúns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Médicos de cabeceira
- Médicos de familia
- Médicos internos residentes especializados en medicina de familia e comunitaria

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Médicos especialistas, 2112
- Cirurxiáns, 2112
- Médicos internos residentes especializados (distintos de medicina de familia e comunitaria), 2112

2112 Outros médicos especialistas

Os médicos especialistas incluídos neste grupo primario (no cal se exclúen os médicos de familia) diagnostican, tratan e preveñen enfermidades, trastornos, lesións e outros trastornos físicos e mentais das persoas. Para iso utilizan técnicas de probas especializadas médicas, cirúrxicas, físicas e psiquiátricas baseadas en principios e procedementos da medicina moderna. Especialízanse en determinados tipos de enfermidades, pacientes ou métodos de tratamento e poden levar a cabo tanto docencia coma investigacións médicas sobre as súas áreas de especialización.

Nota: As ocupacións incluídas neste grupo primario requiren estar en posesión dunha licenciatura universitaria en medicina máis a formación clínica de postgrao nunha determinada especialidade (salvo medicina de familia) ou equivalente. Os médicos internos que se están a formar como especialistas (salvo en medicina de familia) inclúense aquí. Aínda que nalgúns países a estomatoloxía pode ser considerada como unha especialidade médica, os estomatólogos deberían incluírse no grupo primario 2151, Odontólogos e estomatólogos.

Os profesionais da investigación médica que realizan investigación biomédica utilizando organismos vivos pero non levan a cabo unha práctica clínica clasifícanse no grupo primario 2421, Biólogos, botánicos, zoólogos e afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar a exploración física dos pacientes e entrevistalos, a eles e ás súas familias, para determinar o seu estado de saúde;
- analizar información médica achegada polo médico de referencia ou por outros profesionais da saúde;
- solicitar probas de diagnóstico especializadas co fin de determinar a natureza dunha enfermidade ou trastorno;
- prescribir e administrar tratamentos, medicamentos, anestésicos especializados, programas de psicoterapia, rehabilitación física ou outras medidas curativas ou preventivas;
- realizar intervencións cirúrxicas de carácter xeral ou especializado;
- prestar asistencia especializada prenatal, posnatal e durante o parto;
- recoller a información e historia médica dos pacientes e intercambiar información

con outros profesionais da saúde afín de asegurar unha atención médica continuada;

- certificar nacementos, mortes e enfermidades de declaración obrigatoria aos organismos públicos de acordo con normativa legal e profesional;
- subministrar información aos pacientes, familias e comunidades sobre medidas preventivas, tratamentos e coidados de determinadas enfermidades leves;
- realizar autopsias para determinar causas de morte;
- investigar sobre trastornos e enfermidades humanas e sobre métodos preventivos ou curativos e difundir os resultados por medio de informes científicos ou similares;
- planificar e participar en programas deseñados para previr a aparición e propagación de enfermidades comúns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Médicos especialistas
- Cirurxiáns
- Médicos internos residentes especializados (salvo médicos de familia e comunitaria)
- Endocrinólogos
- Oftalmólogos
- Psiquiatras
- Médicos especializados en rehabilitación

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Médicos de cabeceira, 2111
- Médicos de familia, 2111
- Estomatólogos, 2151

212 Profesionais de enfermaría e partaría

2121 Enfermeiros non especializados

Os enfermeiros non especializados tratan, axudan e atenden persoas que necesitan coidados de enfermaría debido aos efectos de enfermidades ou lesións en xeral.

Estes enfermeiros asumen a responsabilidade de planificar e xestionar o coidado dos pacientes, incluída a supervisión doutros profesionais da atención sanitaria, traballando de xeito independente ou en equipo con médicos e demais profesionais na aplicación de medidas preventivas e curativas.

Nota: Os enfermeiros que, ademais de exerceren como tales, participan na formación de enfermeiros ou na investigación en enfermaría clínica clasifícanse neste grupo. Os enfermeiros que participan en investigación biomédica usando organismos vivos e non exercen como enfermeiros clínicos clasifícanse no grupo primario 2421, Biólogos, botánicos, zoólogos e afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, prestar e avaliar coidados de enfermaría aos pacientes seguindo as prácticas e as normas da enfermaría moderna;
- coordinar a atención aos pacientes en consulta con outros profesionais da saúde

- e os membros dos equipos de saúde;
- desenvolver e aplicar plans para o tratamento biolóxico, social e psicolóxico dos pacientes en colaboración con outros profesionais da saúde;
- planificar e prestar coidados, tratamentos e terapias persoais, incluídas a administración de medicación, e a supervisión da resposta aos tratamentos ou ao programa de coidados;
- limpar feridas e aplicar curas e vendaxes cirúrxicas;
- vixiar a dor e o malestar experimentado polos pacientes; aliviar a dor usando unha variedade de terapias incluíndo o uso de analxésicos;
- planificar e participar en programas educativos sobre a saúde, promoción da saúde e formación de enfermaría en clínicas e centros comunitarios;
- responder preguntas aos pacientes e ás súas familias; subministrarlles información relativa á prevención da mala saúde, os tratamentos ou os coidados;
- supervisar e coordinar o traballo doutros enfermeiros e de traballadores da saúde e os coidados persoais;
- investigar sobre prácticas na enfermaría e procedementos; difundir os resultados en medios tales como artigos e informes científicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Diplomados en enfermaría non especializados
- Graduados en enfermaría non especializados
- Enfermeiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enfermeiros de xeriatria, 2122
- Enfermeiros de pediatria, 2122
- Enfermeiros (enfermaría de saúde mental), 2122
- Enfermeiros (enfermaría do traballo), 2122
- Enfermeiros (enfermaría familiar e comunitaria), 2122
- Enfermeiros de coidados médico-cirúrxicos, 2122
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria, 5611
- Responsables corporativos de seguranza no traballo, 2158

2122 Enfermeiros especializados (salvo matronos)

Os enfermeiros especializados tratan, axudan e atenden persoas que necesitan coidados de enfermaría nos ámbitos da saúde mental, xeriatria, saúde familiar e comunitaria, saúde no traballo, pediatria e médico-cirúrxicos.

Asumen a responsabilidade de planificar e xestionar o coidado dos pacientes, incluída a supervisión doutros profesionais da atención sanitaria, traballando de xeito independente ou en equipo con médicos e demais profesionais na aplicación de medidas preventivas e curativas.

Nota: Os enfermeiros que, ademais de exercerem como tales, participan na formación de enfermeiros ou na investigación en enfermaría clínica clasifícanse neste grupo. Os enfermeiros que participan en investigación biomédica usando organismos vivos e non exercen como enfermeiros clínicos clasifícanse no grupo primario 2421, Biólogos, botánicos, zoólogos e afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificación, provisión e avaliación de coidados especializados na atención clínica directa no ámbito de cada especialidade;
- xestión dos coidados e servizos de atención coa finalidade de aplicalos segundo os principios de equidade, efectividade e eficiencia e desenvolvendo estratexias de mellora da calidade asistencial;
- promoción da saúde e prevención da enfermidade, fundamentalmente mediante estratexias de educación para a saúde e participación dos cidadáns;
- colaboración coa saúde pública no deseño de programas de educación para a saúde, vixilancia epidemiolóxica e ambiental, e situacións de emerxencia e catástrofe;
- desenvolvemento de actividades docentes, dirixidas tanto ás persoas e familias coma aos estudantes e outros profesionais;
- utilización da mellor evidencia científica dispoñible, xénese de coñecemento e difusión do xa existente.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enfermeiros de xeriatria
- Enfermeiros de pediatría
- Enfermeiros (enfermaría de saúde mental)
- Enfermeiros (enfermaría do traballo)
- Enfermeiros (enfermaría familiar e comunitaria)
- Enfermeiros de coidados médico-cirúrxicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Diplomados en enfermaría non especializados, 2121
- Graduados en enfermaría non especializados, 2121
- Enfermeiros non especializados, 2121
- Enfermeiros de obstetricia-xinecoloxía, 2123
- Responsables corporativos de seguranza no traballo, 2158
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria, 5611
- Auxiliares de enfermaría xeriátrica, 5611

2123 Matronos

Os matronos planifican, organizan, prestan e avalían coidados de partaría antes e durante o embarazo e o parto, así como con posterioridade a estes. Prestan coidados co fin de reducir os riscos á saúde das mulleres e os nenos que acaban de nacer, xa sexa traballando de xeito independente ou en equipos con outros profesionais saúde.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, prestar e avaliar coidados e apoio ás nais e aos seus fillos que acaban de nacer antes e durante o embarazo e o parto, así como despois deste, de acordo coas prácticas e as normas propias da partaría moderna;
- asesorar e formar as mulleres e as familias sobre saúde, nutrición, hixiene, exercicio, parto e plans de emerxencia, lactación, coidados infantís, planificación familiar e contracepción, estilo de vida e outros aspectos relacionados co embarazo e o parto;

- avaliar a evolución durante o embarazo e o parto, afrontar as complicacións e identificar aqueles signos que indiquen a necesidade de remitir a paciente a un médico especialista en obstetricia;
- supervisar o estado de saúde do neno que acaba de nacer, afrontar as complicacións e identificar aqueles signos que indiquen a necesidade de remitir o neno que acaba de nacer a un médico especialista en neonatoloxía;
- supervisar a dor e o malestar experimentado polas mulleres durante o traballo e o parto e alivialo mediante o uso dunha variedade de tratamentos, incluído o uso de medicamentos analxésicos;
- informar as autoridades do nacemento de acordo coa normativa legal e profesional;
- levar a cabo investigacións sobre práctica e procedementos dos coidados de parturienta e difundir os resultados a través de artigos científicos, informes e similares;
- planificar e realizar actividades educativas sobre parturienta en hospitais e establecementos da comunidade.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Matronos
- Enfermeiros de obstetricia-xinecoloxía

213 Veterinarios

2130 Veterinarios

Os veterinarios diagnostican, preveñen e tratan enfermidades, lesións e disfuncións dos animais. Poden atender gran diversidade de animais, especializarse no tratamento dun grupo determinado de animais ou nunha especialidade concreta. Tamén poden prestar servizos profesionais en empresas comerciais que elaboran produtos biolóxicos e farmacéuticos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar a presenza e a natureza de estados anómalos mediante exploración física, probas de laboratorio e técnicas de diagnóstico por imaxe, como radiografía e ecografía;
- aplicar tratamentos médicos e cirúrxicos aos animais e administrar e prescribir medicamentos, analxésicos e anestésicos locais e xerais;
- realizar intervencións cirúrxicas, curar feridas e recolocar ósos fracturados;
- prestar servizos de obstetricia e dentais aos animais;
- participar en programas creados para previr a aparición e a difusión de enfermidades animais;
- vacinar os animais contra enfermidades infecciosas e facer probas destas enfermidades, así como notificar ás autoridades a aparición de focos de enfermidades animais infecciosas;
- realizar autopsias para determinar a causa da morte;
- asesorar os clientes sobre saúde, nutrición e alimentación, hixiene, cría e coidado dos animais;
- prestar servizos de eutanasia para animais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Veterinarios

- Epidemiólogos veterinarios
- Inspectores veterinarios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axudantes de veterinario, 3327
- Capadores, 3327
- Técnicos de inseminación artificial, 3327

214 Farmacéuticos

2140 Farmacéuticos

Os farmacéuticos almacenan, manteñen, compoñen e dispensan medicamentos e aconsellan sobre o uso apropiado e os efectos adversos das drogas ou medicamentos seguindo as prescricións de médicos ou outros profesionais da saúde. Contribúen na investigación probando, preparando, prescribindo e monitorizando terapias médicas co fin de optimizar a saúde das persoas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recibir prescricións de produtos farmacéuticos de doutores e outros profesionais da saúde, comprobar os historiais farmacolóxicos dos pacientes e asegurar o uso apropiado das doses e os métodos de administración óptimos dos medicamentos e comprobar a compatibilidade entre medicamentos antes da dispensación;
- preparar ou supervisar a preparación e a etiquetaxe de medicamentos líquidos, pomadas, pos, comprimidos e outros medicamentos para atender as prescricións;
- subministrar información e asesorar os prescritores e os clientes sobre interaccións entre medicamentos, incompatibilidades e contraindicacións, efectos secundarios, doses e correcta conservación dos medicamentos;
- colaborar con outros profesionais da saúde para planificar, supervisar, examinar e avaliar a calidade e a efectividade dos tratamentos farmacolóxicos en pacientes individuais e a efectividade de medicamentos ou tratamentos particulares;
- manter arquivos de prescrición e rexistrar a dispensación de narcóticos, tóxicos e medicamentos que crean hábito de acordo cos requisitos legais e profesionais;
- almacenar e conservar vacinas, soros e outros medicamentos que poden deteriorarse;
- aconsellar os clientes e dispensar medicamentos sen receita e produtos auxiliares de diagnóstico e tratamento para situacións comúns;
- supervisar e coordinar o traballo de técnicos en farmacia, farmacéuticos internos e auxiliares de venda de farmacia;
- investigar para desenvolver e mellorar medicamentos, cosméticos e produtos químicos relacionados;
- consultar con químicos, enxeñeiros e outros profesionais sobre técnicas e compoñentes de fabricación;
- ensaiar e analizar medicamentos para determinar a súa identidade, pureza e concentración en relación con normas especificadas;
- avaliar etiquetas, caixas e prospectos de medicamentos;
- traballar no desenvolvemento de información e riscos asociados a determinados medicamentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Farmacéuticos
- Farmacéuticos titulares de farmacias
- Farmacéuticos de farmacia hospitalaria

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Farmacólogos, 2421
- Auxiliares de farmacia, 5621

215 Outros profesionais da saúde**2151 Odontólogos e estomatólogos**

Os odontólogos e estomatólogos diagnostican, tratan e preveñen enfermidades, lesións e malformacións dos dentes, boca, enxivas e tecidos asociados mediante a aplicación dos principios e procedementos da odontoloxía moderna. Utilizan unha ampla gama de técnicas diagnósticas (diagnósticos) e de cirurxía entre outras técnicas especializadas para promover e restaurar a saúde oral.

Entre as súas tarefas inclúense:

- diagnosticar enfermidades, lesións, irregularidades e malformacións dos dentes e as estruturas asociadas da boca e as mandíbulas valéndose de métodos como a radiografía, as análises da saliva e o historial clínico;
- prestar atención odontolóxica preventiva como tratamentos periodontais, aplicacións de flúor ou promoción da saúde bucodental;
- administrar anestésicos para limitar a dor que experimentan os pacientes durante as intervencións;
- prescribir calmantes para dores provocadas polas intervencións;
- aplicar técnicas de rehabilitación oral, como implantes, restauracións complexas de coroas e pontes, ortodoncia e reparación de dentes danados e cariados;
- realizar tratamentos cirúrxicos como extracción de pezas dentais, biopsia de tecidos e tratamentos de ortodoncia;
- medir e obter impresións das mandíbulas e os dentes do paciente para determinar a forma e o tamaño das próteses dentais;
- deseñar, construír e adaptar próteses dentais como mantedores de espazo, pontes e próteses ou escribir instrucións de fabricación ou prescricións para protésicos dentais;
- restaurar a función bucal con próteses dentais removibles ou fixas;
- axudar no diagnóstico de enfermidades sistémicas con manifestacións bucais, como a diabetes;
- educar os pacientes e as familias sobre hixiene dental, nutrición e outras medidas para coidar a saúde oral;
- supervisar o traballo de hixienistas dentais, auxiliares dentais e demais persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Odontólogos
- Dentistas
- Médicos estomatólogos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Cirurxiáns maxilofaciais, 2112

2152 Fisioterapeutas

Os fisioterapeutas asesoran, organizan e implementan programas de rehabilitación que melloran ou restablecen as funcións motoras, maximizan a mobilidade e alivian a dor. Así mesmo preveñen e tratan problemas físicos asociados a lesións, enfermidades e outras doenzas leves. Para iso, estes profesionais utilizan unha gama ampla de técnicas e terapias físicas tales como movementos, ultrasóns, láser e demais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- administrar probas musculares, nerviosas, articulares e funcionais para identificar e avaliar os problemas físicos dos pacientes;
- establecer cos pacientes os obxectivos dos tratamentos e deseñar programas de tratamento para reducir a dor, atender os problemas dos pacientes, fortalecer os músculos, mellorar as funcións cardiorrespiratoria, cardiovascular e respiratoria, restablecer a mobilidade das articulacións e mellorar o equilibrio e a coordinación;
- desenvolver, implementar e realizar o seguimento de programas e tratamentos mediante o uso das propiedades terapéuticas do exercicio, a calor e o frío, a masaxe, a manipulación, a hidroterapia, a electroterapia, a luz ultravioleta e infravermella e os ultrasóns no tratamento dos pacientes;
- dar instrucións aos pacientes e ás súas familias sobre procedementos que deban continuar na súa casa;
- rexistrar información sobre o estado de saúde dos pacientes e a resposta aos tratamentos en bases de datos médicas e compartir a información necesaria con outros profesionais da saúde co fin de asegurar unha atención global e continua;
- desenvolver e implementar programas para a detección e prevención de doenzas e trastornos físicos comúns;
- supervisar o traballo de asistentes fisioterapeutas e afíns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fisioterapeutas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Médicos especializados en rehabilitación, 2112
- Terapeutas ocupacionais, 2156
- Podólogos, 2157
- Quiroprácticos, 3329
- Osteópatas, 3329

2153 Dietistas e nutricionistas

Os dietistas e nutricionistas valoran, planifican e realizan programas para mellorar o efecto dos alimentos e a nutrición na saúde das persoas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- instruír as persoas, familias e comunidades sobre nutrición, a planificación das axudas e a preparación das comidas para maximizar os beneficios sobre a saúde

- e reducir potenciais riscos sobre a saúde;
- planificar axudas e menús;
- supervisar a preparación e o servizo de comidas, así como a cantidade e a calidade;
- recoller e valorar información relativa á situación sanitaria e nutricional de individuos, grupos e comunidades.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Diplomados en nutrición humana e dietética

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Médicos especialistas en endocrinoloxía e nutrición, 2112
- Técnicos en dietética e nutrición, 3323

2154 Logopedas

Os logopedas diagnostican, avalían, corrixen e tratan desordes físicas que afectan o oído, a fala, a comunicación e a deglución. Prescriben dispositivos correctores e terapias rehabilitadoras para a perda de audición, alteracións da fala e outros problemas sensoriais ou neuronais similares. Asesoran en temas de seguranza na audición e a comunicación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- avaliar a audición, a fala e a linguaxe en pacientes para determinar a natureza de desordes na fala e a comunicación;
- realizar probas e exames do oído, da fala e da linguaxe, utilizando instrumentos e equipamentos de diagnóstico especializado; interpretar os resultados das probas xunto a datos doutra información médica, social ou do comportamento para establecer os tratamentos adecuados;
- planificar, dirixir e participar en actividades de asesoramento, *screening*, rehabilitación da fala e outros programas relacionados coa audición e a comunicación;
- recomendar audífonos e outros dispositivos de asistencia adecuados ás necesidades dos seus clientes e ensinalos a utilizalos;
- planificar e realizar programas de tratamentos para corrixir trastornos físicos que afecten a fala e a deglución en pacientes;
- asesorar e orientar persoas con deficiencias auditivas e/ou da linguaxe, as súas familias, os seus profesores e os seus empregadores;
- en caso necesario, remitir os clientes a outros servizos médicos ou educativos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Logopedas

2155 Ópticos-optometristas

Os ópticos-optometristas prestan servizos de diagnóstico e tratamento de desordes dos ollos e da visión. Aconsellan sobre o coidado dos ollos e prescriben dispositivos ópticos e outras terapias para os problemas de visión.

Entre as súas tarefas inclúense:

- examinar os ollos dos pacientes e realizar probas de diagnóstico para valorar a saúde ocular e determinar a natureza e a magnitude dos problemas e as anomalías da visión;
- avaliar a función visual utilizando equipo e instrumental especializado para medir a agudeza visual, o erro de refracción, o funcionamento das vías ópticas, os campos visuais, os movementos oculares, a visión sen obstáculos e a presión intraocular;
- detectar, diagnosticar e tratar enfermidades oculares, incluíndo a prescrición de medicamentos para tratalas;
- consultar con oftalmólogos ou outros profesionais da saúde e remitirles pacientes se determinan que necesitan outro tratamento médico;
- diagnosticar trastornos dos movementos oculares e defectos da función binocular; planificar e realizar programas de tratamento; asesorar os pacientes sobre exercicios para coordinar o movemento dos ollos e o enfoque;
- prescribir lentes correctivas, lentes de contacto e outras axudas para a visión; verificar que os dispositivos ópticos funcionan correctamente, son seguros, confortables e adecuados ao estilo de vida;
- asesorar sobre aspectos da saúde da vista tales como o coidado das lentes de contacto, o coidado da vista en persoas de idade, a óptica, a ergonomía visual e a seguranza visual laboral e industrial.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Ópticos-optometristas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Oftalmólogos, 2112
- Técnicos en optometría, 3324

2156 Terapeutas ocupacionais

Os terapeutas ocupacionais aplican técnicas e realizan actividades de carácter ocupacional que tendan a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e orientar e estimular o desenvolvemento de tales funcións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- aplicar diversos métodos ao paciente baixo prescrición médica (actividades manuais, educativas, recreativas, culturais, etc.) de forma que se obteña a resposta desexada, xa sexa física ou mental;
- conservar en bo estado o material que se utilice no servizo de terapia ocupacional;
- observar e anotar os datos clínicos para a correcta vixilancia dos pacientes;
- recomendar adaptacións do medio no fogar e nos ambientes de recreo, laboral e escolar, de forma individual ou colectiva, que permitan ás persoas con limitacións funcionais realizar as súas actividades e ocupacións diarias;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Terapeutas ocupacionais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fisioterapeutas, 2152
- Psicólogos, 2823
- Terapeutas recreativos, 2159
- Formadores ocupacionais, 2220

2157 Podólogos

Os podólogos aplican e realizan as actividades dirixidas ao diagnóstico e tratamento das afeccións e deformidades dos pés, mediante as técnicas terapéuticas propias da súa disciplina.

Entre as súas tarefas inclúense:

- identificar e tratar afeccións dos pés, nocellos e outras estruturas relacionadas das pernas debidas a enfermidades ou outros trastornos físicos;
- tratar e solucionar as calosidades e os problemas coas durezas nas distintas partes dos pés;
- prescribir calzado correctivo e asesorar no coidado dos pés ante problemas cos pés;
- realizar intervencións menores sobre pés e nocellos;
- manter en boas condicións os materiais que se utilicen;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Podólogos
- Pedicuros

2158 Profesionais da saúde e a hixiene laboral e ambiental

Os profesionais da saúde e a hixiene laboral e ambiental avalían, planifican e implementan programas para identificar, observar e controlar factores ambientais que poden afectar potencialmente a saúde humana. Estes programas teñen por obxecto asegurar condicións de traballo seguras e saudables e previr enfermidades ou lesións causadas por axentes químicos, físicos, radiolóxicos ou biolóxicos ou factores ergonómicos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- desenvolver, aplicar e revisar programas e políticas para minimizar riscos potenciais para a saúde e a seguranza no ambiente e no traballo;
- preparar e aplicar plans e estratexias para a eliminación segura, económica e adecuada de residuos comerciais, industriais, médicos e de produtos domésticos;
- aplicar programas de prevención e estratexias sobre enfermidades contaxiosas, seguranza alimentaria, tratamento e sistemas de eliminación de augas residuais, calidade da auga para actividades recreativas e para o consumo doméstico, substancias contaminadas e perigosas;
- identificar, informar e documentar perigos; avaliar e controlar riscos no medio e no lugar de traballo e asesorar sobre o cumprimento das leis e os regulamentos relevantes;
- desenvolver, aplicar e supervisar programas para minimizar a contaminación do

lugar de traballo e do ambiente a consecuencia de riscos de natureza química, física e biolóxica;

- asesorar sobre métodos para previr, eliminar, controlar ou reducir a exposición de traballadores, estudantes, o público e o ambiente a riscos radiolóxicos e doutro tipo;
- promover principios ergonómicos no lugar de traballo, tales como a adaptación do mobiliario, o equipamento e as actividades do traballo ás necesidades dos traballadores;
- impartir ensino, información, formación e asesoramento a persoas de todos os niveis sobre aspectos de hixiene laboral e saúde do ambiente;
- rexistrar e investigar lesións e danos do equipamento e documentar o funcionamento da seguranza;
- coordinar medidas de compensación, rehabilitación e reincorporación ao traballo de traballadores lesionados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Responsables corporativos de seguranza no traballo
- Responsables técnicos de saúde ambiental urbana
- Responsables de calidade e seguranza alimentaria
- Epidemiólogos
- Técnicos en protección radiolóxica en instalacións nucleares

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en prevención de riscos laborais, 3326

2159 Profesionais da saúde non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario engloba os profesionais da saúde non clasificados noutras epígrafes do subgrupo principal 21, Profesionais da saúde. O grupo inclúe ocupacións como, por exemplo, psicólogo clínico, terapeuta recreativo, e outras profesións que realizan diagnósticos ou prestan servizos de saúde preventivos, curativos ou de rehabilitación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- entrevistar os pacientes e realizar probas de diagnóstico para determinar o seu estado de saúde, limitacións funcionais e a natureza do seu trastorno, enfermidade ou problema, físico ou mental;
- desenvolver e aplicar plans de tratamento para lesións, enfermidades e outros tipos de trastornos físicos ou mentais;
- avaliar e documentar o progreso do paciente ao longo dos tratamentos, e remitilos, a eles ou aos seus familiares, a médicos ou outros persoal sanitario cando sexan necesarios coidados especializados, de rehabilitación ou similares;
- planificar e realizar programas terapéuticos, de xeito individual ou en grupo, para mellorar e manter a funcionalidade física, cognitiva, emocional e social (incluíndo o uso das artes e a artesanía, a danza e o movemento, a música e outras actividades recreativas).

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Psicólogos clínicos
- Terapeutas recreativos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en radioterapia, 3311
- Técnicos en ortopróteses, 3315
- Técnicos superiores en documentación sanitaria, 3322
- Osteópatas, 3329
- Homeópatas, 3331
- Fitoterapeutas, 3339

22 Profesionais do ensino infantil, primario, secundario e postsecundario

221 Profesores de universidades e outro ensino superior (salvo formación profesional)

2210 Profesores de universidades e outro ensino superior (salvo formación profesional)

Os profesores de universidades e outro ensino superior (salvo formación profesional) preparan e dan clases e dirixen estudos personalizados nunha ou máis materias dun determinado curso en universidades ou outros centros de ensino superior (salvo centros de formación profesional). Realizan investigacións e preparan comunicacións e libros de carácter académico.

Entre as súas tarefas inclúense:

- proxectar e modificar plans de estudo e preparar os cursos de conformidade cos requisitos;
- preparar e dar clases e dirixir estudos personalizados, seminarios e traballos prácticos ou de laboratorio;
- estimular a facultade discursiva e a independencia de criterio entre os estudantes;
- supervisar, cando proceda, os experimentos e traballos prácticos realizados polos estudantes;
- administrar, avaliar e cualificar exames e probas;
- dirixir os traballos de investigación de estudantes graduados ou doutros membros do departamento ou facultade de que se trate;
- investigar e desenvolver conceptos, teorías e métodos operativos para a súa aplicación na industria e noutras esferas;
- escribir libros, comunicacións ou artigos de carácter académico;
- participar en reunións de departamento ou de profesores e en conferencias e seminarios.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Catedráticos
- Profesores titulados de universidade
- Profesores de titulacións propias en universidades
- Profesores de estudos superiores de música e danza
- Profesores de arte dramática
- Profesores de conservación e restauración de bens culturais
- Profesores de estudos superiores de artes plásticas e deseño

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Reitores de universidade, 1120
- Decanos, 1326
- Directores de estudos de ensino superior, 1326
- Profesores de formación profesional, 2220

222 Profesores de formación profesional (materias específicas)**2220 Profesores de formación profesional (materias específicas)**

Os profesores de formación profesional (materias específicas) ensinan unha ou máis especialidades de contido técnico ou profesional na educación secundaria e na formación profesional.

Nota: Aqueles profesores que imparten materias específicas que teñen como finalidade preparar os estudantes para un emprego específico clasifícanse neste grupo primario, tanto se traballan nun instituto de ensino secundario coma se o fan nun de formación profesional. Aqueles profesores que imparten a nivel de secundaria materias tales como matemáticas e que non preparan o alumno para o emprego nunha área específica ocupacional clasifícanse no grupo primario 2230, Profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional) independentemente de se traballan nun instituto de secundaria ou nun de formación profesional.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar os alumnos desde unha perspectiva de aplicación práctica para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desempeño cualificado das distintas profesións;
- proporcionar aos alumnos unha formación polivalente, funcional e técnica que posibilita a súa adaptación aos cambios tecnolóxicos e organizativos relativos á profesión;
- impartir leccións desde unha perspectiva de aplicación práctica dos contidos técnicos aprendidos polos alumnos sobre as súas especialidades e supervisar o traballo e a disciplina dos alumnos;
- preparar, asignar e corrixir exercicios prácticos;
- examinar mediante probas e exames co obxecto de avaliar os progresos dos alumnos e outorgar a cualificación correspondente.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mestres de taller de artes plásticas e deseño
- Profesores de tecnoloxía para a formación profesional

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de centros educativos, 1326
- Profesores de materias non específicas (matemáticas, lingua...) en centro de formación profesional, 2230
- Profesores de ensino secundario, 2230

223 Profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional)

2230 Profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional)

Os profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional) ensinan unha ou máis materias de ensino secundario, excluídas as materias dirixidas a preparar os alumnos para o emprego en áreas de ocupacións específicas.

Nota: Aqueles profesores que imparten materias específicas que teñen como finalidade preparar os estudantes para un emprego específico clasificaranse no grupo primario 2220, Profesores de formación profesional (materias específicas), tanto se traballan nun instituto de ensino secundario coma se o fan nun de formación profesional. Aqueles profesores que imparten a nivel de secundaria materias tales como matemáticas e que non preparan o alumno para o emprego nunha área específica ocupacional clasificaranse neste grupo primario independentemente de se traballan nun instituto de secundaria ou nun de formación profesional.

Entre as súas tarefas inclúense:

- proxectar e modificar plans de estudo e preparar os cursos de conformidade coas directrices establecidas ao respecto;
- establecer e aplicar normas de comportamento e procedementos para manter a orde entre os alumnos;
- preparar e dar clases, dirixir debates e realizar demostracións nunha ou máis materias;
- establecer obxectivos claros para todas as clases, unidades e proxectos, e comunicalos aos alumnos;
- preparar os materiais e as aulas para as actividades da clase;
- adaptar os métodos docentes e os materiais de ensino ás distintas necesidades e intereses dos alumnos;
- observar e avaliar o rendemento e o comportamento dos alumnos;
- preparar e administrar probas e exames co obxecto de avaliar os progresos dos alumnos, e dar as cualificacións correspondentes;
- preparar informes sobre o labor dos alumnos e consultar outros profesores e os pais;
- participar nas reunións relativas ás políticas educativas ou organizativas do centro;
- planificar e organizar actividades escolares tales como excursións, reunións deportivas e concertos, e participar nelas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesores de ensino secundario ou formación profesional (materias non específicas)
- Profesores de instituto
- Profesores de ensino secundario, artes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de estudos, 1326
- Profesores de formación profesional materias específicas, 2220
- Inspectores escolares, 2321

- Profesores particulares de clases de instituto, 2329
- Orientadores escolares, 2329

224 Profesores de ensino primario

2240 Profesores de ensino primario

Os profesores de ensino primario ensinan diversas materias aos alumnos das escolas primarias.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar plans diarios e a máis longo prazo para as clases, de conformidade coas directrices sobre o plan de estudos;
- ensinar aos nenos individualmente e en grupos, empregando distintos métodos e materiais docentes (por exemplo, ordenador, libros, xogos) adaptados ás necesidades destes;
- manter a disciplina e uns bos hábitos de traballo na aula;
- planificar e realizar cos nenos actividades tales como actividades deportivas, concertos e excursións;
- asignar aos nenos traballos para a aula e para casa, e cualificalos;
- preparar e administrar probas e exames para avaliar o progreso dos nenos, e cualificalos;
- observar e avaliar o rendemento e o comportamento dos nenos;
- supervisar os nenos durante as clases e nos demais momentos da xornada escolar, incluídos os recreos;
- participar nas reunións e demais sesións do persoal e manter contactos con outros mestres sobre cuestións educativas;
- preparar reunións cos pais para examinar os progresos e problemas dos nenos, e asistir a elas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mestres de ensino primario

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de estudos, 1326
- Inspectores escolares, 2321
- Profesores particulares de clases de primaria, 2329

225 Mestres e educadores de ensino infantil

2251 Mestres de educación infantil

Os mestres educación infantil promoven o desenvolvemento social, físico e intelectual dos nenos que non cumpriron aínda a idade escolar mediante actividades educativas e de xogo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e organizar actividades individuais e de grupo para facilitar o desenvolvemento das destrezas motoras, de cooperación e sociais dos nenos, a súa confianza en si mesmos e a súa comprensión;

- promover a facilidade de expresión dos nenos narrando contos e organizando sesións de simulación de papeis ou teatro infantil, recitación de poemas para nenos, danzas e cancións infantís, conversa e discusión;
- dirixir os nenos en actividades que favorezan as oportunidades de expresión creativa a través das artes, a representación teatral, a música e a boa forma física;
- observar os nenos para avaliar o seu progreso e detectar posibles signos de problemas de desenvolvemento, emocionais ou de saúde;
- observar e avaliar as necesidades nutricionais, de benestar e de seguranza dos nenos e identificar os factores que impidan o seu progreso;
- supervisar os nenos durante as súas actividades para garantir a súa seguranza e resolver os conflitos que poidan acaecer;
- orientar e axudar os nenos a desenvolveren hábitos adecuados de comida, vestido e limpeza;
- examinar os progresos ou os problemas dos nenos cos pais e cos demais membros do persoal, e establecer actuacións axeitadas e, se for preciso, remisións a outros servizos;
- establecer e manter unha relación de colaboración con outros prestadores de servizos que traballen con nenos pequenos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mestres de educación infantil

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en educación infantil, 2252
- Celadores de gardaría, 5721

2252 Técnicos en educación infantil

Os técnicos en educación infantil organizan xogos e actividades educativas individuais ou colectivas destinados a afianzar e promover o desenvolvemento físico e mental e o comportamento social de nenos en idade infantil.

Entre as súas tarefas inclúense:

- programar e organizar actividades destinadas a estimular o desenvolvemento físico e a sociabilidade dos nenos;
- promover a facilidade de expresión dos nenos narrando contos e organizando sesións de simulación de papeis ou teatro infantil, recitación de poemas para nenos, danzas e cancións infantís, conversa e discusión;
- observar os nenos para poder avaliar os seus progresos e poñer ao día os pais dos resultados acadados ou dos problemas detectados;
- supervisar os nenos durante as súas actividades para garantir a súa seguranza e resolver os conflitos que poidan acaecer;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en educación infantil

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mestres de educación primaria, 2240

- Mestres de educación infantil, 2251
- Celadores de gardaría, 5721

23 Outros profesionais do ensino

231 Profesores e técnicos de educación especial

2311 Profesores de educación especial

Os profesores de educación especial ensinan a nenos e mozos con dificultades para aprenderen e instruírense ao nivel educativo que corresponda, ou mental ou fisicamente deficientes. Así mesmo, inclúese o ensino para persoas non pertencentes aos sistemas ordinarios (educación de adultos).

Entre as súas tarefas inclúense:

- idear ou modificar plans de instrución e ensino e preparar leccións e actividades de conformidade coas necesidades e posibilidades dos alumnos;
- ensinar usando técnicas e medios apropiados á deficiencia e ao nivel do alumno;
- estimular a confianza dos alumnos, axudarlles a descubrir e adoptar métodos que atenúen as limitacións impostas pola súa deficiencia ou dificultade e infundirles a actitude de autorrealización;
- organizar exercicios, traballos prácticos e probas, observar e avaliar os progresos de cada alumno e intercambiar impresións ao respecto cos pais, o profesor encargado, terapeutas, asistentes sociais e outras persoas interesadas en impartir educación de adultos;
- impartir clases particulares neste nivel;
- preparar informes escolares e docentes;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mestres de nenos con dificultades auditivas, ensino especial
- Mestres de nenos con dificultades visuais, ensino especial
- Profesores de educación especial por dificultades da aprendizaxe
- Profesores de apoio á aprendizaxe
- Profesores de recuperación
- Profesores de ensino para adultos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de formación profesional, 2220
- Profesores de ensino secundario, 2230
- Mestres de educación primaria, 2240
- Técnicos educadores de educación especial, 2312

2312 Técnicos educadores de educación especial

Os técnicos educadores de educación especial ensinan, ao nivel de instrución que conveña, a nenos, novos e adultos, sexan minusválidos con deficiencias físicas ou mentais ou persoas con dificultades para aprender e instruírse.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar actividades de conformidade coas necesidades e posibilidades dos alumnos;
- ensinar usando técnicas e medios apropiados ás deficiencias e o nivel dos alumnos (tales como o sistema de escritura braille ou o de lectura labial) e supervisar os labores na aula;
- estimular a confianza dos alumnos, axudalos a describir e adoptar métodos que atenúen as limitacións impostas pola súa deficiencia ou dificultade e infundir-lles un sentimento de autorrealización;
- organizar exercicios, traballos prácticos e probas, observar e avaliar os progresos de cada alumno e intercambiar impresións ao respecto cos pais, o profesor encargado, terapeutas, asistentes sociais e outras persoas interesadas;
- preparar informes escolares e docentes;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos educadores de persoas minusválidas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de educación especial, 2311

232 Outros profesores e profesionais do ensino

2321 Especialistas en métodos didácticos e pedagóxicos

Os especialistas en métodos didácticos e pedagóxicos investigan e desenvolven métodos educativos, cursos e materiais didácticos ou asesoran ao respecto. Revisan e examinan o traballo dos profesores, o funcionamento dos centros educativos e os resultados conseguidos, e recomendan cambios e melloras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar as tendencias e innovacións en materia de plans de estudos, métodos educativos e outras prácticas educativas e asesorar sobre posibles modificacións e melloras;
- avaliar o contido substantivo dos cursos e dos métodos de exame, e asesorar ao respecto;
- investigar materiais didácticos audiovisuais e doutros tipos, asesorar ao respecto e planificar e organizar a súa utilización nos centros educativos;
- documentar as materias e cursos preparados e avaliar os novos cursos;
- prestar aos profesores servizos de formación e de consulta;
- organizar e dirixir talleres e conferencias para formar os profesores nos novos programas e métodos;
- preparar a estrutura, contido e obxectivos dos novos cursos e programas educativos;
- proceder á visita periódica dos centros educativos e celebrar consultas coa direc-

ción e os docentes sobre o plan de estudos, os métodos didácticos, os materiais didácticos e outras cuestións;

- visitar as aulas para observar as técnicas de ensino e avaliar a actuación dos mestres e profesores e os resultados escolares acadados polos alumnos;
- preparar informes e elevar recomendacións ás autoridades educativas sobre eventuais modificacións e perfeccionamentos dos plans de estudos, os métodos didácticos e outras cuestións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Pedagogos
- Especialistas en elaboración de plans de estudos
- Especialistas en material didáctico
- Inspectores escolares
- Coordinadores de plans de estudos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Orientadores escolares, 2329
- Psicólogos escolares, 2823

2322 Profesores de ensino non regrado de idiomas

Os profesores de ensino non regrado de idiomas ensinan unha lingua non materna a adultos e nenos que a estean a aprender pola súa condición de inmigrantes, para satisfacer necesidades ou oportunidades de emprego, para facilitar a súa participación en programas educativos impartidos nunha lingua estranxeira ou para o seu enriquecemento persoal. Traballan á marxe dos sistemas xerais de ensino primario, secundario e superior, ou en apoio de profesores e alumnos incluídos nestes sistemas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- avaliar o nivel de capacidade e o alcance das dificultades lingüísticas dos alumnos e establecer as súas necesidades e os seus obxectivos de aprendizaxe;
- planificar, preparar e dar clases e dirixir talleres para grupos ou para persoas individuais cun contido e un ritmo de progreso adaptados ás súas capacidades e necesidades;
- deseñar e producir materiais didácticos e adaptar os existentes;
- avaliar os progresos dos alumnos;
- axudar aos alumnos nos contextos docentes en que se lles ensinen materias nunha lingua que non sexa a súa materna;
- prestar asistencia aos demais profesores deseñando programas didácticos especiais para os alumnos que sigan aprendendo a lingua principal de ensino;
- asignar traballos e corrixilos, e preparar exames e cualificalos;
- avaliar e rexistrar os progresos dos alumnos e informar deles.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesores de idiomas (clases particulares ou academias)
- Profesores de idiomas para inmigrantes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de universidade, 2210
- Profesores de formación profesional, 2220
- Profesores de ensino secundario, 2230

- Mestres de educación primaria, 2240

2323 Profesores de ensino non regrado de música e danza

Os profesores de ensino non regrado de música e danza ensinan aos alumnos a práctica, a teoría e a interpretación da música e a danza á marxe dos sistemas xerais de ensino primario, secundario e superior, aínda que poden impartir ese ensino de forma particular ou en pequenos grupos como actividade allea ao plan de estudos en colaboración con centros educativos.

Nota: Aqueles profesores de ensino primario ou secundario que impartan música ou danza recolleranse nos grupos primarios 2240, Profesores de ensino primario e 2230, Profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional) respectivamente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- avaliar o nivel de capacidade dos alumnos e determinar as súas necesidades e os seus obxectivos de aprendizaxe;
- planificar, preparar e impartir programas de estudo, clases e talleres de forma individual ou en grupo;
- preparar e presentar materiais sobre teoría e interpretación da música ou a danza;
- ensinar e demostrar aspectos prácticos da danza;
- ensinar e demostrar aspectos prácticos do canto ou da interpretación dun instrumento concreto;
- ensinar aos alumnos a ler e escribir a notación musical;
- asignar exercicios e ensinar pezas musicais adecuadas ao nivel de capacidade, os intereses e o talento dos alumnos;
- avaliar os alumnos e ofrecerlles asesoramento, críticas e estímulo;
- revisar os plans de estudos, o contido dos cursos, os materiais dos cursos e os métodos de ensino;
- preparar os alumnos para exames, interpretacións e avaliacións;
- organizar visitas e viaxes para asistir a actuacións musicais e de danza;
- organizar audicións, coreografías ou interpretacións dos alumnos e axudarlles.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesores de guitarra (clases particulares ou academias)
- Profesores de piano (clases particulares ou academias)
- Profesores de canto (clases particulares ou academias)
- Profesores de violín (clases particulares ou academias)
- Profesores de danza (clases particulares ou academias)
- Profesores de baile (clases particulares ou academias)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de universidade, 2210
- Profesores de formación profesional, 2220
- Profesores de ensino secundario, 2230
- Mestres de educación primaria, 2240

2324 Profesores de ensino non regrado de artes

Os profesores de ensino non regrado de artes ensinan aos alumnos a práctica, a teoría e a interpretación da arte dramática, as artes visuais e outras artes (excluída a música e a danza) á marxe dos sistemas xerais de ensino primario, secundario e superior, aínda que poden impartir ese ensino de forma particular ou en pequenos grupos como actividade allea ao plan de estudos en colaboración con centros educativos.

Nota: Aqueles profesores de ensino primario ou secundario que impartan artes recolleranse nos grupos primarios 2240, Profesores de ensino primario e 2230, Profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional) respectivamente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- avaliar o nivel de capacidade dos alumnos e determinar as súas necesidades de aprendizaxe;
- planificar, preparar e impartir programas de estudo, clases e talleres de forma individual ou en grupo;
- preparar e presentar materiais sobre teoría da materia de estudo;
- ensinar e demostrar aspectos prácticos da arte dramática, as artes visuais ou outras artes;
- asignar exercicios e traballos adecuados ao nivel de capacidade, os intereses e o talento dos alumnos;
- avaliar os alumnos e ofrecerlles asesoramento, críticas e estímulo;
- revisar os plans de estudos, o contido dos cursos, os materiais dos cursos e os métodos de ensino;
- preparar os alumnos para exames, interpretacións e avaliacións;
- organizar visitas e viaxes para asistir a exhibicións e interpretacións;
- organizar interpretacións e exhibicións dos alumnos e axudarlles.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesores de arte dramática (clases particulares ou academias)
- Profesores de pintura (clases particulares ou academias)
- Profesores de escultura (clases particulares ou academias)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de universidade, 2210
- Profesores de formación profesional, 2220
- Profesores de ensino secundario, 2230
- Mestres de educación primaria, 2240
- Profesores de danza (clases particulares ou academias), 2323
- Profesores de música (clases particulares ou academias), 2323

2325 Instrutores en tecnoloxías da información en ensino non regrado

Os instrutores en tecnoloxías da información en ensino non regrado crean, estruturan e dirixen programas e cursos de formación para usuarios de tecnoloxía da información á marxe dos sistemas xerais de ensino primario, secundario e superior.

Entre as súas tarefas inclúense:

- identificar as necesidades de formación en tecnoloxía da información e os requisitos a este respecto dos usuarios individuais e das organizacións;

- preparar e elaborar materiais de formación tales como manuais, axudas visuais, tutoriais en liña, modelos de demostración e documentación de referencia;
- deseñar, coordinar, programar e dirixir programas de formación e desenvolvemento que poidan impartirse individualmente ou en grupos e facilitar a celebración de talleres, reunións, demostracións e conferencias;
- realizar e supervisar a avaliación da calidade e eficacia da formación, e examinar e modificar, se for o caso, os obxectivos e métodos de formación e os materiais que se entreguen para os cursos;
- reunir, examinar e investigar materiais de apoio existentes para comprender a fondo a materia e os sistemas obxecto de formación;
- manterse ao tanto das novas versións dos produtos, dos avances no software e das tendencias xerais da tecnoloxía da información, redactar produtos e materiais en liña tales como guías de aprendizaxe e manuais de formación, axuda en liña e instrucións de funcionamento e mantemento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesores de informática (clases particulares ou academias)
- Profesores de cursos de formación en tecnoloxías da información

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de universidade, 2210
- Profesores de formación profesional, 2220
- Profesores de ensino secundario, 2230
- Mestres de educación primaria, 2240
- Especialistas en formación de persoal en destrezas ou habilidades xerais (falar en público, relacionarse no traballo...), 2625

2326 Profesionais da educación ambiental

Os profesionais da educación ambiental son profesionais que realizan unha ou varias das actividades que se detallan nas tarefas dentro do marco conceptual e metodolóxico da educación ambiental establecido pola UNESCO.

Entre as súas tarefas inclúense:

- comunicar sobre o ambiente, interpretar os seus valores e problemáticas, guiar e capacitar as persoas para contribuír á conservación e mellora ambiental;
- guiar grupos de persoas pola natureza e as súas representacións para contribuír á súa sensibilización e capacitación ambiental;
- deseño, execución e avaliación de programas de educación, interpretación, sensibilización, formación ambiental e de programas de comunicación e participación cidadá para o desenvolvemento sustentable;
- deseño e elaboración de materiais educativos ambientais;
- orientación e asesoría sobre programas de educación e interpretación ambiental e programas de participación cidadá para o desenvolvemento sustentable;
- realización de informes técnicos sobre educación e interpretación ambiental e participación cidadá para o desenvolvemento sustentable;
- aplicación de programas de educación e interpretación ambiental, facilitando procesos de aprendizaxe, sensibilización, conscienciación e capacitación;
- realización de actividades de educación ambiental;

- realización de actividades de Interpretación do patrimonio;
- dinamización de procesos de comunicación ambiental e participación cidadá para o desenvolvemento sustentable;
- información e documentación ambiental;
- dirección-xerencia de equipamentos de educación ambiental;
- coordinación de equipos de educación ambiental.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Educadores ambientais
- Monitores de centros de interpretación de roteiros da natureza
- Monitores de centros de interpretación en ambiente urbano ou industrial
- Monitores de aula de natureza permanente ou outros equipamentos
- Orientadores ambientais
- Monitores/guías/intérpretes do patrimonio socionatural
- Coordinadores de equipos de educación e formación ambiental
- Formadores en educación e interpretación ambiental
- Especialistas en infraestruturas ou equipamentos de educación ambiental
- Directores xerentes de centro de educación ambiental
- Asesores de centros e programas de educación ambiental
- Informadores e documentalistas de educación ambiental
- Deseñadores de materiais de educación ambiental
- Investigadores en educación ambiental

2329 Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os profesionais do ensino non clasificados separadamente nos subgrupos principais 22, Profesionais do ensino infantil a universitario e 23, outros profesionais do ensino. Inclúense, por exemplo, os que dan clases particulares sobre materias distintas dos idiomas, a música, as artes e a tecnoloxía da información. Así como aqueles que asesoran os alumnos sobre temas educativos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- avaliar o nivel de capacidade dos alumnos e determinar as súas necesidades de aprendizaxe;
- planificar, preparar e impartir programas de estudo, clases e talleres de forma individual ou en grupo;
- preparar e presentar materiais sobre teoría da materia de estudo;
- ensinar e demostrar aspectos prácticos da materia de estudo;
- asignar exercicios e traballos adecuados ao nivel de capacidade, os intereses e a aptitude dos alumnos;
- avaliar os alumnos e ofrecerlles asesoramento, críticas e estímulo;
- revisar os plans de estudos, o contido dos cursos, os materiais dos cursos e os métodos de ensino;
- preparar os alumnos para exames e avaliacións;
- asesorar os alumnos sobre cuestións educativas tales como a selección dos cursos e programas, os horarios das clases, a adaptación escolar, as faltas inxustificadas, os hábitos de estudo e a planificación da carreira profesional;
- asesorar os alumnos para axudarlles a comprender e superar os problemas persoais, sociais ou de comportamento que afecten a súa educación;

- preparar os alumnos para ulteriores experiencias educativas alentándoos a explorar oportunidades de aprendizaxe e a perseverar en tarefas exixentes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesores de apoio (clases particulares ou academias)
- Orientadores escolares

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de universidade, 2210
- Profesores de formación profesional, 2220
- Profesores de ensino secundario, 2230
- Mestres de educación primaria, 2240
- Profesores de idiomas (clases particulares ou academias), 2322
- Profesores de danza (clases particulares ou academias), 2323
- Profesores de música (clases particulares ou academias), 2323
- Profesores de arte dramática (clases particulares ou academias), 2324
- Profesores de pintura (clases particulares ou academias), 2324
- Profesores de informática (clases particulares ou academias), 2325
- Profesionais da educación ambiental, 2326
- Especialistas en formación de persoal en habilidades persoais (como por exemplo, falar en público), 2625
- Psicólogos escolares, 2823
- Educadores familiares, 2824
- Traballadores sociais, 2824
- Instrutores de autoescola, 5894

C Outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais

24 Profesionais das ciencias físicas, químicas, matemáticas e das enxeñarías

241 Físicos, químicos, matemáticos e afíns

2411 Físicos e astrónomos

Os físicos e astrónomos investigan, perfeccionan ou desenvolven conceptos, teorías e métodos operativos relativos á materia, o espazo, o tempo, a enerxía, as forzas e os campos e á relación recíproca entre estes fenómenos físicos. Aplican os coñecementos científicos da física e da astronomía nas actividades industriais, na medicina, na esfera militar e noutros ámbitos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións e perfeccionar ou desenvolver os conceptos, as teorías, a instrumentación, o software e os métodos operativos da física e a astronomía;
- efectuar experimentos, ensaios e análise sobre a estrutura e propiedades da materia en campos como a mecánica, a termodinámica, a electrónica, as comunicacións, a xeración e distribución de enerxía, a aerodinámica, a óptica e o láser, a medicina, a ciencia do son, o magnetismo e a física nuclear;
- avaliar os resultados de investigacións e experimentos e formular conclusións,

- recorrendo principalmente a técnicas e modelos matemáticos;
- aplicar principios, técnicas e procesos para perfeccionar ou mellorar as aplicacións industriais, médicas, militares e doutros tipos dos principios e técnicas da física e a astronomía;
- asegurar o carácter seguro e efectivo das radiacións (ionizantes e non ionizantes) aplicadas aos pacientes para conseguir un resultado diagnóstico ou terapéutico de conformidade co prescrito por un profesional médico;
- asegurar a medición e caracterización exactas das cantidades físicas usadas en aplicacións médicas;
- probar, poñer a punto e avaliar os equipamentos usados en aplicacións como a técnica de imaxe, o tratamento médico e a dosimetría;
- asesorar os profesionais médicos e os demais profesionais da saúde e consultalos para optimizar o equilibrio entre os efectos beneficiosos e nocivos das radiacións;
- observar, analizar e interpretar fenómenos celestes e idear métodos, modelos numéricos e técnicas para ampliar os coñecementos en campos como a navegación, a comunicación por satélites, a exploración espacial, os corpos celestes e a radiación cósmica;
- elaborar, aplicar e manter normas e protocolos para a medida dos fenómenos físicos e para o uso da tecnoloxía nuclear en aplicacións industriais e médicas;
- preparar relatorios e informes de carácter científico.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Astrónomos
- Médicos físicos
- Físicos nucleares
- Físicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Físicos especialistas en medicina nuclear, 2112
- Médicos radiólogos, 2112
- Técnicos en radioterapia, 3311

2412 Meteorólogos

Os meteorólogos preparan prognósticos do tempo a curto ou a longo prazo para o seu uso na navegación aérea ou marítima, a agricultura e outros campos e para a información do público en xeral. Realizan investigacións relativas á composición, estrutura e dinámica da atmosfera.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar a dirección e velocidade das masas de aire, as presións, temperaturas, humidade, transformacións físicas e químicas dos contaminantes e outros fenómenos, como a formación de nubes e precipitacións, as perturbacións eléctricas ou a radiación solar;
- analizar os datos obtidos de estacións meteorolóxicas, imaxes de radar ou de satélites e modelos de ordenador para preparar prognósticos do tempo;
- preparar mapas, prognósticos e avisos a curto ou a longo prazo sobre fenómenos atmosféricos tales como ciclóns, tormentas e outros riscos para a vida e os bens, informar sobre eles e difundir información sobre as condicións atmosféricas a tra-

- vés de diversos medios, como a radio, a televisión, a prensa e a internet;
- realizar experimentos sobre dispersión do neboeiro, sementeira de nubes, chuva artificial e outros tipos de programas de modificación do tempo;
- elaborar e probar modelos matemáticos do tempo e do clima para uso experimental ou práctico;
- participar en estudos sobre o efecto do tempo no ambiente;
- analizar o impacto dos proxectos industriais e da actividade humana sobre o clima e sobre a calidade do aire e colaborar coa comunidade de expertos en ciencias sociais, enxeñaría e economía para elaborar estratexias de mitigación adecuadas;
- esforzarse por proxectar e desenvolver novos equipamentos e procedementos para a recompilación de datos meteorolóxicos, a teledetección e outras aplicacións afíns;
- realizar investigacións e perfeccionar ou desenvolver conceptos, teorías e métodos operativos relativos á composición, estrutura e dinámica da atmosfera e preparar relatorios e informes científicos sobre o resultado destas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Meteorólogos
- Climatólogos
- Meteorólogos, predición do tempo

2413 Químicos

Os químicos investigan, perfeccionan ou desenvolven conceptos, teorías e métodos operativos ou aplican os coñecementos científicos da química para idear novos coñecementos ou produtos e para o control da calidade e dos procesos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións e perfeccionar ou desenvolver conceptos, instrumentos, teorías e métodos operativos da química;
- efectuar experimentos, ensaios e análises para investigar a composición química, a enerxía e as transformacións químicas de diversas substancias, materiais e produtos naturais, artificiais ou sintéticos;
- elaborar procedementos de control ambiental, de control de calidade e de varios outros tipos para fabricantes ou usuarios;
- realizar programas de recompilación e análise de mostras e de datos para identificar e cuantificar substancias ambientais tóxicas;
- participar en proxectos de investigación e desenvolvemento multidisciplinares con enxeñeiros químicos, biólogos, microbiólogos, agrónomos, xeólogos e outros profesionais;
- usar microorganismos para converter substancias en novos compostos;
- determinar o modo de reforzar ou combinar os materiais existentes ou desenvolver outros novos;
- reproducir e sintetizar substancias existentes na natureza e crear outras novas artificiais;
- preparar relatorios e informes de carácter científico.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Químicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Farmacéuticos, 2140
- Bioquímicos, 2421
- Farmacólogos, 2421

2414 Xeólogos e xeofísicos

Os xeólogos e xeofísicos investigan, perfeccionan ou desenvolven conceptos, teorías e métodos operativos ou aplican os coñecementos científicos da xeoloxía e a xeofísica en campos como a exploración e extracción de petróleo, gas e outros minerais, a conservación de recursos hídricos, a enxeñaría civil, as telecomunicacións e a navegación, e a avaliación e mitigación dos efectos dos proxectos de desenvolvemento e de eliminación de residuos sobre o medio.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións e perfeccionar os conceptos, teorías e métodos operativos da xeoloxía e a xeofísica;
- estudar a composición e estrutura da codia terrestre e analizar rochas, minerais, restos fósiles e outros elementos para descubrir os procesos que determinaron a evolución da Terra e a vida terrestre, establecer a natureza e cronoloxía das formacións xeolóxicas e avaliar as súas aplicacións comerciais;
- interpretar os resultados das investigacións e preparar informes, mapas, cartas e diagramas xeolóxicos;
- aplicar coñecementos xeolóxicos na solución de problemas formulados en obras de enxeñaría civil como a construción de encoros, pontes, túneles e grandes edificios ou a posta en cultivo de terras;
- usar distintos programas de teledetección para estudar e medir as forzas sísmicas, gravitatorias, eléctricas, térmicas e magnéticas que afectan a Terra;
- estimar o peso, tamaño e volume da Terra e a súa composición e estrutura internas e estudar a natureza, actividade e predictibilidade dos volcáns, glaciares e terremotos;
- trazar cartas do campo magnético terrestre e aplicalas, xunto con outros datos recompilados, a fins de radiodifusión, navegación e outros;
- estudar e medir as propiedades físicas dos mares e da atmosfera e as súas interrelacións, como no caso do intercambio de enerxía térmica;
- localizar e determinar a natureza e extensión de depósitos de petróleo, de gas e doutros minerais utilizando métodos sismolóxicos, gravimétricos, magnéticos, eléctricos ou radiométricos;
- localizar depósitos de materiais de construción e determinar as súas características e a idoneidade do seu uso como granulados para formigón, recheo de estradas e outras aplicacións;
- investigar o movemento, distribución e propiedades físicas das augas subterráneas e de superficie;
- asesorar en campos como a xestión de residuos, a selección de rutas e espazos de almacenamento e a restauración dos espazos contaminados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xeólogos
- Oceanógrafos xeolóxicos
- Oceanógrafos xeofísicos

- Xeofísicos

2415 Matemáticos e actuarios

Os matemáticos e actuarios investigan, perfeccionan ou desenvolven conceptos, teorías, métodos operativos e técnicas matemáticos e actuariais e aplícanos a unha ampla gama de tarefas, ou prestan asesoramento sobre elas, en ámbitos como a enxeñaría, a xestión e as ciencias sociais e doutra índole.

Entre as súas tarefas inclúense:

- estudar, perfeccionar e desenvolver teorías e técnicas matemáticas e actuariais;
- asesorar sobre fundamentos, modelos e técnicas matemáticas, e aplicarlos a unha ampla gama de tarefas nos ámbitos da enxeñaría e as ciencias naturais, sociais e da vida;
- analizar lóxicamente diversos problemas de xestión e formular modelos matemáticos para a súa programación e solución mediante ordenador;
- deseñar e poñer en funcionamento réximes de pensións e sistemas de seguros de vida, de saúde, sociais e doutra índole;
- aplicar as matemáticas, a estatística, a teoría da probabilidade e a teoría de riscos para avaliar os posibles efectos financeiros de eventos futuros;
- preparar relatorios e informes científicos;
- supervisar o labor de axudantes matemáticos e actuariais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Actuarios
- Matemáticos
- Matemáticos, matemáticas aplicadas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Auxiliares actuariais, 3404

2416 Estatísticos

Os estatísticos investigan, perfeccionan ou desenvolven conceptos, teorías, métodos operativos e técnicas estatísticas e aplícanos a unha ampla gama de tarefas, ou prestan asesoramento sobre elas, en ámbitos como a economía, as ciencias sociais, a medicina e outras esferas científicas e técnicas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- estudar, perfeccionar e desenvolver teorías e técnicas estatísticas;
- aplicar as matemáticas, a estatística, a teoría da probabilidade e a teoría de riscos para avaliar os posibles efectos financeiros de eventos futuros;
- planificar e organizar enquisas e outras actividades de obtención de datos estatísticos, e deseñar cuestionarios;
- avaliar, tratar, analizar e interpretar datos estatísticos e preparalos para a súa publicación;
- asesorar sobre os diversos métodos de recolla de datos e os métodos e técnicas estatísticos, aplicarlos e determinar a fiabilidade dos resultados, sobre todo en campos como a empresa ou a medicina, así como noutras áreas das ciencias naturais, sociais e da vida;

- preparar relatorios e informes científicos;
- supervisar o labor de axudantes e administrativos estatísticos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Estatísticos
- Estatísticos, demografía
- Estatísticos, economía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Inspectores de entrevistadores e enquisas, 3404

242 Profesionais en ciencias naturais

2421 Biólogos, botánicos, zoólogos e afíns

Os biólogos, botánicos, zoólogos e afíns estudan os organismos vivos e as súas interaccións entre si e co ambiente, e aplican os seus coñecementos para resolver problemas relacionados coa saúde humana e o medio. Traballan en campos diversos, como a botánica, zooloxía, ecoloxía, bioloxía mariña, xenética, inmunoloxía, farmacoloxía, toxicoloxía, fisioloxía, bacterioloxía e viroloxía.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións en laboratorio e sobre o terreo para ampliar os coñecementos científicos sobre os seres vivos; obter información nova; probar hipótese; resolver problemas en campos como o medio, a agricultura e a saúde; e desenvolver novos produtos, procesos e técnicas para uso farmacéutico, agrario e ambiental;
- deseñar e realizar experimentos e probas;
- recoller espécimes e datos de seres humanos, animais, insectos e plantas, e estudar a súa orixe, desenvolvemento, constitución química e física, estrutura, composición e procesos vitais e reprodutivos;
- examinar organismos vivos utilizando distintos aparellos, instrumentos, tecnoloxías e técnicas especializados, como microscopios electrónicos, sistemas de telemetría, sistemas de posicionamento global, biotecnoloxía, imaxes por satélite, enxeñaría xenética, análise dixital de imaxes, reacción en cadea da polimerasa e modelización por ordenador;
- identificar, clasificar, rexistrar e controlar organismos vivos, e manter bases de datos;
- escribir artigos e informes científicos nos que se describan investigacións e novos achados que deban poñerse a disposición da comunidade científica a través de publicacións científicas ou congresos para o seu exame detallado e posterior debate;
- deseñar e realizar avaliacións de impacto ambiental para identificar cambios causados por factores naturais ou humanos;
- asesorar a Administración pública, organizacións e empresas en campos como a conservación, a xestión de recursos naturais, os efectos do cambio climático e a contaminación.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Bacteriólogos

- Biotecnólogos
- Botánicos
- Xenetistas celulares
- Biólogos mariños
- Microbiólogos
- Biólogos moleculares
- Xenetistas moleculares
- Farmacólogos
- Zoólogos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesionais da protección ambiental, 2426

2422 Enxeñeiros agrónomos

Os enxeñeiros agrónomos investigan, perfeccionan ou desenvolven conceptos, teorías e métodos e aplican os seus coñecementos científicos en campos como a agricultura e a cría de animais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar sobre cultivos agrícolas e pastos e idear novos métodos;
- investigar sobre técnicas de gandaría, reprodución e cría de animais;
- investigar sobre as características, posibilidades de utilización e produtividade dos solos e aplicar os resultados ao perfeccionamento das prácticas e traballos agrícolas e hortícolas;
- preparar relatorios e informes de carácter académico ou científico;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Agrónomos, horticultura
- Edafólogos
- Enxeñeiros en agronomía, zootecnia
- Enxeñeiros en agronomía, fitotecnia

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros agrónomos, construcións rurais, 2432
- Enxeñeiros agrónomos, especialista en economía, 2810
- Enxeñeiros técnicos en agronomía, 2424
- Enxeñeiros de montes, 2423
- Técnicos agropecuarios, 3142
- Técnicos forestais e do medio natural, 3143

2423 Enxeñeiros de montes

Os enxeñeiros de montes estudan, proxectan e prestan asistencia e asesoramento na xestión de explotacións forestais, do medio natural, de caza e pesca fluvial.

Entre as súas tarefas inclúense:

- estudan a produción e protección de espazos naturais, e dirixen a súa explotación, mellora e aproveitamento;
- elaboran técnicas para a medición de producións forestais e para a organización dos montes,
- estudan e organizan a repoboación e conservación das áreas forestais, a loita contra as pestes e enfermidades das plantas, a prevención e extinción técnica de incendios,
- estudan a mellora xenética, os métodos para mellorar as técnicas de reprodución e a mellora tecnolóxica dos produtos forestais,
- aplican as técnicas de ordenación forestal e planificación do territorio, con criterios de sustentabilidade;
- estudan a protección, fomento e adecuado aproveitamento da fauna silvestre terrestre e acuícola;
- proxectan e dirixen a potenciación e utilización dos espazos naturais así como dos bens e servizos que o ámbito forestal pode proporcionar
- realizan investigacións, estudos e inventarios;
- realizan e dirixen proxectos, e fan valoracións e informes sobre ambiente, hidroloxía, ecoloxía, conservación da natureza e recursos naturais continentais (vexetación e fauna), e ordenación territorial.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros de montes, explotacións forestais
- Enxeñeiros de montes, silvipascicultura

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de parques natural, 1329
- Directores de producións forestais, 1311
- Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, 2425
- Enxeñeiros agrónomos, 2422
- Ambientólogos, 2426
- Enxeñeiros ambientais, 2437
- Técnicos forestais, 3143

2424 Enxeñeiros técnicos agrícolas

Os enxeñeiros técnicos agrícolas efectúan, dentro das funcións das súas competencias, a programación, organización e execución dos traballos nas explotacións agrícolas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- exercer as funcións propias da súa competencia na organización dos traballos das explotacións agrícolas e gandeiras;
- planificar a mecanización da explotación agrícola así como a execución de obras de rega;
- programar e organizar os traballos da súa competencia nas industrias agrarias cuxas materias primas son produtos obtidos a partir da agricultura e gandería;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en agronomía, hortofruticultura

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros agrónomos, 2422
- Enxeñeiros técnicos forestais, explotacións forestais, 2425
- Técnicos agropecuarios, 3142
- Técnicos forestais e do medio natural, 3143

2425 Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural

Os Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, no exercicio das súas competencias, redactan proxectos e estudos; dirixen tecnicamente as obras e traballos en xeral, dentro do ámbito forestal e ambiental. Estes profesionais planifican, xestionan e dirixen actividades para a protección, conservación e rexeneración de vida no mundo natural.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizan e dirixen proxectos de produción de plantas forestais;
- planifican, ordenan e xestionan de xeito sustentable bosques, monte, vexetación herbácea e sistemas silvopastorís;
- xestionan a conservación de fauna silvestre, caza, pesca e acuicultura;
- realizan e dirixen proxectos de restauración de sistemas naturais degradados e proxectos contra a desertización;
- dirixen a protección e conservación en materia de sanidade e incendios forestais;
- dirixen estudos e proxectos de xestión ambiental (estudos de impacto ambiental, contaminación atmosférica, da auga e o solo, etc.);
- asesoran en materia forestal e de medio natural.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos forestais
- Enxeñeiros forestais e do medio natural
- Enxeñeiros forestais
- Enxeñeiros do medio natural

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros de montes, 2423
- Enxeñeiros técnicos agrícolas, 2424
- Enxeñeiros ambientais, 2437
- Técnicos forestais e do medio natural, 3143

2426 Profesionais da protección ambiental

Os profesionais da protección ambiental estudan e avalían os efectos da actividade humana sobre o ambiente, como a contaminación atmosférica, acuática e acústica, a contaminación do solo, o cambio climático, os residuos tóxicos e o esgotamento e degradación dos recursos naturais. Elaboran plans e buscan solucións para a protección, conservación, recuperación, minimización e prevención de danos no ambiente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- levar a cabo investigacións, realizar probas, recoller mostras, realizar análises sobre o terreo e en laboratorio para identificar fontes de problemas ambientais e recomendar formas de previr, controlar e remediar o impacto destes problemas;
- avaliar o probable impacto ambiental de actividades, proxectos e iniciativas potenciais ou propostos e recomendar se debe seguirse adiante con eles;
- desenvolver e coordinar a implantación de sistemas de xestión ambiental que permitan ás organizacións identificar, vixiar e controlar o impacto ambiental das súas actividades, produtos e servizos;
- realizar auditorías para avaliar o impacto ambiental de actividades, procesos, residuos, ruídos e substancias;
- avaliar o cumprimento por parte das organizacións das disposicións e directrices públicas e internas en materia de ambiente, identificando infraccións e determinando a acción correctora requirida;
- prestar asesoramento técnico e servizos de apoio ás organizacións sobre a mellor forma de abordar os problemas ambientais para reducir o dano ambiental e minimizar as perdas económicas;
- elaborar plans de conservación.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Analistas da contaminación atmosférica
- Ambientólogos
- Funcionarios de servizo de conservación
- Científicos de conservación
- Ecoloxistas
- Conselleiros ambientais
- Auditores ambientais
- Consultores ambientais
- Investigadores ambientais
- Científicos ambientais
- Analistas da calidade da auga

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros ambientais, 2437
- Técnicos en saúde ambiental, 3326

2427 Enólogos

Os enólogos son técnicos responsables da elaboración e produción de distintos tipos de viños e produtos derivados ou afíns. O seu ámbito de actuación abrangue todas as fases do proceso: a selección das variedades de vide na plantación, as técnicas de cultivo relacionadas coa calidade, a elaboración do produto nas instalacións e a súa comercialización.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar a produción de acordo coas condicións do mercado;
- seleccionar as variedades vexetais que deben plantarse e controlar as técnicas de cultivo e recolección que inciden na calidade da uva;
- controlar a calidade das materias primas e produtos enolóxicos, mediante as análises físicas, químicas, microbiolóxicas e organolépticas realizadas no laboratorio;
- controlar a crianza, envellecemento, estabilización e envase dos produtos obtidos;

- controlar a calidade do viño e produtos derivados e afíns en toda a cadea de produción;
- supervisar o cumprimento da normativa legal relativa ao sector de produción do viño, produtos derivados e afíns;
- asesorar no deseño de instalacións industriais do sector vitivinícola, na prestación de servizos e na comercialización de maquinaria e materias de uso enolóxico;
- formar traballadores en técnicas e operacións enolóxicas
- dirixir e realizar investigacións e ensaios relativos á produción vitivinícola.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enólogos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Sumilleres, 5120
- Catadores de viño, 7709

243 Enxeñeiros (salvo enxeñeiros agrónomos, de montes, eléctricos, electrónicos e TIC)

2431 Enxeñeiros industriais e de produción

Os enxeñeiros industriais e de produción realizan investigacións e proxectan, organizan e supervisan a construción, funcionamento e mantemento de instalacións e procesos de produción industrial. Establecen programas para a coordinación das actividades de fabricación, e avalían a eficacia desde o punto de vista do custo e a seguranza.

Entre as súas tarefas inclúense:

- examinar declaracións de funcións, organigramas e información sobre proxectos para determinar as funcións e tarefas dos traballadores e unidades de traballo e identificar áreas de duplicación;
- establecer programas de medida do traballo e analizar mostras de traballo co fin de elaborar normas para o seu uso pola man de obra;
- analizar a utilización de man de obra, o deseño das instalacións, os datos operativos e os calendarios de produción para determinar a eficiencia óptima dos traballadores e os equipamentos;
- elaborar especificacións de fabricación e determinar os materiais, equipamentos, fluxos de materiais, capacidades e deseño das instalacións e sistemas;
- organizar e xestionar a man de obra dos proxectos e a entrega dos materiais, instalacións e equipamentos;
- establecer normas e políticas en materia de instalación, modificación, control de calidade, ensaio, inspección e mantemento de acordo cos principios de enxeñaría e a normativa de seguranza;
- inspeccionar as instalacións para manter e mellorar o rendemento;
- dirixir o mantemento dos edificios e equipamentos produtivos e coordinar as necesidades de novos proxectos, estudos e programas de mantemento;
- asesorar a dirección sobre novos métodos, técnicas e equipamentos de produción;
- manter contactos cos departamentos responsables da compra, almacenamento e

control de materiais para garantir un fluxo sen problemas dos fornecementos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros de organización industrial
- Enxeñeiros industriais
- Enxeñeiros de instalacións industriais
- Enxeñeiros de planificación e produción

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de industrias manufactureiras, 1313
- Enxeñeiros técnicos industriais e de produción, 2461

2432 Enxeñeiros en construción e obra civil

Os enxeñeiros en construción e obra civil proxectan e dirixen a construción, o funcionamento e o mantemento de estruturas de enxeñaría civil (pontes, estradas, etc.) e investigan e asesoran sobre a materia.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións e desenvolver ou perfeccionar teorías e métodos relativos á enxeñaría civil e ás obras públicas;
- proxectar estruturas-pontes, encoros, peiraos, estradas, aeroportos, vías férreas, canles, gasodutos, oleodutos, sistemas de evacuación de refugallo e de defensa contra inundacións, edificios industriais e outras grandes edificacións;
- determinar e especificar métodos e materiais de construción e normas de calidade, e dirixir obras de construción;
- establecer sistemas de control para garantir o funcionamento eficaz das construcións, a súa seguranza e a protección do ambiente;
- organizar e dirixir a conservación e reparación das estruturas existentes;
- analizar o comportamento dos solos e rochas cando reciben a presión das estruturas propostas e proxectar os alicerces;
- analizar a estabilidade das estruturas e ensaiar o comportamento e duración dos materiais usados na súa construción;
- preparar relatorios e informes de carácter académico ou científico;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en construción e obra civil
- Enxeñeiros, construción/aeroportos
- Enxeñeiros, construción/estradas e autoestradas
- Enxeñeiros, construción/edificios
- Enxeñeiros, construción/pontes
- Enxeñeiros agrónomos, construcións rurais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de empresas de construción, 1316
- Xeofísicos, 2414
- Enxeñeiros de minas ou metalúrxicos, 2436
- Urbanistas e enxeñeiro de tránsito, 2453
- Enxeñeiros técnicos de obras públicas, 2462

2433 Enxeñeiros mecánicos

Os enxeñeiros mecánicos proxectan e dirixen a produción, o funcionamento, a conservación e a reparación de máquinas e maquinaria e instalacións, equipamentos e sistemas de produción industrial e investigan e asesoran ao respecto. Estes profesionais estudan aspectos tecnolóxicos de determinados materiais, produtos ou procesos e dan asesoramento pertinente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- proxectar máquinas e máquinas ferramentas para as industrias manufactureira, mineira e da construción e outros fins industriais, así como para a agricultura, e asesorar ao respecto;
- proxectar máquinas de vapor, motores de combustión interna e outras máquinas e motores non eléctricos, utilizados para propulsar locomotoras de ferrocarrís, vehículos de transporte por estrada e naves ou para facer funcionar instalacións industriais, ou doutro xénero, e dar asesoramento pertinente;
- proxectar os elementos seguintes e dar asesoramento sobre eles: cascos, superestruturas e sistemas de propulsión de embarcacións
- proxectar os elementos seguintes e dar asesoramento sobre eles: instalacións mecánicas e equipamentos para a liberación, control e utilización de enerxía; sistemas de calefacción, ventilación e refrixeración; transmisións, bombas e outros equipamentos mecánicos;
- proxectar sistemas de suspensión, freos, carrozarías e outros compoñentes de vehículos de transporte por estrada, e dar asesoramento pertinente;
- proxectar partes ou elementos non eléctricos de aparellos ou produtos ordenadores, instrumentos de precisión, cámaras e proxectores, entre outros, e dar asesoramento pertinente;
- establecer normas e procedementos de control para garantir o eficaz funcionamento e a seguranza de máquinas, mecanismos, ferramentas, motores, dispositivos, instalacións, equipamentos e sistemas industriais;
- garantir que os equipamentos e o seu funcionamento e mantemento cumpren as especificacións de deseño e das normas de seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros mecánicos
- Enxeñeiros en mecánica industrial
- Enxeñeiros agrónomos, maquinaria agrícola
- Enxeñeiros navais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos mecánicos, 2463
- Enxeñeiros aeronáuticos, 2434

2434 Enxeñeiros aeronáuticos

Os enxeñeiros aeronáuticos proxectan e dirixen a produción, o funcionamento, a conservación e a reparación de equipamentos e maquinaria de aeronaves e as investiga-

cións relacionadas con eles. Estes profesionais estudan aspectos tecnolóxicos de determinados materiais, produtos ou procesos e dan asesoramento pertinente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- proxectar motores de combustión interna e outras máquinas e motores non eléctricos, utilizados para propulsar aeronaves e dar asesoramento pertinente;
- proxectar fuselaxes, trens de aterraxe e outros equipamentos de aeronaves e dar asesoramento pertinente;
- proxectar partes ou elementos non eléctricos de aparellos ou produtos como computadores, instrumentos de precisión, cámaras e proxectores, entre outros, e dar asesoramento pertinente;
- establecer normas e procedementos de control para garantir o eficaz funcionamento e a seguranza de máquinas, mecanismos, ferramentas, motores, dispositivos, instalacións, equipamentos e sistemas aeronáuticos
- garantir que os equipamentos e o seu funcionamento e mantemento cumpren as especificacións de deseño e das normas de seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros aeronáuticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos aeronáuticos, 2464
- Enxeñeiros mecánicos, 2433
- Enxeñeiros navais, 2433
- Oficiais maquinistas, 3151

2435 Enxeñeiros químicos

Os enxeñeiros químicos proxectan e dirixen procesos químicos e técnicos aplicables á produción de diversas substancias e produtos, petróleo cru, hidrocarburos, alimentos e bebidas, medicamentos, materiais sintéticos, e as investigacións relacionadas con eles.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións, proxectar e desenvolver procedementos químicos a escala comercial para refinar petróleo bruto e outros líquidos ou gases e fabricar substancias e produtos, como derivados do petróleo, explosivos, produtos alimentarios, bebidas, medicamentos ou materiais sintéticos;
- determinar os requisitos que deben reunir as fábricas de produtos químicos e elaborar as especificacións pertinentes;
- especificar métodos de produción, materiais e normas de calidade, e garantir que estean conformes coas regras establecidas;
- localizar e corrixir deficiencias;
- organizar e dirixir o mantemento e reparación de equipamentos;
- estudar aspectos tecnolóxicos de determinados materiais, produtos ou procesos;
- preparar relatorios e informes de carácter académico ou científico;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros químicos
- Enxeñeiros químicos, petróleo e gas natural
- Enxeñeiros químicos, caucho e plástico

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos químicos, 2465
- Técnicos e analistas de laboratorio en química industrial, 3127

2436 Enxeñeiros de minas, metalúrxicos e afíns

Os enxeñeiros de minas, metalúrxicos e afíns proxectan e dirixen os traballos de prospeccións mineiras e planean, organizan e dirixen a explotación mineira e a preparación de minerais para a súa distribución e tratamento, e investigan ao respecto.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións e proxectar, desenvolver ou perfeccionar métodos para resolver problemas técnicos da enxeñaría de minas ou da extracción de petróleo, gas ou auga;
- determinar os métodos máis eficaces de minaría e extracción e o tipo de maquinaria que se debe utilizar, e planificar a disposición e dirixir a construción de galerías e pozos;
- determinar os lugares de perforación e idear métodos para controlar o fluxo de auga, petróleo ou gas dos pozos;
- planificar e dirixir o almacenamento, tratamento inicial e transporte de auga, petróleo ou gas;
- establecer procedementos de seguranza e servizos de primeiros auxilios, sobre todo baixo terra;
- realizar investigacións, desenvolver métodos para a extracción de metais dos seus minerais e asesorar sobre a súa aplicación;
- estudar as propiedades de metais e aliaxes, crear novas aliaxes, supervisar aspectos técnicos da fabricación e tratamento de metais e aliaxes, e asesorar ao respecto;
- examinar xacigos ou minas para avaliar a súa rendibilidade;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiro en metalurxia
- Enxeñeiros en minas
- Enxeñeiros, extracción de petróleo e gas natural

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xeólogos, 2414
- Xeofísicos, 2414
- Enxeñeiros técnicos de minas e metalúrxicos, 2466
- Técnicos en metalurxia e minas, 3128

2437 Enxeñeiros ambientais

Os enxeñeiros ambientais realizan investigacións, asesoran, proxectan e dirixen a aplicación de solucións para previr, controlar ou remediar os impactos negativos da actividade humana sobre o ambiente utilizando diversas técnicas de enxeñaría. Realizan avaliacións ambientais dos proxectos de construción e enxeñaría civil e aplican principios de enxeñaría ao control da contaminación, a reciclaxe e a eliminación de residuos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións e avaliacións e emitir informes sobre o impacto ambiental das actividades de construción, de enxeñaría civil e outras, existentes ou propostas;
- inspeccionar as instalacións e programas industriais e municipais para avaliar a eficacia do seu funcionamento e garantir o cumprimento da normativa ambiental;
- proxectar e supervisar o desenvolvemento dos sistemas, procesos e equipamentos de control, xestión ou recuperación da calidade da auga, o aire ou o solo;
- prestar asistencia en materia de enxeñaría ambiental en relación con tarefas de análise de redes, análise do cumprimento da normativa e revisión da elaboración de bases de datos;
- obter, actualizar e manter os plans, autorizacións e procedementos normalizados de traballo;
- prestar asistencia técnica e de enxeñaría nos proxectos de recuperación ambiental e nos litixios sobre ambiente, incluídos o proxecto de sistemas de recuperación e a especificación da aplicabilidade da normativa;
- supervisar a marcha dos programas de mellora ambiental;
- asesorar o sector privado e a Administración pública sobre os procedementos que han de seguirse na limpeza dos lugares contaminados para protexer as persoas e o ambiente;
- colaborar cos científicos ambientais, urbanistas, expertos en residuos perigosos, enxeñeiros doutras disciplinas e expertos xurídicos e empresariais no exame dos problemas ambientais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros ambientais
- Analistas ambientais
- Técnicos especialistas en recuperación ambiental
- Enxeñeiros, control da contaminación atmosférica
- Enxeñeiros, procesamento de augas residuais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Ambientólogos, 2426
- Profesionais da protección ambiental, 2426
- Profesionais da saúde e a hixiene laboral e ambiental, 2158

2439 Enxeñeiros non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os enxeñeiros superiores e asimilados non clasificados separadamente no subgrupo 243, Enxeñeiros superiores (salvo enxeñeiros agrónomos, de montes, eléctricos, electrónicos, informáticos e de telecomunicacións).

Nota: As persoas que posúan a titulación de enxeñeiro agrónomo clasifícanse de acordo coas tarefas que realizan. Dada a súa ampla formación académica, están habilitados para realizar tarefas en diferentes campos, así, se traballan como especialistas en agronomía e zootecnia clasifícanse no grupo primario 2422, e se realizan proxectos de enxeñaría propiamente ditos (construcións rurais, de maquinaria agrícola) clasifícanse nos grupos primarios 2432 e 2433 respectivamente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- consultar coa dirección e asesorar sobre métodos e técnicas de planificación e produción;
- formular recomendacións sobre aspectos da organización do traballo, relativos a tempos, movementos, secuencia de operacións;
- asesorar sobre a disposición máis eficiente das instalacións;
- identificar riscos e implantar procedementos e dispositivos de seguranza;
- estudar a tecnoloxía de procesos de fabricación especiais, como os relativos ao vidro, materias téxtiles, produtos de coiro e madeira;
- preparar relatorios e informes de carácter académico ou científico;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros biomédicos
- Enxeñeiros de explosivos
- Enxeñeiros de materiais
- Enxeñeiros ópticos
- Enxeñeiros de seguranza

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros industriais e de produción, 2431
- Enxeñeiros agrónomos, 2422
- Enxeñeiros técnicos industriais, eficiencia, 2469
- Enxeñeiro informático (bases de datos), 2721
- Enxeñeiro informático (web multimedia), 2713

244 Enxeñeiros eléctricos, electrónicos e de telecomunicacións

2441 Enxeñeiros en electricidade

Os enxeñeiros en electricidade proxectan e dirixen a construción, o funcionamento, o mantemento e a reparación de sistemas, motores e equipamentos eléctricos e investigan e asesoran ao respecto.

Entre as súas tarefas inclúense:

- proxectar sistemas de produción, transmisión e distribución de enerxía eléctrica;
- proxectar sistemas eléctricos para motores, tracción eléctrica e outros equipamentos eléctricos ou aparellos electrodomésticos;
- establecer normas e procedementos de control para garantir o eficaz funcionamento e a seguranza de sistemas de produción e distribución, motores e equipamentos eléctricos;
- localizar e corrixir deficiencias;

- organizar e dirixir o mantemento e reparación de sistemas, motores e equipamentos eléctricos;
- estudar aspectos tecnolóxicos de determinados materiais, produtos ou procesos e asesorar ao respecto;
- preparar relatorios e informes de carácter académico ou científico;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en electricidade, iluminación
- Enxeñeiros en electricidade, equipo electromecánico
- Enxeñeiros en electricidade, produción de enerxía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en electricidade, 2471
- Técnicos en electricidade, 3123

2442 Enxeñeiros electrónicos

Os enxeñeiros electrónicos proxectan e dirixen a construción, funcionamento, mantemento e reparación de sistemas electrónicos e investigan ao respecto, ou estudan aspectos tecnolóxicos de determinados materiais, produtos ou procesos electrónicos e dan asesoramento pertinente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- proxectar dispositivos ou compoñentes, circuítos, semicondutores e sistemas electrónicos e asesorar ao respecto;
- especificar métodos de produción ou de instalación, materiais e normas de calidade, e dirixir os traballos de produción ou instalación de produtos e sistemas electrónicos;
- establecer normas e procedementos de control para garantir o eficaz funcionamento e a seguranza de sistemas, motores e equipamentos electrónicos;
- organizar e dirixir o mantemento e reparación de sistemas, motores e equipamentos electrónicos;
- proxectar circuítos e compoñentes electrónicos para o seu uso en campos como a orientación e o control da propulsión aeroespacial, a acústica ou a instrumentación e control;
- realizar investigacións sobre os sistemas de radar, telemetría e control remoto, sobre microondas e sobre outros equipamentos electrónicos;
- deseñar e desenvolver algoritmos de proceso de sinais e aplicalos mediante a escolla adecuada do software e do hardware;
- desenvolver aparellos e procedementos para ensaiar compoñentes, circuítos e sistemas electrónicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros electrónicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en telecomunicacións, 2443
- Enxeñeiros técnicos en electrónica, 2472
- Técnicos en electrónica, 3124

- Técnicos en electromedicina, 3125

2443 Enxeñeiros en telecomunicacións

Os enxeñeiros en telecomunicacións proxectan e dirixen a construción, o funcionamento, a conservación e a reparación de sistemas e equipamentos de telecomunicacións. Estudan aspectos tecnolóxicos de determinados materiais, produtos ou procesos específicos e dan asesoramento pertinente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- proxectar dispositivos ou compoñentes, sistemas, equipamentos e centros de distribución de telecomunicacións e asesorar ao respecto;
- especificar métodos de produción ou de instalación, materiais e normas de calidade e seguranza, e dirixir os traballos de produción ou instalación de produtos e sistemas de telecomunicacións;
- organizar e dirixir o mantemento e reparación de sistemas, motores e equipamentos de telecomunicacións;
- realizar investigacións sobre equipamentos de telecomunicacións e asesorar ao respecto;
- planificar e deseñar redes de comunicacións con cable, de fibra óptica ou sen cable;
- deseñar e desenvolver algoritmos de proceso de sinais e aplicalos mediante a escolla adecuada do hardware e o software;
- deseñar redes de telecomunicacións e sistemas de distribución de radio e televisión, tanto por cable como aéreos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros de radiodifusión
- Enxeñeiros en telecomunicacións

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiro electrónico, 2442
- Enxeñeiro informático (redes), 2723
- Enxeñeiro técnico en telecomunicacións, 2473

245 Arquitectos, urbanistas e enxeñeiros xeógrafos

2451 Arquitectos (salvo arquitectos paisaxistas e urbanistas)

Os arquitectos (salvo arquitectos paisaxistas e urbanistas) proxectan edificios comerciais, industriais, institucionais, residenciais e recreativos e planifican e supervisan a súa construción, mantemento e rehabilitación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- desenvolver novas teorías e métodos arquitectónicos ou mellorar os existentes;
- inspeccionar as obras e consultar os clientes, a dirección e outros interesados para determinar o tipo, estilo e dimensións dos edificios propostos e das modificacións dos existentes;
- facilitar información sobre os proxectos, materiais e prazos de construción estimados;

- preparar a documentación de proxecto, incluídos os bosquejos e planos a escala, e integrar os elementos estruturais, mecánicos e estéticos nos proxectos definitivos;
- redactar especificacións e documentos contractuais para o seu uso polos responsables da construción e publicar licitacións en nome dos seus clientes;
- manter os contactos necesarios para garantir a viabilidade dos proxectos no que respecta ao estilo, o custo, os prazos e o cumprimento da normativa;
- identificar os problemas que formulan as funcións asignadas e a calidade exixida dos interiores de edificios, encontrar as mellores solucións e facer os proxectos, debuxos e planos pertinentes;
- supervisar os traballos de construción ou rehabilitación para garantir o cumprimento das normas de calidade;
- manter contactos técnicos e consultar con outros especialistas pertinentes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Arquitectos
- Arquitectos de interior

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Arquitectos paisaxistas, 2452
- Decoradores e deseñadores de interior, 3732

2452 Arquitectos paisaxistas

Os arquitectos paisaxistas planifican e proxectan paisaxes e espazos abertos para proxectos tales como parques, centros de ensino, institucións, vías de circulación e zonas externas de áreas comerciais, industriais e residenciais, e planifican e supervisan a súa construción, mantemento e rehabilitación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- desenvolver novas teorías e métodos de arquitectura paisaxista e mellorar os existentes;
- inspeccionar as obras e consultar os clientes, a dirección e outros interesados para determinar o tipo, estilo e dimensións dos edificios, parques, vías de circulación e outros espazos abertos;
- recopilar e analizar datos do terreo e da comunidade sobre as características xeográficas e ecolóxicas, formas do solo, solos, vexetación, hidroloxía, características visuais e estruturas artificiais para formular recomendacións sobre uso e urbanización do solo, e preparar declaracións de impacto ambiental;
- preparar informes, planos de obra, planos de traballo, especificacións e estimativas de custo das obras de urbanización, e mostrar a localización e os detalles das propostas, incluídos a modelaxe do solo, as estruturas, a vexetación e o acceso;
- redactar especificacións e documentos contractuais para o seu uso polos responsables da construción e os contratistas de enxeñaría civil e publicar licitacións en nome dos seus clientes;
- manter os contactos necesarios para garantir a viabilidade dos proxectos no que respecta ao estilo, o custo, os prazos e o cumprimento da normativa;
- identificar os problemas que formulan as funcións asignadas e a calidade exixida dos interiores de edificios, encontrar as mellores solucións e facer os proxectos, planos e plans pertinentes;

- supervisar os traballos de construción ou rehabilitación para garantir o cumprimento das especificacións e das normas de calidade;
- manter contactos técnicos e realizar consultas con outros especialistas pertinentes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Arquitectos paisaxistas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Arquitectos, 2451
- Urbanistas, 2453
- Arquitectos técnicos, 2481
- Técnicos urbanistas, 2481

2453 Urbanistas e enxeñeiros de tránsito

Os urbanistas e enxeñeiros de tránsito elaboran e aplican plans e políticas para o uso controlado do solo urbano e rústico e para a ordenación de sistemas de tránsito. Realizan investigacións sobre os factores económicos, ambientais e sociais que afectan o uso do solo e os fluxos de tránsito, e prestan o asesoramento pertinente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar a disposición e coordinar a ordenación das zonas urbanas;
- reunir e analizar datos sobre os factores económicos, xurídicos, políticos, culturais, demográficos, sociolóxicos, físicos e ambientais que afectan o uso do solo;
- manter contactos cos órganos da Administración pública, as comunidades e os especialistas en campos como a arquitectura, a planificación, as ciencias sociais, o ambiente e o dereito;
- trazar e recomendar o uso e ordenación do solo e conservar plans, programas e proxectos textuais e gráficos para grupos e individuos;
- asesorar os órganos da Administración pública, empresas e comunidades sobre cuestións e propostas de plan urbano e ordenación territorial;
- examinar e avaliar informes de impacto ambiental;
- planificar a disposición e coordinar a ordenación das zonas urbanas;
- planificar e proxectar a ordenación de terreos destinados a parques, centros de ensino institucións, aeroportos, estradas e proxectos afíns, así como a zonas comerciais, industriais e residenciais;
- planificar as rutas e o control da circulación en estrada e dos sistemas de transporte público co fin de mellorar a súa eficacia e seguranza, e asesorar ao respecto.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros de tránsito
- Urbanistas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Arquitectos, 2451
- Arquitectos paisaxistas, 2452
- Arquitectos técnicos e técnicos urbanistas, 2481

2454 Enxeñeiros xeógrafos e cartógrafos

Os enxeñeiros xeógrafos e cartógrafos realizan técnicas e aplican métodos sobre problemas da enxeñaría xeográfica e xeodésica para determinar os contornos e límites naturais de terras, mares e subsolos ou de obras construídas polo home, e preparan ou revisan representacións gráficas, dixitais e pictóricas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar levantamentos topográficos de superficies de terra e medilas e describilas con fins diversos, como o trazado de mapas, ou a fixación de límites de propiedades;
- efectuar levantamentos topográficos de minas e delinear os contornos do subsolo, marcando a localización exacta de diversos puntos característicos e debuxando planos e mapas;
- efectuar levantamentos topográficos do fondo do mar e de lagos e do leito de ríos, e delinear contornos submariños;
- planificar e efectuar recoñecementos topográficos mediante fotografías aéreas;
- estudar os aspectos técnicos, estéticos e económicos da produción de mapas, e asesorar ao respecto;
- preparar relatorios e informes de carácter académico ou científico;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros xeógrafos
- Cartógrafos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xeólogos, 2414
- Xeofísicos, 2414
- Enxeñeiros técnicos en topografía, 2483
- Delineantes e debuxantes técnicos, 3110

246 Enxeñeiros técnicos (salvo agrícolas, forestais, eléctricos, electrónicos e TIC)

2461 Enxeñeiros técnicos industriais e de produción

Os enxeñeiros técnicos industriais e de produción axudan os enxeñeiros superiores na redacción de proxectos; formulan e redactan propostas técnicas de obras e instalacións conforme o proxecto redactado e realizan valoracións, peritacións, informes, ditames e cálculos técnicos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- examinar declaracións de funcións, organigramas e información sobre proxectos para determinar as funcións e tarefas dos traballadores e unidades de traballo e identificar áreas de duplicación;
- establecer programas de medida do traballo e analizar mostras de traballo co fin de elaborar normas para o seu uso pola man de obra;
- analizar a utilización de man de obra, o deseño das instalacións, os datos operati-

- vos e os calendarios de produción para determinar a eficiencia óptima dos traballadores e os equipamentos;
- elaborar especificacións de fabricación e determinar os materiais, equipamentos, fluxos de materiais, capacidades e deseño das instalacións e sistemas;
- organizar e xestionar a man de obra dos proxectos e a entrega dos materiais, instalacións e equipamentos;
- establecer normas e políticas en materia de instalación, modificación, control de calidade, ensaio, inspección e mantemento de acordo cos principios de enxeñaría e a normativa de seguranza;
- inspeccionar as instalacións para manter e mellorar o rendemento;
- dirixir o mantemento dos edificios e equipamentos produtivos e coordinar as necesidades de novos proxectos, estudos e programas de mantemento;
- asesorar a dirección sobre novos métodos, técnicas e equipamentos de produción;
- manter contactos cos departamentos responsables da compra, almacenamento e control de materiais para garantir un fluxo sen problemas dos fornecementos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos de planificación e produción
- Enxeñeiros técnicos industriais
- Enxeñeiros técnicos de organización industrial

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros superiores industriais e de produción, 2431

2462 Enxeñeiros técnicos de obras públicas

Os enxeñeiros técnicos de obras públicas proxectan e dirixen, exercendo as funcións propias da súa competencia, a explotación e os aproveitamentos hidráulicos, de portos e transportes terrestres, de transportes urbanos e de obras de enxeñaría civil.

Entre as súas tarefas inclúense:

- tomar datos do terreo sobre o cal se vai construír e das demolicións que se vaian efectuar;
- realizar a medición e situación das obras do proxecto e participar na redacción do prego de condicións;
- seleccionar e utilizar a maquinaria e equipamento necesario para realizar a obra;
- realizar construcións referentes a previsións de achegas hidráulicas e a súa regulación, distribución, aproveitamento e explotación;
- localizar e corrixir deficiencias;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en construción e obra civil
- Enxeñeiros técnicos de obras públicas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Aparelladores, 2481
- Técnicos urbanistas, 2481

- Técnicos en construción, 3122
- Técnicos de montaxe de instalacións na construción, 3122

2463 Enxeñeiros técnicos mecánicos

Os enxeñeiros técnicos mecánicos proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias da súa competencia, a produción, o funcionamento, a conservación e reparación de máquinas, maquinaria e instalacións de equipamentos e produción industrial.

Entre as súas tarefas inclúense:

- participar na fabricación e execución de máquinas e de estruturas;
- participar na proxección e construción do casco estrutural do buque e as operacións do seu lanzamento ao mar;
- participar nos proxectos de calefacción, ventilación e refrixeración;
- localizar e corrixir deficiencias;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos mecánicos
- Enxeñeiros técnicos navais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros mecánicos, 2433
- Enxeñeiros navais, 2433
- Técnicos en mecánica, 3126
- Enxeñeiros técnicos aeronáuticos, 2464

2464 Enxeñeiros técnicos aeronáuticos

Os enxeñeiros técnicos aeronáuticos proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias da súa competencia, a produción, o funcionamento, a conservación e reparación de aeronaves e as súas estruturas, instalacións e equipamentos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- participar na instalación, mantemento e reparación de elementos, conxuntos e sistemas de aeronaves incluído o motor;
- localizar e corrixir deficiencias;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos aeronáuticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros aeronáuticos, 2434
- Enxeñeiros técnicos mecánicos, 2463
- Enxeñeiros técnicos navais, 2463
- Oficiais maquinistas, 3151

2465 Enxeñeiros técnicos químicos

Os enxeñeiros técnicos químicos proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias da súa competencia, os procesos químicos e técnicas aplicables á produción de diversas substancias e produtos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- participar na proxección e desenvolvemento de procedementos químicos para refinar petróleo cru e outros líquidos ou gases;
- participar na especificación de métodos de produción, materiais e normas de calidade e garantir que estean conformes coas regras establecidas;
- ordenar o funcionamento e mantemento dos sistemas;
- localizar e corrixir deficiencias;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en química

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en química, 2435
- Técnicos en química industrial, 3127

2466 Enxeñeiros técnicos de minas, metalúrxicos e afíns

Os enxeñeiros técnicos de minas, metalúrxicos e afíns proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias da súa competencia, as técnicas aplicables para a extracción de petróleo, gas natural e minerais así como para a obtención de metais e outros procesos da metalurxia.

Entre as súas tarefas inclúense:

- exercer as funcións propias da súa competencia nos traballos interiores e exteriores de explotacións de minas;
- participar na planificación e desenvolvemento dos traballos de sondaxe e de prospección na minaría;
- axudar na aplicación e control de procedementos de obtención dos metais a partir dos minerais respectivos, e de afinación e refinación de metais e tratamento dos metais e as súas aliaxes;
- localizar e corrixir deficiencias;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en minas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en minas, metalurxia e asimilados, 2436
- Técnicos en metalurxia e minas, 3128

2469 Enxeñeiros técnicos non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os enxeñeiros técnicos (salvo en especialidades agrícolas, forestais, electricidade e electrónica) non clasificados separadamente no subgrupo 246: "Enxeñeiros técnicos (excluíndo agrícolas, forestais, eléctricos e electrónicos)"

Entre as súas tarefas inclúense:

- formular recomendacións e dar asesoramento técnico sobre aspectos da organización do traballo, relativos a tempos e movementos e vixiar o seu cumprimento;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos industriais, eficiencia
- Enxeñeiros técnicos, estudo de tempos e movementos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros superiores (salvo enxeñeiros agrónomos, eléctricos, electrónicos, informáticos e de telecomunicacións), 243
- Enxeñeiros técnicos en informática (bases de datos), 2721
- Enxeñeiros técnicos en informática (redes), 2723
- Técnicos das ciencias físicas, químicas e das enxeñarías, 312

247 Enxeñeiros técnicos en electricidade, electrónica e telecomunicacións

2471 Enxeñeiros técnicos en electricidade

Os enxeñeiros técnicos en electricidade proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias da súa competencia, a construción, o funcionamento, o mantemento e a reparación de sistemas, motores e equipamentos eléctricos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- participar na fabricación e ensaio de máquinas eléctricas, centrais eléctricas, liñas de transporte e redes de distribución;
- participar no proxecto e ensaio de dispositivos de automatismo, e control electromagnético e electrónico;
- localizar e corrixir deficiencias;
- organizar o mantemento e reparación de sistemas, motores e equipamentos eléctricos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en electricidade

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en electricidade, 2441
- Técnicos en electricidade, 3123

2472 Enxeñeiros técnicos en electrónica

Os enxeñeiros técnicos en electrónica proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias das súas competencias, a execución material de toda clase de instalacións, centrais telegráficas e telefónicas, equipamentos electrónicos, liñas e demais medios de dispositivos de comunicación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- exercer as funcións propias da súa competencia na instalación de estacións telegráficas e de centrais telefónicas, de emisoras de radiocomunicación e de equipamentos de gravación, reprodución e mesturas de sinais acústicos;
- exercer as funcións propias da súa competencia na construción de liñas telegráficas e telefónicas en cables aéreos ou subterráneos;
- participar na montaxe de dispositivos e de equipamentos de telecontrol, reprodución e mestura de sinais acústicos e megafonías en locais e espazos abertos e similares;
- organizar o mantemento e reparación de sistemas;
- localizar e corrixir deficiencias;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en electrónica

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en electrónica, 2442
- Analistas de sistemas, 2711
- Técnicos en electrónica, 3124

2473 Enxeñeiros técnicos en telecomunicacións

Os enxeñeiros técnicos en telecomunicacións proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias das súas competencias, a execución material de toda clase de instalacións, centrais telegráficas e telefónicas, equipamentos electrónicos, liñas e demais medios de dispositivos de comunicación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- exercer as funcións propias da súa competencia na instalación de estacións telegráficas e de centrais telefónicas, de emisoras de radiocomunicación e de equipamentos de gravación, reprodución e mesturas de sinais acústicos;
- exercer as funcións propias da súa competencia na construción de liñas telegráficas e telefónicas en cables aéreos ou subterráneos;
- participar na montaxe de dispositivos e de equipamentos de telecontrol, reprodución e mestura de sinais acústicos e megafonías en locais e espazos abertos e similares;
- organizar o mantemento e reparación de sistemas;
- localizar e corrixir deficiencias;
- desempeñar tarefas afíns;

- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en telecomunicacións

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros en telecomunicacións, 2443
- Enxeñeiros técnicos en informática (redes), 2723
- Técnicos en electrónica, 3124

248 Arquitectos técnicos, topógrafos e deseñadores

2481 Arquitectos técnicos e técnicos urbanistas

Os arquitectos técnicos e técnicos urbanistas, de acordo coas funcións da súa competencia, proxectan e levan a cabo a ordenación, dirección e control da execución material das obras e instalacións e a organización dos traballos de acordo co proxecto. Así mesmo, colaboran na planificación da disposición das zonas urbanas e na coordinación da ordenación das devanditas zonas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- inspeccionar os materiais a utilizar, dosificacións e mesturas;
- ordenar o traballo en obra de cada unha das súas unidades;
- controlar os sistemas de protección e seguranza no traballo;
- informar sobre o estado físico de todas as clases de terreos e a realización de deslindamentos, medicións, peritacións de terreos, soares e edificios;
- analizar datos sobre os factores económicos, xurídicos, políticos, culturais, demográficos, sociolóxicos, físicos e ambientais que afectan o uso do solo;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Arquitectos técnicos
- Técnicos urbanistas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Arquitectos, 2451
- Arquitectos paisaxistas, 2452
- Urbanistas e enxeñeiros de tránsito, 2453
- Delineantes, 3110

2482 Deseñadores de produtos e de roupa

Os deseñadores de produtos e de roupa deseñan e desenvolven produtos para a súa fabricación e preparan deseños e especificacións de produtos para a súa produción masiva, por lotes ou individual.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar os obxectivos e restricións dos resumos de deseño consultando os clientes e as persoas interesadas;
- formular conceptos de deseño para roupa, téxtiles, produtos industriais, comerciais e de consumo e artigos de xoiaría;
- harmonizar os aspectos estéticos cos requisitos técnicos, funcionais, ecolóxicos e de produción;
- preparar bosqueños, diagramas, ilustracións, planos, mostras e modelos para comunicar os conceptos de deseño;
- negociar solucións de deseño cos clientes, a dirección e o persoal de vendas e de fabricación;
- seleccionar, especificar e recomendar materiais funcionais e estéticos, métodos de produción e acabamentos para os produtos elaborados;
- detallar e documentar o deseño seleccionado para a produción;
- preparar e encargar prototipos e mostras;
- supervisar a preparación de padróns, programas e ferramenta, así como o proceso de fabricación.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Deseñadores de roupa
- Deseñadores de moda
- Deseñadores industriais
- Deseñadores de xoias

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Deseñadores de motores, 2433
- Arquitectos, 2451
- Arquitectos paisaxistas, 2452
- Deseñadores de interior, 3732

2483 Enxeñeiros técnicos en topografía

Os enxeñeiros técnicos en topografía proxectan e dirixen, exercendo as tarefas propias da súa competencia, a formulación e execución de toda clase de traballos topográficos.

Nota: A titulación específica exixida para o exercicio desta ocupación é enxeñeiro técnico en topografía.

Entre as súas tarefas inclúense:

- exercer as funcións propias da súa competencia na formulación e execución de toda clase de traballos topográficos por procedementos clásicos, fotogramétricos ou outros;
- colaborar na realización de deslindamentos, medición de terreos rústicos e urbanos;
- exercer as funcións propias da súa competencia na colaboración en traballos de investigación e aplicación nas materias xeodésicas, así como traballos de xeofísica, astronomía, meteoroloxía e cartografía;
- localizar e corrixir deficiencias;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en topografía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros xeógrafos, 2454

2484 Deseñadores gráficos e multimedia

Os deseñadores gráficos e multimedia deseñan contidos visuais e audiovisuais para a comunicación da información utilizando medios impresos, cinematográficos, electrónicos, dixitais e outros audiovisuais. Crean gráficos, efectos especiais, animacións e outras imaxes visuais para o seu uso en xogos de ordenador, películas, vídeos musicais, medios impresos e anuncios publicitarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar os obxectivos e restricións dos resumos de deseño consultando os clientes e as persoas interesadas;
- investigar e analizar os requisitos funcionais da comunicación;
- formular conceptos de deseño para o tema que se debe comunicar;
- preparar bosqueños, diagramas, ilustracións e maquetas para comunicar os conceptos de deseño;
- deseñar gráficos complexos e animacións para atender os requisitos funcionais, estéticos e creativos do resumo de deseño;
- crear imaxes bidimensionais e tridimensionais debuxando obxectos en movemento ou ilustrar un proceso mediante o uso de programas informáticos de animación ou de modelización;
- negociar solucións de deseño cos clientes, a dirección e o persoal de vendas e de produción;
- seleccionar, especificar ou recomendar materiais funcionais e estéticos e medios para a publicación, entrega ou exhibición;
- detallar e documentar o deseño seleccionado para a produción;
- supervisar ou levar a cabo a produción nos medios escollidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Animadores de imaxes
- Artistas dixitais
- Deseñadores gráficos
- Ilustradores
- Deseñadores multimedia
- Deseñadores de publicacións
- Deseñadores de páxinas web

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Arquitectos de interior, 2451
- Deseñadores de interior, 3732
- Desenvolvedores web e multimedia, 2713
- Artistas de artes plásticas, 2931

25 Profesionais en dereito

251 Xuíces, maxistrados, avogados e fiscais

2511 Avogados

Os avogados brindan asesoramento xurídico aos seus clientes sobre múltiples cuestións de Dereito, redactan documentos xurídicos, representan os seus clientes ante órganos administrativos ou xurisdicionais ou defenden asuntos ou realizan acusacións ante tribunais de xustiza, ou dan instrucións a outros avogados para que actúen ante tribunais de orde superior.

Entre as súas tarefas inclúense:

- brindar asesoramento sobre unha ampla variedade de cuestións de dereito e realizar actuacións xurídicas en nome dos seus clientes;
- investigar a posible aplicación de principios do dereito, disposicións legais e resolucións xudiciais a asuntos concretos;
- utilizar medios de proba tales como o interrogatorio aos clientes ou a testemuñas para determinar as circunstancias dun asunto, co fin de contestar demandas;
- avaliar os resultados obtidos e elaborar estratexias e argumentos para preparar a presentación dos asuntos;
- representar os seus clientes ante os órganos administrativos e xurisdicionais e dar instrucións a outros avogados para que os representen ante os tribunais de orde superior;
- aceptar instrucións e representar os seus clientes ante os tribunais de orde superior;
- negociar acordos en casos de conflito xurídico;
- redactar anteproxectos de leis e regulamentos baseados na lexislación en vigor;
- redactar documentos xurídicos tales como contratos, documentos de operacións inmobiliarias e testamentos, e preparar ditames xurídicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Avogados
- Avogados do Estado

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Notarios, 2591
- Procuradores, 2592
- Oficiais de notaría, 3711
- Auxiliares de xustiza, 3711
- Pasantes de avogados, 3711

2512 Fiscais

Os fiscais promoven a acción da Xustiza en defensa dos intereses públicos tutelados pola lei e procuran ante os xuíces e tribunais o mantemento da orde xurídica e a satisfacción do interese social.

Entre as súas tarefas inclúense:

- velar pola observancia das disposicións que regulan a Administración de xustiza;
- intervir nos conflitos xurisdicionais e nas cuestións de competencias;
- promover e exercer a acción pública nas causas criminais para determinar os fei-

- tos que teñan carácter de delito ou falta e o castigo dos que realmente o sexan;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fiscais

2513 Xuíces e maxistrados

Os xuíces e maxistrados xulgan causas civís ou penais nos órganos xurisdicionais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- presidir os xuízos e vistas;
- interpretar e aplicar as normas procesuais e adoptar resolucións sobre a admisibilidade das probas;
- determinar os dereitos e obrigas das partes e, nos asuntos sometidos a xuízo por xurado, informar os seus membros sobre determinadas cuestións de dereito;
- ponderar e admitir as probas nos asuntos non sometidos a xuízo por xurado e decidir sobre a culpa ou inocencia ou sobre o grao de responsabilidade dos acusados ou demandados;
- ditar sentenza nos asuntos penais, determinar as indemnizacións por danos e prexuízos ou os demais remedios aplicables nos asuntos civís e adoptar resolucións xudiciais;
- estudar asuntos xurídicos e emitir ditames ao respecto.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Presidente de tribunal de xustiza
- Xuíz
- Maxistrado

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Secretario xudicial, 2599
- Xuíz de paz, 3711
- Membro do Consello Xeral do Poder Xudicial, 1111

259 Outros profesionais do dereito

2591 Notarios e rexistradores

Os notarios e rexistradores dan fe por petición dos interesados dos feitos cuxa certeza lles consta e das súas declaracións de vontade nos contratos, testamentos e outros actos xurídicos. Así mesmo efectúan inscricións ou anotacións dos actos e contratos relativos á propiedade e demais dereitos reais sobre bens inmobles.

Entre as súas tarefas inclúense:

- dar fe dos feitos cuxa certeza lles consta a petición dos interesados;
- dar fe nos contratos, testamentos e outros actos xurídicos;
- teñen a misión de prestar o seu asesoramento a quen os reclame, como profesio-

- nal do dereito;
- ter ao seu cargo un rexistro da propiedade mercantil;
- practicar inscricións ou anotacións dos actos e contratos sobre bens inmobles;
- determinar a legalidade da sinatura de documentos públicos notariais;
- exhibir os libros do rexistro aos que teñen interese en consultalos e expedir certificacións do seu contido;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Notarios
- Rexistradores da propiedade

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Oficial de notaría, 3711
- Empregado de notarías, 4113

2592 Procuradores

Os procuradores exercen a representación da parte que lle outorgou o poder para a comparecencia en xuízo ante os tribunais de xustiza.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facilitar ao avogado do cliente os datos, antecedentes, documentos e instrucións respecto ao sumario;
- presentar os escritos do seu cliente;
- ter o cliente ao día do curso das actuacións;
- pagar os gastos xudiciais e dar conta deles ao cliente;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Procuradores, xustiza

2599 Profesionais do dereito non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os profesionais en dereito non clasificados en ningunha outra epígrafe do subgrupo principal 25, Profesionais en dereito. Por exemplo, inclúense nel aqueles profesionais en dereito cuxas funcións exclúen a representación de partes ou a actuación como fiscal ante os tribunais de xustiza ou como xuíz ou presidente de tribunal.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar sobre cuestións de dereito que xurdan ou se formulen en relación con problemas persoais, empresariais ou administrativos;
- redactar documentos xurídicos e contratos;
- organizar transmisións de inmobles;
- determinar mediante enquisa as causas de calquera defunción que non se atribúa evidentemente a causas naturais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Secretarios xudiciais
- Asesor xurídico

26 Especialistas en organización da Administración pública e das empresas e na comercialización

261 Especialistas en finanzas

2611 Especialistas en contabilidade

Os especialistas en contabilidade planifican, organizan e administran sistemas contables para persoas e organizacións. Algunhas das ocupacións clasificadas nesta epígrafe examinan e analizan os rexistros contables e financeiros de persoas e organizacións co fin de garantir a precisión e o cumprimento das normas e os procedementos contables establecidos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e implantar políticas e sistemas orzamentarios, de control de contas e similares, e asesorar ao respecto;
- preparar e certificar estados financeiros para presentalos á dirección, aos accionistas e aos organismos públicos ou doutra índole;
- preparar declaracións tributarias, asesorar sobre problemas fiscais e presentar alegacións ou reclamacións ante a Facenda pública;
- preparar orzamentos e previsións de beneficios ou informar ao respecto;
- realizar investigacións financeiras en casos de presuntas fraudes, insolvencia e quebras ou de índole semellante;
- auditar contas e levar rexistros contables;
- conducir investigacións e asesorar a dirección sobre aspectos financeiros da produtividade, as accións, as vendas, novos produtos, etc.;
- formular e supervisar sistemas para a determinación do custo unitario de produtos e servizos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Auditores
- Técnicos especialistas en contabilidade
- Interventores
- Asesores contables

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axudantes de contabilidade, 3403
- Conservadores de libros, 3403

2612 Asesores financeiros e en investimentos

Os asesores financeiros e en investimentos elaboran plans financeiros para persoas e organizacións, e invisten e xestionan fondos no seu nome.

Entre as súas tarefas inclúense:

- formar e manter unha base de clientes;
- entrevistar clientes para determinar o seu estado e os seus obxectivos financeiros, a súa tolerancia ao risco e outros datos necesarios para formular plans financeiros e estratexias de investimento;
- establecer obxectivos financeiros, e formular e aplicar estratexias para a consecución dos obxectivos financeiros;
- tramitar a adquisición e venda de accións e obrigas para os clientes;
- ocuparse do seguimento do rendemento dos investimentos, e revisar os plans de investimento sobre a base da evolución das necesidades e dos cambios nos mercados;
- recomendar e tramitar coberturas de seguro para os clientes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Planificadores de patrimonios inmobiliarios
- Planificadores financeiros
- Asesores en investimentos

2613 Analistas financeiros

Os analistas financeiros realizan análises cuantitativas da información sobre os programas de investimento de institucións públicas e privadas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- analizar a información financeira para elaborar previsións das condicións empresariais, sectoriais e económicas para o seu uso na adopción de decisións de investimento;
- manter un coñecemento actualizado da evolución nos campos da tecnoloxía industrial, a actividade empresarial, as finanzas e a teoría económica;
- interpretar os datos relativos aos programas de investimento, como os prezos, os rendementos, a estabilidade, as tendencias de futuro canto aos riscos de investimento, e os factores de influencia económica;
- ocuparse do seguimento dos acontecementos económicos, sectoriais e empresariais fundamentais, mediante a análise da información obtida en publicacións e servizos financeiros, entidades de banca de investimento, órganos da Administración pública, publicacións mercantís, fontes empresariais e entrevistas persoais;
- recomendar investimentos e prazos de investimento a empresas, ao persoal de empresas de investimento, ou aos investidores en xeral;
- determinar os prezos a que deben sindicarse e ofrecerse ao público os títulos valores;
- preparar plans de acción en materia de investimento, sobre a base de análises financeiras;
- avaliar e comparar a calidade relativa de diversos títulos valores nun determinado sector;
- presentar informes orais e escritos sobre tendencias económicas xerais, determinadas corporacións e sectores no seu conxunto.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Analistas expertos en obrigacións
- Asesores de investimentos en títulos valores

- Analistas de investimentos

262 Especialistas en organización e administración

2621 Analistas de xestión e organización

Os analistas de xestión e organización axudan ás organizacións a conseguir unha maior eficacia e resolver os problemas organizativos. Estudan as estruturas, os métodos, os sistemas e os procedementos das organizacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facilitar e promover o desenvolvemento de obxectivos, estratexias e plans encamiñados a lograr a satisfacción dos clientes e o uso eficaz dos recursos das organizacións;
- analizar e avaliar sistemas e estruturas presentes;
- analizar os sistemas existentes co persoal, e observar aqueles a todas as escalas da organización;
- dirixir os clientes cara á consecución dunha organización máis eficaz, e desenvolver solucións aos problemas organizativos;
- emprender e revisar estudos de traballo mediante a análise dos métodos e procedementos existentes e propostos, tales como os de índole administrativa e de oficina;
- rexistrar e analizar os diagramas de fluxo de traballo, rexistros, informes, manuais e descrições de postos de traballo das organizacións;
- preparar e recomendar propostas de revisión de métodos e procedementos, de modificación de fluxos de traballo, de redefinición das funcións de cada posto de traballo, e de resolución de problemas organizativos;
- facilitar a execución das recomendacións aprobadas, proporcionar instrucións e manuais de procedemento revisados, e elaborar outra documentación;
- revisar os procedementos operativos, e asesorar sobre os desvíos respecto a procedementos e normas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Analistas de organización e métodos
- Consultores de xestión
- Técnicos en organización e administración de empresas, analistas de organización e métodos

2622 Especialistas en administración de política de empresas

Os especialistas en administración de política de empresas formulan e analizan políticas que orientan o deseño, a execución e a modificación das operacións e programas das empresas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- contactar e consultar con administradores de programas e outras partes interesadas co fin de determinar necesidades en materia de formulación de políticas empresariais;

- revisar as políticas empresariais co obxecto de identificar anomalías e disposicións obsoletas;
- investigar tendencias sociais, económicas e sectoriais, así como as expectativas dos clientes respecto a programas e servizos prestados;
- formular e analizar opcións en materia de formulación de políticas empresariais, preparar informes orientativos e recomendacións respecto á modificación de políticas, e asesorar sobre opcións preferidas;
- avaliar repercusións, consecuencias financeiras, interaccións con outros programas e a viabilidade das distintas políticas empresariais;
- realizar avaliacións de ameazas e riscos, e elaborar respostas;
- revisar operacións e programas para garantir a coherencia coas políticas da organización.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Asesores de empresas
- Técnicos superiores en organización e administración de empresas, especialistas en administración de política de empresa
- Técnicos medios en organización e administración de empresas, especialistas en administración de política de empresa
- Axentes da propiedade industrial

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en organización e administración de empresas, analista de organización e métodos, 2621

2623 Especialistas da Administración pública

Neste grupo primario inclúense aquelas ocupacións exclusivas das administracións públicas (central, autonómica e local), que precisan dunha cualificación a nivel universitario para ser exercidas, e que non se encontran relacionadas en ningunha outra parte da clasificación..

Por exemplo, un médico especialista que traballe nun hospital público evidentemente traballa na Administración pública e precisa dunha cualificación a nivel de titulado superior para exercer as súas funcións, pero a devandita ocupación vén especificada na propia clasificación no grupo primario 2112. Pola contra, o inspector de facenda tamén forma parte da Administración pública e precisa dunha cualificación de titulado superior, ora ben, esta ocupación non vén especificada como tal en ningún outro grupo primario da clasificación, polo tanto deberase incluír nesta rúbrica.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Administradores civís do Estado
- Comisarios de policía
- Controladores laborais
- Funcionarios do corpo especial de Institucións Penitenciarias
- Funcionarios do corpo de xestión da Administración Civil do Estado
- Funcionarios do grupo A ou B ou asimilados da Administración autonómica (n.c.n.)
- Funcionarios do grupo A ou B ou asimilados da Administración Local (n.c.n.)
- Inspectores de finanzas do Estado
- Inspectores de policía

- Inspectores de traballo e seguridade social
- Secretarios de concello
- Subinspectores de finanzas do Estado
- Subinspectores de traballo

2624 Especialistas en políticas e servizos de persoal e afíns

Os especialistas en políticas e servizos de persoal e afíns prestan servizos empresariais profesionais relacionados coas políticas de persoal, como os concernentes á contratación e o desenvolvemento de empregados, a realización de análises ocupacionais e a prestación de servizos de orientación profesional.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar e exercer funcións de xestión de persoal no relativo á contratación, a situación, a formación, a promoción, a remuneración dos empregados, e as relacións entre estes e a dirección, así como a outras áreas da política de persoal;
- estudar e analizar os empregos que se exercen nun determinado establecemento por diversos medios, entre os cales se contan as entrevistas con traballadores, supervisores e membros da dirección, e redactar descrições pormenorizadas de cargos, postos ou ocupacións sobre a base da información obtida;
- preparar información ocupacional e traballar nos sistemas de clasificación de ocupacións;
- asesorar e traballar sobre o referido no punto anterior e sobre outros aspectos das análises de postos de traballo e ocupacións, en ámbitos como a administración de persoal, a investigación do mercado laboral e a súa planificación, a formación, a información ocupacional e a orientación profesional;
- analizar oportunidades de emprego, opcións profesionais e posibilidades de educación e formación que poidan resultar convenientes, e asesorar ao respecto os interesados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en administración de persoal
- Técnicos superiores en recursos humanos
- Orientadores profesionais
- Analistas do mercado laboral

2625 Especialistas en formación de persoal

Os especialistas en formación de persoal planifican, elaboran, executan e avalían programas de formación e desenvolvemento, co fin de garantir que os membros da dirección e o persoal adquiren as destrezas, e desenvolven as competencias, que requiren as organizacións para satisfacer os seus obxectivos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- identificar as necesidades e requisitos de formación das persoas e organizacións;
- establecer obxectivos de desenvolvemento de recursos humanos e avaliar os resultados da aprendizaxe;
- preparar e desenvolver materiais de formación e educación e ferramentas auxilia-

res como manuais, instrucións en liña, modelos de demostración e documentación de referencia de apoio á formación;

- deseñar, coordinar, programar e aplicar programas de formación e desenvolvemento que poidan impartirse mediante instrución individual e en grupo, e facilitar a celebración de seminarios, reunións, demostracións e conferencias;
- contactar con provedores de formación externos para organizar a prestación de determinados programas de formación e desenvolvemento;
- fomentar a formación e o desenvolvemento internos e externos, e avaliar estas actividades promocionais;
- ocuparse do seguimento e a execución da avaliación continua da calidade e a eficacia da formación interna e externa, e revisar e modificar os obxectivos e os métodos docentes e os resultados concretos dos cursos;
- recoller, investigar e examinar materiais de referencia para avanzar no coñecemento de diversos asuntos e sistemas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesionais da formación de persoal en destrezas propias do posto de traballo

263 Técnicos de empresas e actividades turísticas

2630 Técnicos de empresas e actividades turísticas

Os técnicos de empresas e actividades turísticas proxectan, organizan e dirixen toda clase de actividades en empresas turísticas, axencias de viaxes, empresas de aloxamento turístico e de transporte turístico.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e organizar diversas actividades que toda entidade ou institución con fins turísticos require para o seu funcionamento;
- asesorar na súa materia centros turísticos, concellos, comunidades autónomas, etc.;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en empresas turísticas
- Técnicos de información turística

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Animadores turísticos, 3724
- Empregados de axencias de viaxes, 4421
- Guías acompañantes de viaxe turística, 5823
- Guías de turismo, 5825

264 Profesionais de vendas técnicas e médicas (salvo as TIC)

2640 Profesionais de vendas técnicas e médicas (salvo as TIC)

Os profesionais de vendas técnicas e médicas (excluindo TIC) representan as empresas vendendo distintos bens e servizos industriais, médicos e farmacéuticos a establecementos industriais, empresas, profesionais e outros establecementos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- compilar listas de posibles clientes mediante o uso de directorios e outras fontes;
- coñecer os bens e servizos da competencia e as condicións de mercado, e manter actualizados eses coñecementos;
- visitar os clientes regulares e os posibles clientes para establecer oportunidades de venda e actuar en consecuencia;
- valorar as necesidades e recursos dos clientes e recomendarlles os bens e servizos apropiados;
- contribuír ao deseño dos bens ou servizos cando deban axustarse ás necesidades dos clientes;
- preparar informes e propostas como elementos da presentación de vendas para demostrar os beneficios do uso dos bens ou servizos;
- orzar o custo da instalación e mantemento dos equipamentos ou servizos;
- supervisar os cambios nas necesidades dos clientes e nas actividades da competencia e informar sobre iso a dirección de vendas;
- cotizar e negociar prezos e condicións de venda, e preparar e xestionar contratos de venda;
- organizar a entrega dos bens, a instalación dos equipamentos e a prestación dos servizos;
- informar a dirección de vendas sobre as vendas feitas e a vendibilidade dos bens e servizos;
- consultar os clientes despois da venda para garantir a súa satisfacción, resolver os posibles problemas e prestar apoio.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Representantes (produtos industriais)
- Visitadores médicos
- Axentes comerciais de vendas que precisan coñecementos técnicos
- Representantes técnicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Representantes comerciais, 3510
- Representantes de tecnoloxías da información e as comunicacións, 2653

265 Outros profesionais das vendas, a comercialización, a publicidade e as relacións públicas

2651 Profesionais da publicidade e a comercialización

Os profesionais da publicidade e a comercialización elaboran e coordinan estratexias e campañas de publicidade, determinan o mercado para novos produtos e servizos e identifican e desenvolven oportunidades de mercado para novos produtos e servizos e para os existentes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, elaborar e organizar políticas e campañas para apoiar o cumprimento dos obxectivos de venda;
- asesorar a dirección e os clientes sobre posibles estratexias e campañas para chegar aos mercados obxectivo, conseguir a notoriedade de marca e promover eficazmente os atributos dos bens e servizos;
- redactar textos publicitarios e guións para os medios de comunicación, e organizar a produción en televisión e cinema e as insercións nos medios;
- analizar datos relativos aos padróns e preferencias dos consumidores;
- interpretar e predicir as tendencias actuais e futuras de consumo;
- investigar a demanda potencial e as características do mercado dos novos bens e servizos, e recompilar e analizar datos e outra información estatística;
- apoiar o crecemento e desenvolvemento da actividade empresarial mediante a preparación e aplicación de obxectivos, políticas e programas de comercialización;
- encomendar e realizar estudos de mercado para identificar as oportunidades de mercado de novos bens e servizos e dos existentes;
- asesorar sobre os distintos elementos da comercialización, como a combinación de produtos, a política de prezos, a publicidade e promoción de vendas, a venda e as canles de distribución.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Especialistas en publicidade
- Especialistas en estudos de mercado
- Especialistas en comercialización

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axentes comerciais de publicidade, 3539
- Deseñadores gráficos de publicidade, 2484

2652 Profesionais de relacións públicas

Os profesionais de relacións públicas planifican, preparan, aplican e avalían estratexias de información e de comunicación que favorezan unha opinión favorable sobre as empresas e organizacións, os seus bens e servizos e a súa función na comunidade.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e organizar campañas de publicidade e estratexias de comunicación;
- asesorar a dirección sobre as consecuencias que as súas políticas, programas e prácticas teñen para as relacións públicas, e preparar e controlar a emisión de notas de prensa;
- realizar e encomendar estudos de opinión pública, analizar os resultados obtidos e planificar campañas de relacións públicas e promocionais;
- organizar acontecementos especiais, actos recreativos, competicións e actos sociais para promover o fondo de comercio e unha publicidade favorable;
- representar a súa organización e organizar entrevistas con medios de comunicación;
- asistir a actos empresariais, sociais e doutro tipo para promover a súa organización;
- encargar e obter fotografías e outras ilustracións;
- seleccionar, avaliar e examinar o material presentado por creativos, fotógrafos,

ilustradores e calquera outro para conseguir unha publicidade favorable.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesionais en relacións públicas
- Profesionais en gabinete de prensa
- Axentes publicistas, comunicación

2653 Profesionais da venda de tecnoloxías da información e as comunicacións

Os profesionais de vendas de tecnoloxía da información e as comunicacións (TIC) venden, a escala grosista, equipamentos, software e outros bens e servizos de TIC, incluídos instalacións, e subministran información especializada segundo se requira.

Entre as súas tarefas inclúense:

- procurar pedidos e vender bens a establecementos retalistas, industriais, grosistas e doutra índole;
- vender equipamentos técnicos, fornecementos e servizos afíns a establecementos empresariais ou individuos;
- examinar as necesidades de clientes novos e existentes e subministrar información especializada sobre o modo en que determinados equipamentos, fornecementos e servizos satisfán tales necesidades;
- ofrecer e negociar prezos e condicións de crédito, celebrar contratos e rexistrar pedidos;
- actualizar rexistros de clientes e preparar informes de vendas;
- organizar a entrega de bens, a instalación de equipamentos e a prestación de servizos;
- informar os fabricantes das reaccións e os requisitos dos clientes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vendedores técnicos de equipamentos e material de informática
- Asesores comerciais de telecomunicacións

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Dependentes de tendas e almacéns, 5220

27 Profesionais das tecnoloxías da información

271 Analistas e deseñadores de software e multimedia

2711 Analistas de sistemas

Os analistas de sistemas investigan, analizan e avalían requisitos, procedementos e problemas de clientes en relación coa tecnoloxía da información, e aplican propostas, recomendacións e plans para mellorar os sistemas de información existentes ou futuros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- consultar cos usuarios para formular e documentar requisitos, e coa dirección para garantir a conformidade cos principios dos sistemas;

- identificar e analizar procesos, procedementos e prácticas de traballo;
- identificar e avaliar ineficiencias e recomendar prácticas de xestión óptimas, así como a mellor funcionalidade e comportamento dos sistemas;
- encargarse da aplicación de solucións funcionais, como a creación, adopción e execución de plans de proba de sistemas;
- formular especificacións funcionais para o seu uso por desenvolvedores de sistemas;
- expandir ou modificar sistemas para mellorar fluxos de traballo ou atender novos fins;
- coordinar e vincular os sistemas informáticos dunha organización para elevar a súa compatibilidade.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros informáticos de sistemas
- Analistas de sistemas
- Consultores de sistemas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Analistas de comunicacións informáticas, 2723
- Analistas de redes informáticas, 2723
- Administradores de sistemas, 2722
- Analistas de bases de datos, 2721

2712 Analistas e deseñadores de software

Os analistas e deseñadores de software investigan, analizan e avalían as necesidades de aplicacións de software e de sistemas operativos existentes ou novos, e deseñan, desenvolven, proban e manteñen solucións de software para atendelas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar, analizar e avaliar as necesidades existentes en materia de aplicacións de software e sistemas operativos;
- investigar, deseñar e desenvolver sistemas de aplicacións de software;
- consultar co persoal de enxeñaría para avaliar a interface entre os equipamentos e o software;
- desenvolver e orientar procedementos de proba e validación de software;
- modificar o software existente para corrixir erros, adaptalo a novos equipamentos, ou actualizar as interfaces e mellorar o rendemento;
- orientar a programación de software e o desenvolvemento da documentación;
- avaliar, desenvolver, optimizar e documentar os procedementos de mantemento dos sistemas operativos, os ámbitos de comunicacións e o software de aplicacións;
- consultar con clientes sobre o mantemento do sistema de software.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Analistas programadores
- Analistas de aplicacións
- Enxeñeiros de aplicacións

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Programadores de aplicacións, 3820
- Programadores informáticos, 3820
- Programadores de software, 3820

2713 Analistas, programadores e deseñadores web e multimedia

Os analistas, programadores e deseñadores web e multimedia combinan coñecementos técnicos e de deseño para investigar, analizar, avaliar, deseñar, programar e modificar sitios da internet e aplicacións nas cales se unen texto, gráficos, animacións, imaxes, son e presentacións de vídeo, así como outros medios interactivos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- analizar, deseñar e desenvolver sitios da internet, aplicando unha combinación de capacidades artísticas e creatividade co coñecemento da programación de software, as linguaxes de *scripting* e a interface con ámbitos operativos;
- deseñar e desenvolver animacións dixitais, imaxes, presentacións, xogos, secuencias de son e de vídeo, e aplicacións de Internet, utilizando ferramentas, utilidades e software multimedia, gráficos interactivos e linguaxes de programación;
- comunicarse con especialistas en redes sobre cuestións relacionadas coa internet, como a seguranza e o aloxamento de sitios web, controlar e aplicar medidas de seguranza de servidores web e de internet, a asignación de espazos, o acceso de usuarios, a continuidade do funcionamento, os medios de salvagarda dos sitios web e a planificación da recuperación en caso de catástrofe;
- deseñar, desenvolver e integrar código informático con outros elementos especializados, como arquivos de imaxes e de son e linguaxes de *scripting*, co fin de producir, manter e sosteñer sitios web;
- asistir na análise, a especificación e a formulación de estratexias de internet, metodoloxías baseadas no uso de sitios web e plans de desenvolvemento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Desenvolvedores de internet/intranets/sitios web
- Programadores de animación multimedia
- Programadores de xogos de ordenador

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Administradores de sitios web, 3814
- Deseñadores de sitios web, 2484
- Técnicos de sitios web, 3814

2719 Analistas e deseñadores de software e multimedia non clasificados baixo outras epígrafes

Neste grupo primario figuran os desenvolvedores de software e aplicacións e os analistas non clasificados baixo outras epígrafes no subgrupo 271, Analistas e deseñadores de software e multimedia. Por exemplo, clasifícanse aquí os profesionais especializados en aseguramento da calidade, incluída a proba de software.

Entre as súas tarefas inclúense:

- formular e documentar plans de proba de software;
- instalar software e equipamentos, e configurar o software de sistemas operativos como preparación para a realización de probas;
- verificar que os programas funcionan conforme os requisitos dos usuarios e as directrices establecidas;
- aplicar, analizar e documentar os resultados das probas de aplicacións de software e de sistemas de telecomunicacións;
- formular e executar as políticas, os procedementos e os guións das probas de software e de sistemas de información.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Analistas de calidade de sistemas informáticos
- Auditores asesores informáticos

272 Especialistas en bases de datos e en redes informáticas

2721 Deseñadores e administradores de bases de datos

Os deseñadores e administradores de bases de datos deseñan, desenvolven, controlan, manteñen e apoian a seguranza e o rendemento óptimos das bases de datos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- deseñar e desenvolver a arquitectura de bases de datos, as estruturas de datos, as táboas, os dicionarios e as convencións de denominación para os proxectos de sistemas de información;
- deseñar, construír, modificar, integrar, executar e probar sistemas de xestión de bases de datos;
- efectuar investigacións e prestar asesoramento sobre a selección, aplicación e execución de ferramentas de xestión de bases de datos;
- elaborar e aplicar as políticas, a documentación, as normas e os modelos de administración de datos;
- elaborar políticas e procedementos para o acceso a bases de datos e o uso destas, así como para a xeración de copias de seguranza e a recuperación de datos;
- ocuparse do establecemento operativo e do mantemento preventivo de copias de seguranza e procedementos de recuperación, e aplicar controis de seguranza e integridade.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Deseñadores de bases de datos
- Administradores de bases de datos
- Analistas de bases de datos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Administradores de sistemas informáticos, 2722
- Administradores de redes, 2722
- Administradores de sitios web, 3814

2722 Administradores de sistemas e redes

Os administradores de sistemas e redes desenvolven, controlan, manteñen e sosteñen o rendemento e a seguranza óptimos dos sistemas de tecnoloxía da información

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter e administrar redes de ordenadores e ámbitos informáticos afíns, incluídos equipamentos, software de sistemas e de aplicacións e configuracións de toda índole;
- recomendar cambios para mellorar sistemas e configuracións de rede, e determinar os requisitos de equipo ou de software relacionados con tales cambios;
- diagnosticar problemas de equipo ou de software;
- realizar copias de seguranza de datos e operacións de recuperación en caso de catástrofe;
- operar consolas centrais para seguir o rendemento de sistemas e redes informáticos, e coordinar o acceso e o uso destas redes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Administradores de sistemas informáticos
- Administradores de redes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Administradores de bases de datos, 2721
- Administradores de sitios web, 3814

2723 Analistas de redes informáticas

Os analistas de redes informáticas investigan, analizan, deseñan, proban e recomendan estratexias en materia de arquitectura e desenvolvemento de redes; executan, xestionan, manteñen e configuran equipamentos e software de redes, e ocúpanse de tarefas de seguimento, solución de problemas e optimización do rendemento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- analizar, desenvolver, interpretar e avaliar especificacións de arquitectura e de deseño de sistemas complexos, modelos de datos e diagramas no desenvolvemento, a configuración e a integración de sistemas informáticos;
- investigar, analizar, avaliar e supervisar a infraestrutura das redes co fin de garantir que estas se configuran para funcionaren cun rendemento óptimo;
- avaliar e recomendar melloras nas operacións de rede e os equipamentos integrados, o software, as comunicacións e os sistemas operativos;
- aplicar destrezas especializadas no tratamento e na resolución dos problemas e das emerxencias que afecten as redes;
- instalar, configurar, probar, manter e administrar redes novas e actualizadas, aplicacións de bases de datos de software, servidores e terminais;
- preparar e manter procedementos e documentación para o inventario de redes, e rexistrar diagnósticos e resolucións de avarías, melloras e modificacións das redes, así como instrucións de mantemento;
- ocuparse do seguimento do tráfico das redes, así como da súa actividade, capacidade e uso, co fin de garantir a súa integridade continuada e un rendemento óptimo delas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Analistas de comunicacións informáticas
- Enxeñeiros informáticos en redes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Analistas de sistemas, 2711
- Administradores de redes, 2722
- Enxeñeiros en telecomunicacións, 2443
- Técnicos de redes informáticas, 3813

2729 Especialistas en bases de datos e en redes informáticas non clasificados baixo outras epígrafes

Neste grupo primario figuran os especialistas en bases de datos e redes de computadores non clasificados baixo outras epígrafes no subgrupo 272, Especialistas en bases de datos e en redes informáticas. Por exemplo, o grupo inclúe os especialistas en seguranza en tecnoloxías da información e comunicacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- formular plans para salvagardar arquivos informáticos fronte á modificación, a destrución ou divulgación accidental ou non autorizada, así como para atender as emerxencias en materia de proceso de datos;
- impartir formación aos usuarios e promover a sensibilización respecto á seguranza, co fin de garantir a seguranza dos sistemas e mellorar a eficiencia dos servidores e redes;
- consultar cos usuarios para examinar cuestións como as necesidades de acceso a datos informáticos, as infraccións da seguranza e os cambios de programación;
- ocuparse do seguimento dos informes sobre virus informáticos, co fin de determinar cando actualizar os sistemas de protección contra tales virus;
- modificar os arquivos de seguranza informática co fin de incorporar novo software, corrixir erros ou cambiar a condición de acceso individual;
- supervisar o uso de arquivos de datos, e regular o acceso para salvagardar a información contida nos arquivos informáticos;
- facer avaliacións de riscos e probas dos sistemas de proceso de datos, co obxecto de garantir o funcionamento das actividades de proceso de datos e as medidas de seguranza;
- codificar as transmisións de datos e establecer tornalumes para ocultar información confidencial cando esta se transmite, así como eludir as transferencias dixitais contaminadas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Especialistas en seguranza das TIC
- Forenses en TIC
- Explotadores de bases de datos
- Enxeñeiro informático (seguranza na rede)

28 Profesionais en ciencias sociais

281 Economistas

2810 Economistas

Os economistas realizan investigacións, controlan datos, analizan información e preparan informes e plans para resolver problemas económicos e empresariais e crean modelos para analizar, explicar e prever comportamentos e padróns económicos. Prestan asesoramento a empresas, agrupacións de interese e administracións públicas co obxecto de formular solucións para problemas económicos ou empresariais actuais ou previstos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- prever cambios no ámbito económico para a elaboración de orzamentos a curto prazo, a planificación a longo prazo e a avaliación de investimentos;
- formular recomendacións, políticas e plans para a economía e para as estratexias e investimentos empresariais, e estudar a viabilidade de proxectos;
- supervisar os datos económicos para avaliar a eficacia da política fiscal e monetaria e prestar o asesoramento pertinente;
- prever a produción e o consumo de produtos e servizos concretos baseándose en rexistros históricos e nas condicións xerais da economía e as específicas de determinados sectores;
- elaborar previsións en materia de renda e gasto, tipos de xuro e tipos de troco;
- analizar os factores que determinan a taxa de actividade, o emprego, os salarios, o desemprego e outros elementos do mercado de traballo;
- aplicar fórmulas matemáticas e técnicas estatísticas para comprobar as teorías económicas e deseñar solucións para os problemas económicos;
- reunir, analizar e interpretar información económica aplicando teorías económicas e diversas técnicas estatísticas ou doutra índole;
- valorar os resultados das decisións políticas relativas á economía e as finanzas públicas; asesorar sobre a política económica e as medidas que se deberían adoptar como resultado das análises de factores e tendencias económicas comprobados ou previsibles;
- preparar relatorios e informes de carácter académico;
- examinar problemas relativos ás actividades económicas de empresas concretas;
- realizar estudos das condicións de mercado a escala local, rexional ou nacional para fixar niveis de vendas e de prezos de bens e servizos, avaliar o potencial de mercado e as tendencias futuras e elaborar estratexias empresariais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Econometristas
- Asesores económicos
- Analistas económicos
- Economistas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Estatísticos, 2416
- Actuarios, 2415

282 Sociólogos, historiadores, psicólogos e outros profesionais en ciencias sociais

2821 Sociólogos, xeógrafos, antropólogos, arqueólogos e afíns

Os sociólogos, xeógrafos, antropólogos, arqueólogos e afíns investigan e describen a estrutura das sociedades, a súa orixe e evolución e a interdependencia entre as condicións ambientais e as actividades humanas. Prestan asesoramento sobre a aplicación práctica dos seus achados para a formulación de políticas económicas e sociais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar investigacións sobre as orixes, desenvolvemento, estrutura, pautas sociais, organizacións e interrelacións da sociedade humana;
- investigar as orixes e evolución da humanidade mediante o estudo das transformacións das súas características e das institucións culturais e sociais;
- investigar a evolución da humanidade a partir dos restos do seu pasado, como vivendas, templos, ferramentas, vasillas, moedas, armas ou esculturas;
- estudar as características físicas e climáticas de zonas e rexións, e relacionar os resultados obtidos coas actividades económicas, sociais e culturais realizadas nelas;
- elaborar teorías, modelos e métodos para interpretar e describir os fenómenos sociais;
- avaliar os resultados das decisións de política social;
- analizar e avaliar datos sociais;
- asesorar sobre a aplicación práctica dos resultados obtidos para a formulación de políticas económicas e sociais referidas a distintos grupos de poboación e rexións e ao desenvolvemento dos mercados;
- preparar relatorios e informes de carácter académico.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Antropólogos
- Arqueólogos
- Etnólogos
- Xeógrafos
- Sociólogos
- Criminólogos

2822 Filósofos, historiadores e profesionais en ciencias políticas

Os filósofos, historiadores e especialistas en ciencias políticas realizan investigacións sobre a natureza da experiencia e a existencia humanas, as distintas fases ou aspectos da historia humana e as estruturas, movementos e comportamentos políticos. Documentan os seus achados e difúndenos para que inspiren e orienten actuacións políticas e individuais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar, sobre todo mediante o razoamento sistemático, as causas, principios e significados xerais do mundo físico e das accións, a experiencia e a existencia humanas, e interpretar ou desenvolver teorías e conceptos filosóficos;
- consultar e comparar fontes primarias, como os rexistros orixinais ou contemporáneos de acontecementos pretéritos, e fontes secundarias, como os restos e obxectos arqueolóxicos ou antropolóxicos;
- extraer material pertinente, comprobar a súa autenticidade e reconstituír a historia de determinado período, país ou rexión ou de determinado aspecto (por exemplo,

- económico, social ou político) da súa historia;
- realizar investigacións en campos como a filosofía política e a teoría e a práctica antigas ou contemporáneas dos sistemas, institucións e comportamentos políticos;
- observar as institucións e opinións políticas contemporáneas e reunir información sobre elas partindo de diversas fontes, incluídas entrevistas con funcionarios públicos, membros de partidos políticos e outras personalidades;
- elaborar teorías, modelos e métodos para interpretar e describir a natureza da experiencia humana e dos acontecementos e comportamentos históricos e políticos;
- presentar os resultados e conclusións dos seus estudos na forma máis adecuada para a súa publicación ou a súa utilización por funcionarios públicos, membros de partidos políticos ou doutros organismos e demais persoas interesadas;
- preparar relatorios e informes de carácter académico.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xenealoxistas
- Historiadores
- Filósofos
- Politólogos

2823 Psicólogos

Os psicólogos investigan e estudan os procesos mentais e o comportamento dos seres humanos, individualmente ou como membros de grupos, e aplícanos para promover a adaptación e desenvolvemento persoal, social, educativo ou profesional.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e administrar probas para determinar as características mentais, físicas e doutro tipo das persoas, por exemplo no que se refire á intelixencia, facultades, aptitudes e capacidades, interpretar e avaliar os resultados e brindar asesoramento ao respecto;
- analizar a influencia dos factores hereditarios, sociais, profesionais e doutro xénero sobre o xeito de pensar e o comportamento de cada persoa;
- realizar entrevistas de carácter terapéutico ou de asesoramento a persoas ou grupos, e prestar servizos de seguimento;
- manter os contactos necesarios con familiares, autoridades docentes ou empregadores, e recomendar posibles solucións para resolver ou tratar os problemas;
- estudar os factores psicolóxicos no diagnóstico, tratamento e prevención de enfermidades mentais e trastornos emocionais ou da personalidade, e consultar con profesionais de ramas conexas;
- preparar relatorios e informes de carácter académico;
- preparar probas de rendemento, diagnósticas e predictivas para o seu uso polos profesores na planificación dos métodos e o contido do ensino;
- realizar enquisas e estudos de investigación sobre o deseño de postos de traballo, os grupos de traballo, o estado de ánimo, a motivación, a supervisión e a dirección do persoal;
- elaborar teorías, modelos e métodos para interpretar e describir os comportamentos humanos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Psicólogos escolares
- Psicólogos de empresa
- Psicoterapeutas
- Psicólogos deportivos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Psicólogos clínicos, 2159
- Psiquiatras, 2112

2824 Profesionais do traballo e a educación social

Os profesionais do traballo e a educación social prestan asesoramento e orientación a persoas, familias, grupos, comunidades e organizacións en resposta a dificultades persoais e sociais. Axudan ás persoas a desenvolveren habilidades e a accederen aos recursos e os servizos de apoio que necesitan para dar resposta aos problemas vinculados ao desemprego, a pobreza, as minusvalideces, as adiccións, os comportamentos delituosos e ás circunstancias conxugais ou doutros tipos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar entrevistas aos usuarios, individualmente, en familias ou en grupos para avaliar a súa situación e determinar os tipos de servizos que precisan;
- analizar a situación en que se achán as persoas e suxerir distintas opcións acerca do xeito en que poidan resolver os seus problemas;
- reunir antecedentes e informes para a súa presentación ante os tribunais ou outras instancias legais;
- prestar asesoramento e servizos terapéuticos e de mediación e facilitar a asistencia a sesións de grupo para axudar ás persoas a desenvolveren as habilidades persoais que necesitan para abordar e resolver os seus problemas persoais e sociais;
- planificar e aplicar programas de asistencia ás persoas que inclúan a intervención en casos de crise e a remisión a entidades que presten axuda financeira, asistencia xurídica, servizos de vivenda, tratamento médico e outro tipo de servizos;
- investigar os casos de malos tratos ou de abandono e adoptar medidas para protexer os nenos e as demais persoas en risco;
- traballar cos que infrinxiron a lei durante os procesos xudiciais e unha vez ditada a sentenza, e axudarlles a integrarse na comunidade e a cambiar as súas actitudes e comportamentos para reducir a comisión de infraccións futuras;
- asesorar as autoridades penitenciarias e os servizos responsables da liberdade condicional e a liberdade vixiada para determinar se procede manter en prisión os condenados, libéralos ou sometelos a outras medidas correctivas e, se é o caso, en que condicións;
- actuar na comunidade en defensa de colectivos e exercer presión para solucionar os problemas que os afectan;
- elaborar programas de prevención e de intervención para satisfacer necesidades da comunidade;
- manter contactos con outras entidades de servizos sociais, centros de ensino e servizos sanitarios, para facilitalos e obter información sobre a situación xeral e os progresos das persoas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Traballadores sociais
- Asistentes sociais
- Educadores sociais
- Educadores de familia
- Orientadores sociolaborais
- Axentes de desenvolvemento local

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Psicólogos, 2823
- Axentes de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, 2825
- Técnicos de apoio ao desenvolvemento local, 3713
- Promotores de igualdade de oportunidades para mulleres e homes, 3714
- Integradores sociais, 3713

2825 Axentes de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Os axentes de igualdade de oportunidades para mulleres e homes deseñan, dirixen, coordinan, dinamizan, desenvolven, xestionan e avalían plans, programas, proxectos e campañas de acción positiva referidos á igualdade de oportunidades e xénero en diferentes áreas e ámbitos profesionais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- analizar e investigar a realidade dun ámbito concreto en relación á igualdade de xénero;
- deseñar, desenvolver e avaliar programas, proxectos, accións positivas, campañas, normas e pautas coordinando os distintos organismos e axentes implicados;
- asesorar a Administración, os axentes sociais, as empresas e similares en materia de iniciativas e lexislación sobre igualdade de oportunidades;
- actuar como intermediario entre a Administración os colectivos de mulleres e os axentes sociais en asuntos referentes a igualdade de oportunidades;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes de igualdade de oportunidades para mulleres e homes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Psicólogos, 2823
- Traballadores sociais, 2824
- Educadores sociais, 2824
- Integradores sociais, 3713
- Promotores de igualdade de oportunidades para mulleres e homes, 3714

283 Sacerdotes das distintas relixións**2830 Sacerdotes das distintas relixións**

Os sacerdotes das distintas relixións perpetúan as crenzas, tradicións e prácticas sagradas. Ofician en servizos relixiosos, celebran cerimonias e oficios relixiosos, prestan orientación espiritual e moral e desempeñan outras funcións vinculadas á práctica da relixión.

Nota: Os membros das ordes relixiosas cuxo labor implique a realización de tarefas propias doutras ocupacións, como as de profesor, enfermeiro ou traballador social, deben clasificarse atendendo ás tarefas principais que leven a cabo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- perpetuar tradicións, prácticas e crenzas sagradas;
- oficiar en servizos relixiosos ou celebrar cerimonias e oficios relixiosos;
- desempeñar diversas funcións administrativas e sociais, incluídas a participación en comisións e reunións de organizacións relixiosas;
- prestar orientación espiritual e moral de conformidade coa relixión profesada;
- propagar doutrinas relixiosas no propio país ou no estranxeiro;
- preparar e dar sermóns;
- elaborar e dirixir cursos de estudo e programas de educación relixiosa;
- asesorar as persoas en relación con problemas de relación interpersoal, de saúde, financeiros e relixiosos;
- programar actos especiais, como campamentos, conferencias, seminarios e retiros, e participar neles.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Bonzos
- Imáns
- Sacerdotes
- Rabinos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Predicadores laicos, 3716
- Catequistas, 3716

29 Profesionais da cultura e o espectáculo

291 Arquivistas, bibliotecarios, conservadores e afíns

2911 Arquivistas e conservadores de museos

Os arquivistas e conservadores de museos reúnen, avalían e conservan en condicións de seguranza o contido de arquivos, obxectos e rexistros de interese histórico, cultural, administrativo ou artístico e de obxectos artísticos e doutros tipos. Planifican, deseñan e aplican sistemas para a conservación en condicións de seguranza de rexistros e de documentos de valor histórico.

Entre as súas tarefas inclúense:

- avaliar e conservar rexistros para fins administrativos, históricos, xurídicos, probatorios ou outros;
- dirixir ou realizar a preparación de índices, bibliografías, copias en microfilme e outras referencias e medios de acceso ao material reunido, e poñelos ao dispor

dos usuarios;

- investigar a orixe, distribución e utilización dos materiais e obxectos de interese histórico e cultural;
- organizar, ampliar e conservar coleccións de obxectos de importancia artística, cultural, científica ou histórica;
- dirixir ou efectuar a clasificación e catalogación das coleccións existentes en museos e galerías de arte, e organizar exposicións;
- estudar, avaliar, ampliar, organizar e conservar materiais valiosos e de importancia histórica, como documentos oficiais e privados, fotografías, mapas, manuscritos e materiais audiovisuais;
- preparar relatorios e informes de carácter académico;
- planificar e aplicar a xestión informatizada dos arquivos e os rexistros electrónicos;
- organizar exposicións en museos e galerías de arte, facer publicidade delas e organizar exposicións especiais de interese xeral, especializado ou educativo;
- valorar e adquirir materiais de arquivo para establecer e ampliar coleccións de arquivo para fins de investigación.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Arquivistas
- Conservadores de galería de arte
- Conservadores de museo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Documentalistas, 2912

2912 Bibliotecarios, documentalistas e afíns

Os bibliotecarios, documentalistas e afíns reúnen, seleccionan, amplían, organizan e manteñen bibliotecas e outros arquivos de información, organizan e controlan outros servizos de biblioteca e facilitan información aos usuarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- organizar, ampliar e conservar coleccións sistemáticas de libros, revistas e outras obras dispoñibles en forma impresa, audiovisual ou dixital;
- seleccionar e recomendar novas adquisicións de libros, revistas e outras obras dispoñibles en forma impresa, audiovisual ou dixital;
- organizar, clasificar e catalogar o material de bibliotecas;
- xestionar o préstamo de obras e os servizos de préstamos entre bibliotecas, así como as redes de información;
- buscar, recuperar e entregar documentación e referencias bibliográficas a profesionais, empresas, institucións ou outros usuarios baseándose na propia biblioteca ou en sistemas de recuperación de datos ou de ligazón con outras redes de información;
- realizar estudos sobre servizos de biblioteca e información e analizar e modificar os que se prestan, en función das necesidades dos usuarios;
- deseñar e aplicar sistemas e modelos conceptuais de almacenamento, organización, clasificación e recuperación da información;
- preparar relatorios e informes de carácter académico;
- realizar procuras manuais, en liña ou por medios interactivos, efectuar préstamos entre bibliotecas e desempeñar outras funcións para axudar aos usuarios a acce-

der ás obras das bibliotecas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Bibliógrafos
- Documentalistas
- Bibliotecarios

292 Escritores, xornalistas e lingüistas

2921 Escritores

Os escritores planifican, estudan e escriben libros, guións, guións gráficos, obras teatrais, ensaios, discursos, manuais, especificacións e artigos non xornalísticos (excluíndose, pois, os traballos para diarios, revistas e outras publicacións periódicas) para a súa publicación ou presentación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- concibir, escribir ou corrixir relatos, obras teatrais, guións, obras de poesía e outras para a súa publicación ou presentación;
- realizar investigacións para establecer os feitos que van formar parte do contido das obras e obter a restante información necesaria;
- escribir guións, diálogos e outros textos e preparar programas para producións teatrais, cinematográficas, radiofónicas e televisivas;
- analizar documentos tales como especificacións, notas e planos e redactar manuais, guías de usuario e outros documentos que expliquen clara e concisamente a instalación, funcionamento e mantemento de software e de equipamentos electrónicos, mecánicos ou doutros tipos;
- redactar folletos, manuais e publicacións técnicas similares;
- seleccionar manuscritos para a súa publicación, comprobar o estilo, a redacción e a exactitude do contido, facer os cambios necesarios e corrixir as probas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Escritores
- Coordinadores de editorial
- Ensaístas
- Novelistas
- Dramaturgos
- Poetas
- Guionistas
- Redactores de discursos
- Redactores técnicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Redactores publicitarios, 2651
- Redactores de relacións públicas, 2652
- Xornalistas, 2922
- Redactores-xefes de prensa, 2922

2922 Xornalistas

Os xornalistas investigan, examinan, interpretan e comunican noticias e informacións de interese público a través da prensa, a televisión, a radio e outros medios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- reunir noticias locais, nacionais e internacionais mediante a realización de entrevistas, o estudo e a observación, a asistencia a actos públicos, a procura de documentos, a revisión de traballos escritos e a asistencia á proxección de películas e a representación de obras teatrais;
- reunir, comentar e redactar noticias e informacións de actualidade para a súa publicación en diarios e revistas ou a súa difusión por radio ou televisión ou a través da web;
- recibir, analizar e comprobar as noticias e calquera outro texto para garantir a súa exactitude;
- entrevistar políticos e outras personalidades públicas en conferencias de prensa, entrevistas e outras oportunidades, mesmo gravándoas para a súa difusión por radio ou televisión ou a través da web;
- analizar as novidades producidas en ámbitos como a medicina, a ciencia e a tecnoloxía, e informar delas;
- redactar editoriais e comentarios sobre temas de actualidade para estimular o interese público e expresar os puntos de vista dunha publicación ou emisora de radiodifusión;
- redactar recensións e críticas de obras literarias, musicais e artísticas doutros tipos, baseándose nos coñecementos, o xuízo e a experiencia propios, para a prensa, a televisión, a radio e outros medios de comunicación;
- seleccionar manuscritos para a súa publicación, comprobar o estilo, a redacción, a exactitude e a legalidade do contido, e facer as correccións necesarias;
- manter contactos co persoal de produción para a corrección de probas;
- escoller, reunir e preparar material publicitario sobre as actividades de empresas e outras organizacións, para a súa difusión mediante a prensa, a radio, a televisión e outros medios de comunicación.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xornalistas
- Redactores-xefes de prensa
- Redactores deportivos
- Reporteiros de radio/TV
- Críticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesionais de relacións públicas, 2652
- Escritores, 2921
- Coordinadores de editorial, 2921
- Reporteiros gráficos, 3731
- Operadores de cámara, 3831

2923 Filólogos, intérpretes e tradutores

Os filólogos, intérpretes e tradutores traducen por escrito ou interpretan oralmente, e estudan a orixe, desenvolvemento e estrutura das linguas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- estudar as relacións entre linguas antigas orixinais e grupos lingüísticos modernos derivados delas, investigar a orixe e a evolución de palabras e formas gramaticais e lingüísticas e presentar os resultados de tales estudos;
- asesorar sobre sistemas de clasificación de linguas, gramáticas, dicionarios e outro material similar, ou dedicarse á súa elaboración;
- traducir dunha lingua para outra asegurándose de que se respecta o sentido exacto do texto orixinal, de que se verten correctamente os xiros e a terminoloxía de textos xurídicos, técnicos ou científicos e de que se conserva na medida do posible o espírito e o estilo das obras literarias;
- idear métodos para o uso de ordenadores e outros instrumentos como medios de aumentar a produtividade do traballo de tradución e revisión e a calidade das traducións;
- interpretar oralmente dunha lingua ou linguaxe de signos a outra lingua ou linguaxe de signos, particularmente en conferencias, reunións e encontros similares, procurando transmitir o significado correcto do orixinal e, na medida do posible, o seu espírito;
- revisar e corrixir traducións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Intérpretes
- Lexicógrafos
- Filólogos
- Intérpretes da linguaxe de signos
- Subtituladores
- Tradutores
- Tradutores-revisores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Escritores, 2921
- Coordinadores de editorial, 2921
- Xornalistas, 2922

293 Artistas creativos e interpretativos

2931 Artistas de artes plásticas e visuais

Os artistas de artes plásticas e visuais crean e executan obras de escultura, pintura, debuxo, banda deseñada, gravado e outras técnicas artísticas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- concibir e desenvolver ideas, deseños e estilos para obras de pintura, debuxo e escultura;
- dispoñer os obxectos, colocar os modelos na posición desexada e seleccionar as paisaxes e as demais formas visuais de acordo co desexado;
- seleccionar os medios, métodos e materiais artísticos;
- crear esculturas figurativas ou abstractas en tres dimensións ou en relevo, mode-

- lando, tallando, traballando e combinando materiais como madeira, pedra, arxila, metal, xeo ou papel;
- crear pinturas e debuxos representativos ou abstractos empregando lapis, pinceis, tinta, xiz, óleo e acuarelas ou mediante a aplicación doutras técnicas;
- crear debuxos e gravados sobre metal, madeira ou outros materiais;
- crear bandas deseñadas para representar persoas ou acontecementos, a miúdo en forma de caricatura;
- restaurar pinturas e outros obxectos de arte deteriorados, sucios ou descoloridos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Debuxantes de banda deseñada
- Debuxantes publicitarios
- Restauradores de cadros
- Retratisas
- Escultores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Artesán, 761
- Deseñador de produtos e pezas, 2482
- Deseñador gráfico, 2156
- Profesor de pintura (clases particulares ou academias), 2324

2932 Compositores, músicos e cantantes

Os compositores, músicos e cantantes compoñen, adaptan, dirixen ou interpretan composicións musicais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- crear estruturas melódicas, harmónicas e rítmicas para expresar ideas e emocións de forma musical;
- traducir ideas e conceptos en signos e símbolos musicais normalizados, para a súa reprodución ou interpretación;
- adaptar ou arranxar partituras musicais para determinados instrumentos ou conxuntos instrumentais ou vocais ou para a súa execución en circunstancias particulares;
- dirixir conxuntos instrumentais ou vocais;
- seleccionar obras musicais para a súa interpretación e asignar as distintas partes instrumentais aos intérpretes;
- tocar un ou varios instrumentos musicais como solista ou como membro dunha orquestra ou grupo musical;
- cantar como solista ou como membro dun grupo musical ou dunha banda doutro tipo;
- practicar e repetir para conseguir e manter un alto nivel interpretativo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de banda
- Compositores
- Instrumentistas
- Directores musicais
- Músicos de salas de festa

- Orquestradores
- Cantantes
- Músicos na rúa

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de música (clases particulares ou academias), 2323

2933 Coreógrafos e bailaríns

Os coreógrafos e bailaríns conciben e crean ou interpretan danzas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- idear e crear a coreografía de danzas, nas cales a miúdo se interpreta unha historia, tema, argumento ou sentimento, mediante unha serie de pasos, movementos e xestos;
- danzar como solistas, cunha parella ou como membros dun grupo de danza, en directo ou para a gravación en cinema, televisión ou outros medios visuais;
- adestrarse, exercitarse e asistir a clases de danza para manter os niveis de aptitude e de estado físico requiridos;
- dirixir ensaios para practicar os pasos e técnicas de danza requiridos para unha actuación, e participar neles;
- participar en probas para elixir os que van desempeñar determinados papeis ou a formar parte dunha compañía de danza;
- coordinar a produción musical cos directores musicais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Coreógrafos
- Bailaríns de ballet
- Bailaríns de espectáculos
- Bailaríns na rúa

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesores de baile (clases particulares ou academias), 2323

2934 Directores de cinema, de teatro e afíns

Os directores de cinema, de teatro e afíns supervisan e controlan os aspectos técnicos e artísticos das películas cinematográficas, as producións de radio e televisión e as representacións teatrais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- elixir os guionistas, examinar os guións para concretar a súa interpretación artística e dar instrucións aos actores sobre os métodos de actuación;
- dirixir todos os aspectos das producións de cinema, teatro, radio ou televisión, incluído a elección dos actores, e tomar as decisións definitivas sobre o vestiario, a escenografía ou os efectos de son e de luz;
- planificar, organizar e controlar as diversas etapas implícitas nas representacións teatrais, as producións cinematográficas, os espectáculos de televisión e os programas de radio;

- contratar e supervisar o persoal técnico e determinar a formulación, alcance e calendario da produción;
- manter arquivos da produción e negociar os canons de propiedade intelectual;
- crear, planificar e redactar guións para programas de gravación sonora, gravación en vídeo e edición de imaxe;
- supervisar a posición dos decorados, do atrezzo e dos equipamentos de luz e de son.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Directores de documentais
- Directores de cinema
- Directores de fotografía
- Directores de escena
- Directores técnicos
- Realizadores de radio ou TV
- Produtores de cinema, radio e televisión

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos de radiodifusión, 3832
- Técnicos audiovisuais, 3831
- Rexedores, 3739

2935 Actores

Os actores actúan en películas, producións de radio ou televisión e producións teatrais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- aprender o texto de monólogos ou diálogos e outros elementos do seu papel, inclusive cada momento en que lle toque intervir, e desempeñalo en representacións de teatro, radio, cinema ou televisión;
- asumir os personaxes creados polo autor e comunicalos ao público;
- narrar historias ou ler obras literarias en voz alta para instruír ou distraer os oíntes;
- asistir a probas e a sesións de selección dos actores que traballarán nos distintos papeis;
- prepararse para as actuacións ensaiando baixo a orientación e as instrucións do director de produción;
- ler os guións e traballar para comprender os distintos papeis, temas e características;
- representar os papeis ensaiados en producións teatrais e de cinema, radio e televisión.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Actores
- Mimos
- Contacontos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Especialistas, 3739
- Figurantes, 3739

2936 Locutores de radio, televisión e outros presentadores

Os locutores de radio, televisión e outros presentadores presentan noticias, comunicados, anuncios, comentarios e programas e introducen ou entrevistan distintos participantes en emisións difundidas por radio ou televisión, en representacións teatrais e noutros medios de comunicación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ler boletíns de noticias e anunciar diversos acontecementos e programas por radio ou televisión;
- presentar os artistas que vaian interpretar en público ou persoas a punto de seren entrevistadas, e facer anuncios similares por radio ou televisión ou en diversas salas de espectáculos ou de entretemento ou noutros lugares;
- entrevistar persoas ante o público, sobre todo por radio e televisión;
- estudar a información de fondo dispoñible, para preparar os programas ou entrevistas;
- facer comentarios sobre cuestións musicais ou doutro tipo, como o tempo ou as condicións de tráfico.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Locutores de radio
- Locutores de televisión
- Presentadores de noticias
- Locutores deportivos
- Presentadores do tempo
- Informadores do estado do tránsito

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xornalistas, 2922

2937 Profesionais de espectáculos taurinos

Os profesionais de espectáculos taurinos participan nunha ou varias sortes das que compoñen este tipo de espectáculos como tourear a pé, a cabalo, picar o touro, etc.

Entre as súas tarefas inclúense:

- dirixir a lida no toureo a pé sendo responsable das distintas fases deste;
- lidar os touros a cabalo poñendo bandarillas e picas;
- axudar ao toureiro de a pé ou dacabalo nas distintas fases da lida;
- participar en espectáculos cómico-taurinos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Toureiros
- Bandarilleiros
- Toureiros da cabalo
- Novilleiros

2939 Artistas creativos e interpretativos non clasificados baixo outras epígrafes

Inclúense neste grupo primario os artistas creativos e interpretativos non clasificados baixo ningunha outra epígrafe do subgrupo 293, Artistas creativos e interpretativos. Inclúense, por exemplo, os pallasos, prestidixitadores, acróbatas e outros artistas do espectáculo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facer pallasadas e contar historias graciosas;
- realizar xogos de prestidixitación e demostracións de hipnotismo;
- executar acrobacias, exercicios ximnásticos ou xogos malabares difíciles e espectaculares;
- domar e adestrar animais e facelos actuar.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Acróbatas
- Equilibristas
- Pallasos
- Hipnotizadores
- Prestidixitadores
- Monicrequeiros
- Cómicos
- Ventrílocuos
- Domadores

3 Técnicos; profesionais de apoio

D Técnicos; profesionais de apoio

31 Técnicos das ciencias e das enxeñaría

311 Delineantes e debuxantes técnicos

3110 Delineantes e debuxantes técnicos

Os delineantes e debuxantes técnicos preparan debuxos, planos e ilustracións técnicos partindo de esbozos, medicións e outros datos, e realizan debuxos e ilustracións para impresión directa.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar e revisar debuxos de taller partindo de esbozos e especificacións preparados por enxeñeiros e proxectistas para a fabricación, instalación e montaxe de máquinas e equipamentos, ou para a construción, modificación, mantemento e reparación de edificios, encoros, pontes, estradas e outros proxectos de arquitectura e de enxeñaría civil;
- utilizar material de debuxo asistido por ordenador para crear, modificar e obter representacións de debuxos de taller en forma impresa ou dixital;
- manexar ordenadores destinados á representación dixital ou equipamentos similares para dar forma dixital a representacións impresas de debuxos de taller, mapas

- e outras curvas;
- preparar e revisar ilustracións para obras de referencia, folletos e manuais técnicos que traten da montaxe, instalación, funcionamento, conservación e reparación de maquinaria e outros equipamentos e bens;
- copiar debuxos e ilustracións sobre pedra litográfica ou prancha metálica para a súa impresión;
- preparar diagramas de cableado, diagramas de placas de circuíto impreso e planos para a fabricación, instalación e reparación de equipamentos eléctricos de fábricas, centrais eléctricas e edificacións;
- crear diagramas de detalle de máquinas e dispositivos mecánicos, incluíndo as súas dimensións, métodos de suxeición e outra información de enxeñaría;
- organizar a reprodución dos debuxos rematados, para o seu uso como debuxos de taller.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Delineantes e debuxantes técnicos
- Ilustradores técnicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en topografía, 2483
- Enxeñeiros en cartografía, 2454

312 Técnicos das ciencias físicas, químicas, ambientais e das enxeñarías

3121 Técnicos en ciencias físicas e químicas

Os técnicos en ciencias físicas e químicas executan tarefas técnicas relacionadas coa investigación e as aplicacións industriais, médicas, militares e doutra índole dos coñecementos logrados nos campos da química, a física, a xeoloxía, a xeofísica, a meteoroloxía e a astronomía.

Entre as súas tarefas inclúense:

- reunir e preparar mostras, materiais e instrumentos, aparellos e outros equipamentos para experimentos, probas e análises;
- realizar ensaios de laboratorio habituais e desempeñar diversas funcións de apoio para axudar aos científicos químicos e físicos na investigación, o desenvolvemento, a análise e os ensaios;
- controlar a calidade e cantidade das fornecementos de laboratorio ensaiando mostras, supervisando o seu uso e preparando cálculos e estimacións detallados das cantidades e custos dos materiais e a man de obra necesarios para os proxectos, de acordo coas especificacións establecidas;
- dispoñer, manexar e manter os instrumentos e equipamentos de laboratorio, supervisar os experimentos, facer observacións e calcular e rexistrar os resultados;
- preparar os materiais para experimentación, conxelando e cortando mostras, por exemplo, ou mesturando produtos químicos;
- reunir e ensaiar mostras de orixe terrestre e acuática, rexistrar as observacións e analizar os datos en apoio dos xeólogos e xeofísicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos químicos
- Técnicos xeólogos
- Técnicos meteorólogos
- Técnicos físicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos e analistas de laboratorio en química industrial, 3127
- Técnicos en control de instalacións de procesamento de produtos químicos, 3133
- Técnicos en ciencias biolóxicas, 3141

3122 Técnicos en construción

Os técnicos en construción executan tarefas técnicas relacionadas coa investigación en materia de enxeñaría civil e coa preparación de proxectos e a construción, funcionamento, mantemento e reparación de edificios e outras obras e estruturas, como sistemas de abastecemento de auga e de rede de sumidoiros, pontes, estradas, presas e aeroportos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar ou participar en ensaios e experimentos sobre o terreo e en laboratorio de solos e materiais de construción;
- proporcionar asistencia técnica relacionada coa construción de edificios e outras obras de enxeñaría civil, incluíndo o levantamento topográfico e os informes ao respecto;
- asegurar o cumprimento das especificacións do proxecto, a lexislación aplicable e as normas de calidade desexadas no que concirne aos materiais e ao traballo realizado;
- aplicar coñecementos técnicos dos principios e prácticas da enxeñaría civil para identificar e resolver os problemas que xurdan;
- axudar a preparar estimativas detalladas de cantidades e custos de materiais e man de obra necesarios para as obras, de conformidade coas especificacións establecidas;
- organizar o servizo de mantemento e as reparacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en construción
- Técnicos de seguranza na construción
- Técnicos de obras públicas
- Técnicos en xeotecnia (construción)
- Técnicos en topografía
- Técnicos de prevención de incendios na construción
- Técnicos de montaxe de instalacións na construción
- Técnicos en instalacións de sistemas antiincendios
- Mestres de obras (clerk of works)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos de obras públicas, 2462
- Encargados, construción de edificios, 3202

3123 Técnicos en electricidade

Os técnicos en electricidade executan tarefas técnicas relacionadas coa investigación en materia de electrotecnia e co proxecto, fabricación, montaxe, construción, funcionamento, mantemento e reparación de equipamentos, instalacións e sistemas de distribución eléctricos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar traballos técnicos relacionados coa investigación e o desenvolvemento de instalacións e equipamentos eléctricos, ou ensaiar prototipos;
- proxectar e preparar planos de instalacións e circuítos eléctricos baseados nas especificacións establecidas;
- preparar cálculos e estimacións detallados de cantidades e custos dos materiais e man de obra necesarios para a fabricación e a montaxe das instalacións, de conformidade coas especificacións establecidas;
- efectuar o control técnico da fabricación, instalación, utilización, mantemento e reparación de sistemas, instalacións e equipamentos eléctricos para garantir o seu funcionamento satisfactorio e o cumprimento das especificacións, normas e regulamentos pertinentes;
- planificar métodos de instalación, comprobar a seguranza e os mandos das instalacións realizadas e ocuparse do funcionamento inicial dos novos sistemas, instalacións ou equipamentos;
- montar, instalar, ensaiar, calibrar, modificar e reparar os sistemas, instalacións ou equipamentos de forma que cumpran a normativa e os requisitos de seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en electricidade
- Técnicos en transmisión de enerxía eléctrica

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en electricidade, 2471
- Técnicos en electrónica, 3124
- Técnicos en instalacións de produción de enerxía, 3131
- Mecánicos e reparadores de equipamentos eléctricos, 7521
- Montadores de maquinaria eléctrica, 8202

3124 Técnicos en electrónica (salvo electromedicina)

Os técnicos en electrónica realizan tarefas técnicas relacionadas coa investigación en materia electrónica e co proxecto, fabricación, montaxe, construción, funcionamento, mantemento e reparación de equipamentos electrónicos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- prestar asistencia técnica na investigación e desenvolvemento de equipamentos electrónicos e ensaiar prototipos;
- proxectar e preparar planos de circuítos electrónicos de conformidade coas especificacións establecidas;
- preparar cálculos e estimacións detallados de cantidades e custos dos materiais e

man de obra necesarios para a fabricación e instalación de equipamentos electrónicos, de conformidade coas especificacións establecidas;

- efectuar o control técnico da fabricación, utilización, mantemento e reparación de equipamentos electrónicos para garantir o seu funcionamento satisfactorio e o cumprimento das especificacións, normas e regulamentos pertinentes;
- axudar no proxecto, desenvolvemento, instalación, funcionamento e mantemento de sistemas electrónicos;
- planificar métodos de instalación, comprobar a seguranza e os mandos das instalacións realizadas e ocuparse do funcionamento inicial dos novos sistemas, instalacións ou equipamentos electrónicos;
- realizar ensaios de sistemas electrónicos, reunir e analizar datos e montar circuítos en axuda dos enxeñeiros electrónicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en electrónica

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en electrónica, 2472
- Técnicos en electricidade, 3123
- Técnicos en electromedicina, 3125
- Técnicos en enxeñaría das telecomunicacións, 3833
- Mecánicos e reparadores de equipamentos electrónicos, 7531
- Montadores de equipamentos electrónicos, 8202

3125 Técnicos en electrónica, especialidade en electromedicina

Os técnicos en electrónica, especialidade en electromedicina, planifican, xestionan e supervisan a instalación e o mantemento dos produtos sanitarios activos non implantables (PSANI) en sistemas de electromedicina e as súas instalacións asociadas, baixo criterios de calidade, en condicións de seguranza e cumprindo a normativa vixente. Desenvolven a súa actividade profesional en centros sanitarios, públicos ou privados, nos servizos de electromedicina, e en empresas fabricantes, distribuidoras ou fornecedoras de servizos de electromedicina, nos departamentos de asistencia técnica ou atención ao cliente, tanto por conta propia ou allea.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar as características técnicas dos equipamentos adecuadas ás necesidades do centro sanitario;
- seleccionar os equipamentos, elementos e materiais;
- determinar os custos dos equipamentos e instalacións;
- desenvolver programas de montaxe dos equipamentos;
- planificar as probas de seguranza, funcionamento e posta en servizo dos equipamentos;
- elaborar a documentación correspondente á montaxe e mantemento do sistema;
- realizar a reformulación e lanzamento da obra;
- realizar o seguimento e supervisión do programa de montaxe dos equipamentos;
- realizar e supervisar as intervencións para a montaxe dos equipamentos;
- realizar e supervisar as probas de seguranza, funcionamento e posta en marcha dos equipamentos;
- aplicar programas de xestión de residuos;

- desenvolver e xestionar programas para o aprovisionamento de medios e materiais para o mantemento;
- desenvolver programas para o mantemento dos equipamentos;
- organizar e controlar as intervencións para o mantemento dos equipamentos;
- realizar o diagnóstico da avaría ou disfunción de equipamentos e instalacións;
- supervisar e realizar as intervencións para o mantemento dos equipamentos;
- determinar as necesidades de formación dos usuarios e do persoal do servizo no manexo dos equipamentos;
- formar os usuarios da instalación no manexo dos equipamentos e nas medidas de seguranza que se deben adoptar.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en electromedicina
- Xefes de equipo de instaladores de sistemas de electromedicina
- Coordinadores e supervisores de mantemento de sistemas de electromedicina
- Especialistas en aplicacións electromédicas
- Especialistas en produto de sistemas de electromedicina
- Asesores técnicos de sistemas de electromedicina

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Instaladores e reparadores en electromedicina, 7532

3126 Técnicos en mecánica

Os técnicos en mecánica executan tarefas técnicas relacionadas coa investigación en materia de enxeñaría mecánica e co proxecto, fabricación, construción, montaxe, funcionamento, mantemento e reparación de máquinas, equipamentos e instalacións mecánicos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar traballos técnicos relacionados cos labores de investigación e desenvolvemento relativos a máquinas, equipamentos, compoñentes e instalacións mecánicos, e ensaiar prototipos;
- proxectar e preparar planos de máquinas, equipamentos, compoñentes e instalacións mecánicos, de conformidade coas especificacións establecidas;
- preparar cálculos e estimacións detallados de cantidades e custos dos materiais e man de obra necesarios para a fabricación e a montaxe das instalacións, de conformidade coas especificacións establecidas;
- efectuar o control técnico da fabricación, utilización, mantemento e reparación de máquinas, equipamentos, compoñentes e instalacións mecánicos para garantir o seu funcionamento satisfactorio e o cumprimento das especificacións, normas e regulamentos pertinentes;
- desenvolver e vixiar o cumprimento das normas de seguranza e dos procedementos de inspección naval no que concirne ás estruturas (casco etc.), máquinas, aparellos de carga e descarga e outro equipamento mecánico dos buques;
- montar e instalar conxuntos, compoñentes, útiles e mandos de máquinas e sistemas hidráulicos, tanto novos coma modificados;
- realizar ensaios de sistemas mecánicos, reunir e analizar datos, e mais montar e instalar conxuntos mecánicos para axudar aos enxeñeiros mecánicos;
- garantir que os proxectos de enxeñaría mecánica e os traballos acabados cum-

pren as especificacións, regulamentos e cláusulas contractuais existentes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos aeronáutico
- Técnicos en enxeñaría naval
- Técnicos en enxeñaría mecánica

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos mecánicos, 2463
- Mecánicos de máquinas industriais, 7403
- Ensambladores de maquinaria mecánica, 8201

3127 Técnicos e analistas de laboratorio en química industrial

Os técnicos e analistas de laboratorio en química industrial executan tarefas técnicas relacionadas coa investigación en materia de enxeñaría química e co proxecto, fabricación, construción, funcionamento, mantemento e reparación de instalacións, procesos e equipamentos da industria química.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar traballos técnicos relacionados cos labores de investigación e desenvolvemento relativos a procesos, instalacións e equipamentos de química industrial, e ensaiar prototipos;
- proxectar e preparar planos de instalacións químicas de conformidade coas especificacións establecidas;
- preparar cálculos e estimacións detallados de cantidades e custos dos materiais e man de obra necesarios para a fabricación e a montaxe das instalacións, de conformidade coas especificacións establecidas;
- efectuar o control técnico da construción, montaxe, funcionamento, mantemento e reparación de instalacións químicas para garantir o seu funcionamento satisfactorio e o cumprimento das especificacións, normas e regulamentos pertinentes;
- realizar ensaios de laboratorio físicos e químicos para axudar aos científicos e enxeñeiros a efectuaren análises cualitativas e cuantitativas de materiais sólidos, líquidos e gasosos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en química industrial
- Técnicos en química industrial/procesos químicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en química, 2465
- Técnicos en ciencias químicas, 3121
- Técnicos en control de instalacións de procesamento de produtos químicos, 3133

3128 Técnicos en metalurxia e minas

Os técnicos en metalurxia e minas executan tarefas técnicas relacionados coa investigación e experimentación en materia de metalurxia, co desenvolvemento de méto-

dos perfeccionados de extracción de minerais sólidos, petróleo e gas, e co proxecto, construción, funcionamento, mantemento e reparación de minas e instalacións mineiras, sistemas para o transporte e almacenamento de petróleo e gas natural e instalacións de extracción de metais dos seus minerais respectivos e a súa refinación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- prestar asistencia técnica na investigación e desenvolvemento de procesos para determinar as propiedades dos metais e de novas aliaxes;
- prestar axuda técnica en estudos xeolóxicos e topográficos e no proxecto e trazo de planos de sistemas de extracción e transporte de petróleo, gas natural e outros minerais, e de instalacións de tratamento e refinación de minerais e metais;
- preparar estimacións e cálculos detallados dos materiais e custos necesarios para os proxectos de exploración, extracción, transformación e transporte de minerais, petróleo e gas natural;
- vixiar os aspectos técnicos, normativos e de seguranza da construción, instalación, funcionamento, mantemento e reparación das instalacións de exploración, extracción, transporte e almacenamento de minerais, petróleo e gas natural e das instalacións de transformación de minerais;
- axudar a planificar e proxectar minas, galerías, túneles e centros subterráneos de primeiros auxilios;
- reunir e preparar mostras de rochas, minerais e metais, realizar ensaios de laboratorio para determinar as súas propiedades, analizar os resultados deses ensaios e informar deles, e manter os equipamentos de laboratorio;
- usar microscopios, máquinas de radiación electromagnética, espectrómetros, espectrógrafos, densímetros e máquinas de ensaios de tracción;
- axudar aos científicos a utilizar os instrumentos de medida eléctricos, sonoros ou nucleares, tanto en actividades de laboratorio como produtivas, para obter datos que indiquen as posibles fontes de minerais metálicos, gas ou petróleo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en enxeñaría de minas
- Técnicos en metalurxia/producción e refinación de metais
- Técnicos en metalurxia/fundición
- Técnicos en extracción/petróleo e gas natural

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos en minas, 2466
- Técnicos xeólogos, 3121
- Operadores de instalacións mineiras, 8111
- Mineiros, 8111

3129 Outros técnicos das ciencias físicas, químicas, ambientais e das enxeñarías

Este grupo primario abrangue os técnicos en ciencias físicas e en enxeñaría non clasificados en ningunha outra epígrafe do subgrupo 312, Técnicos das ciencias físicas, químicas e das enxeñarías. Nel inclúense, por exemplo, os técnicos que axudan aos enxeñeiros que traballan no desenvolvemento de procedementos ou na realización de investigacións sobre enxeñaría biomédica, ambiental, industrial ou da produción.

Entre as súas tarefas inclúense:

- reunir información e prestar asistencia técnica en relación coa utilización eficiente, segura e rendible da man de obra, os materiais e os equipamentos; os métodos de traballo e a sistematización da secuencia de distintas operacións e a supervisión en ambos os aspectos, e a disposición eficiente das instalacións ou do establecemento;
- axudar a identificar riscos e implantar procedementos e dispositivos de seguranza;
- modificar e ensaiar os equipamentos e dispositivos de ensaio utilizados na prevención, control e remedio da contaminación ambiental, a restauración de espazos e a recuperación de terras;
- axudar ao desenvolvemento de dispositivos para remediar a contaminación, baixo a dirección dun enxeñeiro;
- axudar aos enxeñeiros no ensaio e proxecto de equipamentos de robótica.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en planificación e control da produción
- Técnicos en organización industrial
- Técnicos en estudos de tempos e movementos
- Técnicos en estimación de tempos e custos
- Técnicos en robótica
- Técnicos en investigación de incendios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros industriais e de produción, 2431
- Enxeñeiros técnicos, estudos de tempos e movementos, 2469
- Técnicos aeronáuticos, 3126

313 Técnicos en control de procesos

3131 Técnicos en instalacións de produción de enerxía

Os técnicos en instalacións de produción de enerxía manexan, vixían e supervisan os cadros de mando e os equipamentos eléctricos afíns dos centros de control da produción e distribución de enerxía eléctrica ou de enerxía doutro tipo nas redes de transmisión. Entre eses equipamentos inclúense os reactores, turbinas, xeradores e outros equipamentos auxiliares das centrais eléctricas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar, vixiar e inspeccionar distintos tipos de instalacións de produción de enerxía;
- manexar e controlar os sistemas e equipamentos de xeración de enerxía, incluídas as caldeiras, turbinas, xeradores, condensadores e reactores das centrais hidráulicas, térmicas, nucleares ou accionadas por carbón, por petróleo ou por gas natural para a xeración e distribución de enerxía eléctrica;
- controlar o arranque e parada dos equipamentos da central, controlar os mandos, regular os niveis de auga e comunicar aos operadores do sistema a necesidade de regular e coordinar as cargas, frecuencias e tensións de liña;
- tomar lecturas dos gráficos, contadores e calibres aos intervalos establecidos, localizar as avarías e adoptar as medidas correctivas necesarias;
- cumprir e manter os rexistros e informes establecidos, e comunicalos ao persoal

- restante para a avaliación do estado de funcionamento dos equipamentos;
- ocuparse da limpeza e mantemento de equipamentos como as caldeiras, turbinas, bombas e compresores para impedir a súa avaría ou deterioración.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de central eléctrica
- Operadores de central hidroeléctrica
- Operadores de central nuclear
- Operadores de central solar
- Operadores de central de xeración de enerxía
- Operadores de sistemas de enerxía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de vapor e caldeiras, 8192

3132 Técnicos en instalacións de tratamento de residuos, de augas e outros operadores en instalacións similares

Os técnicos en instalacións de tratamento de residuos, de augas e outros operadores en instalacións similares vixían e manexan os sistemas informatizados de control e os equipamentos afíns das instalacións de tratamento de residuos sólidos e líquidos para regular o tratamento e eliminación destes, e das instalacións de filtración e tratamento de auga para regular o seu tratamento e distribución.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar e vixiar os sistemas informatizados de control, a maquinaria e os equipamentos afíns das instalacións de tratamento de augas residuais e de residuos líquidos para regular o fluxo, tratamento e eliminación destes, e das instalacións de filtración e tratamento da auga para regular o seu tratamento e distribución para consumo humano e para a súa eliminación final en sistema acuáticos naturais;
- controlar o funcionamento dos fornos e equipamentos das incineradoras nas instalacións de tratamento de residuos sólidos;
- inspeccionar os equipamentos e vixiar as súas condicións de funcionamento, así como os contadores, filtros, dispositivos de cloración e calibres da sala central de control para determinar os requisitos de carga, verificar que os caudais, presións e temperaturas se manteñen dentro das especificacións de mal funcionamento;
- vixiar e axustar os mandos dos equipamentos auxiliares, como os condutos de evacuación de emisións, as torres de lavado e as unidades de recuperación da calor da incineradora;
- reunir mostras de auga e de residuos sólidos e sometelas a ensaio para determinar o seu contido químico e bacteriano, usando equipamentos de ensaio e padróns para análise cromática;
- analizar os resultados dos ensaios co obxecto de introducir axustes nos equipamentos e sistemas da instalación para desinfectar os residuos e eliminar cheiros;
- realizar comprobacións de seguranza nas instalacións e no recinto;
- cumprir e manter rexistros e informes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de incineradora
- Operadores de estación de bombeo

- Operadores de tratamento de residuos líquidos
- Operadores de instalación de tratamento de augas residuais
- Operadores de tratamento de augas residuais
- Operadores de instalación de tratamento de augas

3133 Técnicos en control de instalacións de procesamento de produtos químicos

Os técnicos en control de instalacións de procesamento de produtos químicos accionan e vixían instalacións químicas e axustan e realizan o mantemento de máquinas e equipamentos utilizados para o procesamento de produtos químicos por destilación, filtración, separación, quentamento ou refinación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar paneis de control electrónico ou informatizado desde unha sala de control central para vixiar e optimizar os procesos físicos e químicos para diversas instalacións de procesamento;
- axustar equipamentos, válvulas, bombas, controis e equipamentos de procesamento;
- controlar a preparación, medir e subministrar as materias primas e os axentes de procesamento, como catalizadores e medios de filtración, á instalación;
- controlar o inicio e o fin do proceso, resolver problemas e vixiar os equipamentos de procesos externos;
- verificar o correcto funcionamento dos equipamentos, realizar probas de funcionamento de rutina e ocuparse do seu mantemento;
- analizar produtos de mostra, realizar probas, rexistrar datos e manter rexistros da produción.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de instalacións de tratamento químico térmico
- Operadores de equipamentos de filtración e separación de substancias químicas
- Operadores de equipamentos de destilación e de reacción química
- Técnicos en procesos químicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de instalacións de refinación de petróleo e gas natural, 3134
- Operadores de instalacións e máquinas de produtos químicos, 8131

3134 Técnicos de refinarías de petróleo e gas natural

Os técnicos de refinarías de petróleo e gas natural accionan e vixían este tipo de instalacións. Nelas axustan e manteñen unidades de procesamento e equipamentos que refinan, destilan e tratan petróleo, derivados deste ou gas natural.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar paneis de control electrónico ou informatizado desde unha sala de control central para vixiar e optimizar os procesos físicos e químicos para diversas instalacións de tratamento;
- axustar equipamentos, válvulas, bombas, controis e equipamentos de tratamento;
- controlar o inicio e a fin do proceso, resolver problemas e vixiar os equipamentos

- de procesos externos;
- verificar o correcto funcionamento dos equipamentos, vixiar o funcionamento dos pozos entubados para detectar fugas e fracturas, e ocuparse do seu mantemento;
- analizar produtos de mostra, realizar probas, rexistrar datos e manter rexistros da produción;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de amasadoras para a refinación de petróleo e gas natural
- Operadores de instalacións de parafina
- Operadores de máquinas de destilación para refinación de petróleo e gas natural
- Técnicos en procesos de refinación
- Operadores de procesamento do petróleo
- Operadores de instalacións de gas natural

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en control de instalacións de procesamento de produtos químicos, 3133
- Operadores de máquinas en plantas industriais químicas, 8131

3135 Técnicos en control de procesos de produción de metais

Os técnicos en control de procesos de produción de metais vixían e manexan máquinas e equipamentos multifunción para controlar o proceso dos fornos de conversión e refinación, os trens de laminación, as instalacións de tratamento térmico dos metais e as instalacións de extrusión de metais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- coordinar e vixiar o funcionamento de aspectos concretos do proceso dos metais a través de cadros de control, terminais de ordenador e outros sistemas de control, habitualmente desde unha sala a distancia;
- manexar máquinas multifunción de control central de procesos para triturar, separar, filtrar, fundir, tratar, refinar ou producir metais doutro modo;
- observar as listaxes de ordenador, as pantallas de visualización e os calibres para verificar que se cumpren as condicións de proceso especificadas e introducir os axustes necesarios;
- coordinar e supervisar o persoal de produción, como os operadores de máquinas e procesos, os seus asistentes e os seus auxiliares;
- arrancar e parar o sistema de produción nos casos de emerxencia ou cando así o exixa o programa;
- formar e organizar a formación do persoal de produción;
- manter un rexistro de quendas da produción e outros datos, e preparar informes de produción e doutros tipos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de control de tren de laminación
- Fundidores de alto forno

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de culler de alto forno, 8121

- Operadores de tren de laminación, 8121
- Operadores de máquinas de rematado de metais, 8122

3139 Técnicos en control de procesos non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os técnicos en control de procesos non clasificados en ningunha outra epígrafe do subgrupo 313, Técnicos en control de procesos. Nel inclúense, por exemplo, os técnicos que manexan distintos equipamentos de control de procesos en cadeas de montaxe.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de cadea de montaxe automatizada
- Controladores de robótica industrial
- Técnicos de control de proceso n.c.n.

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mineiros e outros operadores en instalacións mineiras, 8111

314 Técnicos das ciencias naturais e profesionais auxiliares afíns

3141 Técnicos en ciencias biolóxicas (salvo en áreas sanitarias)

Os técnicos en ciencias biolóxicas (salvo en áreas sanitarias) prestan apoio técnico aos profesionais en ciencias biolóxicas no seu traballo de investigación, análise e probas de organismos vivos, e de desenvolvemento e aplicación de produtos e procesos resultantes da investigación en campos como a agricultura, xestión de recursos naturais, protección do ambiente, bioloxía vexetal e animal, microbioloxía e bioloxía celular e molecular.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axudar no deseño, preparación e realización de experimentos;
- preparar, calibrar, manexar e manter en bo estado os instrumentos e aparellos de laboratorio;
- recoller espécimes e preparar mostras, solucións químicas e placas e cultivos celulares para realizar experimentos;
- realizar análises de rutina sobre o terreo e de laboratorio;
- vixiar os experimentos para asegurar que se cumpran os procedementos adecuados de control de calidade de laboratorio e as directrices en materia de saúde e seguranza;
- observar a realización de probas, e analizar, calcular, rexistrar e dar a coñecer os seus resultados utilizando os métodos científicos adecuados;
- conservar, clasificar e catalogar espécimes e mostras;
- manter rexistros detallados do traballo realizado;
- utilizar ordenadores para desenvolver modelos e analizar datos;
- utilizar aparellos complexos e de gran potencia para realizar o traballo;
- participar na investigación, o desenvolvemento e a fabricación de produtos e procesos;
- ocuparse dos pedidos e o inventario dos materiais de laboratorio;

- manter as bases de datos pertinentes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en bacterioloxía
- Técnicos en bioquímica
- Técnicos en seroloxía
- Técnicos en cultivos de tecidos
- Técnicos en zooloxía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos de laboratorio de diagnóstico clínico, 3314
- Técnicos en anatomía patolóxica e citoloxía, 3313
- Técnicos auxiliares de farmacia, 5621

3142 Técnicos agropecuarios

Os técnicos agropecuarios realizan ensaios e experimentos, e prestan asistencia técnica e científica aos agrónomos, agricultores e directores de explotacións agrarias.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar materiais e equipamentos para experimentos, ensaios e análises;
- recoller espécimes e preparar mostras de solos, células, tecidos, partes de plantas ou animais, ou órganos de animais, para realizar experimentos, ensaios e análise;
- realizar e axudar á realización de experimentos, ensaios e análise aplicando métodos e técnicas como a microscopía, a histoquímica, a cromatografía, a electroforese e a espectroscopia;
- identificar microorganismos patóxenos e insectos, parasitos, fungos e malas herbas nocivos para as plantas e para o gando, e axudar a establecer métodos de control;
- analizar os produtos obtidos, para establecer e manter normas de calidade;
- aplicar programas de traballo referidos, por exemplo, a criadeiros de peixes, cultivo en invernadoiro ou produción gandeira, e supervisar a súa realización;
- analizar mostras de distintas variedades de sementes para determinar a súa calidade, pureza e porcentaxe de xerminación;
- recoller datos e calcular ou estimar as cantidades e custos dos materiais e man de obra necesarios para os proxectos;
- organizar o mantemento e reparación dos aparellos de investigación.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Capataces agrícolas
- Traballadores cualificados na oleicultura
- Traballadores cualificados na horticultura
- Traballadores cualificados en aves de curral
- Técnicos en saúde e produción das vacas leiteiras
- Técnicos na industria láctea

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos agrícolas, 2424
- Técnicos forestais e do medio natural, 3143
- Técnicos en inseminación artificial, 3327

- Técnicos veterinarios, 3327

3143 Técnicos forestais e do medio natural

Os técnicos forestais desempeñan funcións técnicas e de supervisión en apoio da investigación forestal, a xestión e explotación dos bosques, a conservación dos recursos e a protección do ambiente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar inventarios, recoñecementos e medicións forestais segundo procedementos científicos e de traballo aceptados;
- desempeñar e axudar ao desempeño de funcións técnicas na preparación de plans de xestión e explotación dos bosques utilizando técnicas fotogramétricas e cartográficas e sistemas informatizados;
- axudar á planificación e supervisión da construción de rutas de acceso e camiños forestais;
- desempeñar e supervisar o desempeño de funcións técnicas no ámbito forestal que impliquen a preparación, plantación e atención dos bosques;
- coordinar actividades tales como a cubicación de madeira, a extinción de incendios forestais, o control de pestes ou insectos ou o rareo precomercial de masas forestais;
- desempeñar e supervisar o desempeño de funcións técnicas de explotación dos bosques;
- velar polo cumprimento dos regulamentos e políticas en materia de protección do medio, utilización dos recursos, seguranza contra incendios e prevención de accidentes;
- supervisar as actividades relativas aos viveiros forestais;
- prestar asistencia técnica aos programas de investigación forestal en ámbitos como a mellora das árbores, os viveiros forestais, o estudo de insectos e pestes, a silvicultura experimental e as investigacións sobre enxeñaría forestal;
- preparar plans de cultivo e corta forestais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos forestais
- Técnicos en silvicultura

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, 2425
- Técnicos agropecuarios, 3142

315 Profesionais en navegación marítima e aeronáutica

3151 Xefes e oficiais de máquinas

Os xefes e oficiais de máquinas controlan e participan no manexo, mantemento e reparación dos equipamentos mecánicos, eléctricos e electrónicos, e dos aparellos e máquinas a bordo de buques, ou realizan funcións de apoio en terra.

Entre as súas tarefas inclúense:

- controlar e participar no manexo, mantemento e reparación dos equipamentos mecánicos, eléctricos e electrónicos, e dos aparellos e máquinas a bordo de buques;
- encargar combustible e outros fornecementos necesarios para o servizo da sala de máquinas e manter un rexistro das operacións;
- efectuar a supervisión técnica da instalación, mantemento e reparación dos aparellos e máquinas dispoñibles a bordo para asegurar que se cumpran as especificacións, normas e regulamentos pertinentes;
- inspeccionar e realizar o mantemento e as reparacións urxentes en motores, maquinaria e aparellos auxiliares;
- inspeccionar a sala de máquinas, controlando e observando o funcionamento de motores, máquinas e aparellos auxiliares.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Oficiais maquinistas de barcos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Enxeñeiros mecánicos de motores de barco, 2433

3152 Capitáns e oficiais de ponte

Os capitáns e oficiais de ponte asumen o mando e dirixen a navegación de buques e embarcacións similares, ou realizan funcións relacionadas en terra.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asumir o mando e dirixir a navegación de buques ou embarcacións similares no mar ou en vías navegables interiores;
- controlar e participar en operacións na cuberta e de garda na ponte de mando;
- dirixir a navegación de buques ao entrar e saír de portos e por canles, estreitos e outras augas onde se precisen coñecementos especiais;
- asegurar a carga e descarga de mercadorías en condicións de seguranza, así como a observancia das normas, regulamentos e procedementos de seguranza por parte da tripulación e dos pasaxeiros;
- efectuar a supervisión técnica do mantemento e a reparación de buques para garantir o cumprimento das especificacións, normas e regulamentos pertinentes;
- aplicar coñecementos dos principios e prácticas relativos ao funcionamento e navegación dos buques para identificar e resolver problemas que xurdan no curso do seu traballo;
- encargar os fornecementos e provisións necesarios, contratar a tripulación e manter un rexistro das operacións;
- transmitir e recibir información de rutina e de emerxencia con estacións en terra e outros buques.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Capitáns de barcos
- Oficiais de barco
- Patróns de iate

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mariñeiros, 8340
- Patróns de embarcacións para a pesca en augas costeiras, 6422
- Patróns de embarcacións para a pesca de altura, 6423

3153 Pilotos de aviación e profesionais afíns

Os pilotos de aviación e profesionais afíns controlan o funcionamento de todos os equipamentos mecánicos, eléctricos e electrónicos necesarios para dirixir a navegación de aeronaves para o transporte de pasaxeiros, correo e carga, e realizan tarefas relacionadas antes da engalaxe e durante o voo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- pilotar avións e dirixir o seu rumbo de conformidade cos procedementos establecidos de control e navegación;
- preparar e propoñer un plan de voo, ou examinar un plan de voo habitual;
- controlar o funcionamento dos equipamentos mecánicos, eléctricos e electrónicos, e asegurarse de que todos os instrumentos e dispositivos de control funcionen correctamente;
- aplicar coñecementos dos principios e prácticas da navegación aérea para identificar e resolver os problemas que xurdan no curso do seu traballo;
- examinar rexistros do mantemento e realizar inspeccións para asegurar que a mecánica da aeronave estea en bo estado, que se realizou o mantemento e que todos os equipamentos funcionan correctamente;
- asinar os certificados necesarios e os rexistros oficiais de mantemento do voo;
- obter informes e autorizacións antes dos voos e manter contacto cos controladores do tráfico aéreo ou do voo durante este.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Pilotos de aeronaves
- Oficiais mecánicos de voo
- Instrutores de voo
- Oficiais navegantes de voo

3154 Controladores de tránsito aéreo

Os controladores de tránsito aéreo dirixen o movemento das aeronaves no espazo aéreo e en terra utilizando radio, radar e sinalizacións luminosas, e proporcionan información pertinente para o manexo da aeronave.

Entre as súas tarefas inclúense:

- dirixir e controlar as aeronaves na súa aproximación, aterraxe e engalaxe dos aeroportos, e nas súas manobras en terra;
- dirixir e controlar os avións que se encontren en espazos aéreos baixo a súa vixilancia;
- examinar e aprobar plans de voo;
- informar a tripulación e o persoal de operacións en terra sobre condicións atmosféricas, servizos dispoñibles, plans de voo e tráfico aéreo;
- aplicar coñecementos dos principios e prácticas de control do tráfico aéreo para

- identificar e resolver os problemas que xurdan no curso do seu traballo;
- iniciar e organizar servizos e procedementos de emerxencia, busca e salvamento;
- dirixir actividades de todas as aeronaves e vehículos de servizo en ou preto das pistas dos aeroportos;
- manter contacto por radio e teléfono con torres de control adxacentes, unidades de control das terminais e outros centros de control, e coordinar o movemento das aeronaves en zonas adxacentes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Controladores de tráfico aéreo

3155 Técnicos en seguranza aeronáutica

Os técnicos en seguranza aeronáutica realizan tarefas técnicas relacionadas co deseño, instalación, xestión, manexo, mantemento e reparación de sistemas de control do tráfico aéreo e da navegación aérea.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar traballos técnicos relacionados co traballo de desenvolvemento de equipamentos electrónicos e electromecánicos e de sistemas informáticos utilizados en aeronáutica, e probar prototipos;
- prestar asistencia técnica no deseño e proxección de circuítos interactivos de control da navegación aérea e de sistemas de detección de aeronaves e seguimento ou observación do seu rumbo;
- preparar e contribuír a preparación da estimativa de custos e as especificacións de carácter técnico ou con fins de instrución no concernente aos equipamentos de seguranza aeronáutica e de control do tráfico aéreo;
- realizar ou asistir nas tarefas de supervisión técnica da construción, instalación, manexo, mantemento e reparación dos aparellos de control aeronáutico desde terra para asegurar o cumprimento das normas e as especificacións pertinentes;
- aplicar capacidades e coñecementos dos principios e prácticas en materia de enxeñaría aeronáutica aplicada á seguranza do tráfico aéreo para identificar e resolver os problemas que xurdan no curso do seu traballo; desenvolver, modificar e detectar e eliminar erros nos programas informáticos;
- modificar os sistemas e equipamentos de control aeronáutico desde terra para adecualos aos novos procedementos de control do tráfico aéreo, co fin de mellorar a súa capacidade, fiabilidade e integridade, ou para facilitar os procedementos de control do tráfico aéreo e a designación do espazo aéreo;
- controlar, vixiar e certificar os aparellos de comunicación e control do tráfico aéreo e calibrar os instrumentos e aparellos de control aeronáutico desde terra para garantir plena exactitude e seguranza nas manobras de voo, aterraxe e engalaxe;
- proporcionar instrución técnica e supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en seguranza aeronáutica

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mecánicos e reparadores de motores de avión, 7402
- Enxeñeiros en mecánica aeronáutica, 2433
- Enxeñeiros electrónicos, 2442

316 Técnicos de control de calidade das ciencias físicas, químicas e das enxeñarías

3160 Técnicos de control de calidade das ciencias físicas, químicas e das enxeñarías

Os técnicos no control de calidade actúan en representación de autoridades públicas ou de empresas industriais ou doutra índole co obxecto de asegurar a aplicación dos regulamentos e das normas técnicas na calidade dos artigos de consumo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- inspeccionar centros de produción, transformación, transporte, manipulación, almacenamento e venda de produtos para asegurarse de que tales produtos se axustan ás regulamentacións e normas pertinentes;
- inspeccionar os produtos rematados ou as pezas fabricadas co fin de asegurarse de que estean conformes coas regulamentacións vixentes e normas de calidade preestablecidas;
- asesorar as empresas e o público en xeral sobre a aplicación das regulamentacións e normas en materia de hixiene, sanidade, pureza e clasificación de produtos primarios, alimentos, cosméticos e artigos similares;
- asesorar os fabricantes, condutores e persoal encargado do mantemento e a reparación de automóbiles e outros vehículos sobre a aplicación de normas técnicas e condicións que deben satisfacer os vehículos;
- inspeccionar os vehículos para asegurarse de que sexan conformes ás regulamentacións pertinentes e normas de calidade preestablecidas;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos, control de calidade en industrias manufactureiras
- Técnicos, normas ISO
- Técnicos, inspección técnica de vehículos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en prevención de riscos laborais e saúde ambiental, 3326
- Verificadores de aparellos e cadros eléctricos, 7521
- Clasificadores e probadores de produtos (excluíndo alimentos, bebidas e tabaco), 7893
- Clasificadores de alimentos, bebidas e tabaco, 770

32 Supervisores en enxeñaría de minas, de industrias manufactureiras e da construción

320 Supervisores en enxeñaría de minas, de industrias manufactureiras e da construción

3201 Supervisores en enxeñaría de minas

Os supervisores en enxeñaría de minas vixían as operacións das minas e canteiras e supervisan e coordinan directamente as actividades dos mineiros que traballan baixo terra e a ceo aberto.

Entre as súas tarefas inclúense:

- supervisar e coordinar directamente as actividades dos traballadores que extraen minerais e outros depósitos naturais e que manexan medios de transporte subterráneos ou maquinaria pesada a ceo aberto;
- establecer métodos para cumprir os programas de traballo e recomendar aos directivos de minas a adopción de medidas para aumentar a produtividade;
- colaborar co persoal directivo e técnico, cos demais departamentos e cos contratistas para resolver problemas operativos e coordinar actividades;
- facilitar aos directivos de minas informes e outros datos relativos ás operacións das minas e canteiras;
- determinar a dotación de persoal e as necesidades de material da mina ou canteira.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encargados ou capataces de minas, canteiras ou salinas
- Xefes de equipo de mineiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de explotacións mineiras, 1314
- Inspectores de seguranza de minas, 3128
- Mineiros, 8111

3202 Supervisores da construción

Os supervisores da construción coordinan, supervisan e planifican as actividades dos traballadores dedicados á construción e reparación de edificios e estruturas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ler as especificacións para determinar requisitos de construción e procedementos de planificación;
- organizar e coordinar os recursos materiais e humanos necesarios para completar as tarefas;
- examinar e inspeccionar o progreso do traballo;
- examinar equipamentos e obras para asegurarse de que cumpren os requisitos de saúde e seguranza;
- supervisar as obras e o traballo de coordinación con outros proxectos de construción;
- supervisar os traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encargados, construción de edificios
- Supervisores da construción
- Xefes de equipo de traballadores de acabado

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de empresas de construción, 1316
- Aparelladores, 2481
- Técnicos da construción, 3122

3203 Supervisores de industrias alimentarias e do tabaco

Os supervisores de industrias alimentarias e do tabaco coordinan e supervisan as actividades dos técnicos en control de procesos, os operadores de máquinas, os montadores e outros traballadores das industrias manufactureiras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- coordinar e supervisar as actividades dos técnicos en control de procesos, os operadores de máquinas, os montadores e outros traballadores das industrias manufactureiras;
- organizar e planificar o traballo diario atendendo aos plans establecidos e aos aspectos económicos, de persoal e ambientais;
- preparar estimativas de custos, rexistros e informes;
- identificar os casos de escaseza de persoal ou de materiais;
- velar pola seguranza dos traballadores;
- instruír e formar o novo persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Supervisores de produción de industrias alimentarias
- Xefes de equipo, operadores máquina/elaboración (produtos alimentarios, bebidas e tabaco)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de industrias manufactureiras, 1313

3204 Supervisores de industrias química e farmacéutica

Os supervisores de industrias química e farmacéutica dirixen as actividades dos operadores en plantas industriais químicas. Así mesmo, dirixen, controlan e supervisan as actividades dos operadores de máquinas para fabricar produtos químicos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- controlar e vixiar as tarefas dos obreiros dentro da súa unidade;
- verificar a calidade do traballo realizado polas persoas ao seu cargo;
- coidar do material utilizado pola súa unidade;
- coordinar as actividades da súa unidade con outras unidades;
- velar polo cumprimento das normas de seguranza no traballo;
- pode realizar as tarefas das persoas que ten ao seu cargo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encargados de operadores de máquinas, fabricación/produtos químicos
- Encargados de instalacións, tratamento químico

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de industrias manufactureiras, 1313

3205 Supervisores de industrias de transformación de plásticos, caucho e resinas naturais

Os supervisores de industrias de transformación de plásticos, caucho e resinas naturais dirixen, controlan e supervisan as actividades dos operadores de máquinas para fabricar produtos de caucho, plástico e resinas naturais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- controlar e vixiar as tarefas dos obreiros dentro da súa unidade;
- verificar a calidade do traballo realizado polas persoas ao seu cargo;
- coidar do material utilizado pola súa unidade;
- coordinar as actividades da súa unidade con outras unidades;
- velar polo cumprimento das normas de seguranza no traballo;
- pode realizar as tarefas das persoas que ten ao seu cargo;
- realizar tarefas afíns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xefes de equipo de operadores de máquinas de fabricación de produtos de caucho
- Xefes de equipo de operadores de máquinas de fabricación de produtos de material plástico
- Xefes de equipo de operadores de máquinas de fabricación de produtos de resinas naturais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de industrias manufactureiras, 1313

3206 Supervisores de industrias da madeira e pasteiro-papeleiras

Os supervisores de industrias da madeira e pasteiro-papeleiras dirixen as actividades dos operadores en instalacións para o traballo da madeira e a fabricación de papel.

Entre as súas tarefas inclúense:

- controlar e vixiar as tarefas dos obreiros dentro da súa unidade;
- verificar a calidade do traballo realizado polas persoas ao seu cargo;
- coidar do material utilizado pola súa unidade;
- coordinar as actividades da súa unidade con outras unidades;
- velar polo cumprimento das normas de seguranza no traballo;
- pode realizar as tarefas das persoas que ten ao seu cargo;
- realizar tarefas afíns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encargados de taller, madeira/tratamento en instalacións
- Xefes de equipo, fabricación de papel

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de industrias manufactureiras, 1313

3207 Supervisores da produción en industrias de artes gráficas e na fabricación de produtos de papel

Os supervisores da produción en industrias de artes gráficas e na fabricación de produtos de papel dirixen, controlan e supervisan as actividades dos operadores de máquinas para imprimir e encadernar e para fabricar produtos de papel e cartón.

Entre as súas tarefas inclúense:

- controlar e vixiar as tarefas dos obreiros dentro da súa unidade;
- verificar a calidade do traballo realizado polas persoas ao seu cargo;
- coidar do material utilizado pola súa unidade;
- coordinar as actividades da súa unidade con outras unidades;
- velar polo cumprimento das normas de seguranza no traballo;
- pode realizar as tarefas das persoas que ten ao seu cargo;
- realizar tarefas afíns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encargados de taller, impresión/artes gráficas
- Encargados de taller, encadernación
- Encargados de taller, fabricación/produtos de papel

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de industrias manufactureiras, 1313

3209 Supervisores doutras industrias manufactureiras

Os supervisores doutras industrias manufactureiras coordinan e supervisan as actividades dos técnicos en control de procesos, os operadores de máquinas, os montadores e outros traballadores das industrias manufactureiras non incluídas noutras epígrafes

Entre as súas tarefas inclúense:

- coordinar e supervisar as actividades dos técnicos en control de procesos, os operadores de máquinas, os montadores e outros traballadores das industrias manufactureiras;
- organizar e planificar o traballo diario atendendo aos plans establecidos e aos aspectos económicos, de persoal e ambientais;
- preparar estimativas de custos, rexistros e informes;
- identificar os casos de escaseza de persoal ou de materiais;
- velar pola seguranza dos traballadores;
- instruír e formar o persoal novo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Supervisores doutras industrias manufactureiras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de industrias manufactureiras, 1313

- Supervisores de industrias alimentarias e do tabaco, 3203
- Supervisores de industrias química e farmacéutica, 3204
- Supervisores de industrias de transformación de plásticos, caucho e resinas naturais, 3205
- Supervisores de industrias da madeira e pasteiro-papeleiras, 3206
- Supervisores da produción en industrias de artes gráficas e na fabricación de produtos de papel, 3207

33 Técnicos sanitarios e profesionais das terapias alternativas

331 Técnicos sanitarios de laboratorio, probas diagnósticas e próteses

3311 Técnicos en radioterapia

Os técnicos en radioterapia efectúan tratamentos con radiacións ionizantes baixo prescrición médica, con equipamentos provistos de fontes encapsuladas ou produtores de radiacións, aplicando normas de radioprotección xerais e específicas; así mesmo colaboran cos facultativos responsables das unidades de protección radiolóxica hospitalaria, seguindo normas de garantía de calidade.

Entre as súas tarefas inclúense:

- operar coa dosimetría en radioterapia, aplicando os fundamentos fisicomatemáticos no uso das radiacións ionizantes;
- utilizar as radiacións ionizantes de acordo coas características anatómicas e fisiopatolóxicas das enfermidades;
- asistir o paciente durante a súa estadía na unidade de radioterapia;
- aplicar tratamentos de teleterapia como cobaltoterapia, aceleradores de partículas e RX de baixa e media enerxía;
- colaborar co facultativo na preparación e na aplicación dos tratamentos con braquiterapia;
- realizar os procedementos de protección radiolóxica hospitalaria, baixo a supervisión do facultativo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en radioterapia
- Técnicos especialistas en radioterapia

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos especialistas en radioloxía, 3312
- Técnicos especialistas en medicina nuclear, 3312

3312 Técnicos en imaxe para o diagnóstico

Os técnicos en imaxe para o diagnóstico obteñen rexistros gráficos do corpo humano, de tipo morfolóxico e funcional con fins diagnósticos, preparando, manexando e controlando os equipamentos, interpretando e validando os resultados técnicos en condicións de calidade e de seguranza ambiental, baixo a supervisión correspondente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter rexistros gráficos do corpo humano, utilizando equipamentos radiográficos;
- obter rexistros gráficos do corpo humano, utilizando equipamentos de procesamento informático de imaxes de resonancia magnética e tomografía axial computadorizada;
- obter rexistros gráficos do corpo humano, mediante técnicas radioisotópicas utilizando equipamentos de medicina nuclear;
- aplicar e comprobar as medidas de radioprotección en unidades de aplicación médico-diagnóstica das radiacións ionizantes, baixo supervisión facultativa.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en imaxe para o diagnóstico
- Técnicos especialistas en radioloxía
- Técnicos especialistas en medicina nuclear
- Técnicos operadores de equipamentos médicos de escáner
- Técnicos en equipamentos de encefalografía
- Técnicos en equipamentos de electrocardiografía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en radioterapia, 3311
- Técnicos especialistas en radioterapia, 3311

3313 Técnicos en anatomía patolóxica e citoloxía

Os técnicos en anatomía patolóxica e citoloxía colaboran no procesamento de biopsias e na realización de necropsias clínicas ou forenses, preparan, seleccionan e fan aproximación diagnóstica de citoloxías, aplicando as técnicas de inmunohistoquímica e bioloxía molecular de maneira que sirvan como soporte ao diagnóstico clínico ou médico-legal, organizando e programando o traballo, cumprindo criterios de calidade do servizo e de optimización de recursos baixo a supervisión facultativa correspondente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- colaborar na realización de necropsias clínicas ou médico-legais, baixo a supervisión do facultativo;
- realizar o procesamento integral e os complementarios do material biolóxico para o seu estudo polo patólogo;
- realizar a selección e aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas, baixo a supervisión do facultativo;
- realizar a selección e aproximación diagnóstica de citoloxías de líquidos e secrecións corporais, pegadas e mostras non xinecolóxicas obtidas por punción, baixo a supervisión do facultativo;
- realizar o rexistro fotográfico de pezas e preparacións a nivel macroscópico, microscópico e ultramicroscópico, baixo a supervisión do facultativo;
- aplicar técnicas de inmunohistoquímica, inmunofluorescencia e bioloxía molecular, baixo a supervisión do facultativo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en anatomía patolóxica e citoloxía
- Técnicos especialistas en anatomía patolóxica e citoloxía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Analistas clínicos, 3314
- Técnicos en laboratorio de diagnóstico clínico, 3314

3314 Técnicos en laboratorio de diagnóstico clínico

Os técnicos en laboratorio de diagnóstico clínico realizan estudos de análises clínicas en mostras biolóxicas humanas, seguindo os protocolos normalizados de traballo, actuando baixo normas de calidade, seguranza e ambientais, baixo a supervisión correspondente, colaborando co facultativo e interpretando e valorando os resultados técnicos, para que sirvan de soporte á prevención, ao diagnóstico, ao control da evolución, ao tratamento e á investigación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar os procedementos das fases preanalítica e postanalítica no laboratorio clínico;
- realizar análises de bioquímica clínica en mostras biolóxicas humanas;
- realizar análises microbiolóxicas e identificar parasitos en mostras biolóxicas humanas;
- realizar análises hematolóxicas e xenéticas en mostras biolóxicas humanas e procedementos para obter hemoderivados;
- realizar técnicas inmunolóxicas de aplicación nas distintas áreas do laboratorio de análises clínicas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Analistas clínicos
- Técnicos de laboratorio sanitario
- Técnicos en laboratorio de diagnóstico clínico

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos especialistas en anatomía patolóxica e citoloxía, 3313

3315 Técnicos en ortopróteses

Os técnicos en ortopróteses proxectan e definen órteses, próteses, ortopróteses e axudas técnicas; organizan, programan e supervisan a fabricación e adaptación destas ao paciente, asegurando o cumprimento das especificacións establecidas pola normativa e pola prescrición oficial correspondente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- valorar as características anatómicas, biomecánicas e patolóxicas do segmento necesitado de tratamento ortoprotésico, adecuando o produto ás necesidades do paciente ou usuario, axustándose á prescrición;
- fabricar pezas básicas de produtos ortoprotésicos, aplicando diferentes técnicas de tratamento, mecanizado e unión de materiais para obter produtos idóneos estruturalmente;
- proxectar, elaborar e adaptar órteses;
- proxectar, elaborar e adaptar próteses externas;
- proxectar, elaborar e adaptar axudas técnicas para a vida diaria.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos ortoprotésicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de próteses dentais, 3316
- Técnicos especialistas audioprotesistas, 3317

3316 Técnicos en próteses dentais

Os técnicos en próteses dentais deseñan, fabrican e reparan próteses e órteses dentofaciais adaptadas ao paciente a partir das prescricións do facultativo, cumprindo as normas de calidade, seguranza, hixiene e no tempo establecido.

Entre as súas tarefas inclúense:

- definir o produto, organizar, programar e controlar a fabricación de órteses e próteses dentofaciais;
- fabricar, modificar e reparar próteses dentofaciais removibles de resina;
- fabricar, modificar e reparar próteses dentofaciais removibles metálicas;
- fabricar, modificar e reparar próteses dentofaciais fixas;
- fabricar, modificar e reparar aparellos ortodóncicos e compoñentes de próteses dentais de arame e bandas metálicas;
- fabricar, modificar e reparar próteses dentofaciais cirúrxicas mixtas, de precisión ou soportadas mediante implantes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de próteses dentais
- Mecánicos dentistas

3317 Técnicos en audiopróteses

Os técnicos en audiopróteses seleccionan e adaptan próteses auditivas realizando a avaliación audiolóxica, efectuando o seguimento do usuario e o mantemento de próteses; así mesmo, determinan medidas de protección acústica a partir da avaliación dos niveis sonoros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- analizar as características anatomo-sensoriais auditivas;
- seleccionar e adaptar próteses auditivas;
- elaborar adaptadores anatómicos, protectores e próteses auditivas.
- reparar próteses auditivas;
- medir niveis sonoros e recomendar proteccións contra o ruído.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en audiopróteses
- Técnicos especialistas audioprotesistas

332 outros técnicos sanitarios

3321 Técnicos superiores en hixiene bucodental

Os técnicos superiores en hixiene bucodental prestan servizos básicos de coidados dentais para a prevención e o tratamento de enfermidades e desordes dos dentes e boca, de acordo con plans e procedementos establecidos polos dentistas ou outros profesionais da saúde oral.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar comunidades e individuos sobre hixiene dental, dieta e outras medidas odontolóxicas preventivas para reducir riscos potenciais para a saúde oral;
- realizar exames visuais e físicos da boca, dentes e estruturas relacionadas dos pacientes para valorar o estado de saúde oral;
- identificar casos de pacientes cunha saúde oral pobre ou con enfermidades orais que requiren a intervención de dentistas ou outros profesionais da saúde;
- axudar aos dentistas durante os procedementos odontolóxicos complexos;
- realizar tratamentos con flúor, limpar e eliminar depósitos dos dentes, e realizar outro tipo de procedementos clínico-dentais básicos ou rutineiros;
- preparar, limpar e esterilizar instrumentos dentais, equipamentos e materiais utilizados nos exames e tratamento;
- preparar os pacientes para seren examinados ou tratados incluíndo as explicacións sobre os procedementos e o xeito de colocarse;
- realizar impresións da boca e radiografías para axudar no diagnóstico e colocación de próteses.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en hixiene bucodental

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Dentistas, 2151
- Mecánicos dentistas, 3316
- Protésicos dentais, 3316
- Axudantes de dentista, 5629

3322 Técnicos superiores en documentación sanitaria

Os técnicos superiores en documentación sanitaria desenvolven, manteñen e levan a cabo o procesamento, arquivo e recuperación dos rexistros sanitarios en institucións médicas e de saúde de acordo cos procedementos legais, éticos e administrativos establecidos para este tipo de rexistros en institucións de saúde.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar, desenvolver, manter e utilizar diversos índices de documentación sanitaria e sistemas de almacenamento e recuperación para recoller, clasificar, almacenar e analizar información;
- transcribir, compilar, e procesar rexistros médicos dos pacientes, documentos de ingreso e de alta e outros informes médicos nos sistemas informáticos, co fin de proporcionar información para o seguimento dos pacientes, remisión a especialistas, estudos epidemiolóxicos, investigación, facturación, control de custos e melloira dos tratamentos;
- completar e revisar a precisión dos rexistros e a súa adecuación á normativa;
- transcribir as descricións e información numérica dos rexistros médicos e outros

- documentos dos servizos de saúde aos códigos correspondentes aos sistemas de clasificacións normalizados;
- protexer a seguranza dos rexistros médicos para asegurar a confidencialidade e subministrar información ao persoal autorizado e a organismos de acordo coa normativa;
- supervisar o traballo de administrativos e demais empregados que se encargan do mantemento de rexistros médicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en documentación sanitaria

3323 Técnicos superiores en dietética

Os técnicos superiores en dietética elaboran axudas adaptadas a persoas ou a colectivos, analizando os seus comportamentos alimentarios e as súas necesidades nutricionais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- elaborar e supervisar axudas adaptadas a persoas e colectivos, segundo as súas necesidades nutricionais;
- elaborar e supervisar axudas adaptadas a pacientes e colectivos, segundo a súa patoloxía específica;
- controlar e supervisar a composición cualitativa dos alimentos para determinar a súa calidade hixiénico-dietética;
- supervisar a conservación, manipulación e transformación dos alimentos de consumo humano
- promover a saúde das persoas e a comunidade a través da educación alimentaria, mediante actividades de promoción e educación para a saúde.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos superiores en dietética e nutrición

3324 Técnicos en optometría

Os técnicos en optometría axustan e dispensan lentes ópticas baseados en prescrición de oftalmólogos ou optometristas para a corrección da redución na agudeza visual. Subministran lentes correctivas, lentes de contacto, axudas para a visión deficiente e outros tipos de dispositivos ópticos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- examinar e tomar as medidas da cara e os ollos dos clientes para axustar lentes e outros dispositivos ópticos;
- aconsellar aos clientes sobre a selección e mantemento de lentes e monturas, tipos de lentes de contacto e outros dispositivos ópticos, en relación co resultado, a seguranza, o conforto e o estilo de vida;
- interpretar as prescricións ópticas e preparar a orde de traballo para o laboratorio óptico sobre o pulimento e a montaxe das lentes nas monturas, preparación de lentes de contacto e outros traballos;
- verificar a exactitude dos dispositivos ópticos acabados en relación coa prescri-

ción orixinal e as medidas do cliente.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en optometría

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Oftalmólogos, 2112
- Optometristas, 2155
- Ópticos, 2155

3325 Axudantes fisioterapeutas

Os axudantes fisioterapeutas aplican tratamentos terapéuticos físicos aos pacientes cando o movemento funcional está ameazado por algunha lesión, enfermidade ou doenza. O tratamento adoita administrarse no marco dun plan de rehabilitación definido por un fisioterapeuta ou por outro profesional da saúde.

Entre as súas tarefas inclúense:

- administrar tratamentos manuais tales como masaxes ou terapia de punto de presión;
- administrar tratamentos de tipo eléctrico, ultrasóns e outras terapias físicas mediante o uso de técnicas e equipamentos especializados, incluídas lámpadas de infravermellos, compresas húmidas e terapias de herboristaría e minerais;
- ensinar, motivar, protexer e axudar aos pacientes a practicar exercicios físicos, técnicas de relaxación e actividades funcionais;
- consultar con fisioterapeutas ou con outros profesionais da saúde para avaliar información sobre o paciente co fin de planificar, modificar e coordinar o tratamento;
- seguir e rexistrar a evolución do tratamento dos pacientes, incluíndo a medida da amplitude do movemento articular e os signos vitais;
- preparar os pacientes para o uso de férulas ortopédicas, próteses e outros dispositivos de apoio, como muletas, e ensinalos a usar eses dispositivos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Electroterapeutas
- Hidroterapeutas
- Masaxistas terapéuticos
- Masaxistas deportivos
- Terapeutas de shiatsu

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fisioterapeutas, 2152
- Podólogos, 2157
- Quiroprácticos, 3329
- Masaxistas non terapéuticos, 5812

3326 Técnicos en prevención de riscos laborais e saúde ambiental

Os técnicos en prevención de riscos laborais e saúde ambiental examinan a aplicación de normas e regulamentos relativos a aqueles factores ambientais que poden afectar á saúde das persoas, a seguranza no traballo e a seguranza dos procesos de produción de bens e servizos. Estes traballadores poden executar e avaliar programas de recuperación ou mellora da seguranza e condicións sanitarias baixo a supervisión dun profesional da saúde.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar os representantes dos empregadores e os traballadores sobre a aplicación de normas e regulamentos oficiais e doutro tipo relativos á seguranza laboral e ao ambiente de traballo;
- inspeccionar os lugares de traballo para garantir que o medio de traballo, a maquinaria e o equipo se axustan ás regras, os regulamentos e as normas oficiais e doutro tipo en relación coa hixiene e/ou a saúde e seguranza laboral e do medio;
- prestar asesoramento sobre problemas e técnicas de hixiene do medio;
- inspeccionar os lugares de traballo e, mediante entrevistas, observacións e outros medios, obter información sobre prácticas e accidentes laborais para determinar o cumprimento das regras e os regulamentos de seguranza;
- inspeccionar as zonas de produción, transformación, transporte, manipulación, almacenamento e venda de produtos para asegurar a súa conformidade coas regras, os regulamentos e as normas oficiais e doutro tipo;
- asesorar as empresas e o público en xeral sobre a aplicación das regras e os regulamentos oficiais e doutro tipo en materia de hixiene, pureza e clasificación de materias primas, alimentos, medicamentos cosméticos e artigos similares;
- inspeccionar establecementos para comprobar se cumpren as regras e os regulamentos oficiais e doutro tipo en materia de emisión de contaminantes e eliminación de residuos perigosos;
- iniciar accións para manter ou mellorar a hixiene e evitar a contaminación da auga, a atmosfera, os alimentos ou o solo;
- promover medidas preventivas e correctivas como o control dos organismos vectores de enfermidades e de substancias perigosas na atmosfera, a manipulación hixiénica dos alimentos, a correcta eliminación de residuos e a limpeza de lugares públicos;
- estimar cantidades e custos de materiais e man de obra necesarios para proxectos de corrección da saúde, a seguranza e a hixiene.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en prevención de riscos laborais
- Técnicos en saúde ambiental
- Técnicos de seguranza e hixiene no traballo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Responsables corporativos de seguranza no traballo, 2158
- Responsables de calidade e seguranza alimentaria, 2158
- Técnicos en protección radiolóxica en instalacións nucleares, 2158

3327 Axudantes de veterinaria

Os axudantes de veterinaria desempeñan tarefas veterinarias de asesoramento, diagnóstico, prevención e curación máis limitadas que as realizadas polos veterinarios en

termos de amplitude e complexidade e co apoio destes. Coidan dos animais sometidos a tratamento e en residencias temporais en instalacións veterinarias, realizan procedementos rutineiros e axudan aos veterinarios a realizaren procedementos e operacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar comunidades e persoas sobre o tratamento de animais e as súas enfermidades e lesións;
- realizar exploracións de animais para establecer diagnósticos ou remitir os casos máis difíciles a un veterinario cando sexa necesario;
- tratar animais enfermos ou lesionados, en especial cando sofren enfermidades ou trastornos comúns;
- limpar e esterilizar as mesas e instrumentos e preparar os materiais utilizados no exame e o tratamento dos animais;
- realizar tarefas técnicas relacionadas coa inseminación artificial dos animais;
- preparar os animais para a exploración ou o tratamento e suxeitalos ou retelos durante o tratamento;
- asistir o veterinario na administración de anestésicos e oxíxeno durante o tratamento;
- colocar os animais en gaiolas para se recuperaren das operacións e supervisar o seu estado;
- realizar radiografías, recoller mostras e realizar outras probas de laboratorio que serven de axuda no diagnóstico de problemas de saúde animais;
- realizar coidados dentais rutineiros e asistir os veterinarios nos coidados dentais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axudantes de veterinarios
- Técnicos en inseminación artificial

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Coidadores de animais, 5893
- Adestradores de animais, 5893

3329 Técnicos da sanidade non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario está composto polos profesionais asociados á saúde non clasificados noutra parte do subgrupo principal 33, Profesionais de nivel medio da saúde. Por exemplo, este grupo primario inclúe ocupacións como quiroprácticos, osteópatas, conselleiros sobre a SIDA, conselleiros de planificación familiar e outros profesionais de nivel medio.

Entre as súas tarefas inclúense:

- entrevistar e examinar pacientes para obter información sobre o seu estado de saúde así como a natureza e alcance das súas lesións, enfermidade ou outro problema de saúde físico ou mental;
- informar e aconsellar os pacientes e as familias sobre algúns problemas sanitarios, opcións para previlos e tratalos, regras dos tratamentos, e comportamentos que poden afectar os resultados;
- administrar tratamentos e coidados terapéuticos aos pacientes, incluíndo técnicas quiroprácticas e osteopáticas (físicas e manuais);
- realizar algúns procedementos clínicos básicos, tales como realizar probas de an-

- tiorpos da SIDA ou a inserción de dispositivos intrauterinos;
- dispensar suplementos dietéticos e aconsellar sobre estes, dispensar antirretrovirais, medicación profiláctica e outros produtos sanitarios;
- seguir a evolución do paciente ao longo dos plans de tratamento e identificar signos e síntomas que requiran remitir o paciente a un médico ou outro profesional da saúde;
- rexistrar información sobre o estado de saúde dos pacientes e a resposta aos tratamentos en sistemas de rexistros médicos;
- compartir información con outros servizos de saúde cando sexa necesario para asegurar unha atención continuada e global.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Quiroprácticos
- Osteópatas

333 Profesionais das terapias alternativas

3331 Profesionais da acupuntura, a naturopatía, a homeopatía, a medicina tradicional chinesa e aiurvédica

Os profesionais da acupuntura, a naturopatía, a homeopatía, a medicina tradicional chinesa e a aiurvédica examinan os pacientes, preveñen e tratan enfermidades, trastornos, lesións e outras minusvalideces físicas e mentais. Estes profesionais manteñen o estado de saúde xeral das persoas aplicando coñecementos, habilidades e prácticas adquiridas mediante o estudo de teorías, crenzas e experiencias orixinarias de determinadas culturas.

Nota: este grupo primario correspóndese co grupo primario 2230 Profesionais de medicina tradicional e alternativa e parte do 3230 Profesionais de nivel medio de medicina tradicional e alternativa da CIUO-08.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar a exploración física dos pacientes e entrevístalos, a eles e ás súas familias, para determinar o seu estado de saúde;
- desenvolver e aplicar plans de tratamento para enfermidades de carácter físico, mental ou psicosocial utilizando aplicacións tales como a acupuntura ou a medicina aiurvédica, homeopática e de herborizaría;
- avaliar e documentar a evolución dos pacientes ao longo dos plans de tratamento;
- aconsellar as persoas, familias e comunidades en materia de saúde, nutrición e estilo de vida;
- prescribir e preparar medicinas tradicionais tales como extractos vexetais, minerais e animais, para estimular a capacidade do organismo para curarse a si mesmo;
- investigar sobre medicinas e tratamentos tradicionais e complementarios; difundir os achados a través de informes e publicacións científicas ou similares.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Acupuntores
- Practicantes da aiurveda
- Practicantes da medicina tradicional chinesa

- Homeópatas
- Naturópatas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Médicos de familia, 2111
- Médicos especialistas, 2112

3339 Outros profesionais das terapias alternativas

Os traballadores deste grupo primario preveñen, atenden e tratan enfermidades, trastornos e lesións físicas e mentais das persoas utilizando herbas e outras terapias baseadas en teorías, crenzas e experiencias orixinarias de determinadas culturas.

Nota 1: este grupo primario correspóndese con parte do grupo primario 3230 Profesionais de nivel medio de medicina tradicional e alternativa da CIUO-08.

Nota 2: os sandadores pola fe, que tratan as doenzas humanas por medio de terapias espirituais, sen utilizar preparados de herboristería, medicamentos nin intervencións físicas, inclúense no grupo primario 3716, Auxiliares laicos das relixións. As ocupacións que aplican tratamentos utilizando formas tradicionais de masaxe e a aplicación de presión, como a acupresión e o shiatsu, clasifícanse no grupo primario 3325, Axudantes fisioterapeutas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- aconsellar e prestar coidados e tratamentos para enfermidades e outros trastornos leves usando técnicas e medicamentos, tales como manipulación física, sangradura mediante recipientes naturais e preparados a base de herbas, plantas medicinais, insectos e extractos animais;
- prestar coidados e tratamentos de lesións físicas tales como recolocar e curar ósos partidos ou deslocados usando métodos tradicionais, manipulación física ou terapia con herbas;

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fitoterapeutas
- Menciñeiros
- Ensalmadores
- Bruxos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Quiroprácticos, 3329
- Osteópatas, 3329
- Acupuntores, 3331
- Practicantes aiurveda, 3331
- Practicantes da medicina tradicional chinesa, 3331
- Homeópatas, 3331
- Naturópatas, 3331

34 Profesionais de apoio en finanzas e matemáticas

340 Profesionais de apoio en finanzas e matemáticas

3401 Profesionais de apoio e intermediarios de troco, bolsa e finanzas

Os axentes de bolsa, troco e outros servizos financeiros adquiren e venden títulos valores, accións, obrigacións e outros instrumentos financeiros, negocian divisas ao contado ou en mercados de futuros, en nome da súa empresa ou para clientes a comisión, e recomendan transaccións a clientes ou membros da alta dirección.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter información sobre as circunstancias financeiras dos clientes e as empresas en que poden facerse os investimentos;
- analizar as tendencias do mercado en materia de títulos valores, obrigacións, accións e outros instrumentos financeiros, incluídos as divisas;
- informar posibles clientes das condicións e as perspectivas do mercado;
- asesorar e participar na negociación das condicións e na organización de créditos e colocacións de accións e obrigacións no mercado financeiro co fin de obter capital para os clientes;
- rexistrar e transmitir ordes de adquisición e venda de ordes de títulos valores, accións, obrigacións ou outros instrumentos financeiros, así como de divisas para a súa entrega futura ou inmediata.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes de troco e bolsa
- Corretores de valores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empregados, servizos financeiros, 4113
- Representantes comerciais, 3510
- Comerciais de préstamos e créditos, 3402

3402 Comerciais de préstamos e créditos

Os comerciais de préstamos e créditos analizan e avalían a información financeira sobre solicitudes de crédito e préstamo, e determinan a aprobación ou desaprobación do solicitante, ou recomendan unha ou outra aos membros da dirección.

Entre as súas tarefas inclúense:

- entrevistar os solicitantes de créditos persoais, hipotecarios, para estudantes e para empresas;
- investigar e avaliar a situación financeira, as referencias, o crédito e a capacidade do solicitante do préstamo para o reembolsar;
- presentar as solicitudes de crédito e de préstamo aos membros da dirección, con recomendacións para a súa aprobación ou denegación; ou aprobar ou denegar as solicitudes dentro dos límites autorizados, garantindo que se observen as normas de crédito da institución;
- levar rexistro dos pagamentos, preparar cartas ordinarias para o requirimento do pagamento de contas vencidas, e remitir tales cartas para a posta en marcha de accións xurídicas;
- completar a información de créditos e préstamos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Responsables de créditos hipotecarios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de sucursal de institución financeira, 1327
- Profesionais de apoio e intermediarios de troco, bolsa e finanzas, 3401
- Representantes comerciais, 3510

3403 Conservadores de libros

Os conservadores de libros manteñen rexistros completos das transaccións financeiras das empresas, e verifican a exactitude dos documentos e os rexistros relativos a tales transaccións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter rexistros completos de todas as transaccións financeiras dunha empresa, conforme os principios xerais de contabilidade, e coa orientación de contables;
- verificar a exactitude de documentos e rexistros relativos aos pagamentos, os cobramentos e outras transaccións financeiras;
- preparar estados financeiros e informes correspondentes a períodos especificados;
- aplicar o coñecemento dos principios e as prácticas da conservadoría de libros, co fin de identificar e resolver os problemas que xurdan no transcurso do seu labor;
- levar a cabo tarefas afíns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Conservadores de libros
- Axudantes de contabilidade

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en contabilidade, 2611
- Auxiliares de contabilidade, 4111

3404 Profesionais de apoio en servizos estatísticos, matemáticos e afíns

Os profesionais de nivel medio de servizos estatísticos, matemáticos e actuariais asisten na planificación da recolla, o tratamento e a presentación de datos estatísticos, matemáticos ou actuariais, así como na realización destas operacións, traballando normalmente baixo a dirección de estatísticos, matemáticos ou actuarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- transmitir os pedidos e vender mercadorías polo miúdo á industria, a grosistas ou a outros establecementos;
- asistir na planificación e realización de estimativas estatísticas, matemáticas, actuariais e afíns;
- preparar estimativas pormenorizadas das cantidades e os custos de materiais e man de obra requiridos para realizar enquisas e censos estatísticos;
- realizar tarefas técnicas relacionadas co establecemento, mantemento e uso de rexistros e marcos de mostraxe para censos e enquisas;

- realizar tarefas técnicas relacionadas coas operacións de recolla de datos e control de calidade en censos e enquisas;
- utilizar paquetes de aplicacións informáticas estándar para realizar cálculos matemáticos, actuariais, estatísticos, contables e afíns;
- preparar resultados estatísticos, matemáticos, actuariais, contables e doutro tipo para a súa presentación en forma gráfica ou tabular;
- aplicar o coñecemento dos principios e as prácticas estatísticos, matemáticos, actuariais, contables e afíns para identificar e resolver os problemas que xurdan no transcurso do seu labor;
- supervisar o labor dos administrativos de servizos estatísticos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en estatística
- Inspectores de entrevistadores, censos e enquisas
- Auxiliares actuariais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Entrevistadores-enquisadores, 4430
- Axente de enquisas por teléfono, 4430

3405 Taxadores

Os taxadores determinan o valor de bens e mercadorías e avalían os sinistros cubertos por pólizas de seguros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar a calidade ou o valor de materias primas, bens inmoables, equipamentos industriais, efectos persoais e de uso doméstico, obras de arte, pedras preciosas e outros obxectos;
- avaliar as responsabilidades de compañías de seguros e reaseguros por sinistros cubertos polas súas pólizas;
- obter rexistros de vendas e do valor de bens;
- inspeccionar bens para avaliar a súa condición, dimensión e construción;
- preparar informes de valor, esbozando os factores de estimación e os métodos utilizados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peritos taxadores
- Taxadores de inmoables
- Taxadores de sinistros
- Taxadores de seguros
- Avaliadores de sinistros
- Peritos xudiciais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Poxadores, 3539

35 Representantes, axentes comerciais e afíns

351 Axentes e representantes comerciais

3510 Axentes e representantes comerciais

Os axentes e representantes comerciais exercen a representación das compañías na venda dos seus produtos, bens e servizos, a empresas e/ou organizacións e proporcionan información específica sobre estes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- transmitir os pedidos e vender mercadorías polo miúdo á industria, a grosistas ou outros establecementos;
- vender equipamentos, fornecementos e servizos relacionados a establecementos comerciais ou particulares;
- obter e actualizar información sobre as condicións do mercado e sobre os bens e servizos da competencia;
- proporcionar aos clientes información sobre as características e funcións dos produtos e equipamentos que vende a súa compañía e mostrar o seu uso e as súas calidades;
- especificar prezos e condicións de pagamento, tomar nota dos pedidos e organizar as entregas;
- informar fornecedores e fabricantes da resposta dos clientes aos seus produtos;
- realizar o seguimento dos clientes para garantir a satisfacción cos produtos comprados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Representantes comerciais
- Axentes comerciais
- Viaxantes, comercio
- Comerciais, vendas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Visitadores médicos, 2640
- Vendedores técnicos de equipamentos e material de informática, 2653

352 Outros axentes comerciais

3521 Mediadores e axentes de seguros

Os mediadores e axentes de seguros asesoran e venden seguros de accidente, automóbil, responsabilidade civil, investimento, incendios, marítimos e outros tipos de seguros tanto aos seus clientes habituais coma a outros novos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter información sobre as circunstancias dos seus clientes co fin de determinar o tipo máis conveniente de seguro e as condicións deste;
- negociar cos clientes para determinar o tipo e o grao de risco para os bens que se desexan asegurar;
- explicar aos clientes detalles sobre seguros e condicións, primas de cobertura de riscos e beneficios para os clientes;
- axudar aos clientes a determinar o tipo e nivel de cobertura necesario, calcular as

- prima e establecer o método de pagamento;
- negociar e establecer pólizas de reaseguro;
- asesorar, negociar os termos e realizar contratos de seguros para proxectos, instalacións e outros riscos de grande envergadura ou que presentan circunstancias especiais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes de seguros
- Aseguradores
- Comerciais de seguros
- Axentes de seguros
- Mediadores de seguros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en prevención de riscos laborais e seguranza ambiental, 3326
- Taxadores de seguros, 3405

3522 Axentes de compras

Os axentes de compras xestionan a compra de bens e servizos para o seu uso ou para a revenda en nome de establecementos industriais, comerciais ou gobernamentais ou doutras organizacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar ou negociar os termos e as condicións do contrato;
- adxudicar os contratos aos fornecedores ou recomendar a adxudicación de contratos para a compra de equipamento, materias primas e servizos e a compra de mercadorías para a súa revenda;
- obter información acerca das necesidades e existencias;
- redactar especificacións sobre a cantidade e a calidade dos bens e servizos que deben adquirirse así como o seu custo, datas de entrega e demais condicións do contrato;
- adquirir equipamento de carácter xeral ou especializado, materiais ou servizos empresariais xa sexa para o seu uso ou para un reprocesamento posterior por parte dos establecementos;
- convidar empresas licitadoras, consultar con fornecedores e revisar prezos;
- adquirir mercadorías para a súa revenda polo miúdo ou en establecementos grosistas;
- estudar informes de mercado, prensa comercial e demais materiais de promoción de vendas e visitar feiras, salas de exposicións, fábricas de produtos e eventos sobre deseño de produtos;
- seleccionar a mercadoría ou produtos que mellor se adapten ás necesidades do establecemento;
- entrevistarse cos fornecedores e negociar prezos, descontos, condicións de crédito e a organización do transporte;
- supervisar a distribución de mercadorías aos puntos de venda e manter o axeitado nivel de existencias;
- establecer prazos de entrega, seguir o seu desenvolvemento e contactar con clientes e fornecedores para resolver problemas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xefes de compras
- Axentes de compras
- Técnicos en comercio exterior/compras
- Técnicos en xestión de existencias e/ou almacén

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Consignatarios, 3523
- Empregados administrativos de almacenamento e recepción, 4121

3523 Consignatarios

Os consignatarios realizan actividades de compravenda de produtos básicos e de servizos de transporte marítimo, habitualmente a granel, en nome da súa propia empresa ou dos seus clientes mediante comisión.

Entre as súas tarefas inclúense:

- establecer contactos entre compradores e vendedores de produtos básicos;
- examinar cos clientes os requisitos e condicións de compra ou venda e asesoralos ao respecto;
- comprar e vender espazo de carga en buques;
- negociar a compravenda de produtos básicos e de futuros sobre produtos básicos;
- buscar espazo de carga ou de almacenamento para produtos básicos e negociar os fretes e gastos de transporte e almacenamento;
- vixiar e analizar as tendencias dos mercados e os demais factores que afectan a oferta e demanda de produtos básicos e de servizos de transporte marítimo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Consignatarios
- Anotadores portuarios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Corretores de bolsa, 3402
- Técnicos financeiros, 3401
- Axentes de troco e bolsa, 3401
- Axentes de seguros, 3521

353 Axentes inmobiliarios e outros axentes**3531 Representantes de alfándegas**

Os representantes de alfándegas tramitan pola conta dos seus clientes os documentos e autorizacións aduaneiros e asegúranse de que os permisos de exportación ou importación e os seguros e outras formalidades se tramiten debidamente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- tramitar a documentación aduaneira necesaria para realizar importacións ou exportacións;

- comprobar o cumprimento dos requisitos de seguros;
- comprobar o cumprimento dos trámites para obter permisos de exportación ou importación e outras formalidades;
- establecer e asinar manifestos;
- comprobar a documentación de importación e exportación para determinar os contidos das cargas, e clasificar os bens en diferentes grupos de dereitos ou aranceis, utilizando para tal efecto un sistema de codificación arancelaria.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Representantes de alfándega
- Comisionistas de alfándegas
- Axentes marítimos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xestores de alfándegas, 3531
- Inspectores de alfándegas, 2623

3532 Organizadores de conferencias e eventos

Os organizadores de conferencias e eventos encárganse de organizar e coordinar servizos para conferencias, eventos, funcións, banquetes e seminarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- promover conferencias, convencións e feiras comerciais a clientes potenciais;
- responder a consultas relativas aos servizos prestados e aos custos por aluguer de cuartos e equipamentos, servizos de restauración e afíns;
- reunirse con clientes para analizar as súas necesidades e esbozar opcións conxuntas para atendelas;
- organizar e coordinar servizos como os relativos ás instalacións de conferencias, restauración, cartelaría, expositores, equipamentos audiovisuais e informáticos, aloxamento, transporte e eventos sociais para os participantes, así como prestacións loxísticas para os exhibidores;
- organizar o rexistro dos participantes;
- negociar o tipo e os custos dos servizos a prestar dentro dos límites do orzamento;
- supervisar o labor dos contratistas e informar das variacións respecto ás ordes de traballo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Organizadores de conferencias e eventos
- Planificadores de conferencias
- Planificadores de vodas

3533 Axentes ou intermediarios na contratación da man de obra (salvo representantes de espectáculos)

Os axentes de emprego e contratistas de man de obra dedícanse a adecuar a oferta á demanda de traballadores, sinalando postos de traballo vacantes aos postulantes, a reunir ou escoller os traballadores que require calquera empregador, público ou priva-

do, a miúdo mediante o pagamento dunha comisión, ou a contratar a man de obra necesaria para determinados proxectos ou obras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- colocar postulantes de emprego en postos de traballo vacantes;
- buscar traballo para os postulantes mediante o pagamento dunha comisión polos traballadores ou empregadores interesados;
- consultar os empregadores ou os organismos pertinentes acerca das cualificacións e outras características dos traballadores que requiren;
- conseguir traballadores que reúnan as cualificacións e outros requisitos previstos e cumprir todas as formalidades pertinentes de conformidade coa regulamentación nacional ou internacional aplicable e outras exixencias;
- garantir que os contratos de traballo cumpran as normas legais vixentes e asinar tales contratos cando así se requira;
- asesorar sobre réximes de formación.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes de oficinas de colocación
- Intermediarios na contratación de man de obra

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axentes literarios, 3539
- Axentes musicais, 3539
- Axentes deportivos, 3539
- Axentes teatrais, 3539

3534 Axentes e administradores da propiedade inmobiliaria

Os axentes e administradores da propiedade inmobiliaria ocúpanse de organizar a venda, a adquisición o arrendamento de inmobles, xeralmente en nome de clientes ou a cambio dunha comisión.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter información sobre os inmobles que van venderse ou arrendarse, das circunstancias do seu propietario e das necesidades de posibles compradores ou arrendatarios;
- mostrar os inmobles que van venderse ou arrendarse a posibles compradores ou arrendatarios, e explicar as condicións de venda ou arrendamento;
- organizar a sinatura dos contratos de arrendamento e a transmisión de dereitos de propiedade;
- cobrar os importes de alugueres e fianzas en nome do propietario e inspeccionar os inmobles antes, durante e despois dos períodos de arrendamento;
- garantir a dispoñibilidade de traballadores para levar a cabo o mantemento dos inmobles.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes da propiedade inmobiliaria
- Xestores inmobiliarios
- Corretores de terreos
- Vendedores de inmobles

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empregados, operacións financeiras/hipotecas, 4113

3535 Portavoces e axentes de relacións públicas

Os portavoces e axentes de relacións públicas son técnicos que asisten na definición e seguimento do plan de medios de comunicación e realizan actividades relacionadas coa organización e seguimento de eventos de comunicación a partir de plans establecidos. Actúan baixo a dirección de mandos superiores. Asumen as tarefas administrativas de organización de reunións de prensa e outros medios de comunicación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asistir na organización e seguimento do plan de medios;
- organizar eventos de comunicación a partir de plans establecidos;
- asistir na celebración e condución dos eventos de comunicación;
- xestionar as relacións cos medios de comunicación e xornalistas no marco de condicións establecidas previamente.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en relacións públicas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesionais de relacións públicas, 2652

3539 Representantes artísticos e deportivos e outros axentes de servizos comerciais non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os axentes de servizos comerciais non clasificados separadamente no subgrupo 353, Axentes inmobiliarios e outros axentes. Por exemplo, haberá que clasificar neste grupo primario o persoal que serve de intermediario para conseguir ou ofrecer determinadas informacións e servizos: vende espazos de publicidade en xornais e revistas, negocia os termos dos contratos que rexen a actuación en público de deportistas, artistas, e executantes, así como a publicación, representación, adaptación, produción, gravación, difusión e venda de obras literarias e musicais. Inclúense, así mesmo, os que se ocupan de vender obxectos, propiedades e outros bens mediante poxa.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter información sobre os servizos ou dereitos dispoñibles e os requirimentos de presuntos compradores;
- negociar contratos en nome dunha ou outra parte e explicar as condicións de compravenda e pagamento aos clientes;
- asinar acordos ou contratos en representación de clientes e velar polo seu cumprimento;
- verificar que o comprador dispoña dos servizos, informacións ou outras prestacións pactadas nas datas e nas formas convidadas;
- vender mediante poxa diversos tipos de inmobles, automóbiles, produtos básicos, gando, arte, xoias e outros obxectos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes literarios
- Representantes musicais
- Axentes deportivos
- Axentes teatrais
- Poxadores
- Vendedores de servizos comerciais/publicidade

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en relacións públicas, 3535

36 Profesionais de apoio á xestión administrativa; técnicos das forzas e corpos de seguranza**361 Asistentes administrativos e especializados****3611 Supervisores de secretaría**

Os supervisores de secretaría supervisan e coordinan as actividades dos traballadores do gran grupo 4, Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina.

Entre as súas tarefas inclúense:

- coordinar, asignar e revisar o traballo dos oficinistas que realizan as tarefas seguintes: procesar texto; manter e archivar rexistros; manexar teléfonos e centrais; gravar datos; realizar tarefas de autoedición; realizar outras actividades que requirán coñecementos administrativos e de ofimática xerais;
- elaborar calendarios e procedementos de traballo e coordinar actividades con outras unidades ou departamentos;
- resolver problemas relacionados co traballo e preparar e transmitir informes sobre o avance dos traballos e doutra índole;
- formar e instruír o persoal no relacionado coas tarefas de que é responsable, os procedementos de seguranza e as políticas da empresa, ou dispoñer o necesario para que se imparta tal formación;
- avaliar os resultados dos traballadores e a súa conformidade cos regulamentos e recomendar as accións adecuadas relacionadas co persoal;
- levar a cabo a convocatoria, entrevista e selección do persoal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Supervisores do persoal de oficina
- Supervisores do persoal de gravación de datos

3612 Asistentes xurídico-legais

Os asistentes xurídico-legais prestan apoio a profesionais do sector xurídico coa comunicación, documentación e coordinación da xestión interna en despachos de avogados e departamentos xurídicos de grandes empresas e da Administración pública,

proporcionándolles a información solicitada relativa á terminoloxía xurídica e aos procesos asociados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar e tramitar documentos xurídicos, como escrituras, testamentos, declaracións xuradas e escritos;
- revisar e corrixir documentos e correspondencia para garantir o cumprimento dos procedementos xurídicos;
- enviar correspondencia xurídica aos clientes, testemuñas e funcionarios xudiciais por correo ou fax, ou dispoñer o necesario para que a devandita correspondencia lles sexa entregada;
- organizar e manter documentos, arquivos de asuntos e bibliotecas xurídicas;
- examinar as solicitudes de reunións e programar e organizar estas;
- prestar asistencia no relacionado coa preparación de orzamentos, a supervisión de gastos, a redacción de contratos e os pedidos de compra ou adquisición;
- supervisar o traballo dos traballadores ao cargo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Asistentes xurídico-legais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Oficiais de xustiza, 3711
- Axentes xudiciais, 4309

3613 Asistentes de dirección e administrativos

Os asistentes de dirección e administrativos encárganse de tarefas de intermediación, coordinación e **organización en a directores** e profesionais e/ou preparan a correspondencia, informes e actas así como outra documentación especializada.

Entre as súas tarefas inclúense:

- redactar correspondencia administrativa e actas;
- obter, propoñer e supervisar os prazos e as datas de seguimento posteriores;
- examinar as solicitudes de reunións e programar e organizar estas e os plans de viaxes;
- prestar asistencia no relacionado coa preparación de orzamentos, a supervisión de gastos, a redacción de contratos e os pedimentos de compra ou adquisición;
- actuar de enlace con outros empregados no referente a diferentes cuestións relacionadas coas actividades da organización;
- redactar e responder a correspondencia comercial ou técnica ou de carácter similar;
- preparar actas literais das reunións en asembleas lexislativas, tribunais de xustiza ou outros lugares, mediante taquigrafía ou outros equipamentos especializados de oficina;
- supervisar o traballo dos traballadores ao cargo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Secretarios administrativos
- Asistentes de dirección
- Asistentes de correspondencia

- Asistentes persoais
- Redactores de actas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Gravadores de datos, 4301
- Auxiliares administrativos, sen tarefas de atención ao público (n.c.n.), 4309
- Auxiliares administrativos, con tarefas de atención ao público (n.c.n.), 4500

3614 Secretarios de centros médicos ou clínicas

Os secretarios de centros médicos ou clínicas, aplicando coñecementos especializados da terminoloxía e dos procedementos médicos, prestan asistencia ao xefe da unidade e a outros empregados na realización e apoio a funcións administrativas de comunicación, documentación e coordinación interna en apoio ao persoal sanitario de centros médicos e outras organizacións de coidados para a saúde.

Entre as súas tarefas inclúense:

- concertar e confirmar as citas médicas e transmitirles mensaxes ao persoal médico e aos pacientes;
- compilar, rexistrar e revisar historias, informes, documentos e correspondencia de carácter médico;
- entrevistar os pacientes para encher formularios, documentos e historias médicas;
- encher formularios do seguro médico e de reclamacións doutros tipos;
- manter os arquivos e rexistros médicos e a biblioteca técnica;
- preparar estados financeiros e facturas;
- axudar na preparación de orzamentos e a redacción de contratos e pedidos de compra ou adquisición;
- supervisar o traballo dos traballadores ao cargo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Secretarios médicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Recepcionistas médicos, 4412
- Técnicos superiores en documentación sanitaria, 3322

362 Axentes de alfándegas, tributos e afíns que traballan en tarefas propias da Administración pública

3621 Profesionais de apoio da Administración pública de tributos

Os profesionais de apoio da Administración pública de tributos examinan declaracións tributarias, facturas de venda e outros documentos para determinar o tipo e contía dos impostos, dereitos de alfándegas, gravames e outras taxas públicas que deben pagar particulares ou empresas, e remiten os casos excepcionais ou importantes ao persoal directivo da Administración pública.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar organizacións, empresas e o público en xeral sobre a interpretación adecuada das leis, regulamentos e disposicións estatais en materia de fixación e pagamento de impostos, dereitos de alfándegas, gravames e outras taxas públicas, e sobre os dereitos e obrigas dos contribuíntes;
- examinar declaracións tributarias, facturas de venda e outros documentos pertinentes para fixar o tipo e contía dos impostos, dereitos de alfándegas, gravames e outras taxas públicas que se deban pagar;
- investigar declaracións tributarias presentadas e rexistros, sistemas e controis contables internos das organizacións para garantir o cumprimento das leis e regulamentos fiscais;
- realizar tarefas administrativas afíns para documentar os resultados obtidos, manter rexistros e informar das medidas adoptadas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes tributarios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Especialistas en contabilidade, 2611
- Auditores, 2611
- Inspectores de Facenda, 2623

3622 Profesionais de apoio da Administración pública de servizos sociais

Os profesionais de apoio da Administración pública de servizos sociais examinan solicitudes de prestacións monetarias ou en especie da seguranza social para determinar o dereito a recibir tales prestacións e a súa contía, e remiten os casos excepcionais ou importantes ao persoal directivo da Administración pública.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar particulares, empresas e organizacións sobre a interpretación axeitada das leis e regulamentos relativos aos réximes públicos de seguridade social e a determinación e modalidades de atribución das prestacións e sobre os dereitos e obrigas do público;
- examinar solicitudes e outros documentos pertinentes para determinar o tipo e contía das prestacións que deban concederse aos interesados;
- valorar a documentación e entrevistar os beneficiarios das prestacións para garantir que cumpren os requisitos para seguir a recibilas;
- realizar tarefas administrativas afíns para manter rexistros dos clientes e preparar informes sobre as resolucións relativas ao cumprimento dos requisitos, a remisión a outros servizos, a extinción das prestacións e os casos de abuso ou fraude.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesionais de apoio, pensións/administracións públicas
- Profesionais de apoio, prestacións sociais/administracións públicas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Profesionais do traballo e a educación social, 2824

3623 Profesionais de apoio da Administración pública de servizos de expedición de licenzas

Os profesionais de apoio da Administración pública de servizos de expedición de licenzas examinan as solicitudes de licenzas para exportar ou importar mercadorías, crear unha empresa, construír unha casa ou outras estruturas, ou obter un pasaporte, determinan se se cumpren os requisitos establecidos para a súa expedición e identifican as condicións ou limitacións específicas consignadas nas licenzas ou permisos expedidos, remitindo os casos excepcionais ou importantes ao persoal directivo da Administración pública.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asesorar particulares sobre a interpretación adecuada das leis, regulamentos e disposicións relativos aos tipos de licenzas ou documentos necesarios e ás condicións que os rexen e sobre os dereitos e obrigas do público;
- examinar solicitudes e os documentos pertinentes para determinar se poden concederse as licenzas ou permisos solicitados e as condicións exixidas;
- examinar solicitudes e aprobar a expedición de pasaportes;
- realizar tarefas administrativas afíns para tramitar as solicitudes, documentar as actividades, avaliacións e resolucións, e preparar a correspondencia para informar os solicitantes das decisións ao respecto;
- administrar aos solicitantes de licenzas as probas establecidas e puntuais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesionais de apoio, expedición de licenzas e permisos/administracións públicas
- Profesionais de apoio, expedición de pasaportes/administracións públicas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Inspectores de edificios, 3122

3629 Outros profesionais de apoio da Administración pública para tarefas de inspección e control e tarefas similares

Este grupo primario abrangue os axentes da Administración pública para a aplicación da lei e afíns non clasificados en ningunha outra epígrafe. Inclúense nel, por exemplo, os inspectores de agricultura, pesca, bosques, prezos, salarios e pesos e medidas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- inspeccionar locais e lugares de comercio para garantir a utilización de pesos e medidas correctas;
- vixiar os réximes de prezos para avaliar a idoneidade do custo dos bens e servizos co obxecto de protexer os intereses dos consumidores;
- vixiar os réximes de salarios para garantir a aplicación de niveis de remuneración adecuados ao traballo realizado e comprobar o cumprimento da lexislación laboral;
- realizar tarefas administrativas e de investigación afíns para rexistrar os resultados obtidos, documentar os casos de incumprimento ou as prácticas empresariais inadecuadas e preparar informes e correspondencia.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Inspectores de prezos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos de prevención de incendios na construción, 3122
- Técnicos en prevención de riscos laborais, 3326
- Técnicos en saúde ambiental, 3326
- Técnicos de seguranza e hixiene no traballo, 3326

363 Técnicos das forzas e corpos de seguranza

3631 Técnicos da policía nacional, autonómica e local

Os técnicos da policía nacional, autonómica e local investigan os feitos e circunstancias relacionados coa comisión de delitos tentando impedir a realización de actos delituosos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar feitos e circunstancias que fagan sospeitar que se cometeu ou se vai cometer un delito co obxecto de reunir probas e identificar os presuntos autores;
- proceder á detención ou asistir no arresto de presuntos infractores ou de delinquentes;
- realizar informes sobre as investigacións e traballos levados a cabo, dando conta das súas actividades aos seus superiores;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos especialistas, policía
- Subinspectores, policía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Comisarios principais de policía, 1112
- Comisarios de policía, 2623
- Inspectores de policía, 2623
- Detectives privados, 3712
- Axentes da policía nacional, 5921

3632 Suboficiais da Garda Civil

Os suboficiais da Garda Civil investigan os feitos e circunstancias relacionados coa comisión de delitos intentando impedir a realización de actos delituosos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar feitos e circunstancias que fagan sospeitar que se cometeu ou se vai cometer un delito co obxecto de reunir probas e identificar os presuntos autores;
- proceder á detención ou asistir no arresto de presuntos infractores ou de delinquentes;
- realizar informes sobre as investigacións e traballos levados a cabo, dando conta

- das súas actividades aos seus superiores;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Suboficiais da garda civil

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Membros da escala superior, garda civil, 2623
- Membros da escala executiva, garda civil, 2623
- Gardas civís, 5910

37 Profesionais de apoio de servizos xurídicos, sociais, culturais, deportivos e afíns

371 Profesionais de apoio de servizos xurídicos e sociais

3711 Profesionais de apoio de servizos xurídicos e servizos similares

Os profesionais de nivel medio do dereito e servizos legais e afíns desempeñan funcións de apoio en tribunais ou despachos de avogados, prestan servizos en materias xurídicas como contratos de seguro, transmisións de propiedade e concesión de préstamos ou outras operacións financeiras, ou realizan investigacións para clientes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- documentar procedementos e sentenzas xudiciais;
- trasladar e entregar escritos de demanda, autos de emprazamento ou de citación e outras resolucións xudiciais;
- manter a orde nas salas de vistas;
- preparar documentos xurídicos tales como expedientes xudiciais, alegacións, recursos, testamentos e contratos, e preparar documentos que resuman as posicións das partes ou establezan as condicións dun préstamo ou un seguro;
- investigar feitos, reunir probas e buscar disposicións legais, xurisprudencia e outros documentos para preparar os asuntos;
- asesorar os clientes sobre cuestións xurídicas;
- examinar documentos tales como escrituras de constitución de hipotecas ou de servidumes, sentenzas, contratos e planos para verificar a descrición xurídica e a titularidade de inmobles;
- preparar documentos de transmisión de inmobles, títulos e valores ou outros asuntos que requiran rexistro oficial;
- investigar presuntos casos de furto, roubo ou transmisión indebida de información en establecementos comerciais ou industriais e outros posibles casos de comportamento ilícito de clientes ou empregados;
- investigar establecementos comerciais ou industriais e as circunstancias e o comportamento de determinadas persoas en nome dos clientes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Oficiais, notaría
- Auxiliares de xustiza

- Oficiais, xustiza
- Pasantes, avogado
- Xuíces de paz

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Avogados, 2511
- Secretarios xudiciais, 2599
- Asistentes xurídico-legais, 3612

3712 Detectives privados

Os detectives privados investigan pola conta de clientes privados as actividades e condutas de empresas ou particulares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- investigar casos de furto, roubo, transmisión indebida de información en establecementos comerciais e industriais pola conta de clientes;
- investigar a actividade de establecementos e o comportamento de persoas pola conta de clientes;
- presentar informes ao cliente das investigacións realizadas;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Detectives privados

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Gardas xurados, 5941

3713 Profesionais de apoio ao traballo e á educación social

Os profesionais de apoio ao traballo e á educación social administran e aplican programas de asistencia social e servizos comunitarios e axudan aos clientes a abordar problemas persoais e sociais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- reunir información sobre as necesidades dos clientes e avaliar as súas destrezas, puntos fortes e deficiencias;
- axudar ás persoas con minusvalideces e ás de idade avanzada a recibir servizos e a melloraren a súa capacidade funcional na sociedade;
- axudar aos clientes a identificaren opcións e elaboraren plans de actuación, prestándolles ao mesmo tempo o apoio e asistencia necesarios;
- axudar aos clientes a identificar recursos da comunidade e a acceder a eles, incluídos os relativos a asistencia xurídica, médica e financeira, vivenda, emprego, transporte, asistencia nos desprazamentos, coidados de día e outros servizos;
- aconsellar os clientes que vivan en fogares de acollida e centros de reinserción social, supervisar as súas actividades e axudarlles a planificaren a súa vida antes e despois da súa saída deles;

- participar na selección e admisión de clientes en programas adecuados;
- prestar servizos de intervención en caso de crise e de acollida en situacións de emerxencia;
- administrar seminarios sobre destrezas vitais, programas de tratamento por abuso de substancias, programas de xestión do comportamento, programas de servizos para mozos e outros programas de servizos comunitarios e sociais baixo a supervisión de profesionais da saúde ou de asistencia social;
- axudar a avaliar a eficacia das intervencións e programas vixiando o progreso dos clientes e informando sobre el;
- manter contactos con outras entidades de servizos sociais, centros de ensino e provedores de asistencia sanitaria que traballen cos clientes, para facilitalos e recibir deles información sobre a situación xeral e os progresos dos clientes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Integradores sociais
- Técnicos de apoio ao desenvolvemento local
- Traballadores de desenvolvemento comunitario
- Traballadores de apoio aos servizos sociais
- Traballadores de servizos a menores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Traballadores sociais, 2824
- Asistentes sociais, 2824
- Educadores sociais, 2824
- Educadores de familia, 2824
- Orientadores sociolaborais, 2824
- Axentes de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, 2825

3714 Promotores de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Os promotores de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes realizan funcións nas áreas de animación, sensibilización e desenvolvemento de actividades de atención directa aos usuarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recolla de datos sobre necesidades en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes;
- información en materia de oportunidades entre mulleres e homes;
- realización de actividades de animación en materia de oportunidades entre mulleres e homes;
- colaborar cos axentes de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Promotores de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axentes de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, 2825
- Traballadores sociais, 2824
- Educadores sociais, 2824
- Integradores sociais, 3713

3715 Animadores comunitarios

Os animadores comunitarios orientan as persoas e colectivos sociais co fin de desenvolver e potenciar a súa iniciativa e creatividade, na procura do benestar social.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axudar a diversas persoas a unha mellor utilización do seu lecer e do tempo libre;
- organizar o voluntariado;
- axudar á prevención da marxinación e da insolidariedade;
- apoiar a reinserción social;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Monitores socioculturais, integración
- Animadores comunitarios
- Animadores xeriátricos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Animadores turísticos, 3724
- Animadores socioculturais, entretemento, 3724

3716 Auxiliares laicos das relixións

Os auxiliares laicos das relixións prestan apoio a ministros da relixión ou comunidades relixiosas, realizan actividades relixiosas, predicán e propagan as ensinanzas dunha relixión específica e tratan de mellorar o benestar a través do poder da fe e do consello espiritual.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar actividades relixiosas;
- predicar e propagar as ensinanzas dunha relixión específica;
- axudar nos servizos de culto e os ritos relixiosos;
- impartir ensino relixioso, prestar orientación espiritual e dar apoio moral a persoas e comunidades;
- administrar e participar en programas de alimentos, vestido e refuxio para necesitados;
- aconsellar comunidades e persoas sobre a idoneidade da conduta e da fe para a preservación ou mellora do benestar.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Predicadores, segrar
- Misioneiros, segrar

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Imáns, 2830
- Sacerdotes, 2830

372 Deportistas, adestradores, instrutores de actividades deportivas; monitores de actividades recreativas

3721 Atletas e deportistas

Os atletas e deportistas participan en competicións e probas deportivas. Adéstranse e compiten, individualmente ou en equipo, no deporte elixido.

Entre as súas tarefas inclúense:

- participar en competicións e probas deportivas;
- participar na práctica regular e en sesións de adestramento e adestrarse de forma particular para manter a forma física e o nivel de destreza requiridos;
- realizar actividades de promoción deportiva e entrevistas en medios de comunicación;
- manter un alto nivel nun deporte concreto;
- decidir sobre as estratexias que deban aplicarse, en consulta co adestrador;
- avaliar os competidores e as condicións das probas e competicións;
- intervir en probas e competicións;
- cumprir os regulamentos de cadanseu deporte.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Atletas
- Boxeadores
- Xadrecistas
- Futbolistas
- Golfistas
- Esquiadores
- Tenistas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Árbitros, 3722
- Adestradores, 3722

3722 Adestradores e árbitros de actividades deportivas

Os adestradores e árbitros de actividades deportivas traballan con deportistas afeccionados ou profesionais para mellorar o seu rendemento, estimulan a súa participación na práctica deportiva, e organizan e arbitran probas e competicións deportivas de acordo cos regulamentos vixentes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar os puntos fortes e débiles dos deportistas ou dos equipos;
- planificar, desenvolver e realizar sesións de adestramento e de práctica;
- elaborar, planificar e coordinar calendarios e programas de competicións e probas;
- motivar e preparar os deportistas e os equipos para probas, competicións e partidos;
- formular a estratexia de competición, elaborar plans para os partidos e dirixir os atletas e deportistas durante as probas, competicións e partidos;

- analizar e avaliar o rendemento dos deportistas e dos equipos e modificar os programas de adestramento;
- supervisar e analizar a técnica e o rendemento, e determinar como poden conseguirse melloras;
- arbitrar en probas e competicións deportivas para aplicar as regras e garantir que se cumpren os regulamentos e as normas de seguranza;
- rexistrar o tempo transcorrido e anotar os resultados durante as probas e competicións;
- xulgar a actuación dos competidores, conceder puntos, impoñer castigos polas infraccións do regulamento e determinar o resultado;
- compilar os puntos obtidos e outros datos deportivos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Adestradores deportivos
- Árbitros
- Adestradores de esquí
- Adestradores de natación

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Instrutores de educación física, 3723
- Instrutores de equitación, 3723

3723 Instrutores de actividades deportivas

Os instrutores de actividades deportivas dirixen, guían e instrúen grupos e persoas en actividades recreativas, de educación física e de aventura ao aire libre.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e realizar actividades recreativas e de educación física;
- supervisar actividades recreativas, deportivas e de educación física para garantir a seguranza e prestar primeiros auxilios en caso preciso;
- avaliar e supervisar as capacidades e a forma física dos clientes, e recomendar-lles actividades;
- demostrar e ensinar os movementos corporais, conceptos e destrezas que se usan nos exercicios de educación física e nas actividades recreativas;
- instruír no uso dos equipamentos;
- explicar e velar pola aplicación dos procedementos e normas de seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instrutores de aeróbic
- Instrutores de educación física
- Instrutores de equitación
- Instrutores de vela
- Instrutores de esquí
- Instrutores de natación
- Adestradores persoal, ximnasios
- Instrutores de mergullo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Adestradores de esquí, 3722

- Adestradores de natación, 3722
- Guías de actividades de aventura, 3724

3724 Monitores de actividades recreativas e de lecer

Os monitores de actividades recreativas e de lecer organizan e dinamizan actividades de tempo libre aplicando técnicas específicas de animación grupal. Os animadores socioculturais no campo do lecer e do entretemento dinamizan, programan e desenvolven proxectos e actividades culturais e de lecer e tempo libre, fomentando a participación dos destinatarios.

Nota: inclúense neste grupo primario os guías de actividades de aventura os cales conducen clientes en condicións de seguranza por camiños ou zonas de montaña a pé, en bicicleta ou a cabalo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- desenvolver as actividades educativas de tempo libre conforme o planificado;
- planificar proxectos culturais e de tempo libre;
- organizar a infraestrutura para despreparar e executar a programación cultural usando os recursos acordados;
- avaliar programas e proxectos culturais e de tempo libre.
- adecuar o proxecto ás características grupais dos destinatarios;
- realizar actividades de tempo libre aplicando técnicas de animación de grupos vinculadas á situación e ao colectivo destinatario;
- aplicar técnicas de expresión, animación e creatividade;
- desenvolver actividades de tempo libre dinamizadas mediante o xogo e a práctica de xogos físico-deportivos;
- realizar actividades de tempo libre nun ámbito de aire libre relacionadas coa natureza;
- determinar e organizar itinerarios no medio natural;
- guiar e dinamizar persoas por itinerarios no medio natural;
- progresar con eficacia e seguranza e conducir bicicletas, piraguas en augas bravas, embarcacións propulsadas por aletas, tipo hidrotrineo, e as embarcacións pneumáticas en augas bravas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Animadores socioculturais, entretemento
- Animadores turísticos
- Monitores de tempo libre
- Guías de actividades de aventura

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Monitores socioculturais, integración, 3715
- Animadores comunitarios, 3715

373 Técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais, artísticos e culinarias

3731 Fotógrafos

Os fotógrafos manexan cámaras para fotografar persoas, acontecementos, escenas, materiais, produtos e outros temas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facer fotografías con fins científicos, industriais, publicitarios e comerciais ou doutra índole e para ilustrar noticias e outros textos escritos en xornais, revistas e outras publicacións;
- retratar persoas e grupos de persoas;
- estudar os requisitos dun encargo concreto e decidir sobre o tipo de cámara, película, iluminación e accesorios que deben empregarse;
- determinar a composición da imaxe, efectuar axustes técnicos no equipamento e fotografar o tema;
- manexar aparellos de exploración (escáneres) para transferir imaxes fotográficas a arquivos dixitais;
- manexar ordenadores para manipular imaxes fotográficas;
- adaptar imaxes fotográficas existentes para crear novas imaxes dixitalizadas que poidan incluírse en produtos multimedia;
- usar aerógrafos, ordenadores ou outras técnicas para crear o efecto visual deseñado.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fotógrafos aéreos
- Fotógrafos publicitarios
- Fotógrafos industriais
- Fotógrafos gráficos
- Fotógrafos retratistas
- Fotógrafos científicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en audiovisuais, 3831
- Operadores de cámara, 3831
- Mecánicos-electrónicos, 7531
- Reparadores de equipamentos fotográficos, 7611
- Fotogravadores, 7621
- Fotolitogravadores, 7621

3732 Deseñadores e decoradores de interior

Os deseñadores e decoradores de interior planifican e deseñan interiores de edificios comerciais, industriais, públicos, de venda ao menor e residenciais para conseguir ambientes adaptados a un fin determinado, tomando en consideración factores que potencien os ámbitos de vida e de traballo e a promoción das vendas. Coordinan a súa construción e decoración e participan nelas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar os obxectivos e restricións do resumo de deseño, consultando para iso cos clientes e os interesados;
- investigar e analizar os requisitos espaciais, funcionais, estéticos, de eficiencia e de seguranza;
- formular conceptos de deseño para os interiores de edificios;

- preparar esbozos, diagramas, ilustracións e planos para comunicar conceptos de deseño;
- negociar solucións de deseño cos clientes, a dirección, os fornecedores e o persoal de construción;
- elixir, especificar e recomendar materiais, mobiliario e produtos funcionais e estéticos para interiores;
- detallar e documentar o deseño elixido, para a súa construción;
- coordinar a construción e a decoración de interiores;
- deseñar e pintar escenarios para espectáculos;
- deseñar e decorar escaparates e outras áreas de exhibición para promover produtos e servizos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Decoradores de escaparates
- Decoradores de interiores
- Escenógrafos
- Escaparatistas
- Expertos en ordenación dos puntos de venda

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Arquitectos de interiores, 2451

3733 Técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas

Os técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas preparan materiais gráficos, mostras e utensilios para coleccións, dispoñen e constrúen exposicións, e axudan aos bibliotecarios a organizaren e aplicaren sistemas de xestión das obras e arquivos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- montar e preparar obxectos para a súa exposición;
- deseñar e dispoñer mobles, urnas e zonas de exposición;
- axudar a especificar os equipamentos de iluminación e exposición;
- recibir, expedir, embalar e desembalar exposicións;
- pedir novas obras para bibliotecas e manter os rexistros e os sistemas de circulación destas;
- catalogar obras imprimidas e gravadas;
- introducir datos en bases de datos e modificar os rexistros de ordenador;
- manexar equipamentos audiovisuais e de reprografía;
- buscar e verificar datos bibliográficos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en galerías de arte
- Técnicos en bibliotecas
- Técnicos en museos
- Taxidermistas

3734 Xefes de cociña

Os xefes de cociña deseñan menús, crean pratos e supervisan a planificación, organización, preparación e cocción de comidas en hoteis, restaurantes e outros establecementos públicos onde se serven comidas, e en buques, trens e casas particulares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e confeccionar receitas e menús, calcular os custos dos alimentos e da man de obra, e facer pedidos de produtos de alimentación;
- supervisar a calidade dos pratos en todas as fases de preparación e presentación;
- examinar as cuestións relativas á preparación dos alimentos cos directivos, con dietistas e co persoal de cociña e de servizo;
- supervisar e coordinar as actividades dos cociñeiros e dos demais traballadores que interveñen na preparación dos alimentos;
- inspeccionar as fornecementos, equipamentos e zonas de traballo para garantir que se cumpren as normas establecidas;
- determinar as cantidades de alimentos que deben presentarse e idear presentacións decorativas;
- instruír os cociñeiros e os restantes traballadores na preparación, cocción, decoración e presentación dos alimentos;
- participar na contratación do persoal de cociña e supervisar a súa actuación;
- preparar, condimentar e confeccionar especialidades e pratos complicados;
- expoñer as normas vixentes en materia de hixiene e de seguranza dos alimentos, e velar pola súa observancia.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Xefes de cociña
- Xefes de cociña executivos
- Xefes de cociña
- Xefes de cociña pasteiros
- Xefes de cociña de prebes
- Segundos de cociña

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Cociñeiros, 5110
- Cociñeiros de comida rápida, 9320

3739 Outros técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas

Este grupo primario abrangue os profesionais de nivel medio en actividades culturais e artísticas non clasificados noutras epígrafes do subgrupo 373, Técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais, artísticos e culinarios.

Inclúense nel, por exemplo, os asistentes de directores ou actores nas producións teatrais, cinematográficas, de televisión ou comerciais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Artistas de arte corporal
- Asistentes de dirección (radiodifusión)
- Técnicos en iluminación
- Coordinadores de programas (radiodifusión)

- Apuntadores
- Atrezzistas (radiodifusión)
- Continuístas
- Técnicos en efectos especiais
- Rexedores
- Tremoeiros
- Coordinadores de especialistas
- Especialistas
- Tatuadores
- Técnicos de teatro
- Encargados de vestuario
- Figurantes

38 Técnicos das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)

381 Técnicos en operacións de tecnoloxías da información e asistencia ao usuario

3811 Técnicos en operacións de sistemas informáticos

Os técnicos en operacións de sistemas informáticos facilitan as tarefas de proceso, operación e seguimento dos sistemas de tecnoloxía da información e as comunicacións, incluídas as redes de área local e estendida (LAN e WAN), e os equipamentos e software asociados, co fin de garantir un rendemento óptimo e a identificación dos problemas existentes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ocuparse da operación e o control de equipamentos informáticos periféricos e afíns;
- introducir comandos, utilizando terminais informáticos, e activar controis en equipamentos informáticos e periféricos para integralos e operar con eles;
- levar a cabo o seguimento de sistemas para detectar avarías dos equipamentos e erros de desempeño;
- notificar a supervisores e técnicos de mantemento os fallos de funcionamento dos equipamentos;
- responder ás mensaxes de erro dos programas buscando e corrixindo os problemas, remitíndoos a un nivel xerárquico superior ou rematando o programa de que se trate;
- ler as instrucións de configuración dos postos de traballo para determinar os equipamentos que deben utilizarse, a orde de uso, os materiais como discos e papel que deben cargarse e os parámetros de configuración de control;
- recuperar, separar e clasificar os resultados dos programas como resulte necesario, e enviar os datos a determinados usuarios;
- cargar equipamentos periféricos, como as impresoras, con materiais seleccionados para procesos de funcionamento, ou supervisar a carga destes equipamentos polos seus operadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de equipamentos informáticos

- Operadores de periféricos
- Controladores de execución de programas informáticos

3812 Técnicos en asistencia ao usuario de tecnoloxías da información

Os técnicos en asistencia ao usuario de tecnoloxía da información e as comunicacións prestan asistencia técnica aos usuarios, de xeito directo ou por teléfono, correo electrónico ou outros medios electrónicos, incluídos o diagnóstico e a resolución de dificultades e problemas que afecten o software, os equipamentos informáticos principais e periféricos, as redes, as bases de datos e a internet, e prestan asesoramento e apoio no desenvolvemento, instalación e mantemento de sistemas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- responder ás consultas dos usuarios en materia do funcionamento do software e os equipamentos, co fin de resolver problemas;
- introducir comandos e observar o funcionamento dos sistemas para verificar que as operacións son correctas e detectar erros;
- instalar software e equipamentos informáticos principais e periféricos, así como realizar reparacións menores destes, conforme as especificacións de deseño e instalación;
- supervisar o funcionamento diario dos sistemas informáticos e de comunicacións;
- configurar equipamentos para o uso por empregados, efectuar ou garantir a instalación axeitada de cables, sistemas operativos ou o software pertinente;
- manter rexistros das transaccións, os problemas e as correccións efectuadas na comunicación diaria de datos, así como das actividades de instalación;
- emular ou reproducir problemas técnicos detectados polos usuarios;
- consultar guías de usuario, manuais técnicos e outros documentos para investigar e aplicar solucións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de asistencia técnica
- Técnicos de soporte informático
- Técnicos consultores en ofimática
- Técnicos instaladores de sistemas informáticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos reparadores de equipamentos informáticos, 7533

3813 Técnicos en redes

Os técnicos en redes e sistemas de computadores establecen, operan e manteñen redes e outros sistemas de comunicación de datos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- operar e manter sistemas de redes, e resolver os problemas asociados a elas;
- operar e manter sistemas de comunicacións de datos distintos das redes;
- asistir os usuarios na resolución dos problemas das redes e de comunicacións de datos;

- identificar áreas que requiren equipamentos e software mellorados;
- instalar equipamentos informáticos, e software de rede, de sistemas operativos e de aplicacións;
- efectuar operacións de posta en marcha e peche, así como de seguranza e de recuperación en caso de catástrofe.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en redes informáticas
- Operadores de rede

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Administradores de redes informáticas, 2722
- Deseñadores de redes, 2723

3814 Técnicos da web

Os técnicos da web realizan tarefas de mantemento, seguimento e asistencia para o funcionamento óptimo de sitios web de internet e intranets, así como dos equipamentos e o software de servidores web.

Entre as súas tarefas inclúense:

- instalar, supervisar e facilitar a viabilidade e a usabilidade dos sitios web de internet e intranets, así como dos equipamentos e o software de servidores web;
- desenvolver e manter documentación, políticas e instrucións, e rexistrar procedementos de operación e os diarios dos sistemas;
- ocuparse do desenvolvemento, a coordinación, a execución e o seguimento de medidas de seguranza;
- analizar e formular recomendacións para elevar o rendemento, incluídas a actualización e a adquisición de novos sistemas;
- establecer contactos con clientes e usuarios, e facilitarlles orientación;
- crear e modificar páxinas web;
- realizar operacións de salvagarda e recuperación de servidores web.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Administradores de sitios web
- webmásteres

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Programadores de animación multimedia, 2713
- Programadores de xogos de ordenador, 2713
- Desenvolvedores de sitios web/internet/intranets, 2713
- Administradores de redes, 2722
- Administradores de sistemas, 2722

382 Programadores informáticos

3820 Programadores informáticos

Os programadores informáticos redactan e manteñen o código de programa esbozado en instrucións e especificacións técnicas para aplicacións de software e sistemas operativos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- redactar e manter código de programa esbozado en instrucións e especificacións conforme normas de calidade acreditadas;
- revisar, reparar ou ampliar programas existentes para reforzar a eficiencia operativa ou procurar a adaptación a novos requisitos;
- realizar series de probas de programas e aplicacións de software para confirmar que estes xerarán a información desexada;
- compilar e redactar a documentación de desenvolvemento de programas;
- identificar e comunicar problemas, procesos e solucións técnicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Programadores de aplicacións
- Programadores informáticos
- Programadores de software

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Analistas de aplicacións, 2712
- Programadores de animación multimedia, 2713
- Programadores de xogos de ordenador, 2713

383 Técnicos en gravación audiovisual, radiodifusión e telecomunicacións

3831 Técnicos de gravación audiovisual

Os técnicos de gravación audiovisual controlan o funcionamento técnico de equipamentos para a gravación e edición de imaxes e sons.

Entre as súas tarefas inclúense:

- controlar equipamentos para a gravación de sons;
- controlar equipamentos para a edición e mestura de imaxes e sons, co fin de garantir unha calidade satisfactoria e crear efectos especiais de imaxe e son;
- aplicar o coñecemento dos principios e prácticas da gravación e a edición de imaxes e sons para identificar e resolver problemas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de cámara
- Técnicos de gravación de son
- Montadores de vídeo
- Técnicos en audiovisuais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fotógrafos, 3731

3832 Técnicos de radiodifusión

Os técnicos de radiodifusión controlan o funcionamento técnico de equipamentos para a transmisión por radio e televisión de imaxes e sons, e doutros tipos de sinais de telecomunicación por terra, mar ou en aeronaves.

Entre as súas tarefas inclúense:

- controlar os sistemas, mesmo por satélite, de transmisión e difusión de programas de radio e televisión;
- controlar sistemas de comunicacións por radio, sistemas vía satélite e sistemas multiplexs por terra, mar ou en aeronaves;
- aplicar o coñecemento dos principios e prácticas da radiodifusión, dos terminais de telecomunicación e dos sistemas de transmisión para identificar e resolver problemas;
- efectuar reparacións de urxencia.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de equipamentos de radiodifusión
- Técnicos en radiodifusión

3833 Técnicos de enxeñaría das telecomunicacións

Os técnicos de enxeñaría das telecomunicacións realizan tarefas técnicas relacionadas coa investigación neste campo, así como co deseño, fabricación, montaxe, construción, funcionamento, mantemento e reparación de sistemas de telecomunicacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- prestar asistencia técnica relacionada coa investigación e o desenvolvemento de equipamentos de telecomunicacións e prototipos de proba;
- estudar aspectos técnicos como proxectos e esquemas para determinar o método de traballo que debe adoptarse;
- preparar estimativas detalladas de cantidades e custos dos materiais e a man de obra que se requiren para a fabricación e a instalación de equipamentos de telecomunicacións, conforme as especificacións establecidas;
- ocuparse da supervisión técnica da fabricación, a utilización, o mantemento e a reparación de sistemas de telecomunicacións, co fin de garantir un rendemento satisfactorio e o cumprimento das especificacións e a normativa ao respecto;
- aplicar o coñecemento dos principios e as prácticas da enxeñaría das telecomunicacións para identificar e resolver os problemas que xurdan no transcurso do seu labor.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos de telecomunicacións

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Instaladores e reparadores de equipamentos de tecnoloxía da información e as comunicacións, 7533
- Instaladores de teléfonos, 7533
- Técnicos electrónicos, 3124

4 Empleados contables, administrativos e outros empregados de oficina

E Empleados de oficina que non atenden o público

41 Empleados en servizos contables, financeiros, e de servizos de apoio á produción e ao transporte

411 Empleados contables e financeiros

4111 Empleados de contabilidade

Os empregados de contabilidade calculan, clasifican e rexistran datos numéricos para manter rexistros financeiros completos. Levan a cabo diversas combinacións de tarefas de cálculo rutineiro, asentos contables e comprobación de obrigas co fin de obter datos financeiros primarios para o seu uso no mantemento de rexistros contables.

Entre as súas tarefas inclúense:

- comprobar cifras, asentos e documentos para determinar a corrección das anotacións, a precisión matemática e a utilización dos códigos pertinentes;
- utilizar ordenadores e software contable para rexistrar, almacenar e analizar información;
- clasificar, rexistrar e resumir datos numéricos e financeiros, co fin de compilar e conservar rexistros financeiros, utilizando libros diarios ou maiores ou ordenadores;
- calcular, preparar e publicar listas, facturas, estados de contas e outra documentación financeira conforme os procedementos establecidos;
- compilar informes e táboas estatísticos, financeiros, contables ou de auditoría relativos a diversos aspectos como os cobramentos de efectivo, os gastos, as contas por pagar e por cobrar, os beneficios e as perdas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Administrativos contables
- Empleados do cálculo de custos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en contabilidade, 3403
- Empleados administrativos de salarios e nóminas, 4112

4112 Empleados de control de persoal e nóminas

Os empregados de control de persoal e nóminas recollen, verifican e procesan a información relativa ás nóminas, e calculan os pagamentos e dereitos a prestación dos empregados dun departamento, unha empresa ou outro establecemento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- levar rexistros de asistencia, permisos e horas extraordinarias dos empregados, co fin de calcular a remuneración e os dereitos a prestación, utilizando sistemas manuais ou informatizados;
- preparar e comprobar declaracións de ingresos para os empregados, indicando os

- soldos brutos e netos e deducións tales como as correspondentes a impostos, cotas sindicais, embargos e plans de seguros e de pensións;
- preparar os pagamentos e as prestacións aos empregados mediante cheque ou transferencia electrónica;
- revisar fichas de control, gráficos de traballo, cálculo de salarios e outra información para detectar e conciliar discrepancias nas nóminas;
- verificar os datos de asistencia, horas traballadas e axustamentos da remuneración, e anotar a información nos rexistros designados para o efecto.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos de salarios e nóminas

4113 Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios

Os empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios obteñen, compilan e informatizan datos estatísticos ou actuariais ou realizan tarefas de oficina relacionadas coas transaccións de entidades de seguros, bancarias ou outras financeiras afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- tramitar contratacións de seguros, cancelacións, transaccións relacionadas con reclamacións e modificacións e pagamentos de pólizas;
- obter e compilar datos estatísticos ou actuariais partindo de fontes de información ordinarias ou especiais;
- calcular totais, medias, porcentaxes e outros detalles e presentalos en forma de cadros;
- preparar documentos financeiros e calcular intereses ou corretaxes e dereitos de timbre;
- levar rexistros de títulos, accións e outros valores comprados ou vendidos por conta dos clientes ou do empregador.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos de estatística
- Empregados administrativos de entidades financeiras
- Empregados de xestión financeira de empresas
- Empregados administrativos de seguros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xestores comerciais de servizos bancarios, 3401
- Técnicos en estatística, 3404
- Administrativos contables, 4111

412 Empregados de rexistro de materiais, de servizos de apoio á produción e ao transporte

4121 Empregados de control de abastecementos e inventario

Os empregados de control de abastecementos e inventario levan rexistros das mercadorías producidas e do material de produción recibido, así como do seu peso, entrega, expedición ou almacenamento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- organizar e controlar a recepción e expedición de mercadorías e levar os rexistros pertinentes;
- levar o inventario das existencias, verificar as entradas e saídas, avaliar as necesidades e facer pedidos para repoñer as existencias;
- recibir, almacenar e entregar ferramentas, pezas de recambio e equipamentos diversos, e levar os rexistros pertinentes;
- pesar as mercadorías recibidas, entregadas, fabricadas ou despachadas, e levar os rexistros pertinentes;
- establecer inventarios de mobiliario e doutros efectos que deban gardarse en depósitos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Almacenistas de empresas de transportes
- Almacenistas de industrias
- Empregados de pedidos en almacén
- Empregados controladores de peso/báscula
- Empregados administrativos de almacenamento e recepción

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en xestión de existencias e/ou almacén, 3522
- Empregados de oficina de servizos de produción, 4122

4122 Empregados de oficina de servizos de apoio á produción

Os empregados de oficina de servizos de apoio á produción calculan as cantidades dos diversos materiais que se requiren en datas determinadas para a execución de programas de fabricación, construción ou outros de produción afíns, e preparan e verifican programas de produción.

Entre as súas tarefas inclúense:

- calcular a cantidade, a calidade e o tipo dos materiais necesarios para a execución dun programa de produción;
- preparar listas dos materiais necesarios, asegurarse de que os materiais están dispoñibles cando se necesitan e levar os rexistros pertinentes;
- preparar ou axudar na preparación dos plans de produción sobre a base das demandas dos clientes, a capacidade de produción e a produtividade;
- verificar as existencias, programar as entregas e investigar as causas dos atrasos;
- rexistrar e coordinar o fluxo de traballo e materiais entre departamentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados de oficina de servizos de apoio á produción
- Empregados de planificación de materiais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos de almacenamento e recepción, 4121

4123 Empleados de loxística e transporte de pasaxeiros e mercadorías

Os empregados de loxística e transporte de pasaxeiros e mercadorías manteñen os rexistros das operacións de transporte de pasaxeiros e mercadorías por estrada e ferrocarril ou por vía aérea, coordinan a frecuencia de tales servizos e preparan informes para a dirección.

Entre as súas tarefas inclúense:

- levar rexistros das operacións de transporte de pasaxeiros e mercadorías e coordinar a frecuencia de tales servizos;
- dirixir o movemento dos trens dentro dun tramo ou zona dunha rede ferroviaria e levar os rexistros pertinentes;
- dirixir e controlar a manipulación de cargas e fretes nunha estación de ferrocarril e levar os rexistros pertinentes;
- coordinar e levar rexistros das actividades de explotación do transporte por estrada, como asignación e horarios de vehículos e condutores, carga e descarga de vehículos e almacenamento de mercadorías en tránsito;
- coordinar e levar rexistros das actividades de explotación do transporte aéreo de pasaxeiros e mercadorías, como os relativos á preparación de listas de pasaxeiros e de manifestos;
- preparar informes e eleválos aos seus superiores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empleados administrativos dos servizos de transporte
- Axentes de loxística de transportes
- Transitarios
- Factores de empresa de transporte
- Axentes de tren
- Sinalistas de avións

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empleados de axencias de viaxe, 4421

42 Empleados de bibliotecas, servizos de correos e afíns

421 Empleados de bibliotecas e arquivos

4210 Empleados de bibliotecas e arquivos

Os empregados de bibliotecas e arquivos envían e reciben fondos bibliotecarios, clasifican e colocan material audiovisual, xornais e revistas e proporcionan información xeral sobre a biblioteca aos usuarios.

Así mesmo, encárganse de archivar correspondencia, tarxetas, facturas, recibos e outros rexistros en orde alfabética, numérica ou conforme o sistema de rexistro utilizado. Localizan e eliminan elementos dos arquivos cando se lles require, e fotocopian, escanean e envían por fax documentos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- entregar e recibir libros e outros materiais da biblioteca;
- colocar os libros e outros materiais da biblioteca en andeis;
- asistir aos usuarios das bibliotecas no acceso aos fondos básicos destas e realizar préstamos entre bibliotecas;
- levar os rexistros bibliotecarios relativos á adquisición, a entrega e a devolución de libros e outros materiais;
- realizar actividades administrativas como as de rexistro manual e electrónico, procesamento de textos e, ocasionalmente, mecanografía;
- manter as subscricións a publicacións diarias;
- ordenar e clasificar materiais de arquivos conforme directrices relativas ao contido, a finalidade, os criterios do usuario ou de acordo coa orde cronolóxica, alfabética ou numérica;
- archivar material en caixóns, armarios e caixas de almacenamento;
- localizar e eliminar elementos dos arquivos cando así se lles require;
- levar rexistros de materiais arquivados e suprimidos;
- fotocopiar, escanear e enviar por fax documentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos de biblioteca
- Empregados administrativos de arquivo
- Auxiliares de biblioteca
- Auxiliares de arquivo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Bibliotecarios, 2912
- Arquivistas, 2911
- Clasificadores de correspondencia en servizos de correo, 4221

422 Empregados de servizos de correos, codificadores, correctores e servizos de persoal

4221 Empregados de servizos de correos (salvo empregados de mostrador)

Estes traballadores clasifican, rexistran e distribúen o correo e realizan outras tarefas relacionadas cos servizos postais, organizacións similares ou establecementos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- tramitar o despacho e recepción de correspondencia en oficinas públicas de correos ou establecementos de distribución de propiedade privada;
- clasificar e distribuír o correo a fogares e empresas;
- proporcionar rexistros de confirmación de entrega cando os requira o cliente;
- clasificar e levar rexistros sinxelos da correspondencia de entrada e de saída e despachar o correo de saída en diversos establecementos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Carteiros
- Mensaxeiros
- Clasificadores-repartidores de correspondencia
- Mensaxeiros de correspondencia motorizado

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empregados de xanela de correos, 4446
- Empregados administrativo de servizos postais (salvo mostrador), 4309

4222 Codificadores e correctores de imprenta

Os codificadores e correctores de imprenta transcriben e codifican información: verifican e corrixen probas e desempeñan outras tarefas administrativas semellantes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- transcribir e codificar información, clasificar información para o seu tratamento informatizado;
- clasificar formularios e marcalos con números de identificación;
- clasificar documentos para o seu arquivo ou agrupar páxinas;
- escribir enderezos á man en circulares e sobres;
- cotexar cos orixinais as probas de imprenta e materiais relacionados e corrixir ou sinalar os erros de acordo cunha serie de signos establecidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Codificadores de datos
- Correctores de probas de imprenta

4223 Empregados de servizo de persoal

Os empregados de servizo de persoal levan e actualizan rexistros de persoal como os relativos á información sobre traslados e ascensos, avaliacións de rendemento, permisos gozados e acumulados, soldos, cualificacións e formacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- actualizar a información sobre o historial de emprego, os soldos, as avaliacións de rendemento, as cualificacións e a formación e os permisos gozados e acumulados;
- crear rexistros de traballadores acabados de contratar e comprobar que sexan completos;
- tramitar solicitudes de emprego e ascenso e informar os solicitantes dos resultados;
- recibir e responder as consultas sobre dereitos e condicións de emprego;
- publicar solicitudes de emprego e anuncios de postos vacantes e exames para o acceso a postos de traballo;
- manter e actualizar sistemas de arquivo e rexistro manuais e informatizados;
- compilar e preparar informes e documentos relativos a actividades de persoal;
- almacenar e recuperar arquivos e rexistros de persoal logo de petición.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos de servizos de persoal

43 Outros empregados administrativos sen tarefas de atención ao público

430 Outros empregados administrativos sen tarefas de atención ao público

4301 Gravadores de datos

Os gravadores de datos introducen datos codificados, estatísticos, financeiros e outros datos numéricos en equipamentos electrónicos, bases de datos, follas de cálculo ou outro tipo de sistemas mediante o uso de teclados, ratos, escáneres, programas de recoñecemento de voz ou outras ferramentas de entrada de datos. Gravan datos en dispositivos mecánicos e electrónicos para a realización de cálculos matemáticos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recibir e rexistrar facturas, formularios, fichas e outros documentos para a súa gravación;
- introducir datos numéricos, códigos e texto desde os documentos orixinais a dispositivos de almacenamento e proceso compatibles cos sistemas informáticos;
- verificar a corrección e a total transcrición dos datos e corrixir os datos gravados se é necesario;
- utilizar máquinas de contabilidade e de cálculo;
- importar e exportar información entre diversos sistemas de base de datos e programas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gravadores de datos en ordenador
- Operadores de entrada de datos
- Estenotipistas
- Taquígrafos

4309 Empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario inclúe os empregados administrativos que non desenvolven tarefas de atención ao público e que non se incluíron noutras epígrafes deste grupo principal (F). Estes empregados realizan diferentes tarefas administrativas e de oficina de acordo cos procedementos establecidos; por exemplo, deben clasificarse aquí os encargados da xestión de correspondencia, os encargados de elaborar resumos de prensa e os empregados de publicación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- rexistrar, preparar, ordenar, clasificar e archivar información;
- clasificar, abrir e enviar correo;
- fotocopiar e enviar documentos por fax;
- preparar informes e correspondencia de carácter ordinario;
- rexistrar a entrega de equipamentos ao persoal;
- responder a preguntas telefónicas ou electrónicas ou remitilas á persoa axeitada;
- comprobar cifras, preparar facturas anotar detalles de transaccións financeiras

realizadas;

- transcribir información en ordenadores e revisala e corríxila;
- recibir pedidos de clientes respecto á inserción de anuncios clasificados, redactar e editar copias, calcular tarifas publicitarias e facturar os clientes;
- redactar correspondencia empresarial e con entidades públicas, como a relativa á resposta a solicitudes de información e asistencia, reclamacións de danos e prexuízos, consultas de crédito e facturación e reclamacións de servizo;
- asistir na preparación de publicacións periódicas, anuncios, catálogos, directorios e outro material para a súa publicación;
- ler xornais, revistas, comunicados de prensa e outras publicacións, co fin de localizar e archivar artigos de interese para o persoal e os clientes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empleados administrativos en xeral sen tarefas de atención ao público
- Empleados de inserción de anuncios clasificados
- Empleados de publicacións (non especializados)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empleados administrativos en xeral con tarefas de atención ao público, 4500
- Empleados administrativos en industria (apoio á produción), 4122
- Técnicos de artes gráficas, 3129

F Empleados de oficina que atenden o público

44 Empleados de axencias de viaxes, recepcionistas e telefonistas; empregados de portelo e afíns (salvo vendedores de billetes)

441 Empleados de información e recepcionistas (salvo de hoteis)

4411 Empleados de información ao usuario

Os empregados de información ao usuario responden a preguntas e reclamacións, xa sexan persoais, escritas, por correo electrónico ou por teléfono, sobre os produtos, servizos e políticas da organización; así mesmo, facilitan información e remiten os clientes a outras fontes. Traballan en lugares accesibles directamente aos usuarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- responder preguntas sobre os produtos, servizos e políticas e subministrar información sobre a súa dispoñibilidade, situación, prezo e cuestións relacionadas;
- responder preguntas relacionadas con problemas e prestar asesoramento, información e asistencia;
- rexistrar a información relacionada coas preguntas e reclamacións;
- transmitir as preguntas complexas aos xefes de equipo ou aos asesores expertos;
- entregar formularios, documentación informativa e folletos relevantes aos interesados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Informadores en oficina de turismo
- Empleados en puntos de información

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Teleoperadores-informadores do 010, 4424

4412 Recepcionistas (salvo de hoteis)

Estes empregados acollen e reciben os visitantes, clientes ou convidados e responden preguntas e solicitudes, incluíndo a concertación de citas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- acoller e recibir os visitantes, convidados ou clientes;
- concertar citas para clientes;
- ocuparse das solicitudes de información ou citas por teléfono;
- dirixir clientes e pacientes á situación ou persoa axeitadas;
- entregar documentación informativa, folletos ou formularios.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Recepcionistas de oficina
- Telefonistas-recepcionistas de oficina
- Recepcionistas de consultorios médicos
- Azafatos de información
- Empregados de información de buques de pasaxe
- Locutores de información en estacións de tren

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Recepcionistas de hotel, 4422
- Informadores en oficina de turismo, 4411

442 Empregados de axencias de viaxes, recepcionistas de hoteis e telefonistas**4421 Empregados de axencias de viaxes**

Os empregados de axencias de viaxes subministran información sobre destinos, organizan os itinerarios de viaxe, tramitan reservas de viaxe e aloxamento, rexistran os pasaxeiros na facturación e nas saídas e organizan visitas de grupos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter información sobre a dispoñibilidade, o custo e as vantaxes dos diferentes tipos de transporte e aloxamento, descubrir as necesidades dos clientes e asesoralos sobre os plans de viaxe;
- informar sobre os atractivos locais, tours de visita, restaurantes, arte e entretemento e subministrar mapas e folletos;
- preparar itinerarios;
- realizar e confirmar as reservas de viaxes, tours e aloxamento;
- emitir billetes, tarxetas de embarque e bonos;
- axudar aos clientes a obteren documentos de viaxe necesarios, tales como visados;
- verificar documentos de viaxe e rexistrar os pasaxeiros e as equipaxes na facturación e partidas;

- preparar facturas e recibir pagamentos;
- organizar viaxes comerciais ou de lecer para grupos e vendelos a grupos ou individuos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos de vendas en axencias de viaxes
- Técnicos de produtos en axencias de viaxes
- Empregados de axencias de viaxes
- Empregados de viaxes de compañía aérea

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de axencia de viaxes, 1509
- Organizadores de conferencias e eventos, 3532
- Empregados administrativos dos servizos de transporte, 4123
- Recepcionistas de hotel, 4422

4422 Recepcionistas de hoteis

Os recepcionistas de hoteis reciben e rexistran os clientes en hoteis e outros establecementos que subministran servizos de aloxamento, asignan cuartos, entregan as chaves, subministran información sobre os servizos proporcionados, reservan cuartos, manteñen un rexistro dos cuartos dispoñibles, presentan as facturas aos clientes que abandonan o hotel e realizan o cobramento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter un inventario dos cuartos dispoñibles, as reservas e a asignación de cuartos;
- rexistrar os clientes que chegan ao hotel, asignar cuartos, verificar o crédito do cliente e entregar as chaves do cuarto;
- subministrar información sobre os servizos do hotel e os servizos dispoñibles na comunidade;
- subministrar información sobre a dispoñibilidade de aloxamento e realizar a reserva de cuartos;
- responder ás solicitudes dos clientes relacionadas cos servizos de cuarto e mantemento e as reclamacións;
- contactar cos servizos de cuarto e mantemento cando os clientes informan dun problema;
- anotar e verificar as contas dos clientes, mediante ordenador ou manualmente, co fin de realizar os cargos;
- recibir e transmitir mensaxes en persoa ou mediante o teléfono ou unha central;
- revisar as facturas os clientes que abandonan o hotel e realizar o cobramento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Recepcionistas de hotel
- Conserxes-recepcionistas de hotel

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Conserxes-porteiros de hotel, 9432

4423 Telefonistas

Os telefonistas manexan centrais telefónicas e consolas para realizar conexións telefónicas, recibir preguntas e información sobre problemas de servizo, e rexistrar e transferir mensaxes a empregados ou clientes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar centrais e consolas para conectar, manter en espera, transferir e desconectar chamadas telefónicas;
- realizar a conexión de chamadas saíntes;
- ocuparse das preguntas telefónicas e de rexistrar mensaxes;
- transmitir mensaxes a empregados ou clientes;
- investigar os problemas do sistema e informar ao respecto os servizos de reparacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Telefonistas
- Operadores de central telefónica

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Telefonistas-recepcionistas de oficina, 4412
- Teleoperadores (non especializados), 4424
- Operadores de central de alarmas, 4424
- Vendedores por teléfono (televendedores), 5420

4424 Teleoperadores

Os teleoperadores subministran información e asesoran os clientes, responden preguntas relacionadas cos produtos, servizos e políticas da empresa ou a organización e tramitan as transferencias financeiras, por teléfono ou medios electrónicos, como o correo electrónico. Operan exclusivamente por teléfono, non son accesibles directamente polos clientes e poden estar localizados en establecementos lonxe de onde se realizan outras operacións das organizacións ou compañías sobre as cales se subministra información.

Nota: Só se clasifican no grupo primario 4424, Teleoperadores, os empregados que responden a solicitudes de información e/ou se ocupan de operacións sinxelas. Os que prestan servizos especializados, como os consultores de viaxes, clasifícanse no grupo especializado correspondente, estean ou non estean situados nos centros de atención ao cliente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ocuparse das chamadas entrantes e as mensaxes dos clientes, xa sexa para responder preguntas, para atender solicitudes de servizo ou para resolver reclamacións;
- determinar as necesidades e introducir os resultados nun sistema informático;
- remitir tarefas a outras unidades, de ser necesario;
- facturar ou tramitar pagamentos, de ser necesario;
- enviar cartas, follas de información e outros documentos aos clientes;
- asesorar os clientes sobre produtos ou servizos adicionais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Teleoperadores (non especializados)
- Operadores de central de alarmas
- Operadores de central de avarías
- Teleoperadores-informadores do 010
- Empregados de centro de información (telefónica) de atención ao cliente

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Telefonistas, 4423
- Axentes de enquisas por teléfono, 4430
- Vendedores por teléfono (televendedores), 5420

443 Axentes de enquisas**4430 Axentes de enquisas**

Os axentes de enquisas entrevistan persoas e rexistran as súas respostas ás preguntas relativas a unha ampla gama de cuestións en enquisas e estudos de mercado.

Entre as súas tarefas inclúense:

- contactar coas persoas por teléfono ou en persoa e explicarlles o obxectivo da entrevista;
- formular as preguntas seguindo as indicacións dos cuestionarios e enquisas;
- rexistrar as respostas en papel ou introducilas directamente nunha base de datos informática mediante sistemas de entrevista asistidos por ordenador;
- identificar e resolver as incoherencias das respostas;
- subministrar información aos patrocinadores das enquisas sobre os problemas relacionados coa obtención de datos válidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Entrevistadores-enquisadores
- Axentes censuais
- Axentes de enquisas por teléfono

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Inspectores de entrevistadores de censos e enquisas, 3404

444 Empregados de portelo e afíns (salvo vendedores de billetes)**4441 Caixeiros de bancos e afíns**

Os caixeiros de bancos e afíns tratan directamente cos clientes de entidades bancarias en relación co cobramento, o cambio ou o pagamento de diñeiro.

Entre as súas tarefas inclúense:

- tramitar os depósitos e reembolsos de efectivo de clientes, cheques, transferencias, facturas, pagamentos con tarxeta de crédito, ordes de efectivo, cheques certificados e outras transaccións bancarias afíns;
- anotar os importes pertinentes no haber e no debe das contas dos clientes;

- aboar facturas e realizar transferencias de efectivo en nome dos clientes;
- realizar operacións de cambio de divisas, conforme o solicitado polos clientes;
- levar rexistro de todas as transaccións e conciliar estas co saldo de caixa.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Caixeiros de banca
- Empregados de oficina de troco

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Comerciais de banca, 3401
- Empregados administrativos de banco, 4113

4442 Empregados de venda de apostas

Os empregados de venda de apostas cobran e aboan estas conforme os resultados de lotarías ou acontecementos deportivos e outra índole, en xanelas, mostradores ou quioscos. Inclúense vendedores ambulantes de lotarías nacionais ou similares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- emitir e cobrar boletos de apostas;
- pagar, reembolsar e aboar boletos premiados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vendedores en administracións de lotaría
- Vendedores de lotaría en quioscos
- Vendedores ambulantes de lotaría

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Caixeiros de casino, 4443

4443 Empregados de sala de xogos e afíns

Os empregados de sala de xogos e afíns determinan as probabilidades das apostas e cobran e aboan estas conforme os resultados de xogos de azar, acontecementos deportivos e doutra índole. Así mesmo, levan a cabo xogos de azar en establecementos constituídos para o efecto.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar os riscos para decidir as probabilidades das apostas e cubrir ou rexeitar estas;
- preparar e publicar listaxes de probabilidades aproximadas para as apostas;
- repartir cartas, tirar dados ou xirar ruletas;
- explicar e interpretar as normas de funcionamento de establecementos dedicados a xogos de azar;
- repartir e cobrar boletos de apostas;
- anunciar os números agraciados, pagar os gañadores e cobrar os pagamentos aos perdedores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Crupieres
- Xefes de sala de bingo
- Empregados en salas de xogos recreativos
- Caixeiros de casino

4444 Empregados de casas de peñor e de préstamos

Os empregados de casas de peñor e de préstamos emprestan diñeiro a troca de artigos depositados en peñor ou a troca de bens ou outras garantías.

Entre as súas tarefas inclúense:

- taxar os artigos ofrecidos en peñor, calcular os xuros e emprestar o diñeiro;
- restituír os artigos despois de devolto o préstamo ou, en caso de falta de pagamento, vender os obxectos peñorados;
- emprestar diñeiro en forma de préstamo persoal con garantía de colleita futura ou con garantías similares;
- cobrar préstamos cando o peñor leve consigo o éxito de colleitas futuras ou outros compromisos similares;
- levar un rexistro dos artigos recibidos e dos importes distribuídos e recibidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados de casas de peñor

4445 Cobradores de facturas, débedas e empregados afíns

Os cobradores de facturas, débedas e empregados afíns cobran os pagamentos correspondentes a contas vencidas e cheques sen fondos, así como os pagamentos de contribucións para obras de caridade.

Entre as súas tarefas inclúense:

- descubrir o paradiro dos debedores;
- telefonar, visitar ou escribir aos clientes para cobrar o diñeiro ou concertar pagamentos ulteriores;
- preparar informes, nos cales figuren os importes cobrados, e manter rexistros e arquivos relacionados coa actividade de cobramento;
- recomendar o inicio de accións xudiciais ou a interrupción do servizo cando o pagamento non poida obterse doutro modo;
- solicitar e cobrar contribucións para obras de caridade.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cobradores de recibos
- Cobradores de donativos
- Cobradores de débedas a morosos

4446 Empregados de mostrador de correos

Os empregados de mostrador de correos tratan directamente cos clientes de oficinas de correos en relación coa prestación de servizos postais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recibir correo, vender selos de correos e realizar outras tarefas de oficinas postais, como os pagamentos de efectos, as transferencias de efectivo e operacións afíns;
- levar rexistro de todas as transaccións e conciliar estas co saldo de caixa.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados de mostrador de correos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos de servizos postais (salvo mostrador), 4309

45 Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes

450 Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes

4500 Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario inclúe os empregados administrativos que desenvolven tarefas de atención ao público e que non se incluíron noutras epígrafes deste grupo principal (F). Estes empregados realizan diferentes tarefas administrativas e de oficina de acordo cos procedementos establecidos. Por exemplo, aquí inclúense os empregados que obteñen información directamente das persoas, para determinar o seu dereito a recibiren determinados servizos, así como a súa tramitación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- rexistrar, preparar, ordenar, clasificar e archivar información;
- clasificar, abrir e enviar correo;
- fotocopiar e enviar documentos por fax;
- preparar informes e correspondencia de carácter ordinario;
- rexistrar a entrega de equipamentos ao persoal;
- responder preguntas telefónicas ou electrónicas ou remitilas á persoa adecuada;
- comprobar cifras, preparar facturas anotar detalles de transaccións financeiras realizadas;
- transcribir información en ordenadores e revisala e corríxila;
- entrevistar os pacientes para obter e tramitar a información necesaria para a prestación de servizos hospitalarios;
- entrevistar os solicitantes de asistencia pública para recompilar a información pertinente relacionada coa súa solicitude;
- verificar a precisión da información proporcionada;
- iniciar procedementos para conceder, modificar, negar ou cesar a asistencia;
- subministrar información e responder preguntas relacionadas coas prestacións e os procedementos de reclamación;
- remitir os pacientes ou solicitantes a outras organizacións se non teñen dereito a recibiren os servizos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos en xeral con tarefas de atención ao público

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empregados administrativos en xeral sen tarefas de atención ao público, 4309

5 Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores***G Traballadores dos servizos de restauración e comercio*****50 Camareiros e cociñeiros propietarios****500 Camareiros e cociñeiros propietarios****5000 Camareiros e cociñeiros propietarios**

Os camareiros e cociñeiros propietarios operan pequenos establecementos de restauración, aloxamentos ou casas particulares nas cales se dedican a planificar, preparar e cociñar alimentos e/ou a servir comidas e bebidas aos seus clientes, na maior parte do seu tempo. Poden contar coa axuda dalgún traballador. Se realizan outros labores, por exemplo de xestión, estes ocupan unha parte non significativa do seu tempo de traballo no establecemento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- organizar a cociña, confeccionar menús e preparar e cociñar alimentos;
- preparar as mesas con manteis limpos e cos cubertos, vaixela e cristalería antes das comidas e limpalas e recoller os pratos despois;
- recibir os clientes e presentarlles os menús e as cartas de bebidas;
- aconsellalos na escollo dos menús e das bebidas;
- tomar os pedidos de alimentos e bebidas e pasalos ao persoal de cociña ou da barra;
- atender a barra, servindo os clientes e manténdoa limpa e ordenada;
- preparar cócteles e outras bebidas;
- servir os clientes aperitivos e outros produtos de alimentación na barra;
- presentar as facturas, cobrar o prezo e manexar máquinas de punto de venda, caixas rexistradoras, cadrar o efectivo;
- lavar as copas e vasos usados, e limpar e manter as zonas de servizo da barra, as zonas de preparación de té e café e as máquinas como as cafeteiras exprés.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Camareiros propietarios de bares e cafetarías
- Cociñeiros propietarios de restaurantes
- Dependentes propietarios de churraría-camioneta
- Dependentes propietarios de quiosco de bocadillos quentes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de restaurantes, 1421
- Xerentes de bares e cafetería, 1421
- Xefes de cociña, 3734

- Cociñeiro de comida rápida, 9320
- Pizzeiros, 9320
- Preparadores de hamburguesas, 9320

51 Traballadores asalariados dos servizos de restauración

511 Cociñeiros asalariados

5110 Cociñeiros asalariados

Os cociñeiros asalariados planifican, organizan, preparan e cociñan alimentos, de acordo con receitas e baixo a supervisión dos xefes de cociña. Traballan como asalariados en hoteis, restaurantes e outros establecementos públicos onde se serven comidas, e en buques, trens e casas particulares.

Nota: os cociñeiros propietarios de pequenos cafés, restaurantes e bares que non dedican unha parte significativa do seu traballo á xestión do negocio ou a supervisión dos seus empregados clasifícanse en 5000, Camareiros e cociñeiros propietarios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- confeccionar menús e preparar e cociñar alimentos;
- planificar, supervisar e coordinar o traballo dos pinches de cociña;
- comprobar a calidade dos alimentos;
- pesar, medir e mesturar os ingredientes de acordo coas receitas e co seu criterio persoal;
- regular a temperatura dos fornos, grellas, torradores e outros aparellos e utensilios de cociña, e inspeccionar e limpar a cociña, os aparellos e utensilios de cociña e as zonas de servizo para garantir a manipulación segura e hixiénica dos alimentos;
- manexar utensilios de cociña de gran tamaño, como grellas, frixideiras ou pranchas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cociñeiros (non propietarios)
- Cociñeiros de comedor de empresa
- Cociñeiros en restaurantes
- Preparadores de cátering
- Reposteiros-pasteleiros
- Pizzeiro, restaurante

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xefes de cociña, 3734
- Xefes de cociña, 3734
- Cociñeiros de comida rápida, 9320
- Pizzeiros, comida rápida 9320
- Preparadores de hamburguesas, 9320

512 Camareiros asalariados

5120 Camareiros asalariados

Os camareiros asalariados serven alimentos e bebidas aos clientes de restaurantes, bares, cantinas, clubs e outros establecementos comerciais similares, así como noutras institucións e a bordo de buques e trens de pasaxeiros como asalariados. Así mesmo, serven bebidas alcohólicas e non alcohólicas aos clientes directamente na barra ou a través de camareiros de mesas.

Nota: Os camareiros propietarios de pequenos cafés, restaurantes e bares que non dedican unha parte significativa do seu traballo á xestión do negocio ou á supervisión dos seus empregados clasifícanse en 5000, Camareiros e cociñeiros propietarios

Entre as súas tarefas inclúense:

- poñer as mesas con manteis limpos e cos cubertos, vaixela e cristalería;
- recibir os clientes e presentarlles os menús e as cartas de bebidas;
- aconsellalos na escollo dos menús e das bebidas;
- tomar os pedidos de alimentos e bebidas e pasalos ao persoal de cociña ou da barra;
- servir alimentos e bebidas aos clientes nas mesas;
- limpar as mesas e devolver os pratos e cubertos á cociña;
- presentar as facturas, cobrar o prezo e manexar máquinas de punto de venda, caixas rexistradoras, cadrar o efectivo;
- preparar e servir bebidas alcohólicas e non alcohólicas na barra;
- lavar as copas e vasos usados, e limpar e manter as zonas de servizo da barra, as zonas de preparación de té e café e as máquinas como as cafeteiras exprés;
- manexar os barrís de cervexa e conectarlles condutos de saída;
- axudar a manter a barra debidamente ordenada e dispoñer as botellas, vasos e copas;
- comprobar os documentos de identidade dos clientes para verificar que teñen a idade para servirilles bebidas alcohólicas;
- adoptar medidas para limitar os problemas derivados dos excesos de bebida, como persuadir os clientes para que deixen de beber, denegarlles o servizo ou dispoñer o seu traslado;
- mesturar os ingredientes para preparar cócteles e outras bebidas;
- servir aos clientes aperitivos e outros produtos de alimentación na barra.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Camareiros de barra
- Camareiros de mesa
- Xefes de comedor
- Maitres
- Sumilleres

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de restaurantes, 1421
- Xerentes de bares e cafetaría, 1421
- Camareiros propietarios, 5000

52 Dependentes en tendas e almacéns

521 Xefes de sección de tendas e almacéns

5210 Xefes de sección de tendas e almacéns

Os xefes de sección de tendas e almacéns supervisan e coordinan as actividades dos dependentes, operadores de caixa e demais empregados de establecementos de venda por xunto e polo miúdo como supermercados e grandes almacéns.

Nota: os que exploten pequenas tendas e non teñan a xestión e supervisión de persoal como compoñente significativo do seu traballo deben clasificarse no grupo primario 5300, Comerciantes propietarios de tendas.

Os xerentes de tendas que, ademais de supervisaren o persoal, realicen tarefas como determinar a combinación de produtos que van venderse, establecer os prezos, elaborar os orzamentos e decidir sobre a selección e contratación de persoal deben clasificarse no grupo primario 143, Directores e xerentes de empresas de comercio por xunto e polo miúdo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- planificar e preparar programas de traballo e asignar o persoal a tarefas concretas;
- instruír o persoal sobre os procedementos de venda, incluído o modo de manexar os casos difíciles ou complexos;
- velar por que os clientes reciban un servizo rápido;
- asesorar os directivos e participar con eles nas tarefas de realización de entrevistas, contratación, formación, avaliación, promoción e despedimento do persoal, e resolver as queixas deste;
- examinar os produtos devoltos e decidir sobre a actuación adecuada;
- facer inventario dos produtos en venda e realizar novos pedidos;
- velar por que os produtos e servizos teñan asignado o prezo e estean expostos de forma correcta;
- velar por que se cumpran os procedementos de seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encargados de sección de centro comercial
- Empregados encargado de tenda
- Xefes de tendas de gran superficie

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de centros comerciais, 1509
- Dependentes propietarios de comercio, 5300
- Empregados de venda de lotarías e apostas, 4442
- Encargados da área de atención ao cliente en comercios, 4411

522 Vendedores en tendas e almacéns

5220 Vendedores en tendas e almacéns

Os dependentes en tendas e almacéns venden unha gama de produtos e servizos por si mesmos ao público ou en nome de establecementos de venda por xunto e polo miúdo e explican as funcións e calidades dos devanditos produtos e servizos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- fixar os requisitos dos clientes e asesoralos sobre a gama de produtos, o seu prezo, condicións de entrega, garantías, uso e coidados;
- explicar aos clientes os produtos e servizos do establecemento e facer demostracións deles;
- vender os produtos e servizos, cobrar o seu prezo servíndose de distintos métodos de pagamento, preparar as facturas e rexistrar as vendas en caixas rexistradoras;
- axudar á xestión cotiá das existencias mediante a realización de inventarios ou a participación neles;
- empillar e expoñer os produtos para a súa venda, e envolver e embalar os xa vendidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Dependentes empregados de comercio
- Dependentes de establecementos de comercio por xunto
- Dependentes en postos de mercado (permanente) municipal
- Carniceiros (peixeiros, carniceros...) dependentes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Dependentes propietarios de comercio, 5300
- Encargados de sección de tendas e almacéns, 5210
- Vendedores de posto de mercado, 5412
- Vendedores na rúa, 9410
- Empregados de venda de lotarías e apostas, 4442
- Empregados da área de atención ao cliente en comercios, 4411
- Demostradores de produtos en comercios, 5492
- Caixeiros de supermercado, 5500

53 Comerciantes propietarios de tendas

530 Comerciantes propietarios de tendas

5300 Comerciantes propietarios de tendas

Os comerciantes propietarios de tendas explotan pequenas tendas de venda polo miúdo por si sós ou con axuda dun reducido número de persoas.

Nota: unicamente deben clasificarse no grupo primario 5300, Comerciantes propietarios de tendas, os que exploten pequenas tendas e non teñan a xestión e supervisión de persoal como compoñente significativo do seu traballo.

Os que exploten tendas aínda que teñan a atención ao público, se a xestión do establecemento e a supervisión do persoal é compoñente significativo e frecuente do seu traballo, entón deben clasificarse no grupo primario 1432, Directores e xerentes de empresas de comercio polo miúdo.

O persoal que controle e dirixa as actividades de asistentes de vendas de tendas e almacéns, operadores de caixa e outros empregados, pero non teña tarefas de xerencia debe clasificarse no grupo primario 5210, Xefes de sección de tendas e almacéns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar a combinación de produtos que van venderse, as súas existencias e os niveis de prezos;
- facer pedidos de produtos para a venda, e compralos, en mercados, a grosistas ou a outros fornecedores;
- facer orzamentos e manter rexistros dos niveis de existencias e das operacións financeiras;
- determinar os prezos dos produtos e expoñelos para a súa venda;
- vender produtos aos clientes e asesoralos sobre o seu uso;
- examinar os produtos devoltos e decidir sobre a actuación adecuada;
- facer inventario dos produtos en existencias.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Dependentes propietarios de tendas
- Dependentes propietarios de postos de mercado permanente

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores e xerentes de empresas de comercio polo miúdo, 1432
- Xefes de sección de tendas e almacéns, 5210
- Vendedores de quioscos guía (salvo lotarías), 5411
- Vendedores de postos de mercado, 5412
- Vendedores na rúa, 9410
- Vendedores de lotarías e apostas, 4442

54 Vendedores (salvo en tendas e almacéns)

541 Vendedores en quioscos ou en feiras

5411 Vendedores en quioscos

Os vendedores en quioscos venden diversos produtos en quioscos permanentes sitos en rúas ou outros espazos abertos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter das autoridades locais competentes o permiso necesario para instalar un posto de venda nun lugar concreto dunha rúa, un mercado ou outro espazo aberto;
- obter a licenza de explotación dun quiosco municipal;
- determinar a combinación de produtos que van venderse, as existencias e os niveis de prezos;
- comprar ou contratar unha subministración regular dos bens que van venderse con almacenistas ou directamente cos produtores;
- transportar, almacenar, cargar e descargar os produtos en venda;
- facer demostracións dos produtos, vendelos e cobrar o seu prezo;
- empillar e expoñer os produtos en venda, e envolver e envasar os xa vendidos;

- levar a contabilidade e manter un rexistro dos niveis de existencias.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Dependentes de quioscos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Vendedores de feira, 5412
- Dependentes en quiosco de comidas ou bocadillos quentes, 5120

5412 Vendedores en mercados ocasionais e feiras

Os vendedores en mercados ocasionais e feiras venden diversos produtos en paraxes sitas en mercados ao aire libre ou cubertos, en rúas ou outros espazos abertos.

Nota: os vendedores na rúa, en posto de mercado, de produtos de alimentación frescos non destinados ao consumo inmediato (como froitas, hortalizas, carne e produtos lácteos) deben clasificarse no grupo primario 5412, Vendedores en mercados ocasionais ou feiras. Os vendedores na rúa e en postos de mercado de alimentos preparados e produtos de alimentación para o seu consumo inmediato deben clasificarse nos subgrupos 50 ou 51. Os vendedores na rúa e en lugares públicos de produtos non de alimentación (ou de produtos de alimentación non perecedoiros envasados, como caramelos) ofrecidos en carriños, camionetas, bandexas ou cestas deben clasificarse no grupo primario 9410, Vendedores na rúa. Os traballadores que preparan produtos de alimentación para consumo inmediato, como hamburguesas, pero teñen un contacto directo limitado cos clientes, deben clasificarse no grupo primario 9320, Preparadores de comidas rápidas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- obter das autoridades locais competentes o permiso necesario para instalar un posto de venda nun lugar concreto dunha rúa, un mercado ou outro espazo aberto;
- determinar a combinación de produtos que van venderse, as existencias e os niveis de prezos;
- comprar ou contratar un fornecemento regular dos bens que van venderse con grosistas ou directamente cos produtores;
- erixir e desmontar o posto de venda, e transportar, almacenar, cargar e descargar os produtos en venda;
- facer demostracións dos produtos, vendelos e cobrar o seu prezo;
- empillar e expoñer os produtos en venda, e envolver e envasar os xa vendidos;
- levar a contabilidade e manter un rexistro dos niveis de existencias.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Propietarios de postos de mercado ambulante
- Dependentes de mercados ambulantes
- Dependentes de mercados itinerantes
- Feirantes
- Vendedores de artesanía en feiras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Dependentes de quioscos, 5411

- Dependentes propietarios de vehículos de bocadillos quentes, 5000
- Vendedores na rúa, 9410

542 Operadores de telemercadotecnia

5420 Operadores de telemercadotecnia

Os operadores de telemercadotecnia manteñen contactos con clientes ou posibles clientes, usando o teléfono ou outro medio de comunicación electrónico, para promover produtos e servizos, facer vendas e concertar visitas de venda. Poden traballar nun centro de chamadas telefónicas ou en lugares non centralizados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- promover produtos e servizos por teléfono ou correo electrónico, seguindo un guión e traballando con listaxes de contactos;
- suscitar interese polos produtos e servizos, e tratar de facer vendas ou de concertar citas para representantes comerciais;
- dispoñer a tramitación e envío aos clientes dos produtos e servizos e de documentos informativos e folletos;
- concertar citas para representantes comerciais;
- tomar notas para seguimento das actuacións e actualizar as bases de datos para reflectir os cambios na situación dos distintos clientes;
- informar os directivos das actividades da competencia e das cuestións formuladas polos contactos;
- manter estatísticas das chamadas feitas e das operacións conseguidas;
- presentar informes periódicos das súas actividades e dos resultados obtidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vendedores por teléfono

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Teleoperadores, 4424
- Empregados de información ao usuario, 4411

543 Expendedores de gasoleiras

5430 Expendedores de gasoleiras

Os expendedores de gasoleiras venden combustibles, lubricantes e outros produtos para o automóbil e prestan servizos de recarga de combustible, limpeza, engraxamento e pequenas reparacións en vehículos de motor.

Nota: os traballadores que vendan produtos en tendas de gasoleiras ou cobren o seu prezo, pero que non presten servizos propios destas, como os relativos a alimentación de combustible, lubricantes, limpeza e mantemento, están excluídos do grupo primario 5430, Expendedores de gasoleiras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- encher os depósitos de combustible e os envases que se lles entreguen, ata o nivel especificado polo cliente;
- comprobar a presión dos pneumáticos e os niveis de aceite e de líquidos, e completalos ata o recomendado;
- lavar os parabrisas e xanelas dos vehículos;
- facer nos vehículos pequenas reparacións, como o cambio de pneumáticos, lámpadas e limpaparabrisas;
- manter e manexar as instalacións de lavado automático de vehículos;
- cobrar aos clientes;
- limpar as bombas de combustibles, as vías de acceso, a tenda e as instalacións en xeral;
- controlar as existencias e preparar informes sobre as vendas de combustibles, lubricantes, aceite e outros produtos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Expendedores de combustible en gasoleiras
- Expendedores de combustible en porto deportivo
- Operarios de lubricación, recambios e mantemento en estacións de servizos de vehículos
- Operadores de túnel/estación de lavado de coches

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Dependentes en tenda de gasoleira (só venda de artigos), 5220
- Caixeiros de gasoleira, 5500
- Lavacoches á man, 9222

549 Outros vendedores

5491 Vendedores a domicilio

Os vendedores a domicilio describen, demostran e venden produtos e servizos e tratan de conseguir pedidos para a empresa de que dependen visitando posibles clientes, xeralmente residentes en domicilios particulares, indo de porta en porta.

Entre as súas tarefas inclúense:

- dar información detallada de diversos produtos e servizos e das condicións de venda visitando clientes e posibles clientes nos fogares;
- describir produtos e servizos en oferta ou facer demostracións deles;
- rexistrar os pedidos e operacións e enviar os pedidos ao fornecedor;
- preparar facturas e contratos de venda e cobrar o prezo;
- distribuír aos clientes cartas, follas informativas e outros documentos;
- preparar listas de posibles clientes e chamalos por teléfono para conseguir novos pedidos;
- desprazarse polas distintas zonas de venda e clientes a outros e levarlles mostras ou produtos en venda.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vendedores a domicilio
- Vendedores de libros a domicilio

- Vendedores por catálogo a domicilio

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Representantes comerciais, 3510
- Vendedores ambulantes na rúa, 5412

5492 Promotores de venda

Os promotores de venda fan demostracións de produtos en locais comerciais, exposicións e fogares particulares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facer demostracións de artigos en venda, co fin de informar os clientes sobre as súas características e utilización, ademais de estimular o interese de compra;
- responder ás preguntas que se lles fagan e ofrecer asesoramento sobre o uso dos produtos;
- vender produtos ou dirixir os clientes ao persoal de vendas;
- tomar pedidos e dispoñer o necesario para o pagamento, entrega e recolla dos produtos;
- ofrecer mostras de produtos e distribuír catálogos e material publicitario.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Demostradores de produto en comercio

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Vendedores a domicilio, 5491
- Dependentes en tendas/almacéns, 5220
- Empregados de información ao usuario, 4411

5493 Modelos de moda, arte e publicidade

Os modelos de moda, arte e publicidade locen e presentan pezas de vestir e accesorios, ou actúan como modelos para sesións de fotografía, cinematografía, vídeo ou publicidade ou para fins de creación artística.

Entre as súas tarefas inclúense:

- vestir con roupas e accesorios de última moda, da moda en voga ou do estilo que desexe o cliente;
- camiñar, xirando e efectuando outros movementos, para facer resaltar mellor o estilo e as características da roupa, accesorios de moda e outras mercadorías;
- servir de modelo para escultores, pintores e outros artistas de artes visuais;
- servir de modelo para fotografías destinadas á súa publicación en revistas ou outros medios publicitarios;
- servir de modelo para anuncios en cinema, televisión e vídeo e para outras producións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Modelos de publicidade

- Modelos artísticos
- Modelos de moda

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Promotores de vendas, 5492
- Actores, 2935

5499 Vendedores non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os vendedores non clasificados en ningunha outra epígrafe dos subgrupos principais 52, Vendedores en tendas e almacéns e 54, Vendedores salvo en tendas e almacéns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Dependentes de aluguer de coches

55 Caixeiros e vendedores de billetes (salvo bancos)

550 Caixeiros e vendedores de billetes (salvo bancos)

5500 Caixeiros e vendedores de billetes (salvo bancos)

Estes traballadores manexan caixas rexistradoras, escáneres de lectura de prezos, ordenadores ou outros equipamentos para rexistrar e aceptar os pagamentos pola venda de bens e servizos ou a entrada en lugares como tendas, restaurantes e establecementos de venda de billetes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- cobrar e verificar os pagamentos feitos en efectivo, por cheque ou mediante tarxeta de crédito en tendas, billeteiras ou establecementos similares;
- devolver o troco e entregar recibos;
- expedir billetes para a entrada en recintos deportivos ou culturais;
- contar e rexistrar o diñeiro recibido ou desembolsado e cadralo coas notas das caixas rexistradoras;
- recibir os pagamentos en efectivo, cotexar o seu importe cos recibos ou outros documentos, e preparalos para depósito bancario;
- manexar as caixas rexistradoras para calcular o que se debe cobrar ou devolver aos clientes;
- escanear, pesar e rexistrar os prezos dos produtos;
- envolver as mercadorías e colocalas en bolsas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Caixeiros de supermercados
- Cobradores de peaxes
- Cobradores de aparcadoiros
- Vendedores de billetes de espectáculos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Caixeiros de banco, 4441
- Caixeiros de salas de xogo, 4443
- Vendedores de administración de lotaría, 4442

H Traballadores dos servizos de saúde e o coidado de persoas

56 Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde

561 Auxiliares de enfermaría

5611 Auxiliares de enfermaría hospitalaria

Os auxiliares de enfermaría hospitalaria realizan tarefas simples que facilitan as funcións do médico e do enfermeiro en establecementos hospitalarios ou similares.

Nota: os traballadores que prestan coidados persoais a residentes en unidades de vivenda independentes (como os que viven en urbanizacións de xubilados), polo xeral sen supervisión médica ou de enfermaría permanente, deben clasificarse no grupo primario 5710, Traballadores dos coidados persoais a domicilio.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar os pacientes para o seu exame ou tratamento;
- mudar as sabas e axudar aos pacientes na súa hixiene persoal;
- proporcionar aos enfermos servizos que poidan contribuír á súa comodidade e benestar;
- distribuír e recoller as bandexas de comida e dar de comer aos pacientes que necesiten axuda;
- esterilizar o instrumental cirúrxico ou doutra índole;
- recoller datos clínicos limitados exclusivamente aos termométricos e aqueles outros para cuxa obtención recibise indicación expresa, así como orientación, do médico responsable;
- colaborar na administración de medicamentos por vía oral e rectal, con excepción da vía parenteral;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos auxiliares de clínica
- Auxiliares de quirófano
- Auxiliares de enfermaría de xeriatria
- Auxiliares de enfermaría de saúde mental e toxicomanías

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Auxiliares de enfermaría de centros de atención primaria, 5612
- Axudantes de dentista, 5629

5612 Auxiliares de enfermaría de atención primaria

Os auxiliares de enfermaría de atención primaria, realizan actividades simples que facilitan as funcións do médico e do enfermeiro en tarefas de atención primaria.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar os pacientes para o seu exame ou tratamento;
- colaborar na administración de medicamentos por vía oral e rectal con excepción da vía parenteral;
- coñecer o manexo das caixas de primeiros auxilios para facer curas sinxelas ou de urxencia;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Auxiliares de enfermaría de centros de atención primaria
- Auxiliares de enfermaría de consultorios médicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axudantes de dentista, 5629
- Auxiliares de enfermaría de consultorio dental, 5629

562 Técnicos auxiliares de farmacia e emerxencias sanitarias e outros traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde

5621 Técnicos auxiliares de farmacia

Os técnicos auxiliares de farmacia realizan unha variedade de tarefas relacionadas coa expedición de produtos médicos baixo a orientación dun farmacéutico ou outro profesional da saúde.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar medicamentos e outros compostos farmacéuticos baixo a orientación dun farmacéutico ou outro profesional da saúde;
- dispensar medicamentos e fármacos aos clientes e dar instrucións escritas e orais sobre o seu uso segundo o prescrito por médicos, veterinarios ou outros profesionais da saúde;
- atender prescricións ou cumprir peticións de profesionais da saúde e verificar que a información é completa e exacta de acordo coas normas sobre mantemento de rexistros médicos;
- manter condicións de conservación e seguranza axeitadas para os medicamentos;
- encher e etiquetar envases cos medicamentos prescritos;
- axudar aos clientes respondendo preguntas, localizando artigos ou remitíndoos a un farmacéutico para que os informe sobre a medicación;
- determinar o prezo e rexistrar prescricións, completar e crear e manter rexistros de pacientes, incluídas listas dos medicamentos tomados polos pacientes individuais;
- pedir, etiquetar e contar existencias de medicamentos, produtos químicos e fornecementos e introducir os datos de inventario nun sistema de rexistros;
- limpar e preparar os equipamentos e envases utilizados para preparar e dispensar medicamentos e compostos farmacéuticos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos auxiliares de farmacia
- Axudantes de farmacia

5622 Técnicos de emerxencias sanitarias

Os técnicos de emerxencias sanitarias prestan coidados médicos de urxencias a pacientes que se encontran feridos, enfermos, débiles ou que presentan outra indisposición física ou mental, antes e durante o traslado a instalacións médicas.

Nota: as ocupacións incluídas neste grupo primario normalmente requiren formación en tratamentos médicos de emerxencia, transporte de pacientes, principios e prácticas de ambulancia ou campos relacionados. Os condutores de ambulancia que non prestan coidados de saúde clasifícanse no grupo primario 8412, Condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- valorar o estado de saúde de persoas en casos de accidentes, desastres naturais e outras situacións de emerxencia e determinar as necesidades de asistencia médica inmediata e especializada;
- realizar procedementos médicos e administrar fármacos e outras terapias de acordo cos protocolos;
- realizar tratamentos médicos de urxencia, incluíndo a reanimación e desfibrilación dos pacientes e o manexo de equipamentos de mantemento da vida;
- controlar cambios no estado dos pacientes durante o transporte a ou desde instalacións médicas, de rehabilitación ou doutro tipo de coidados sanitarios;
- informar e formar os grupos da comunidade e traballadores dos servizos básicos sobre primeiros auxilios para o coidado inicial dunha enfermidade ou lesión;
- asistir a concentracións públicas e outros acontecementos en que as emerxencias sanitarias son máis probables de darse;
- rexistrar a información sobre o estado dos pacientes e os tratamentos prestados en sistemas de rexistros médicos en situacións de urxencia médica.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos en emerxencias sanitarias
- Axudantes de ambulancia

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Auxiliares de clínica, 5611

5629 Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue traballadores que prestan servizos sanitarios rutineiros ou de apoio no coidado das persoas e que non se clasificaron baixo outras epígrafes do subgrupo 561, Auxiliares de enfermaría. Por exemplo o grupo inclúe axudantes dentais, axudantes de esterilización, ordenanzas de centro médico, celadores e asistentes en imaxe médica farmacia.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar e esterilizar instrumentos cirúrxicos, instrumentos farmacéuticos, frascos, matraces e outros equipamentos;
- etiquetar medicamentos, produtos químicos e outros preparados farmacéuticos e repoñer existencias nos andeis;
- erguer, xirar e mover os pacientes e transportalos en cadeira de rodas ou en camas movibles;
- preparar os pacientes para que os examinen ou para os tratamentos;
- preparar a bandexa de instrumentos e materiais;
- axudar a radiografistas durante a súa actuación;
- expoñer raios X e diagnósticos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Celadores de hospital
- Axudantes de dentista

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en próteses dentais, 3316
- Técnicos superiores en hixiene bucodental, 3321
- Axudantes de farmacia, 5621

57 Outros traballadores dos coidados ás persoas

571 Traballadores dos coidados persoais a domicilio (salvo coidadores de crianzas)

5710 Traballadores dos coidados persoais a domicilio

Os traballadores dos coidados persoais a domicilio prestan coidados persoais rutineiros e axudan en actividades da vida diaria a persoas que requiren deste tipo de asistencia debido á idade, enfermidade, lesións ou outro tipo de indisposición física ou mental en casas particulares ou noutras unidades residenciais independentes.

Nota: os traballadores que prestan coidados persoais a residentes en institucións e centros que dispoñen de supervisión médica ou de enfermaría permanente (como hospitais e residencias asistidas) e que, por tanto, traballan baixo a supervisión directa de enfermeiros ou médicos, deben clasificarse nos grupos primarios 5611, Auxiliares de enfermaría hospitalaria e 5612, Auxiliares de enfermaría de atención primaria.

Os asistentes de partos en domicilio que prestan apoio emocional durante o embarazo e a vida activa pero non atención para reducir os riscos para a saúde, inclúense aquí.

Os coidadores que prestan coidados e supervisión de crianzas en gardarías clasifícanse no grupo primario 5721, Coidadores de crianzas en gardarías e centros educativos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- asistir as persoas que requiren coidados persoais ou terapéuticos en tarefas como a limpeza, comer ou vestirse, mobilidade física e o exercicio, a comunicación, e a

- toma oral de medicamentos e cambios de vendaxes, xeralmente de acordo con plans de coidados establecidos por profesionais da saúde;
- manter o rexistro sobre coidados persoais, cambio nas condicións e resposta aos coidados e tratamentos; informar ou dar referencias a profesionais da saúde ou servizos sociais;
- colocar e erguer persoas con dificultades de mobilidade física, e axudarlles a moverse en cadeiras de rodas e vehículos de motor;
- prestar aos pacientes e familiares apoio emocional, información e consello en aspectos como hixiene, nutrición, exercicio, coidado das crianzas ou adaptación á incapacidade ou á enfermidade;
- manter a hixiene no ámbito dos clientes como por exemplo a muda de sabas ou a limpeza da roupa, os pratos e a vivenda;
- prestar axuda psicolóxica do tipo de conversa ou lectura en voz alta;
- planificar, realizar as compras, preparar ou servir comidas que se adapten aos requisitos nutricionais ou axudas que se prescribiron;
- prestar apoio aos pais e coidados ás crianzas que acaban de nacer durante o período posparto;
- programar e acompañar os clientes ás citas co médico e outros profesionais ou realizar outras tarefas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Coidadores de persoas de idade a domicilio
- Coidadores de enfermos a domicilio
- Auxiliares de enfermaría no fogar
- Auxiliares de axuda a persoas dependentes a domicilio

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Auxiliares de enfermaría en xeriátricos, 5611
- Coidadores de crianzas en domicilios, 5722
- Asistentes-persoas de compañía, 5891

572 Coidadores de crianzas

5721 Coidadores de crianzas en gardarías e centros educativos

Os coidadores de crianzas en gardarías e centros educativos coidan e vixían crianzas, xa sexa antes ou despois da escola, en vacacións ou diariamente, en gardarías e centros educativos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axudar ás crianzas a bañarse, vestirse e comer;
- xogar coas crianzas ou entretelas lendo ou contando contos en gardarías;
- axudar a preparar materiais e obxectos para actividades educativas e recreativas;
- controlar a conduta das crianzas e orientar o seu desenvolvemento social;
- manter a disciplina e recomendar ou adoptar outras iniciativas para controlar a conduta das crianzas;
- observar e vixiar os seus xogos;
- levar rexistros de cada unha das crianzas, incluíndo observacións e información diarias sobre as súas actividades, comidas que tomaron e medicamentos que recibiron.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Coidadores de gardaría infantil
- Auxiliares de xardín de infancia
- Auxiliares de educación infantil (primeiro ciclo)
- Auxiliares de puericultura
- Vixilantes de comedor escolar
- Coidadores-acompañantes en autobús escolar

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en educación infantil, 2252
- Mestres de educación infantil, 2251
- Auxiliares de educación infantil (segundo ciclo), 2252
- Coidadores de crianzas en domicilios, 5722

5722 Coidadores de crianzas en domicilios

Os coidadores de crianzas en domicilios coidan e vixían nenos antes ou despois da escola, en vacacións ou diariamente en domicilios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axudar ás crianzas a bañarse, vestirse e comer;
- levar as crianzas á escola e recollelos ou sacalas a pasear ou recrearse;
- xogar coas crianzas ou entretelas lendo ou contando contos;
- axudar a preparar materiais e obxectos para actividades educativas e recreativas;
- controlar a conduta das crianzas e orientar o seu desenvolvemento social;
- manter a disciplina e recomendar ou adoptar outras iniciativas para controlar a conduta das crianzas, procurando, por exemplo, que se vistan eles mesmos e que recollan os xoguets e libros;
- observar e vixiar os seus xogos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Coidadores de crianzas en domicilios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en educación infantil, 2252
- Mestres de educación infantil, 2251
- Auxiliares de educación infantil (segundo ciclo), 2252
- Coidadores de crianzas en gardarías e centros educativos, 5721

58 Traballadores dos servizos persoais**581 Peiteadores e especialistas en tratamentos de estética, benestar e afíns****5811 Peiteadores**

Os peiteadores cortan, pintan, peitean ou ondulan o cabelo, afeitan ou recortan a barba e o bigote e aplican tratamentos ao coiro cabeludo

Entre as súas tarefas inclúense:

- cortar, lavar, pintar e ondular o cabelo;
- afeitar ou recortar a barba e o bigote;
- aplicar tratamentos ao coiro cabeludo;
- colocar perrucas de acordo cos desexos do cliente;
- asesorar sobre coidado do cabelo, produtos de beleza e estilos de peiteado;
- peitear con rizos e trenzas e engadir extensións;
- dar citas e cobrar os servizos;
- limpar as zonas de traballo e esterilizar os instrumentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peiteadores de señoras
- Peiteadores de cabaleiros
- Barbeiros
- Peiteadores de próteses capilares
- Especialistas en coidado do cabelo
- Peiteadores propietarios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Peiteadores caninos, 5893

5812 Especialistas en tratamentos de estética, benestar e afíns

Os especialistas en tratamentos de estética, benestar e afíns aplican tratamentos de beleza, cosméticos e maquillaxe e prestan outras clases de coidados para mellorar a aparencia persoal.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar a cara e outras partes do corpo e aplicarlles crema, locións e produtos similares;
- dar masaxes faciais e corporais;
- maquillar os clientes de salóns de beleza ou os actores e outros artistas;
- limpar, cortar e pintar as uñas de mans e pés e tratar lixeiras doenzas dos pés, como calos, durezas ou deformacións das uñas;
- atender aos clientes que toman baños e aplicarlles masaxes simples;
- aplicar técnicas baseadas no emprego de cera ou de azucre e técnicas distintas para a depilación do pelo corporal;
- asesorar os clientes sobre axudas e exercicio para axudarlles a perder peso e adelgazar;
- dar citas e cobrar os servizos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Esteticistas
- Estilistas
- Maquilladores
- Manicuros
- Pedicuros (non calistas)

- Especialistas en tratamentos de beleza
- Masaxistas non terapéuticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Pedicuros calistas, 2157,
- Masaxistas terapéuticos, 3325
- Quiroprácticos, 3329
- Coidadores de estética de animais, 5893

582 Traballadores que atenden viaxeiros, guías turísticos e afíns

5821 Auxiliares de voo e camareiros de avión, barco e tren

Os auxiliares de voo e camareiros de avión, barco e tren velan pola comodidade e a seguranza dos pasaxeiros, serven comidas e bebidas e prestan servizos persoais, xeralmente en aeronaves, trens e a bordo de buques. Poden planificar e coordinar o coidado das instalacións e as actividades sociais en buques.

Entre as súas tarefas inclúense:

- saudar os pasaxeiros que soben a bordo da aeronave ou o buque, comprobar os billetes ou tarxetas de embarque e conducirlos aos seus asentos ou camarotes;
- anunciar, explicar e facer demostracións dos procedementos de seguranza e emerxencia, como o uso de máscaras de oxíxeno, cintos de seguranza e chalecos salvavidas;
- combinar e servir alimentos preparados de antemán e bebidas;
- vender artigos libres de impostos;
- atender ás necesidades xerais e a comodidade dos pasaxeiros, responder as súas preguntas e manter a carlinga limpa e en orde;
- orientar e axudar os pasaxeiros e seguiren os procedementos prescritos en caso de emerxencia, como a evacuación da tripulación despois dunha aterraxe de emerxencia;
- verificar que as caixas de primeiros auxilios e os restantes equipamentos de emerxencia están en condicións operativas;
- prestar primeiros auxilios aos pasaxeiros que os precisen;
- asistir ás reunións informativas previas aos voos nas cales se expoñen as condicións atmosféricas, as altitudes de voo, as rutas, os procedementos de emerxencia, a duración dos voos, os servizos de alimentos e bebidas que vaian ofrecerse e o número de pasaxeiros;
- preparar os pasaxeiros e as aeronaves para a descolaxe e a aterraxe;
- determinar as necesidades especiais de asistencia de pasaxeiros como os nenos pequenos, as persoas de idade avanzada e as persoas con minusvalideces.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Auxiliares de voo
- Sobrecargos de avión
- Mordomos de barco
- Camareiros de barco
- Camareiros de tren

5822 Revisores e cobradores de transporte terrestre

Os revisores e cobradores de transporte terrestre controlan ou emiten pasaxes ou billetes en ruta e velan pola seguranza e comodidade dos pasaxeiros en trens, tranvías, autobuses e outros vehículos de transporte público.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recoller e emitir pasaxes e billetes, e comprobar a validez dos emitidos previamente;
- atender os coches camas e aos seus ocupantes nos trens de pasaxeiros;
- prestar asistencia en relación co embarque, o asento e a equipaxe segundo se requira, especialmente ás persoas de idade avanzada, os enfermos e as persoas lesionadas;
- abrir e pechar as portas aos pasaxeiros;
- comprobar a seguranza das equipaxes antes da saída;
- facer sinais aos condutores para que paren ou sigan;
- recibir os pasaxeiros e anunciar as rutas e paraxes;
- asegurar o cumprimento das normas de seguranza;
- responder ás peticións e queixas dos pasaxeiros e facilitarlles información sobre as paraxes e conexións;
- tomar as medidas adecuadas en caso de emerxencia ou accidente.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Revisores de tren
- Revisores de funicular
- Revisores de autobús

5823 Acompañantes turísticos

Os acompañantes turísticos realizan actividades de acompañamento, orientación, asistencia e coordinación do grupo de usuarios turísticos que se acompaña. Son os responsables do desenvolvemento da viaxe turística, de acordo ao programa establecido, e facilitan información de interese turístico xeral. Dominan á perfección o idioma nativo dos participantes na viaxe, sendo conveniente o coñecemento dalgún outro como o nativo ou oficial do lugar ou, na súa falta, do inglés. Poden traballar para axencias de viaxes ou poden ser autónomos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- acompañar e asistir os turistas do grupo;
- solucionar imprevistos con prontitude e eficacia;
- informar, ofrecer e vender actividades facultativas;
- identificar e orientar sobre os atractivos e servizos que ofrecen os sitios visitados, seguindo o programa establecido, as características do usuario e o servizo contratado;
- suxerir cambios oportunos e xestionar a súa realización, de modo que se asegure o cumprimento dos obxectivos da entidade organizadora e se cubran as expectativas do cliente.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Guías acompañantes de viaxe turística
- Asistentes acompañantes de grupo turístico
- Tour leaders
- Guías de ruta turística

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Guías locais de turismo, 5825
- Azafatos de congresos, 5824

5824 Azafatos de terra

Os azafatos de terra, realizan actividades de acompañamento, orientación, asistencia, facturación, información, asesoramento ao usuario ou cliente do servizo. Desenvolven as súas tarefas en distintas situacións, dependendo da actividade: aeroportos, congresos, recintos feirais, teatros, etc.

Entre as súas tarefas inclúense:

- acoller, recibir e despedir o cliente/usuario;
- rexistrar a asistencia dos distintos participantes no evento, facilitar os medios necesarios para o desenvolvemento deste;
- informar o cliente/usuario dos distintos servizos postos ao seu dispor;
- asistir aos clientes/usuarios nos posibles desprazamentos;
- realizar facturación de pasaxeiros, equipaxes, mercadorías e correo;
- efectuar operacións de embarque e desembarque de pasaxeiros;
- solucionar problemas de pasaxeiros en tránsito e incidencias na viaxe.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Auxiliares de congresos e exposicións
- Auxiliares de terra, en xeral

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Guías acompañantes de viaxe turística, 5823
- Guías locais de turismo, 5825

5825 Guías de turismo

Os guías de turismo acompañan persoas ou grupos en viaxes, rutas turísticas ou excursións e en visitas a puntos de interese como lugares históricos, establecementos industriais e parques temáticos. Describen os aspectos de interese e facilitan información xeral sobre características interesantes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- escoltar e guiar turistas en cruceiros e rutas turísticas;
- escoltar visitantes de lugares de interese como museos, exposicións, parques temáticos, fábricas e outros establecementos industriais;
- describir aspectos de interese, facilitar información sobre eles e responder ás preguntas;

- realizar actividades educativas para escolares;
- vixiar as actividades dos visitantes para garantir que se cumpren as normas aplicables ás visitas e as prácticas de seguranza;
- recibir e rexistrar os visitantes e os participantes en xiras, e facilitarlles os distintivos de identificación ou dispositivos de seguranza necesarios;
- distribuír folletos, mostrar presentacións audiovisuais e explicar os procedementos e actividades que van desenvolverse nos puntos visitados;
- velar pola seguranza física dos grupos e realizar actividades como a prestación de primeiros auxilios e a dirección das evacuacións de emerxencia;
- resolver os problemas que xurdan cos itinerarios das visitas, os servizos prestados ou o aloxamento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Guías local de turismo
- Guías de museo
- Guías de parque natural

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Guías acompañantes de viaxe turística, 5823
- Técnicos de información turística, 2630
- Animadores turísticos, 3724

583 Supervisores de mantemento e limpeza de edificios, conserxes e mordomos domésticos

5831 Supervisores de mantemento e limpeza en oficinas, hoteis e outros establecementos

Os supervisores de mantemento e limpeza en oficinas, hoteis e outros establecementos organizan, supervisan e realizan funcións de limpeza e mantemento co fin de manter limpos e ordenados os recintos e aparellos dos devanditos establecementos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- contratar, adestrar, despedir, organizar e supervisar asistentes, limpadores e demais persoal de mantemento;
- comprar ou controlar a compra de fornecementos;
- controlar o almacenamento e a distribución de fornecementos;
- velar polo benestar xeral e vixiar o comportamento das persoas nas institucións;
- varrer ou limpar con aspiradora, lavar e encerar chans, mobles e outros aparellos;
- facer camas, limpar cuartos de baño e subministrar toallas, xabón e artigos afíns;
- limpar cociñas e axudar nos traballos de cociña en xeral, incluíndo fregar a louza;
- repoñer minibares e substituír artigos como vasos e material de escrita.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gobernantes de hostalaría
- Gobernantes de hospital
- Encargados de lavandaría/lenzaría
- Despenseiros de barco

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de hoteis, 1411
- Xerentes de pensións, 5840
- Sumilleres, 5120
- Mordomos (fogares privados), 5832
- Conserxes, 5833
- Empregados domésticos, 9100

5832 Mordomos do servizo doméstico

Os mordomos do servizo doméstico organizan, supervisan e realizan funcións de mordomía en fogares privados, con ou sen o apoio de persoal subordinado.

Entre as súas tarefas inclúense:

- supervisar traballadores empregados en fogares como persoal doméstico;
- comprar ou controlar a compra de fornecementos;
- controlar o almacenamento e a distribución de fornecementos;
- prestar axuda en casos de lesións ou enfermidades de carácter leve, desempeñando tarefas como as de tomar a temperatura, administrar medicamentos ou aplicar vendaxes;
- varrer ou limpar con aspiradora, lavar e encerar chans, mobles e outros aparellos;
- facer camas, limpar cuartos de baño e fornecer toallas, xabón e artigos afíns;
- coidar de animais domésticos e plantas, recibir visitas, atender o teléfono, entregar mensaxes e comprar en tendas de alimentación;
- preparar e cociñar alimentos, poñer e recoller a mesa e servir alimentos e bebidas;
- limpar cociñas e axudar nos traballos de cociña en xeral, incluíndo fregar a louza
- .

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mordomos domésticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mordomos de hostalaría, 5831
- Curas ecónomos, 2830
- Axudantes de cámara, 5891
- Empregados domésticos, 9100

5833 Conserxes de edificios

Os conserxes de edificios encárganse de custodiar edificios de apartamentos, hoteis, oficinas, igrexas e outros edificios, así como de mantelos limpos e en orde. Poden supervisar outros traballadores ou contratistas dependendo do tamaño e a natureza do edificio que custodien.

Entre as súas tarefas inclúense:

- supervisar o traballo de limpeza, orde e mantemento realizado por persoal propio e subcontrataco;

- participar en labores de limpeza, reparacións sinxelas e mantemento do interior do edificio;
- ocuparse de quentadores e caldeiras para a subministración de calefacción e de auga quente;
- velar para que o comportamento de inquilinos e visitantes se axuste ás normas aplicables en materia de ruídos molestos ou uso autorizado dos locais;
- prestar servizos de pouca importancia aos inquilinos, por exemplo gardando os paquetes que cheguen durante a súa ausencia ou dando algunha información que soliciten os visitantes que non os encontren no seu domicilio;
- informar os administradores e propietarios dos edificios sobre a necesidade de reparacións importantes;
- pasear polos edificios para velar pola súa seguraza;
- cubrir follas de rexistro e proporcionar aos inquilinos copias das normas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Conserxes de edificios
- Conserxes de pavillón deportivo
- Conserxes de hotel
- Porteiros de comunidade de veciños
- Bedeis
- Coidadores encargados de edificios
- Sancristáns

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Porteiros de hotel, 9432
- Conserxes-recepcionistas de hotel, 4422
- Porteiros-gardas de seguraza en salas de festas, 5942

584 Traballadores propietarios de pequenos aloxamentos

5840 Traballadores propietarios de pequenos aloxamentos

Os traballadores propietarios de pequenos aloxamentos traballan en pequenos aloxamentos da súa propiedade. Ademais do aloxamento poden ofrecer algúns servizos de comidas aos seus clientes en calidade de fogares particulares.

Nota: Aqueles traballadores para os cales a xestión e supervisión do persoal é unha compoñente significativa do seu traballo clasifícanse no subgrupo 141, Directores e xerentes de empresas de aloxamento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar reservas;
- recibir os hóspedes e acompañalos aos cuartos;
- limpar e manter os cuartos e outras partes do establecemento;
- cociñar e servir comidas (cando o establecemento dispón deste servizo);
- cobrar polos servizos;
- supervisar o funcionamento do establecemento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Traballadores propietarios de pequenos aloxamentos

- Propietarios de pensións (sen traballadores ou con moi poucos)
- Propietarios de casas de turismo rural (sen traballadores ou con moi poucos)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de hoteis, 1411
- Xerentes de albergues xuvenís, 1419
- Xerentes de pensións (labores de xestión), 1419

589 Outros traballadores de servizos persoais

5891 Asistentes persoais ou persoas de compañía

Os asistentes persoais ou persoas de compañía atenden distintas necesidades do cliente ou empregador e/ou fanlles compañía.

Entre as súas tarefas inclúense:

- acompañar os seus empregadores durante as súas visitas a distintos lugares ou léndolles en voz alta, conversando ou participando con eles en diversas actividades deportivas ou doutra índole;
- axudar a entreter os visitantes que acudan á casa do empregador;
- manter en orde e bo estado a roupa e os efectos persoais do empregador.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axudantes de cámara
- Doncelas
- Persoas de compañía (sen coidados a enfermos ou dependentes)
- Asistentes persoais (compañía)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Traballadores dos coidados persoais a domicilio, 5710
- Coidadores de nenos en domicilios, 5722
- Mordomos domésticos, 5832
- Acompañantes sociais, 5899
- Parellas para bailes, 5899
- Empregados domésticos, 9100

5892 Empregados de funerarias e embalsamadores

Os empregados de funerarias e embalsamadores preparan funerais e realizan diversas tarefas en relación coas honras fúnebres e o embalsamamento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- organizar e dirixir funerais, incineracións e enterros;
- embalsamar defuntos para previr a súa putrefacción;
- atender ás normas de saúde e hixiene e garantir que se cumpren os requisitos legais sobre embalsamamento;
- practicar incisións en varias partes dos cadáveres e pechalas, e reconstruír os

- cadáveres desfigurados ou mutilados en caso necesario;
- vestir os cadáveres e colocalos en cadaleitos;
- manter entrevistas para preparar necrolóxicas, axudar á selección de ataúdes e urnas, e determinar o lugar e momento dos enterros e incineracións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Embalsamadores
- Empregados de funerarias

5893 Coidadores de animais e adestradores

Os coidadores de animais e adestradores alimentan, manexan, adestran e asean animais e prestan axuda a veterinarios e técnicos en sanidade animal de centros veterinarios, refuxios de animais, canís, parques zoolóxicos, laboratorios, tendas de animais de compañía, escolas de equitación, centros de adestramento de cans e establecementos de aseo de animais e similares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- bañar e alimentar animais;
- conducir ou transportar os animais ata a sala de curas e retelos ou suxeitalos durante o tratamento;
- limpar ou esterilizar o instrumental cirúrxico utilizado en medicina veterinaria;
- etiquetar medicamentos, substancias e produtos químicos e preparados farmacéuticos, e repoñer e ordenar as existencias nos andeis;
- esterilizar frascos, probetas e outros instrumentos;
- limpar, organizar e desinfectar aloxamentos de animais como galiñeiros, cortes, gaiolas e currais, e utensilios como monturas e bridas;
- reunir e rexistrar información sobre os animais, como a relativa ao peso, tamaño, estado físico, tratamentos aplicados, medicamentos administrados e inxestión alimentaria;
- adestrar animais para que desenvolvan e sigan os comportamentos desexados en actividades competitivas, recreativas, de obediencia, de seguranza, de monta e outras;
- asear animais lavándoos, cepillándoos, rapándoos, recortándolles o pelo, cortándolles as uñas e limpándolles as orellas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Adestradores de cans
- Perruqueiros de cans
- Domadores de cabalos
- Coidadores de animais en parques zoolóxicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axudantes de veterinaria, 3327

5894 Instrutores de autoescola

Os instrutores de autoescola ensinan a conducir vehículos de motor.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ensinar aos alumnos en condicións de condución reais e explicarlles e demostrarlles o funcionamento dos freos, o embrague, as marchas, a transmisión automática, os sinais e as luces;
- ensinalles o código de circulación;
- ensinalles as normas de seguranza na estrada;
- asesorar os alumnos sobre cando están en condicións de someterse ao exame de conducir;
- ensinalles as técnicas de condución avanzadas requiridas en situacións de emerxencia e asesorar sobre elas;
- ilustrar e explicar o manexo e o funcionamento mecánico dos vehículos de motor e das técnicas de condución mediante diagramas no encerado e medios audiovisuais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Profesores de autoescola

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Instrutores de voo, 3153

5895 Astrólogos, adiviños e afíns

Os astrólogos, adiviños e afíns rastrexan o pasado e vaticinan o porvir aplicando os métodos da astroloxía, baseándose nas características das liñas das mans, a disposición de cartas botadas ao chou e outros elementos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- determinar o horóscopo das persoas na data do seu nacemento ou con posterioridade, co fin de rastrexar o pasado e predicir o porvir tanto no que concirne aos episodios da vida coma á condición das persoas;
- interpretar as características das liñas das mans, a disposición de cartas botadas ao chou, a posición de follas de té ou restos de café no fondo de cuncas, as formas e deseños suxeridos polos ósos de animais mortos e outros elementos de adiviñación;
- prognosticar con base en tales interpretacións;
- determinar o momento máis propicio para emprender determinadas actividades ou actos, como inauguracións, casamentos, viaxes, cerimoniais relixiosas, etcétera;
- aconsellar e advertir sobre posteriores comportamentos ou sucesos;
- aconsellar as persoas sobre como evitar influencias ou agoiros perniciosos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Astrólogos
- Adiviños
- Numerománticos
- Quirománticos

5899 Traballadores de servizos persoais non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os traballadores de servizos persoais non clasificados en ningunha outra epígrafe do subgrupo 58, Traballadores dos servizos persoais. Inclúense nel, por exemplo, os traballadores que prestan servizos e compañía como parellas de baile, persoas de compañía ou acompañantes en clubs nocturnos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- acompañar clientes a restaurantes e outros lugares públicos;
- actuar como parellas de baile;
- recibir clientes en diversos establecementos públicos de baile ou diversión e coirar do seu entretemento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Parellas de bailes
- Acompañantes en clubs nocturnos
- Relacións públicas en salas de festas

I Traballadores dos servizos de protección e seguranza

59 Traballadores dos servizos de protección e seguranza

591 Gardas civís

5910 Gardas civís

Os gardas civís manteñen a orde pública e fan respectar as leis e regulamentos. Réxense pola normativa propia deste corpo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter a orde pública;
- protexer a persoas e bens de perigos e actos delituosos;
- arrestar as persoas que infrinxen a lei;
- dirixir o tránsito de vehículos polas estradas nacionais;
- intervir como representante da autoridade en caso de accidente;
- efectuar informes, comprobacións e outras tarefas administrativas;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gardas civís
- Cabos da Garda Civil

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Suboficiais da Garda Civil, 3632

592 Policías

5921 Policías nacionais

Os policías nacionais manteñen a orde pública e fan respectar as leis e regulamentos. Réxense pola normativa propia deste corpo

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter a orde pública;
- protexer a persoas e bens de perigos e actos delituosos;
- arrestar as persoas que infrinxen a lei;
- dirixir o tránsito de vehículos;
- restablecer a orde en casos de alteración pública;
- efectuar informes, comprobacións e outras tarefas administrativas;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes de policía nacional

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Comisarios de policía, 2623
- Inspectores de policía, 2623
- Subinspectores de policía, 3631

5922 Policías autonómicos

Os policías autonómicos manteñen a orde pública e fan respectar as leis e regulamentos. A policía autonómica, depende dos gobernos das comunidades autónomas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter a orde pública;
- protexer persoas e bens de perigos e actos delituosos;
- arrestar as persoas que infrinxen a lei;
- dirixir o tránsito de vehículos;
- restablecer a orde en casos de alteración pública;
- efectuar informes, comprobacións e outras tarefas administrativas;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes de policía autonómica
- Mozos d'escuadra
- Ertzainas

5923 Policías locais

Os policías locais manteñen a orde pública e fan respectar as leis e regulamentos. A policía local depende dos gobernos locais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter a orde pública;
- protexer a persoas e bens de perigos e actos delituosos;
- arrestar as persoas que infrinxen a lei;
- dirixir o tránsito de vehículos no municipio onde traballa;
- efectuar informes comprobacións e outras tarefas administrativas;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axentes municipais
- Axentes de policía local

593 Bombeiros

5931 Bombeiros (salvo forestais)

Estes traballadores preveñen, combaten e extinguen incendios e axudan noutras emerxencias, protexen vidas e bens, e realizan actividades de rescate. Actúan en áreas urbanas, industriais e similares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- responder ás alarmas de incendio e ás demais chamadas de axuda, en caso, por exemplo, de accidentes de automóbil ou industriais, ameazas de bomba e outras emerxencias;
- controlar e extinguir incendios empregando equipamento manual e motorizado e produtos químicos adecuados;
- en establecementos industriais, loitar contra tipos especiais de incendios con equipamento especial;
- rescatar persoas de edificios en chamas e de lugares de accidentes ou atrapadas en situacións perigosas;
- previr ou limitar a propagación de substancias perigosas en caso de incendio ou accidente;
- informar a poboación sobre a prevención de incendios.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Bombeiros (salvo forestais)
- Bombeiros-condutores (salvo forestais)
- Bombeiros de aeroporto

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Bombeiros forestais, 5932
- Técnicos en investigación de incendios, 3129

5932 Bombeiros forestais

Os bombeiros forestais preveñen, combaten e extinguen incendios e axudan noutras emerxencias, protexen vidas e bens, e realizan actividades de rescate. Actúan principalmente en áreas rurais e forestais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- responder ás alarmas de incendio e ás demais chamadas de axuda, en caso, por exemplo, de accidentes de automóbil ou industriais, ameazas de bomba e outras emerxencias;
- controlar e extinguir incendios empregando equipamento manual e motorizado e produtos químicos adecuados;
- en establecementos industriais, loitar contra tipos especiais de incendios con equipamento especial;
- rescatar persoas de edificios en chamas e de lugares de accidentes ou atrapadas en situacións perigosas;
- previr ou limitar a propagación de substancias perigosas en caso de incendio ou accidente;
- informar a poboación sobre a prevención de incendios.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Bombeiros forestais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Bombeiros urbanos ou industriais, 5931
- Bombeiros de aeroporto, 5931
- Técnicos en investigación de incendios, 3129
- Vixilantes de incendios forestais, 5993

594 Persoal de seguranza privado

5941 Vixilantes de seguranza e similares habilitados para iren armados

Os vixilantes de seguranza e outros habilitados para iren armados vixían recintos ou patrullan por eles para protexer os bens contra o roubo e o vandalismo. Controlan o acceso aos establecementos e manteñen a orde e fan que se respecte a normativa nos actos públicos e dentro daqueles. Estes traballadores están habilitados para iren armados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- patrullar polos recintos e comprobar as portas e xanelas para evitar e detectar posibles signos de entradas non autorizadas;
- controlar o acceso aos establecementos, vixiar e autorizar a entrada e saída dos empregados e visitantes, comprobar as identificacións e expedir pases de seguranza;
- circular entre os visitantes, clientes ou empregados para manter a orde, protexer os bens contra o roubo e o vandalismo, facer que se respecte a normativa do establecemento correspondente;
- responder ás alarmas, investigar os disturbios e poñerse en contacto cos superiores, a policía ou os bombeiros cando proceda;
- facer comprobacións de seguranza dos pasaxeiros e a súa equipaxe nos aeroportos.

tos;

- recibir efectivo e bens valiosos e garantir a súa entrega en condicións de seguranza a bancos, caixeiros automáticos e establecementos de venda polo miúdo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vixilantes de seguranza habilitados para iren armados
- Condutores de coche blindado habilitados para iren armados
- Escoltas persoais habilitadas para iren armadas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Gardas de seguranza non habilitados para iren armados, 5942
- Escoltas persoais non habilitadas para iren armadas, 5942
- Empregados-vixilantes de museo, 5942

5942 Auxiliares de vixilante de seguranza e similares non habilitados para ir armados

Estes traballadores vixían recintos ou patrullan por eles para protexer os bens contra o roubo e o vandalismo. Controlan o acceso aos establecementos e manteñen a orde e fan que se respecte a normativa nos actos públicos e dentro daqueles. Estes traballadores non están habilitados para iren armados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- patrullar polos recintos e comprobar as portas e xanelas para evitar e detectar posibles signos de entradas non autorizadas;
- controlar o acceso aos establecementos, vixiar e autorizar a entrada e saída dos empregados e visitantes, comprobar as identificacións e expedir pases de seguranza;
- circular entre os visitantes, clientes ou empregados para manter a orde, protexer os bens contra o roubo e o vandalismo, facer que se respecte a normativa do establecemento correspondente;
- responder ás alarmas, investigar os disturbios e poñerse en contacto cos superiores, a policía ou os bombeiros cando proceda;
- facer comprobacións de seguranza dos pasaxeiros e a súa equipaxe nos aeroportos;
- recibir efectivo e bens valiosos e garantir a súa entrega en condicións de seguranza a bancos, caixeiros automáticos e establecementos de venda polo miúdo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vixilantes de seguranza non habilitados para iren armados
- Escoltas persoais non habilitadas para iren armadas
- Porteiros-gardas de seguranza en salas de festas
- Empregados-vixilantes de museo
- Porteiros de hoteis

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Gardas de seguranza habilitados para iren armados, 5941
- Condutores de coche blindado habilitados para iren armados, 5941

- Escoltas persoais habilitadas para iren armadas, 5941
- Vixilantes-socorristas de praia, 5992
- Porteiros de comunidade de veciños, 5833

599 Outros traballadores dos servizos de protección e seguranza

5991 Vixilantes de prisións

Os vixilantes de prisións vixían os detidos e manteñen a disciplina en cárceres, penitenciarías e reformatorios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- rexistrar os novos reclusos, poñer os seus valores en custodia, escoltalos ata as súas celas e encerralos nelas;
- inspeccionar periodicamente as celas e inspeccionar e manter a seguranza de fectos, xanelas e portas;
- vixiar os reclusos durante o traballo, as comidas ou os períodos de recreo;
- observar a conduta dos reclusos para evitar disturbios e evasións;
- patrullar polas zonas da prisión para evitar evasións;
- axudar á aplicación dos programas de rehabilitación;
- escoltar os reclusos en tránsito durante os permisos temporais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Funcionarios de prisións

5992 Bañistas-socorristas

Os bañistas-socorristas vixían instalacións e zonas de baño e acoden a socorrer persoas en risco de afogarse ou en caso de accidente ou necesidade.

Entre as súas tarefas inclúense:

- vixiar as praias, balnearios, piscinas e demais zonas de baño e patrullar por elas para prever accidentes dentro ou fóra da auga;
- acudir ao rescate de persoas en perigo de afogarse, xa sexa de xeito individual ou coa axuda de barcas de salvamento en zonas de baño;
- aplicar técnicas urxentes de reanimación antes da chegada do persoal cualificado sanitario;
- prestar primeiros auxilios en caso de accidente antes da chegada do persoal cualificado sanitario;
- advertir aos bañistas de posibles perigos;
- manter en boas condicións o posto de primeiros auxilios e o material sanitario;
- avisar as autoridades competentes das circunstancias que poidan poñer en risco a seguranza das persoas na zona ou instalacións de baño.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Socorristas de piscina
- Socorristas de praia

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Limpadores-mantedores de piscinas, 9229

5993 Axentes forestais e ambientais

Os axentes forestais e ambientais son axentes da autoridade pertencente ás Administracións públicas que, de acordo coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, pode ter encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal.

As súas funcións oriéntanse ao cumprimento da normativa legal relativa a materia forestal, flora, fauna, caza, pesca, incendios forestais, ecosistemas, autas continentais, vías pecuarias, espazos naturais protexidos, xeomorfoloxía, paisaxe e, en xeral, ao correcto uso dos recursos naturais e de todo aquilo que afecte o medio natural.

Entre as súas tarefas inclúense:

- policía, custodia, inspección e vixilancia do medio natural, dos montes públicos, dos aproveitamentos forestais, das especies de flora silvestre, as especies de fauna silvestre, incluíndo as que son obxecto de aproveitamento cinexético e piscícola, das vías pecuarias, dos espazos naturais protexidos, das augas continentais, do dominio público hidráulico e das súas zonas de policía e servidume;
- policía, inspección e vixilancia de actividades cinexéticas e da pesca continental; de vías de acceso, construcións e instalacións;
- inspección e vixilancia para a prevención e detección de pestes, doenzas forestais e danos bióticos e abióticos;
- policía, inspección e vixilancia en materia de residuos e verteduras;
- denuncia de infraccións ambientais;
- policía de queimas controladas;
- policía, patrulla e vixilancia preventiva, detección de incendios e asistencia aos incendios forestais;
- avaliación de danos e obtención e recompilación de datos sobre cada incendio, formalizando informes e partes de incendio. Investigación das causas e punto de inicio.
- aproveitamentos forestais;
- traballos de inventario das masas forestais;
- conservación e xestión de flora, fauna e aproveitamentos cinexéticos e piscícolas en terreos públicos ou privados;
- tratamentos silvícolas de masas forestais;
- traballos de mellora como repoboacións, actuacións gandeiras, trazado, execución e seguimento da construción de pistas forestais;
- traballos de defensa contra pestes, doenzas ou danos abióticos en masas forestais;
- estudos e inventarios de flora e fauna silvestre ou asilvestrada, protexida ou non, e o seu seguimento;
- deslindamentos e marcaxes de montes e de vías pecuarias, e os seus trazados e delimitacións provisionais;
- información e orientación aos cidadáns no relativo ao uso, gozo e conservación do medio natural;
- control de vehículos a motor nos accesos a un espazo natural;

- auxilio en caso de accidente, catástrofe, emerxencia ou calamidade pública, ou noutros supostos de protección civil.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gardas forestais
- Gardas de coutos de caza e pesca
- Gardas de rega
- Vixilantes de incendios forestais

5999 Traballadores dos servizos de protección e seguranza non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue o persoal dos servizos de protección non clasificado baixo ningún epígrafe do subgrupo 599, outros traballadores dos servizos de protección e seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Celadores gardapeiraos
- Vixilantes de aparcadoiros

6 Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro

J Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro

61 Traballadores cualificados en actividades agrícolas

611 Traballadores cualificados en actividades agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)

6110 Traballadores cualificados en actividades agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)

Estes agricultores planifican, organizan e realizan operacións agrícolas para cultivar e obter diversos tipos de cultivos extensivos (como cereais, remolacha, cana de azucre, cacahuetes, tabaco, patacas, coles ou similares); árbores (froiteiras, oliveira, vide) e arbustos ou unha combinación destes e cultivos hortícolas. A produción destínase, principal ou exclusivamente, á comercialización a través de grosistas, organizacións comerciais ou mercados.

Nota: os traballadores do cultivo de hortalizas en producións intensivas clasifícanse en 6120, Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e condicións do mercado, determinar os tipos e superficies de cultivos, planificar e coordinar a produción;
- preparar o solo á man ou con máquinas, esporexer fertilizantes e esterco;

- seleccionar e sementar sementes, e plantar as plántulas e chantóns;
- realizar os labores de cultivo: labra da terra, transplantes, podas, aclarado de plantas, árbores e arbustos, posta en funcionamento e operación de equipamentos de rega;
- controlar malas herbas, pestes e enfermidades, mediante a aplicación de herbicidas e praguicidas;
- obter cultivos e destruír cultivos enfermos ou excedentes; coidar árbores ou arbustos, recoller seiva;
- inspeccionar, limpar, clasificar, envasar, almacenar e cargar os cultivos para a venda ou entrega ao mercado;
- coidar animais de labor e manter as edificacións da explotación, as súas estruturas, equipamentos e sistemas de rega e abastecemento de auga;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos dos produtos;
- promover e comercializar produtos, organizar a venda, comprar e transportar produtos e fornecementos;
- manter rexistros das actividades e as transaccións agrícolas e valoralas;
- formar e supervisar traballadores na produción de cultivos, en tarefas de mantemento e a seguranza no traballo;
- contratar e rescindir contratos con traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cultivadores de cereais e leguminosas
- Produtores de cultivos industriais
- Fruticultores
- Viticultores
- Agricultores olivareiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores/xerentes de explotacións cerealeiras, 1311
- Directores/xerentes de explotacións de cultivos industriais, 1311
- Directores/xerentes de explotacións frutícolas, 1311
- Enxeñeiros técnicos agrícolas, 2424
- Técnicos en fruticultura e viticultura, 3142
- Especialistas en tratamentos praguicidas ou herbicidas, 7894
- Tractoristas, 8321
- Condutores de maquinaria agrícola, 8321
- Peóns agrícolas, 9511
- Colleiteiros de froita e hortalizas, 9511
- Colleiteiros de olivas, 9511

612 Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns

6120 Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns

Os agricultores e traballadores cualificados de hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns, planifican, organizan e realizan operacións para cultivar e manter árbores, ar-

bustos, flores e outras plantas en parques e xardíns privados, e para producir plántulas, bulbos e sementes, ou cultivar hortalizas e flores mediante o uso de técnicas de cultivo intensivo. A produción destínase, principal ou exclusivamente, á comercialización a través de almacenistas, organizacións comerciais ou mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e condicións do mercado determinando os tipos e as cantidades de hortalizas, legumes e produtos de viveiro por obter e planificar e coordinar a produción conseguinte;
- preparar a terra acondicionando o solo, nivelar o terreo e instalar e operar sistemas de irrigación e de drenaxe;
- plantar árbores, sebes, plantas de xardín, relva;
- podar e recortar árbores, arbustos e sebes, instalar soportes de plantas e proteccións, e enrolar, cortar, arranxar os bordos e airear a relva;
- idear deseños e instalacións en xardíns, tales como camiños ou áreas pavimentadas, valos, rocallas, asentadoiros, estanques e accesorios acuáticos, alpendres e cercas;
- controlar a saúde de plantas e árbores, identificar e tratar as malezas, pestes e enfermidades, e aplicar humus e fertilizantes;
- producir plántulas, bulbos e sementes e as plantas a partir de sementes ou gallos;
- inspeccionar os cultivos, limpar, clasificar, envasar, almacenar e cargar produtos para a venda ou a entrega en mercado;
- manter edificacións, invernadoiros e outras estruturas, equipamentos e sistemas de abastecemento de auga;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos de produtos;
- promover e comercializar produtos, organizar a venda, compra e transporte de produtos e fornecementos e o mantemento e avaliación de rexistros sobre actividades e transaccións;
- capacitar e supervisar traballadores na produción, en tarefas de mantemento, e tomar as precaucións de saúde e seguranza e contratar e dispensar traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Horticultores
- Floricultores
- Xardineiros
- Cultivadores de fungos
- Cultivadores de amorodos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores/xerentes de explotacións agrarias, 1311
- Directores/xerentes de empresas de xardinaría, 1311
- Enxeñeiros técnicos agrícolas, 2424
- Especialistas en tratamentos praguicidas ou herbicidas, 7894
- Tractoristas, 8321
- Técnicos en horticultura, floricultura e xardinaría, 3142
- Peóns de xardinaría e horticultura, 9520
- Colleiteiros de amorodos e hortalizas, 9511

62 Traballadores cualificados en actividades gandeiras (incluídas avícolas, apícolas e similares)

620 Traballadores cualificados en actividades gandeiras (incluídas avícolas, apícolas e similares)

6201 Traballadores cualificados en actividades gandeiras de vacún

Os traballadores cualificados en actividades gandeiras de vacún planifican, organizan e realizan operacións de cría e coidado de gando vacún, para a produción de carne, leite e outros produtos lácteos e peles. A produción destínase, principal ou exclusivamente, á comercialización a través de grosistas, organizacións comerciais ou mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e as condicións do mercado, determinar os tipos e cantidades de existencias para ser producidas, planificar e coordinación a produción conseguinte;
- manter os pastos e controlar a subministración de forrage e de auga para manter o gando en estado e niveis de nutrición apropiados;
- vixiar e examinar animais para detectar enfermidades, lesións ou doenzas, e comprobar a súa condición física, tal como a taxa de aumento de peso;
- asear, marcar, recortar, adornar, e capar os animais e rapar o seu pelame para recoller sedas ou la;
- levar o gando a pacer e conducilo a cortes, vehículos, ou outros recintos;
- muxir animais á man ou utilizando máquinas de muxidura;
- mesturar pensos, aditivos e medicamentos en porcións prescritas e alimentar os animais;
- desempeñar tarefas relacionadas coa reprodución de gando, tales como a procreación, a inseminación artificial, e a axuda no nacemento dos animais;
- manter e limpar as edificacións da explotación, a maquinaria, o equipamento e estruturas;
- sacrificar e esfolar animais e preparalos para o mercado;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos de produtos animais e lácteos;
- promover e comercializar produtos, organizar a compra, venda e transporte de gando, produtos e fornecementos e manter e avaliar rexistros das actividades e transaccións;
- capacitar e supervisar os traballadores nos procedementos de coidado dos animais, en tarefas de mantemento, e tomar precaucións de saúde e seguranza e contratar e dispensar traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gandeiros de gando vacún de leite ou carne
- Coidadores de gando vacún
- Especialistas en muxidura de vacún

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de explotacións de vacún, 1311
- Gandeiros-xerentes de explotación de vacún, 1311

- Gandeiros de touros de lida, 1311
- Técnicos agropecuarios, 3142
- Técnicos en inseminación, 3327
- Traballadores de explotacións agropecuarias, mixtas, 6410
- Peóns gandeiros, 9520

6202 Traballadores cualificados en actividades gandeiras de ovino e cabrún

Estes traballadores planifican, organizan e realizan operacións de cría e coidado de gando ovino e cabrún, para a produción de carne, leite e outros produtos lácteos, as peles e a la. A produción destínase, principal ou exclusivamente, á comercialización a través de grosistas, organizacións comerciais ou mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e as condicións do mercado, determinar os tipos e cantidades de existencias para seren producidas, planificar e coordinación a produción conseguinte;
- manter os pastos e controlar a subministración de forrage e de auga para manter o gando en estado e niveis de nutrición apropiados;
- vixiar e examinar animais para detectar enfermidades, lesións ou doenzas, e comprobar a súa condición física, tal como a taxa de aumento de peso;
- asear, marcar, recortar, adornar, e castrar os animais e rapar o seu pelame para recoller a la;
- levar o gando a pacer e conducilo a cortes, vehículos, ou outros recintos;
- muxir animais á man ou utilizando máquinas de muxidura;
- mesturar pensos, aditivos e medicamentos en porcións prescritas e distribuílas, ou alimentar os animais a man para o seu consumo;
- desempeñar tarefas relacionadas coa reprodución de gando, tales como a procreación, a inseminación artificial, e axuda no nacemento dos animais;
- manter e limpar as edificacións da explotación, a maquinaria, o equipamento e estruturas;
- sacrificar e esfolar animais e preparalos para o mercado;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos de produtos animais e lácteos;
- promover e comercializar produtos, organizar a compra, venda e transporte de gando, produtos e fornecementos e manter e avaliar rexistros das actividades e transaccións;
- capacitar e supervisar os traballadores nos procedementos de coidado dos animais, en tarefas de mantemento, e tomar precaucións de saúde e seguranza e contratar e dispensar traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gandeiros de gando ovino ou cabrún
- Coidadores de gando ovino ou cabrún
- Especialistas en muxidura de ovellas e cabras
- Pastores de ovellas ou cabras
- Rapadores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de explotacións de ovino/cabrún, 1311
- Gandeiros-xerentes de explotación de ovino/cabrún, 1311
- Técnicos agropecuarios, 3142
- Técnicos en inseminación, 3327
- Traballadores de explotacións agropecuarias, mixtas, 6410
- Peóns gandeiros, 9520

6203 Traballadores cualificados en actividades gandeiras de porcino

Estes traballadores planifican, organizan e realizan operacións de cría e coidado de gando porcino para a produción de carne. A produción destínase, principal ou exclusivamente, á comercialización a través de grosistas, organizacións comerciais ou mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e as condicións do mercado, determinar os tipos e cantidades de existencias para seren producidas, planificar e coordinar a produción conseguinte;
- subministrar alimento e auga para manter o gando en estado e niveis de nutrición apropiados;
- vixiar e examinar animais para detectar enfermidades, lesións ou doenzas, e comprobar a súa condición física, tal como a taxa de aumento de peso;
- asear, marcar, recortar, adornar e capar os animais e recoller as sedas ou o pelame;
- levar o gando a pastar e conducilo a cortes, vehículos, ou outros recintos;
- mesturar pensos, aditivos e medicamentos en porcións prescritas e distribuílas, ou alimentar os animais á man para o seu consumo;
- desempeñar tarefas relacionadas coa reprodución de gando, tales como a procreación, a inseminación artificial, e axuda no nacemento dos animais;
- manter e limpar as edificacións da explotación, a maquinaria, o equipamento e estruturas;
- sacrificar e esfolar animais e preparalos para o mercado;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos de produtos animais;
- promover e comercializar produtos, organizar a compra, venda e transporte de gando, produtos e fornecementos e manter e avaliar rexistros das actividades e transaccións;
- capacitar e supervisar traballadores nos procedementos de coidado dos animais, en tarefas de mantemento, e tomar precaucións de saúde e seguranza e contratar e dispensar traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Criadores de gando porcino
- Coidadores de gando porcino

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de explotacións de porcino, 1311
- Criadores-xerentes de explotación de ovino/cabrún, 1311
- Técnicos agropecuarios, 3142

- Técnicos en inseminación, 3327
- Capadores, 3327
- Traballadores de explotacións agropecuarias, mixtas, 6410
- Peóns gandeiros, 9520

6204 Traballadores cualificados en apicultura e sericultura

Os traballadores cualificados en apicultura e sericultura planifican, organizan e realizan tarefas operativas para criar, coidar e alimentar insectos, tales como abellas de mel, bichos da seda, e outras especies para producir mel, cera, seda e outros produtos. A produción destínase, principal ou exclusivamente, á comercialización a través de grosistas, organizacións comerciais ou mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e condicións do mercado, planificar e coordinar a produción conseguinte, determinar os tipos e cantidade de insectos a seren producidos;
- comprar insectos e desenvolves ou comprar pensos e outros fornecementos;
- criar, coidar e alimentar insectos e recoller os seus produtos;
- alugar ou investir e manter e limpar edificacións, maquinaria, equipamentos e estruturas;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos dos produtos;
- organizar a venda, compra e transporte de existencias, produtos e fornecementos e manter e avaliar rexistros das actividades da explotación;
- capacitar e supervisar traballadores en procedementos de produción, tarefas de mantemento, e tomar precaucións de saúde e seguranza, e contratar e dispensar traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Apicultores
- Sericultores

6205 Traballadores cualificados na avicultura e a cunicultura

Os traballadores cualificados na avicultura e a cunicultura organizan e realizan operacións de cría e coidado de polos, pavos, gansos, patos e outras aves de curral e coellos para producir carne, ovos e pitos. A produción destínase, principal ou exclusivamente, á comercialización a través de grosistas, organizacións comerciais ou mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade do mercado, planificar e coordinar a produción conseguinte, manter e avaliar rexistros das actividades da explotación;
- cultivar e comprar pensos e outros fornecementos necesarios para manter as aves de curral e coellos en estado e niveis de nutrición apropiados;
- vixiar e examinar as aves de curral e os coellos para detectar enfermidades, lesións ou doenzas, e para verificar o estado físico, como ser a taxa de aumento de

- peso, e eliminar do curral as débiles, enfermas e mortas;
- mesturar pensos e aditivos para pensos e encher os recipientes con pensos e auga;
- vacinar as aves de curral e os coellos por medio de inxestión de auga, a inxeción, ou pulverizando aire;
- recoller e almacenar ovos e envasalos para vendelos no mercado;
- determinar o sexo dos pitos e cazapos e facilitar a procreación, a inseminación artificial, e a incubación dos ovos;
- aluguer ou investir e manter e limpar as edificacións da explotación, a maquinaria, equipamentos e estruturas;
- sacrificar as aves de curral e os coellos e acondicionalos para a venda ou a entrega ao mercado;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos dos produtos;
- organizar a venda, a compra e transporte de existencias, produtos e fornecementos;
- capacitar e supervisar traballadores nos procedementos de produción de aves de curral e coellos, en tarefas de mantemento, e tomar precaucións da saúde e seguranza, e contratar e dispensar traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Avicultores
- Criadores de aves de curral
- Criadores de coellos
- Encargados/capataces de granxa avícola
- Sexadores de pitos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores de explotacións avícolas, 1311
- Criadores-xerentes de explotación avícolas, 1311
- Técnicos agropecuarios, 3142
- Criadores de aves de caza, 6209
- Criadores de avestruces, 6209
- Traballadores de explotacións agropecuarias, mixtas, 6410
- Peóns gandeiros, 9520

6209 Traballadores cualificados en actividades gandeiras non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario comprende criadores de animais orientados ao mercado non clasificados noutra parte do subgrupo 620, Traballadores cualificados en actividades gandeiras, avícolas, apícolas e similares. Por exemplo, o grupo inclúe a aqueles que se dedican á cría, alimentación e coidado de mamíferos non domesticados, aves de caza e outras aves (salvo aves de curral), caracois, cobras e outros réptiles, así como diversos insectos e animais utilizados para probas de laboratorio, para a venda ou a entrega de forma periódica a compradores grosistas, organizacións de comercialización, parques zoolóxicos e circos, ou aos mercados.

Nota: Os traballadores que producen unha combinación de producións animais distintas (gando, aves, coellos...) deben clasificarse na epígrafe que se corresponde coa produción predominante.

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e as condicións do mercado, determinar os tipos e cantidade de produtos a seren producidos, planificar e coordinar a produción conseguinte;
- criar, alimentar e coidar animais;
- matar e esfolar animais e preparalos a eles ou aos produtos de orixe animal, para o mercado;
- efectuar o seguimento e examinar animais para detectar enfermidades, lesións ou doenzas, e comprobar a condición física, tales como taxa de aumento de peso;
- desempeñar tarefas relacionadas coa reprodución animal, tales como a procreación, inseminación artificial, e axudar no nacemento de animais;
- alugar ou investir e manter e limpar edificacións, maquinaria, equipamentos e estruturas;
- sacrificar e esfolar animais e preparalos para o mercado;
- almacenar e levar a cabo algúns procesamentos dos produtos;
- promover e comercializar produtos, organizar a venda, compra e transporte de existencias, produtos e fornecementos, e mantemento e avaliación de rexistros de actividades e transaccións;
- capacitar e supervisar traballadores nos procedementos de coidado dos animais, en tarefas de mantemento, e tomar precaucións de saúde e seguranza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Criadores de gando equino
- Criadores de aves de caza
- Criadores de avestruces
- Criadores de especies de interese cinexético
- Criadores de cans
- Criadores de gatos
- Criadores de animais de peletaría
- Criadores caracois
- Criadores de avestruces
- Criadores de animais para laboratorio
- Criadores de animais para zoo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Gandeiros en xeral con predominancia de vacún, 6201
- Gandeiros en xeral con predominancia de ovino e/ou cabrún, 6202
- Gandeiros en xeral con predominancia de porcino, 6203
- Gandeiros en xeral con predominancia de avicultura e/ou cunicultura vacún, 6205

63 Traballadores cualificados en actividades agropecuarias mixtas

630 Traballadores cualificados en actividades agropecuarias mixtas

6300 Traballadores cualificados en actividades agropecuarias mixtas

Os produtores e traballadores cualificados de explotacións agropecuarias mixtas cuxa produción se destina ao mercado planifican, organizan e realizan operacións agrícolas para cultivar e obter campos, árbores e outros cultivos, así como para criar, alimentar e coidar animais e para producir unha variedade de produtos de orixe animal para a venda ou a entrega a compradores grosistas, organizacións de comercialización ou aos mercados.

Nota: Os agricultores e traballadores cualificados agropecuarios cuxa actividade predominante é a cría de gando ou ben a agricultura, pero tamén se ocupan de xeito ocasional da outra actividade, isto é, a agricultura ou a cría de gando respectivamente, non se deberían incluír nesta epígrafe. Por exemplo un gandeiro que cría porcos para o mercado pero dedica algo de tempo a cultivar verduras debería clasificarse en 6203, Traballadores cualificados en actividades gandeiras de porcino. De xeito similar, un agricultor cerealeiro que mantén unha pequena gandaría de aves e animais de granxa debe clasificarse en 6110, Traballadores cualificados en actividades agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns).

Entre as súas tarefas inclúense:

- efectuar o seguimento da actividade e as condicións do mercado, determinar os tipos e cantidades de cultivos que obter e animais que criar, e planificar e coordinar a produción conseguinte;
- comprar sementes, fertilizantes e outros fornecementos;
- realizar operacións tales como a preparación da terra, sementeira, plantación, cultivo e colleita de cultivos;
- producir ou comprar forraxe e outros suplementos alimentarios;
- criar, alimentar e coidar animais;
- sacrificar e esfolar animais e preparar animais ou produtos de orixe animal para o mercado;
- alugar ou investir e manter e limpar as edificacións da explotación, a maquinaria, equipamento e estruturas;
- almacenar e levar a cabo algún procesamento dos produtos;
- promover e comercializar produtos, organizar a compra, venda e transporte de gando, produtos e fornecementos e manter e avaliar rexistros das actividades e transaccións da explotación;
- capacitar e supervisar traballadores nos procedementos de coidado animal, en tarefas de mantemento, e tomar precaucións de saúde e seguranza e contratar e dispensar traballadores e contratistas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Traballadores agropecuarios
- Agricultores de producións mixtas (vexetal e animal)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Agricultores-xerentes de explotación mixtas (vexetal e animal), 1311
- Técnicos agropecuarios, 3142
- Peóns agropecuarios, 9530

64 Traballadores cualificados en actividades forestais, pesqueiras e cinexéticas

641 Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural

6410 Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural

Os traballadores cualificados en actividades forestais planifican, organizan e realizan operacións para cultivar, conservar e explotar bosques naturais e artificiais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- avaliar sitios aptos para a reforestación, seleccionar plántulas e plantar árbores usando ferramentas manuais e verificar e coidar postos lineares de forestación;
- localizar árbores para cortar e estimar o volume de madeira;
- operar motoserra e outras serras mecánicas para rarear os bosques novos, podar, demoucar, derrubar árbores e serralas en toros;
- cortar produtos de madeira ruda utilizando madeiros no propio sitio de corta;
- empillar e cargar troncos en vertedoiros ou facelos aboiar río abaixo;
- vixiar a detección de incendios forestais, participar en operacións de loita contra o lume, completar informes e manter equipamento de loita contra incendios;
- controlar malas herbas e malezas na rexeneración dos postos lineares de forestación utilizando ferramentas manuais e produtos químicos;
- operar e manter unha topadora, escavadora ou outras máquinas para arrastrar ou equipamentos de preparación de terreo para áreas que van ser rexeneradas;
- recoller conos de sementes, podar árbores, axudar na mostraxe de plantacións e o marcación de árbores para efectuar operacións subsecuentes;
- capacitar e supervisar outros traballadores en procedementos forestais, incluíndo peóns forestais e operarios de maquinaria forestal.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Traballadores cualificados forestais
- Encargados-capataces forestais
- Extractores de cortiza
- Carboeiros (de carbón vexetal)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xerentes de industrias forestais, 1311
- Directores de explotacións forestais, 1311
- Enxeñeiros de montes, 2423
- Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, 2425
- Técnicos forestais e do medio natural, 3143
- Bombeiros forestais, 5932
- Gardas forestais, 5993
- Operadores de maquinaria forestal móbil, 8322
- Condutores de maquinaria forestal móbil, 8321
- Peóns forestais, 9543
- Leñadores, 9543

642 Traballadores cualificados en actividades pesqueiras e acuicultura

6421 Traballadores cualificados na acuicultura

Os traballadores cualificados na acuicultura crían e alimentan peixes e cultivan mexillóns, ostras e outras formas de vida acuática, para venda ou entrega en forma periódica a compradores grosistas, organizacións de comercialización ou aos mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- criar alimentar e cultivar peixes, mexillóns, ostras e outras formas de vida acuática como cultivo comercial ou para a liberación en auga doce ou salgada;
- sementar moluscos e levar a cabo outros labores de cultivo aplicados ao marisqueo;
- recompilar e rexistrar datos sobre crecemento, produción e medio;
- realizar e supervisar exames de existencias co fin de detectar enfermidades ou parasitos;
- efectuar o seguimento para asegurar o mantemento de condicións óptimas para a vida acuática;
- dirixir e supervisar a captura e desova de peixes, a incubación de ovos e a cría, aplicando coñecementos de xestión e técnicas de cultivo de peixes;
- limpar, conxelar, xear ou salgar a captura do mar ou preparar peixe e outros produtos para o seu transporte;
- manter as edificacións, tanques, maquinaria, embarcacións e outros equipamentos;
- entregar ou comercializar os produtos;
- alugar ou investir en edificacións, equipamentos e maquinaria e comprar alimentos e outras fornecementos;
- supervisar e capacitar traballadores de acuicultura e de apoio na cría de peixes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Acuicultores
- Cultivadores de moluscos
- Traballadores cualificados en piscifactorías
- Traballadores cualificados en granxas mariñas
- Encargados en piscifactorías
- Mexilloeiros de batea
- Mariscadores acuicultores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Directores xerentes de piscifactorías, 1312
- Directores de produción de granxas mariñas, 1312
- Mariscadores recolectores, que non aplican técnicas de acuicultura, 6422
- Colleiteiros pescadores de mexillóns, 6422
- Peóns da acuicultura, 9542

6422 Pescadores de augas costeiras e augas doces

Os pescadores de augas costeiras e augas doces, sós ou como membros de tripulacións de barcos de pesca, capturan peixes ou recollen outras formas de vida acuática en auga doce ou augas costeiras, para a venda ou entrega en forma periódica a compradores grosistas, organizacións de comercialización ou nos mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar e reparar redes e outras artes de pesca e equipamentos;
- seleccionar zona para pescar, trazar roteiros e calcular posicións de navegación utilizando agullas de marear, cartas de navegación e outras axudas;
- operar buques pesqueiros cara a, desde e nas pesqueiras;
- poñer o engado, colocar, operar e arrastrar artes de pesca á man ou utilizando guinches;
- recompilar diversas formas de vida acuática da costa e augas superficiais;
- manter os aparellos de motor e outros equipamentos de bordo;
- manter rexistros de transaccións, actividades de pesca, do clima e as condicións do mar e estimar custos e orzamentos;
- clasificar e almacenar as capturas en bodegas con sal e xeo;
- extraer as capturas dos equipamentos de pesca, medilas para asegurar o cumprimento de tamaño legal e devolver as capturas ilegais ou indesexables á auga;
- dirixir as operacións de pesca, e supervisar os membros da tripulación pesqueira.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Patróns de pesca de litoral
- Pescadores de baixura, costa ou litoral
- Mariscadores recolectores
- Colleiteiros pescadores de mexillóns
- Percebeiros
- Pescadores de auga doce

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Armadores de pesca, 1312
- Directores-xerentes empresas de pesca, 1312
- Traballadores en granxas mariñas, 6421
- Mariscadores acuicultores, 6421
- Patróns de pesca de altura, 6423
- Pescadores de altura, 6423
- Mariñeiros de cuberta, 8340
- Peóns da pesca, 9541

6423 Pescadores de altura

Os pescadores de altura, como patróns ou como membros de tripulacións de buques pesqueiros, capturan peixes en augas profundas, para a venda ou entrega en forma periódica a compradores grosistas, organizacións de comercialización ou nos mercados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar e reparar redes e outras artes de pesca e equipamentos;

- comandar e operar buques pesqueiros cara a, desde e na pesqueira de augas profundas;
- determinar zonas para a pesca, trazar cursos e calcular posicións de navegación utilizando compás, cartas de navegación, taboleiros e outras axudas;
- dirixir buques e operar instrumentos de navegación e axudas electrónicas para pesca;
- dirixir operacións de pesca e supervisar actividades da tripulación;
- rexistrar os avances da pesca, as actividades, as condicións do clima e do mar no diario de bordo;
- poñer o engado, colocar e arrastrar artes de pesca;
- limpar, conxelar, xear ou salgar a captura do mar;
- seleccionar e capacitar tripulacións de buques.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Patróns de pesca de altura
- Patróns de pesca de arrastre
- Pescadores de altura

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Armadores de pesca, 1312
- Directores-xerentes empresas de pesca, 1312
- Patróns de pesca de litoral, 6422
- Patróns de pesca de baixura, 6422
- Pescadores de baixura, 6422
- Mariñeiros de cuberta, 8340
- Peóns da pesca, 9541

643 Traballadores cualificados en actividades cinexéticas

6430 Traballadores cualificados en actividades cinexéticas

Os traballadores cualificados en actividades cinexéticas cazan e matan mamíferos, aves ou réptiles, principalmente para obtención de carne, pel, plumas e outros produtos para a venda ou a entrega en forma periódica a compradores grosistas, organizacións de comercialización ou nos mercados

Entre as súas tarefas inclúense:

- a colocación de armadillas para a caza de mamíferos, aves ou réptiles;
- matar mamíferos, aves ou réptiles atrapados ou libres mediante o uso de armas de fogo ou outras armas;
- esfolar e dar outro trato a mamíferos, aves ou réptiles mortos, para obter produtos desexados para a venda ou entrega;
- entregar ou vender mamíferos, aves ou réptiles atrapados vivos;
- reparar e manter os equipamentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cazadores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Monteiros, 9543
- Batedores, 9543

7 Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo operadores de instalacións e maquinaria)

K Traballadores cualificados da construción, salvo operadores de máquinas

71 Traballadores en obras estruturais de construción e afíns

711 Traballadores en formigón, encofradores, ferrallistas e afíns

7111 Encofradores e operarios de colocación en obra de formigón

Os encofradores e operarios de colocación en obra de formigón constrúen armazóns e estruturas de formigón armado, preparan os encofrados para baleirar neles o cemento ou o formigón. Así mesmo, arman superficies de cemento ou formigón, cementan aberturas de paredes ou revestimentos de pozos, dan o acabado e reparan superficies de cemento e formigón e pavimentan a base de formigón.

Entre as súas tarefas inclúense:

- construír e reparar chans, muros, cisternas, silos de cemento ou formigón e outras estruturas de cemento ou de formigón;
- construír encofrados;
- cementar aberturas de paredes ou revestimentos de pozos;
- dar o acabado e alisar as superficies das estruturas de cemento ou formigón;
- recubrir os chans dunha camada lista e resistente constituída de cemento, pigmentos de area, e partículas de granito ou mármore para chans;
- desempeñar tarefas afíns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encofradores
- Ferrallistas
- Pavimentadores a base de formigón

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas en planta de formigóns, 8114
- Operadores de máquinas de asfaltamento, 8331
- Ensambladores/montadores de prefabricados de formigón, 7112

7112 Montadores de prefabricados estruturais (só formigón)

Os montadores de prefabricados estruturais (só formigón) manipulan e colocan, auxiliados por maquinaria de movemento de cargas, prefabricados estruturais de formigón para construción de edificios residenciais, naves industriais, muros de contención de

terras, pasos de infraestruturas lineares e outros elementos construtivos en edificación e obra civil.

Entre as súas tarefas inclúense:

- colaborar na descarga e abasto en obra dos elementos prefabricados, guiando os operarios dos medios de transporte e desprazamento de cargas;
- realizar tracexamentos por medios directos dos elementos por dispoñer;
- ancorar e unir as distintas pezas que conforman a estrutura e o cerramento;
- colocación de elementos e pezas singulares de remate;
- realización de tarefas complementarias como selaxes, limpeza ou outros.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Ensambladores de prefabricados de formigón

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Encofradores e operarios de posta en obra de formigón, 7111
- Ferrallistas, 7111
- Operadores de máquinas para elaborar prefabricados de formigón e/ou fibrocemento, 8114

712 Albaneis, canteiros, tronzadores, labrantes e gravadores de pedras

7121 Albaneis

Os albaneis constrúen e reparan alicerces e obras completas, revisten e decoran os muros, teitos e chans dos edificios con tixelos e pezas de mosaicos. Realizan traballos de restauración, mantemento e reparación.

Entre as súas tarefas inclúense:

- colocar pedras, tixelos macizos ou ocos e outros elementos de construción similares para edificar ou reparar muros, tabiques, chemineas e outras obras;
- construír beirarrúas, bordos e calzadas de pedra;
- estender coa paleta a argamasa sobre os tixelos ou pezas de construción;
- comprobar co nivel e a chumbada a horizontalidade e verticalidade da estrutura a medida que avanza as obras;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Albaneis
- Colocadores de pedra
- Cachoteiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mantedores de edificios, 7191

7122 Canteiros, tronzadores, labrantes e gravadores de pedras

Os canteiros, tronzadores, labrantes e gravadores de pedras abren en lousas ou bloques a pedra extraída dunha canteira. Así mesmo, cortan, labran e polen pedra con ferramentas manuais ou máquinas ferramentas de uso manual para utilizar na construción, decoración, monumentos e outros fins.

Entre as súas tarefas inclúense:

- introducir cuñas na pedra extraída dunha canteira para rompela en lousas ou bloques;
- seleccionar e clasificar bloques de granito, mármore e outros tipos de pedra;
- cortar, serrar, igualar, suavizar e pulir pedra, como granito ou mármore, destinada á construción de edificios e monumentos;
- confeccionar os patróns e trazar os seus contornos sobre a pedra para que sexa serrada, desbastada, tradeada e labrada noutras formas;
- cortar e gravar caracteres, figuras ou motivos decorativos en bloques de pedra para monumentos, lápidas ou pedras conmemorativas;
- montar a pedra na construción de monumentos ou pedras conmemorativas;
- cortar e gravar caracteres, figuras ou motivos decorativos en edificios;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fendedores-tronzadores pedra
- Canteiros da construción
- Adornistas, pedra ou mármore
- Gravadores de inscricións, pedra ou mármore a man

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Marmoristas, 7240
- Operadores de máquinas para a labra de pedra, 8112
- Operadores de máquinas quebradoras de pedra e rocha, 8112
- Operadores de máquinas para a fabricación de pedra artificial, 8112

713 Carpinteiros (salvo ebanistas e montadores de estruturas metálicas)

7131 Carpinteiros (salvo ebanistas)

Estes traballadores cortan, moldean, montan, erixen e constrúen ou reparan diversas clases de estruturas, armazóns e pezas de madeira.

Entre as súas tarefas inclúense:

- construír, modificar e reparar armazóns de madeira e outras construcións de carpintaría nun taller ou nas obras de construción;
- construír, ensamblar e montar, no lugar das obras, as armazóns, armazóns e bastidores de madeira dos edificios;
- axustar, ensamblar e transformar os elementos internos e externos de edificios

- feitos de madeira, como tabiques, portas, marcos de portas e de xanelas, revestimentos e panelados;
- construír, reparar e montar decorados de teatro e de películas de cinema ou televisión;
- construír, montar, transformar e reparar estruturas e elementos de madeira en vagóns de ferrocarril, aeronaves, buques, balsas, pontóns e outros vehículos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Carpinteiros da construción
- Carpinteiros de armar
- Carpinteiros de obra
- Carpinteiros de estaleiros
- Persianistas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Instaladores de cerramentos metálicos e carpinteiros metálicos, 7132
- Montadores de estruturas metálicas, 7314
- Ebanistas, 7820

7132 Instaladores de cerramentos metálicos e carpinteiros metálicos (salvo montadores de estruturas metálicas)

Os instaladores de cerramentos metálicos realizan as operacións de fabricación, montaxe e reparación de elementos de carpintería metálica, aplicando as técnicas necesarias e procedementos establecidos, baixo criterios de calidade, nos prazos previstos, cumprindo coas normas de prevención de riscos laborais e protección do ambiente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- elaborar esbozos de produtos de carpintería metálica;
- trazar e marcar en perfís os desenvolvementos;
- preparar equipamentos, ferramentas, instrumentos e proteccións de traballo;
- cortar manualmente, por procedementos mecánicos, automáticos e semiautomáticos os perfís.
- realizar operacións de mecanizado en perfís;
- unir elementos e compoñentes de estruturas segundo as especificacións;
- programar e preparar máquinas automáticas de marcación, trazado e corte por CNC;
- instalar elementos de carpintería metálica;
- realizar as probas de resistencia estrutural e de estanquidade requiridas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instaladores de cerramentos metálicos
- Carpinteiros metálicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en electromedicina, 3125

- Carpinteiros da construción, 7131
- Persianistas, 7131
- Montadores de estruturas metálicas, 7314

719 Outros traballadores das obras estruturais de construción

7191 Mantedores de edificios

As persoas que realizan traballos varios limpan, pintan e manteñen edificios, terreos e instalacións, e efectúan reparacións sinxelas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- reparar xanelas, paneis, portas, valos, churrasqueiras, mesas de pícnic, andeis, armarios e outros elementos rotos;
- substituír elementos defectuosos como lámpadas;
- reparar e pintar superficies interiores e exteriores como paredes, teitos e valos;
- axustar portas e xanelas;
- substituír billas;
- colocar varandas e pasamáns;
- descargar carbón ou madeira e colocalo en carboeiras de casas ou establecementos privados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de mantemento de edificios
- Traballadores de mantemento de colexios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Supervisores de mantemento e limpeza en oficinas, hoteis e outros establecementos, 5831
- Conserxes de edificios, 5833

7192 Instaladores de fachadas técnicas

Os instaladores de fachadas técnicas manipulan e colocan paneis prefabricados de distintos materiais, como vidro, cerámica, pedra, composites ou outros, na construción de distintos tipos de solucións de fachada (muros cortinas, ventiladas, fachadas panel, etc.) en todo tipo de edificacións (edificios residenciais, naves industriais e outras).

Entre as súas tarefas inclúense:

- colaborar na descarga e abasto en obra dos paneis e pezas dos sistemas de fachada;
- realizar tracexamentos por medios directos dos elementos a dispoñer;
- ancorar e unir as distintas pezas que conforman a subestrutura soporte e o revestimento;
- colocación de elementos e pezas singulares de remate;
- realización de tarefas complementarias como selados, limpeza ou outros.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instaladores de fachadas técnicas

7193 Instaladores de sistemas de impermeabilización en edificios

Os instaladores de sistemas de impermeabilización en edificios manipulan e colocan os materiais que conforman os sistemas de impermeabilización. Isto é, membranas impermeabilizantes para o illamento térmico, camadas auxiliares e camadas de protección tanto en cubertas planas, muros enterrados e soleiras de edificacións (edificios residenciais, naves industriais e outras) coma noutros elementos de infraestrutura (muros de contención, taboleiros de pontes, balsas e outros).

Entre as súas tarefas inclúense:

- realizar tracexamentos por medios directos dos elementos a dispoñer;
- realizar a posta en obra das camadas complementarias do sistema, isto é, paneis de illamento, xeotéxtiles para separación e protección, areas, de protección ou outros;
- dispoñer os materiais que conforman a membrana impermeabilizante, con láminas bituminosas e sintéticas e materiais líquidos;
- colocar elementos de desaugamento e outros elementos anexos ao sistema.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instaladores de materiais de impermeabilización en edificios
- Impermeabilizadores de terrazas

7199 Outros traballadores das obras estruturais de construción non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os traballadores das obras estruturais de construción non clasificados separadamente no subgrupo principal 71, Traballadores en obras estruturais de construción e afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- construír, modificar e reparar armazóns de madeira e outras construcións de carpintaría nun taller ou nas obras de construción;
- construír, ensamblar e montar, en lugar das obras, armazóns, armazóns e bastidores de madeira dos edificios;
- axustar, ensamblar e transformar os elementos internos e externos de edificios feitos de madeira, como tabiques, portas, marcos de portas e de xanelas, revestimentos e panelados;
- construír, reparar e montar decorados de teatro e de películas de cinema ou televisión;
- construír, montar, transformar e reparar estruturas e elementos de madeira en vagóns de ferrocarril, aeronaves, buques, balsas, pontóns e outros vehículos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operarios especializados en demolición
- Montadores de estadas
- Operarios de construcción traballos a grande altura
- Colocadores de prefabricados lixeiros (pladur)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mantedores de edificios, 7191
- Instaladores de fachadas técnicas, 7192
- Instaladores de sistemas de impermeabilización en edificios, 7193
- Peóns da construción de edificios, 9602
- Peóns de demolición, 9602

72 Traballadores de acabado de construcións e instalacións (salvo electricistas), pintores e afíns

721 Escaiolistas e aplicadores de revestimentos de pasta e masa

7211 Escaiolistas

Os escaiolistas instalan, manteñen e reparan tabiques e receban muros e teitos de edificios e decóranos con adornos ou revestimentos de escaiola en interiores e exteriores de estruturas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- medir, marcar e colocar entrepanos decorativos, adornos e cornixas de escaiola;
- preparar e colocar adornos de escaiola nas paredes e teitos dos edificios;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Modelistas de escaiola da construción
- Escaiolistas decoradores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro, 7212
- Estucadores, 7212
- Xesistas, 7212

7212 Aplicadores de revestimentos de pasta e masa

Os aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro instalan, manteñen e reparan tabiques e receban muros e teitos de edificios e decóranos con adornos ou revestimentos de cemento e outros materiais similares en interiores e exteriores de estruturas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- aplicar unha ou máis camadas de xeso sobre paramentos interiores e teitos dos

- edificios para dar o acabado á superficie;
- revestir os paramentos exteriores dos edificios cunha camada protectora de cemento, xeso ou material similar;
- preparar e colocar adornos de estuco nas paredes e teitos dos edificios;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Rebocadores
- Xesistas recebadores
- Estucadores decoradores
- Enfoscadores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Escaiolistas, 7211

722 Fontaneiros e instaladores de canalizacións

7221 Fontaneiros

Os fontaneiros montan, instalan, reparan e manteñen sistemas, instalacións e accesorios de fontanaría.

Nota: os instaladores de canalizacións clasifícanse neste grupo primario. Non obstante, aqueles traballadores que constrúan os produtos a partir de pranchas de metal para a súa posterior instalación e adaptación por parte dos fontaneiros serán clasificados no grupo primario 7313, Chapistas e caldeireiros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- medir, cortar, empatar, dobrar, unir, montar, instalar, manter e reparar canalizacións en sistemas de fontanaría;
- instalar quentadores eléctricos de auga, vertederos e sanitarios utilizando ferramentas manuais ou eléctricas;
- inspeccionar, examinar e probar sistemas e canalizacións instalados, utilizando medidores de presión, analizadores hidrostáticos, simple observación ou outros métodos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instaladores de canalizacións
- Fontaneiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Montadores-instaladores de gas en edificios, 7222
- Instaladores de conducións en obra pública, 7223
- Mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización, 7250

7222 Montadores-instaladores de gas en edificios

Os montadores-instaladores de gas en edificios montan, instalan, reparan e manteñen sistemas e instalacións de gas en edificios

Entre as súas tarefas inclúense:

- montar, instalar, manter e reparar instalacións de gas;
- instalar caldeiras e outros aparellos de gas utilizando ferramentas manuais ou eléctricas;
- inspeccionar, examinar e probar sistemas e instalacións de gas, utilizando medidores de presión, analizadores hidrostáticos, simple observación ou outros métodos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instaladores de gas
- Montadores de instalacións de gas en edificios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fontaneiros, 7221
- Instaladores de conducións en obra pública, 7223
- Mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización, 7250

7223 Instaladores de condutos en obra pública

Os instaladores de condutos en obra pública montan, instalan, reparan e manteñen as redes públicas de condución de fluídos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- montar, instalar, manter e reparar os condutos das redes públicas de desaugamento, abastecemento de auga e saneamento;
- colocar nas gabias os tubos de arxila, formigón ou ferro dos sumidoiros, canalizacións de desaugamento, conducións de auga e outras instalacións;
- inspeccionar e examinar as redes públicas de fluídos utilizando medidores de presión, analizadores hidrostáticos, simple observación ou outros métodos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instaladores de conducións en obra pública
- Instaladores de tubos para conducións en gabias en obra pública
- Reparadores de grandes canalizacións

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fontaneiros, 7221
- Instaladores de gas en edificios, 7222

723 Pintores, empapeladores e afíns

7231 Pintores e empapeladores

Os pintores e empapeladores preparan as superficies de edificios e outras estruturas para pintalas. Estenden sobre estas superficies camadas de pintura ou doutros produtos similares para protexelas ou decoralas, e revisten teitos e paramentos interiores con papel de parede e outros acabamentos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar e preparar as paredes e outras superficies dos edificios para pintalas ou empapelalas;
- seleccionar e preparar pinturas segundo as cores requiridas mesturando pigmentos e aditivas;
- estender camadas de pintura, verniz, e produtos similares sobre as superficies dos edificios e sobre os seus ornamentos ou accesorios;
- medir e aplicar papel de parede e outras teas sobre paredes interiores e teitos;
- estender ou pulverizar camadas de pintura, minio, emulsión bituminosa ou outra substancia protectora similar sobre estruturas de aceiro de edificios, pontes, etc.;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores neste grupo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Pintores de edificios
- Empapeladores
- Pintores de decorados de teatro, cinema e televisión
- Pintores de bandas sobre vías urbanas e estradas
- Vernizadores salvo de produtos manufacturados

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Pintores de produtos manufacturados, 7232
- Pintores de vehículos, 7232
- Vernizadores de produtos manufacturados, 7232
- Pintores decorativos, 7616

7232 Pintores nas industrias manufactureiras

Os pintores nas industrias manufactureiras preparan as superficies de produtos manufacturados para pintalos e estenden sobre elas camadas de pintura, vernices e lacas con pistolas ou aparellos similares para protexelas ou decoralas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- aplicar pintura, verniz e camadas protectoras de esmalte e laca, xeralmente cunha pistola ou aparello similar sobre produtos manufacturados en serie de madeira, metal ou outros materiais;
- estender ou pulverizar camadas de pintura, minio, emulsión bituminosa ou outra substancia protectora similar sobre automóviles, autobuses, camiós, e outros vehículos e aplicar camadas de laca e outros revestimentos protectores;
- desempeñar tarefas afíns;

- supervisar outros traballadores neste grupo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Pintores de produtos manufacturados
- Vernizadores de produtos manufacturados
- Pintores de vehículos
- Pintores-decoradores de mobles
- Pintores-decoradores de tenda de xoguetes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Pintores de edificios, 7231
- Empapeladores, 7231
- Pintores decorativos, 7616

724 Solladores, colocadores de parqué e afíns

7240 Solladores, colocadores de parqué e afíns

Os solladores, colocadores de parqué e afíns instalan, manteñen e reparan pisos de parqué e doutros materiais. Recobren paredes e outras superficies con baldosas e azulexos para fins decorativos ou para outros propósitos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar a base para asentar parqué ou outros materiais;
- ensamblar as pezas de moqueta, baldosas, azulexos ou outros materiais e colocalos segundo o debuxo ou as especificacións;
- preparar as paredes para revestilas con baldosas ou outros materiais con fins decorativos ou outros propósitos, como insonorización;
- revestir paredes con baldosas e construír e montar entrepanos de mosaico en paredes, chans e outras superficies;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Parqueteiros
- Marmoristas
- Solladores
- Instaladores de moqueta
- Pavimentadores con paralelepídeos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Pavimentadores a base de formigón, 7111

725 Mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización

7250 Mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización

Os mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización montan, instalan, manteñen e reparan sistemas e aparellos de refrixeración e climatización.

Entre as súas tarefas inclúense:

- interpretar proxectos, esquemas e outras especificacións;
- montar, instalar e reparar compoñentes de sistemas de climatización e refrixeración;
- conectar canalizacións e equipamentos por medio de bulóns, remaches, soldaduras ou abrazadeiras;
- probar sistemas, diagnosticar avarías e realizar actividades normais de mantemento ou reparacións menores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de sistemas de climatización
- Mecánicos de sistemas de refrixeración
- Calefactores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Instaladores de canalizacións de ventilación, 7221
- Fontaneiros e instaladores de canalizacións, 7221

729 Outros traballadores de acabado na construción, instalacións (salvo electricistas) e afíns

7291 Montadores de cubertas

Os montadores de cubertas colocan e reparan as cubertas de todo tipo de edificios empregando unha ou varias clases de materiais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- estudar debuxos, especificacións e obras para determinar os materiais necesarios;
- teitar cubertas de edificios con lousa e tellas prefabricadas para cubrir tellados a dúas augas;
- colocar unha chapa impermeable e fixar materiais metálicos ou sintéticos á armazón dun edificio;
- medir e cortar materiais de teitume para colocalos en esquinas e protuberancias como chemineas;
- utilizar materiais naturais como canizo para construír as cubertas;
- montar estruturas temporais como estadas e escaleiras.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Teitadores con asfalto
- Teitadores con metal
- Teitadores con lousa
- Telladores
- Reparadores de tellados

7292 Instaladores de material illante térmico e de insonorización

Os instaladores de material illante térmico e de insonorización instalan e reparan material illante en edificios, caldeiras, canalizacións e instalacións de refrixeración e climatización, e insonorizan espazos interiores.

Entre as súas tarefas inclúense:

- cortar materiais illantes na forma e o tamaño adecuados;
- revestir con pranchas e camadas de material illante ou insonorizante os muros, chans e teitos dos edificios;
- inxectar materiais illantes ou insonorizantes nas cavidades interiores de muros, pisos e teitos de edificios ata enchelas, utilizando máquinas eléctricas;
- examinar plans, especificacións e obras para determinar o tipo, a calidade e a cantidade de materiais illantes requiridos;
- revestir con materiais illantes as paredes externas de instalacións como caldeiras, canalizacións e depósitos;
- illar termicamente instalacións de refrixeración e climatización;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Instaladores de material illante
- Instaladores de material insonorizante
- Instaladores de material illante en caldeiras e canalizacións
- Instaladores de material illante en instalacións de refrixeración e climatización

7293 Colocadores de vidros

Os colocadores de vidros miden, cortan, rematan, montan e instalan vidros e espellos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- escoller o tipo de vidro que se utilizará, cortalo á medida e colocalo en xanelas, portas e tabiques de edificios;
- colocar vidros e espellos en claraboias, escaparates, elementos de separación e teitos;
- instalar ou repoñer parabrisas en vehículos ou embarcacións;
- crear elementos decorativos de vidro como vitrinas, escaleiras, balaustradas e vidreiras de cores;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vidreiros
- Colocadores de vidros
- Vidreiros de claraboias
- Instaladores de vidros en vehículos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Pulidores de vidros, 7615
- Cortadores de vidros, 7615
- Biseladores de vidros, 7615

7294 Montadores-instaladores de placas de enerxía solar

Os montadores-instaladores de placas de enerxía solar realizan a montaxe, posta en servizo, operación e mantemento de instalacións solares térmicas e fotovoltaicas, ben para a produción de auga quente sanitaria, para o apoio a sistemas de calefacción, ou para a produción de enerxía eléctrica, en caso das instalacións solares fotovoltaicas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preimplantar os captadores, circuítos hidráulicos e equipamentos eléctricos en instalacións solares térmicas;
- montar captadores solares térmicos, circuítos hidráulicos e equipamentos eléctricos;
- realizar a posta en servizo e comprobación de funcionamento das instalacións solares térmicas;
- realizar as manobras de operación no sistema de distribución dos circuítos primarios e secundarios, accesorios e elementos de control e regulación da instalación solar térmica;
- realizar as operacións de mantemento preventivo das instalacións solares térmicas;
- realizar o mantemento correctivo e reparación de compoñentes das instalacións solares térmicas;
- preimplantar paneis e instalacións solares fotovoltaicas e sistema de apoio enerxético;
- montar soportes, paneis e sistemas de almacenamento/acumulación en instalacións solares fotovoltaicas;
- montar os circuítos e equipamentos eléctricos, así como grupos electrógenos convencionais, sistemas eólicos de pequena potencia e demais sistemas de apoio en instalacións solares fotovoltaicas;
- realizar a posta en servizo e comprobación de funcionamento das instalacións solares fotovoltaicas;
- realizar as operacións de manobra e o mantemento preventivo das instalacións solares fotovoltaicas;
- realizar as operacións de mantemento correctivo nas instalacións solares fotovoltaicas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Montadores de placas de enerxía solar
- Montadores de instalacións solares térmicas
- Instaladores de sistemas de enerxía solar térmica
- Reparadores-mantedores de instalacións solares térmicas
- Montadores de instalacións solares fotovoltaicas
- Instaladores de sistemas de enerxía solar fotovoltaica
- Operadores de instalacións solares fotovoltaicas

- Reparadores-Mantedores de instalacións solares fotovoltaicas

7295 Persoal de limpeza de fachadas de edificios e chemineas

O persoal deste grupo encárgase de limpar as fachadas de edificios e outras estruturas, e quitar a feluxe das chemineas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar os paramentos exteriores de construcións de pedra, ladrillo, metal ou materiais similares con produtos químicos ou cun chorro de vapor ou area a gran presión;
- quitar a feluxe dos condutos de fumes, chemineas e tubos de comunicación;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Limpachemineas
- Limpadores de fachadas
- Limpadores de fachadas con chorro de area

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Limpadores de xanelas, 9223
- Limpadores de pintadas, 9229
- Limpadores de piscinas, 9229

L Traballadores cualificados das industrias manufactureiras, salvo operadores de instalacións e máquinas

73 Soldadores, chapistas, montadores de estruturas metálicas, ferreiros, elaboradores de ferramentas e afíns

731 Moldadores, soldadores, chapistas, montadores de estruturas metálicas e traballadores afíns

7311 Moldadores e macheiros

Os moldadores e macheiros fabrican moldes e machos para coar neles os metais fundidos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- fabricar moldes á man ou utilizando máquinas auxiliares sobre un banco, para obter pequenas pezas, ou no chan da fundición, ou en foxas para grandes pezas;
- fabricar os machos que se deben utilizar nos moldes;
- limpar e suavizar os moldes e caixas de machos, e reparar as imperfeccións de superficie;
- desprazar e colocar en posición pezas de traballo tales como seccións de moldes e patróns usando guías, ou facer sinais a outros para que as despracen;

- colocar os patróns dentro das seccións de moldes e unir estas;
- cortar as canles e orificios de coada nos moldes;
- levantar das seccións inferiores as seccións superiores dos moldes e retirar os padróns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Moldadores sobre banco, fundición de metais
- Moldadores en chan e fosas
- Macheiros á man

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina cortadora de metais, 7323
- Macheiros a máquina, 7323
- Operadores de máquinas para a transformación de metais, 8121

7312 Soldadores e oxicortadores

Os soldadores e oxicortadores soldan e cortan pezas de metal soldándoo e cortándoo, ou soldándoo e fundíndoo, cunha chama de gas, un arco eléctrico ou outra fonte de calor.

Entre as súas tarefas inclúense:

- soldar pezas de metal por medio dunha chama de gas, un arco eléctrico, termita ou outro procedemento;
- manexar máquinas de soldadura por resistencia eléctrica;
- construír e reparar depósitos de chumbo, revestimentos de depósitos, canalizacións e outras pezas e instalacións de chumbo, utilizando unha lámpada de soldar;
- soldar pezas de metal con soldadura de latón;
- cortar pezas de metal cunha chama de gas ou un arco eléctrico;
- soldar pezas de metal á man con soldadura branda;
- supervisar os procesos de axuste, combustión e soldadura para evitar o sobrequecemento das pezas ou a curvatura, contracción, distorsión ou expansión do material;
- examinar as pezas de traballo para descubrir defectos e medilas con regras ou equipamentos para garantir que cumpren as especificacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cobresoldadores
- Oxicortadores, á man
- Soldadores, por arco eléctrico
- Plomeros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fontaneiros, 7221
- Mergulladores, soldadores-oxicortadores, 7891
- Operadores de máquina oxicortadora/metais, 7323

7313 Chapistas e caldeireiros

Os chapistas e caldeireiros fabrican, instalan e reparan pezas e elementos diversos en chapas de aceiro, ferro galvanizado, aluminio, cobre, estaño, latón ou cinc.

Nota: os instaladores de tellados metálicos clasifícanse no grupo primario 7291, Montadores de cubertas. Os instaladores de canalizacións clasifícanse no 7221, Fontaneiros. Non obstante, aqueles traballadores que constrúen produtos a partir de pranchas de metal para a súa posterior instalación e adaptación por parte dos montadores de cubertas e dos fontaneiros serán clasificados neste grupo primario xunto cos chapistas e caldeireiros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- trazar na chapa metálica os sinais que servirán para cortala e darlle forma;
- fabricar e reparar utensilios de uso doméstico e outros obxectos de estaño, cobre e aliaxes lixeiras, así como pezas e accesorios de decoración;
- fabricar e reparar caldeiras, depósitos, cubas e outros recipientes semellantes;
- montar e reparar as pezas de chapa metálica de vehículos e aeronaves;
- converter os planos en debuxos de taller que deban seguirse na construción e montaxe de produtos de chapa metálica;
- determinar os requisitos dos proxectos, incluídos o seu alcance, secuencias de montaxe e métodos e materiais necesarios, a partir de planos, debuxos de taller e instrucións orais ou escritas;
- inspeccionar a calidade dos produtos e a súa instalación para garantir que se cumpren as especificacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Chapistas, automóbiles
- Chapistas, avións
- Caldeireiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Soldadores con sobrete, 7312
- Operadores de máquinas-ferramenta, 7323

7314 Montadores de estruturas metálicas

Os montadores de estruturas metálicas preparan, montan e desmontan as armazóns metálicas de edificios e outras estruturas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- trazar nas pezas de metal os sinais que han de servir de guía para cortalas, tréalas e darlles forma con vistas á súa utilización na construción de edificios, buques e outras estruturas;
- trazar, cortar e dar forma nun taller ás pezas de aceiro das estruturas e armazóns;
- montar os elementos das estruturas metálicas de edificios, pontes e outras construcións;

- ensamblar e montar as armazóns e demais elementos metálicos dos buques;
- preparar e axustar as pranchas de aceiro da blindaxe dos buques en construción ou reparación;
- remachar á man, a máquina ou cun martelo pneumático elementos metálicos;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Montadores de estruturas metálicas
- Trazadores de estruturas metálicas
- Remachadores de elementos metálicos
- Armadores de blindaxe de buques

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Montadores de cerramentos metálicos, 7132
- Montadores de estadas, 7199
- Instaladores de funiculares e teleféricos, 7315

7315 Montadores de estruturas cableadas e empataadores de cables

Os montadores de estruturas cableadas e empataadores de cables montan diversos aparellos para mover e posicionar equipamentos e compoñentes estruturais. Así mesmo, instalan e conservan en bo estado os cables, cabos, cordas e arames en obras en construción, edificios e outras estruturas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- estimar o tamaño, a forma e o peso dos obxectos que haberá que mover e decidir o tipo de aparellos necesarios para movelos;
- instalar e reparar cables, cabos, cordas, arames, poleas e outros aparellos;
- unir e reparar cables, cabos e arames e suxeitalos aos dispositivos de fixación;
- traballar, como parte dun equipo, na montaxe e reparación de torres de perforación de pozos de auga, gas e petróleo;
- instalar decorados de espectáculos e equipamentos de iluminación en escenarios que precisen a instalación e o mantemento de torres de comunicación, cablevías, funiculares, teleféricos e infraestruturas similares;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Montadores-instaladores de cables, cordas e/ou poleas
- Montadores-instaladores de aparellos de elevación
- Montadores-instaladores de ascensores
- Instaladores de pozos e equipamentos de perforación de petróleo e gas
- Instaladores de funiculares e teleféricos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas empataadoras de cabos e cables, 8199
- Operadores de guindastres, de aparellos elevadores e afíns, 8332

732 Ferreiros e traballadores da fabricación de ferramentas e afíns

7321 Ferreiros e forxadores

Os ferreiros e forxadores forxan e curvan barras, varas, lingotes e chapas de ferro, aceiro ou outro metal, e trefilar arame para fabricar e reparar diversas clases de ferramentas, obxectos, pezas metálicas, apeiros de labranza e outros artigos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- quentar o metal na forxa e fabricar e reparar obxectos estirando, curvando e cortando o metal, golpeándoo sobre a bigornia, tradeando, cortando e soldando as pezas, e dándolles tempero ou recocemento;
- dar forma na forxa ao metal quente utilizando un martelo mecánico provisto de estampas;
- manexar un martelo pía provista de matrices ou estampas para forxar pezas de metal;
- manexar unha prensa mecánica provista de matrices ou estampas, para forxar pezas de metal;
- trefilar arame;
- interpretar os pedidos de traballo ou os planos para determinar as tolerancias especificadas e as secuencias de operacións para a preparación dos aparellos;
- medir e inspeccionar as pezas para garantir que cumpren as especificacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Ferreiros forxadores
- Rebarbadores de forxa
- Forxadores manual
- Estampadores en prensa
- Forxadores, martelo pía
- Ferreiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina, moldadora/metais, 8121
- Operadores de máquinas-ferramenta, 7323

7322 Traballadores da fabricación de ferramentas, mecánico-axustadores, modelistas, matriceiros e afíns

Os traballadores da fabricación de ferramentas e afíns fabrican e reparan ferramentas a medida e especiais, armas de uso deportivo, fechos, modelos, matrices e outras pezas de motores ou máquinas, utilizando ferramentas manuais e mecánicas para traballar o metal con precisión.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ler e interpretar os debuxos de taller e especificacións de ferramentas, matrices, prototipos ou modelos;
- preparar equipamentos e esbozos e determinar os procesos de traballo;

- visualizar e calcular as dimensións, tamaños, formas e tolerancias das montaxes baseándose nas especificacións;
- colocar, suxeitar e medir os anacos de metal para dispoñer o mecanizado;
- axustar, manexar e manter máquinas ferramentas convencionais ou de control numérico para cortar, torneear, aplanar, tradeear, perforar, pulir ou dar forma de calquera outro modo ás pezas de traballo co fin de conseguir as dimensións e o acabado establecidos;
- axustar e ensamblar as diferentes pezas para fabricar e reparar mandrís, accesorios e calibradores;
- reparar e modificar armas de uso deportivo e outras armas lixeiras;
- fabricar, axustar, montar, reparar e instalar pezas de fechos e fechos;
- construír e reparar os padróns en metal que servirán para a fabricación de moldes de fundición;
- sinalar no anaco de metal as liñas e puntos de referencia que deben servir de guía aos traballadores encargados de cortar, torneear, fresar, pulir e traballar noutras formas o metal;
- verificar que as dimensións, aliñacións e tolerancias das pezas acabadas cumpren as especificacións, usando instrumentos de precisión, e ensaiar os produtos rematados para garantir o seu funcionamento correcto.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Matriceiros
- Armeiros
- Cerralleiros
- Modelistas
- Ferramentistas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas-ferramenta, 7323

7323 Axustadores e operadores de máquinas-ferramenta

Os axustadores e operadores de máquinas-ferramenta regulan e manexan distintas máquinas ferramentas que traballan con precisión.

Entre as súas tarefas inclúense:

- regular unha ou diversas clases de máquinas ferramentas para a fabricación de pezas de metal en series estandarizadas;
- regular e manexar un tipo determinado de máquina ferramenta (por exemplo, torno automático, fresadora, cepilladora, mandriladora, trade ou rectificadora), inclusive con control numérico;
- executar tarefas similares para mecanizar materias plásticas e outros sucedáneos do metal;
- observar o funcionamento das máquinas para descubrir defectos nas pezas de traballo ou disfuncións das propias máquinas, regulándoas no que sexa necesario;
- inspeccionar as pezas de traballo para descubrir defectos e medilas para determinar a precisión das máquinas en que se mecanizaron, usando regras, equipamen-

- tos ou outros instrumentos de medida;
- cambiar os accesorios das máquinas que se desgastasen, como as ferramentas e vasoiras, usando ferramentas manuais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de mandriladora
- Reguladores de máquinas ferramentas
- Operadores de máquinas ferramentas
- Operadores-regulador de máquinas ferramentas
- Torneiros de pezas de metal
- Operadores de máquinas de fabricación de remaches

7324 Pulidores de metais e afiadores de ferramentas

Os pulidores de metais e afiadores de ferramentas pulen e brunen superficies de metal e afían ferramentas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar máquinas fixas ou portátiles para pulir e brunir metais;
- afiar ferramentas e instrumentos cortantes con moa ou con máquina amoladora;
- reparar, lizar e afiar serras e os dentes metálicos dos cilindros das cardas;
- reavivar as moas de acordo coas especificacións;
- supervisar o funcionamento das máquinas para determinar se se necesitan axustes e paralas se se producen problemas;
- inspeccionar, apalpar e medir as pezas de traballo para garantir que as súas superficies e dimensións cumpren as especificacións;
- seleccionar as moas e montalas nas máquinas, de acordo coas especificacións, usando ferramentas manuais e aplicando os coñecementos sobre abrasivos e procedementos de amoladura.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Pulidores de metais
- Afiadores de ferramentas
- Pulidores de metais
- Afiadores de coitelaría

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas brunidoras de metais, 8122
- Operadores de máquinas pulidoras de metais, 8122

74 Mecánicos e axustadores de maquinaria

740 Mecánicos e axustadores de maquinaria

7401 Mecánicos e axustadores de vehículos de motor

Os mecánicos e axustadores de vehículos de motor axustan, instalan, manteñen e reparan motores e a parte mecánica e equipamentos afíns de motocicletas, automóbiles de turismo, furgonetas e outros vehículos de motor.

Entre as súas tarefas inclúense:

- descubrir e diagnosticar avarías nos motores e pezas;
- axustar, examinar, probar e manter os motores de vehículos e motocicletas;
- substituír o motor ou partes deste;
- instalar, examinar, axustar, desmontar, reconstruír e substituír as pezas mecánicas defectuosas dos vehículos de motor;
- montar e axustar o motor, os freos, a dirección e outras partes mecánicas de vehículos de motor;
- instalar, axustar, manter e reparar os compoñentes de mecatrónica dos vehículos de motor;
- prestar servizos de mantemento programado, como os de cambio de aceite, lubricación e posta a punto, para conseguir un mellor funcionamento dos vehículos e garantir o cumprimento da normativa sobre contaminación;
- volver montar os motores e pezas unha vez reparados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos axustadores de sistemas de freada de automóbiles
- Mecánicos de motores diesel (transporte por estrada)
- Axustadores de motores (vehículos de motor)
- Mecánicos de motocicletas
- Mecánicos reparadores de vehículos de motor

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Reparadores de bicicletas, 7405
- Ensambladores de motores de vehículos, 8201

7402 Mecánicos e axustadores de motores de avión

Os mecánicos e axustadores de motores de avión axustan, manteñen, reparan e revisan motores de avión e conxuntos como fuselaxes e sistemas hidráulicos e pneumáticos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar, examinar, probar e manter motores de avión;
- substituír o motor ou partes deste;
- examinar e inspeccionar carlingas e compoñentes dos avións, como trens de aterraxe, sistemas hidráulicos e dispositivos antixeo, para descubrir desgastes, gretas, fugas ou outros problemas;
- manter, reparar, revisar, modificar e probar carlingas e sistemas mecánicos e hidráulicos de avións;
- ler e interpretar os manuais, boletíns de servizo e outras especificacións para determinar a viabilidade e o método axeitado para a reparación ou substitución dos compoñentes avariados ou danados;
- manter, reparar e reacondicionar estruturas, compoñentes funcionais e partes co-

mo as ás e a carlinga, as unidades hidráulicas, sistemas de oxíxeno, sistemas de combustible, sistemas eléctricos e xunturas de avións;

- inspeccionar os traballos rematados para certificar que o mantemento cumpre as normas e o avión está listo para funcionamento;
- manter diarios de reparacións e documentar todas as tarefas de mantemento preventivo e correctivo;
- instalar e probar compoñentes, conxuntos e sistemas eléctricos e electrónicos en avións;
- conectar os compoñentes con conxuntos como os sistemas de radio, instrumentos, magnetos, inversores e sistemas de reabastecemento de combustible en voo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de motores de avión
- Técnicos de mantemento de avións (carlinga)
- Técnicos de mantemento de avións (motores)
- Supervisores de mantemento de avións
- Mecánicos de aviación
- Mecánicos de helicópteros
- Mecánicos de motores a reacción
- Mecánicos de compoñentes de motores de reacción

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos de mantemento de aeronaves (aviónica), 7531
- Técnicos de aviónica, 7531
- Ensambladores de motores de avión, 8201

7403 Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial

Os mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial axustan, instalan, revisan, acondicionan e reparan motores, maquinaria agrícola e industrial e outros equipamentos mecánicos, salvo motores de automóviles e avións, motores eléctricos, maquinaria naval e ferroviaria.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar, instalar, revisar, acondicionar e reparar motores e máquinas agrícolas e industriais;
- engraxar e aceitar motores fixos e maquinaria agrícola e industrial;
- revisar e probar maquinaria e equipamentos mecánicos novos, agrícola e industrial, para asegurarse de que cumpren as normas e prescricións;
- desmontar maquinaria e equipamentos, agrícolas e industriais, para retirar pezas ou facer reparacións;
- examinar as súas pezas para descubrir defectos como fugas e desgaste excesivo;
- manexar a maquinaria e equipamentos reparados para verificar que as reparacións foron adecuadas;
- rexistrar as reparacións e o mantemento realizados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de máquinas de construción

- Reparadores de maquinaria de construción
- Reparadores de maquinaria agrícola
- Mecánicos de máquinas de minaría
- Reparadores de máquinas de minaría
- Mecánicos de máquinas fixas
- Reparadores de máquinas fixas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mecánicos e axustadores de vehículos de motor, 7401
- Mecánicos de maquinaria ferroviaria, 7404
- Mecánicos navais, 7404
- Mecánicos electricistas, 7521
- Ensambladores de maquinaria mecánica, 8201
- Mecánicos de equipamentos de aire acondicionado, 7250

7404 Mecánicos e axustadores de maquinaria naval e ferroviaria

Os mecánicos e axustadores de maquinaria naval e ferroviaria axustan, instalan, revisan, acondicionan e reparan motores, equipamentos mecánicos e maquinaria naval e ferroviaria.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar, instalar, revisar, acondicionar e reparar motores, maquinaria e equipamentos mecánicos en barcos e trens;
- engraxar e aceitar motores fixos e maquinaria naval e ferroviaria;
- revisar e probar maquinaria e equipamentos mecánicos novos de barcos e trens para asegurarse de que cumpren as normas e prescricións;
- desmontar maquinaria e equipamentos para retirar pezas ou facer reparacións;
- examinar as súas pezas para descubrir defectos como fugas e desgaste excesivo;
- manexar a maquinaria e equipamentos reparados para verificar que as reparacións foron adecuadas;
- rexistrar as reparacións e o mantemento realizados.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de motores de tren
- Reparadores de motores de tren
- Reparadores de motores de barco

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mecánicos electricistas, 7521
- Ensambladores de maquinaria mecánica, 8201

7405 Reparadores de bicicletas e afíns

Os reparadores de bicicletas e afíns axustan, manteñen, acondicionan e reparan os equipamentos mecánicos e afíns de bicicletas, carriños de dúas rodas tirados por un

home, coches de neno, cadeiras de rodas e medios de transporte non mecanizados similares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- revisar, acondicionar e reparar bicicletas e outros medios de transporte non motorizados;
- limpar e lubricar as chumaceiras e outras pezas móbiles;
- substituír e reparar os compoñentes e accesorios, como freos, cambios, cadeas, rodas e guiadores;
- cambiar os pneumáticos e controlar a presión do aire;
- pintar a pistola os bastidores;
- ensamblar bicicletas, cadeiras de rodas e equipamentos similares non motorizados novos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de bicicletas
- Reparadores de bicicletas
- Reparadores de cochiños de neno
- Reparadores de cadeiras de rodas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Reparadores de ciclomotores, 7401
- Mecánicos de carriños de tres rodas motorizados, 7401

75 Traballadores especializados en electricidade e electrotecnoloxía

751 Electricistas da construción e afíns

7510 Electricistas da construción e afíns

Os electricistas da construción e afíns instalan, montan e reparan sistemas de cableamento eléctrico e equipamentos e accesorios afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- montar, manter e reparar sistemas de cableado e equipamento auxiliar en diversos edificios, como escolas, hospitais, establecementos comerciais, vivendas e outras estruturas;
- examinar os planos, diagramas de circuíto e especificacións para determinar as secuencias e métodos de actuación;
- planificar o trazado e a instalación de sistemas de cableado, equipamentos e aparellos eléctricos baseándose nas especificacións de traballo e nas normas aplicables;
- inspeccionar sistemas, equipamentos e compoñentes eléctricos para descubrir riscos ou defectos e a necesidade de axuste ou reparación;
- seleccionar, cortar e conectar arames e cables a terminais e conectores;
- medir e trazar puntos de referencia nas instalacións;
- colocar e instalar cadros de distribución eléctricos;
- comprobar a continuidade dos circuítos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Electricistas
- Electricistas reparadores da construción
- Electricistas en escenario ou estudio

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de vehículos de motor, 7401
- Mecánicos-electricistas, 7521
- Instaladores de liñas eléctricas, 7522

752 Outros instaladores e reparadores de equipamentos eléctricos**7521 Mecánicos e reparadores de equipamentos eléctricos**

Os mecánicos e reparadores de equipamentos eléctricos axustan, regulan, instalan e reparan máquinas eléctricas e outros aparellos e equipamentos eléctricos en edificios, fábricas, talleres e outros lugares onde se utilizan.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar, regular e reparar diversas clases de máquinas e motores eléctricos, xeradores, dispositivos de distribución e control, instrumentos eléctricos ou partes eléctricas de ascensores e equipamentos conexos;
- axustar, regular e reparar partes eléctricas de aparellos de uso doméstico e de máquinas industriais ou doutro xénero;
- revisar e probar os produtos eléctricos fabricados;
- instalar, probar, conectar, poñer en servizo, manter e modificar equipamentos eléctricos e sistemas de cableado e de control;
- deseñar, instalar, manter, atender e reparar ascensores e montacargas eléctricos e hidráulicos, escaleiras mecánicas, beirarrúas rolantes e outros equipamentos de elevación;
- conectar sistemas eléctricos á alimentación eléctrica;
- substituír e reparar pezas defectuosas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Bobinadores
- Axustadores-electricistas de dínamos
- Mecánicos-electricista
- Mecánicos de ascensores
- Mecánicos electricistas de aparellos electrodomésticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mecánicos en electrónica, 7531
- Ensambladores de equipamentos eléctricos, 8202

7522 Instaladores e reparadores de liñas eléctricas

Os instaladores e reparadores de liñas eléctricas instalan, reparar e empatan cables de transmisión e alimentación eléctrica e equipamentos afíns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- instalar e reparar liñas eléctricas aéreas e subterráneas de alimentación e tracción;
- efectuar os empates de cables aéreos e subterráneos;
- aterse ás prácticas e procedementos de seguranza, comprobando, por exemplo, regularmente os equipamentos e levantando barreiras arredor das zonas de traballo;
- abrir os contactos ou instalar dispositivos de toma a terra para eliminar os riscos eléctricos das liñas avariadas ou caídas ou facilitar as reparacións;
- agabear aos postes ou usar un alcatruz montado nun camión para acceder aos equipamentos;
- identificar dispositivos de seccionamento, disxuntores, fusibles, reguladores de tensión, transformadores, conmutadores, relés ou cables que estean defectuosos usando diagramas de cableado e instrumentos de medición e proba eléctrica.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empatadores de cables eléctricos
- Instaladores reparadores de liñas eléctricas de tracción
- Instaladores reparadores de liñas eléctricas subterráneas
- Instaladores reparadores de liñas eléctricas, tendido aéreo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Instaladores de cables de datos e telecomunicacións, 7533
- Operarios de liña de telecomunicacións, 7533

753 Instaladores e reparadores de equipamentos electrónicos e de telecomunicacións

7531 Mecánicos e reparadores de equipamentos electrónicos

Os mecánicos e reparadores de equipamentos electrónicos adaptan, manteñen, axustan e reparan equipamentos electrónicos como máquinas comerciais e de oficina, instrumentos electrónicos e sistemas de control.

Entre as súas tarefas inclúense:

- examinar e probar máquinas, instrumentos, compoñentes, sistemas de control e outros equipamentos electrónicos para diagnosticar avarías;
- axustar, reparar e substituír pezas e cables desgastados e defectuosos, e manter máquinas, equipamentos e instrumentos;
- ocuparse de tarefas de nova montaxe, funcionamento en modo de proba e axuste de equipamentos;
- instalar instrumentos electrónicos e sistemas de control;
- adaptar e axustar equipamentos electrónicos;
- coordinar o traballo con outros enxeñeiros, técnicos e persoal de mantemento;
- interpretar datos para o diagnóstico de erros sistemáticos dos sistemas e o seu

- mal funcionamento;
- instalar, axustar, reparar ou substituír pezas, compoñentes e sistemas electrónicos, usando ferramentas ou soldadores;
- conectar compoñentes a equipamentos tales como sistemas de radio, instrumentos, magnetos, investidores e sistemas de reabastecemento en voo;
- manter rexistros dos traballos de reparación e mantemento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de caixeiros automáticos
- Mecánicos electrónicos
- Reparadores de equipamentos electrónicos
- Técnicos de fotocopadoras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos reparadores de aparellos de electromedicina, 7532
- Electrónicos-axustadores de aparellos médicos, 7532

7532 Instaladores e reparadores en electromedicina

Os instaladores e reparadores en electromedicina instalan e manteñen produtos sanitarios activos non implantables (PSANI) en sistemas de electromedicina e as súas instalacións asociadas, baixo criterios de calidade, en condicións de seguranza e cumprindo a normativa vixente.

Entre as súas tarefas inclúense:

- verificar que o espazo físico e a infraestrutura onde se vai realizar a instalación está de acordo co proxecto, documentación técnica do fabricante e ás necesidades da montaxe;
- recepcionar os equipamentos e elementos do sistema;
- instalar os equipamentos e elementos do sistema;
- realizar a posta en marcha de equipamentos e elementos do sistema;
- realizar o mantemento preventivo dos sistemas de electromedicina;
- diagnosticar as avarías producidas nos sistemas de electromedicina e as súas instalacións asociadas;
- reparar as avarías ou disfuncións diagnosticadas en sistemas de electromedicina;
- formar os usuarios da instalación no funcionamento dos equipamentos e nas medidas de seguranza que se deben adoptar.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos reparadores de aparellos de electromedicina
- Electrónicos-axustadores de aparellos médicos
- Instaladores-reparadores de equipamentos de electromedicina
- Técnicos de mantemento de equipamentos de electromedicina

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en electromedicina, 3125

7533 Instaladores e reparadores en tecnoloxías da información e as comunicacións

Os instaladores e reparadores en tecnoloxía da información e as comunicacións instalan, reparan e manteñen equipamentos de telecomunicacións e de transmisión de datos, cables, antenas e condutos, e reparan, adaptan e manteñen ordenadores.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manter, corrixir, probar e reparar ordenadores, equipamentos de transmisión de datos e periféricos;
- adaptar e axustar equipamentos informáticos;
- instalar, manter, reparar e diagnosticar avarías de sistemas de comunicacións por microondas, telemetría, multiplexación, satélite e outros de ondas de radio ou electromagnéticas;
- prestar asesoramento técnico e información, e ocuparse de seguir o rendemento de redes e equipamentos de telecomunicacións complexos;
- instalar e reparar cables para a transmisión por ordenador, radio, telefonía e televisión;
- empatar cables de telecomunicacións e de datos e selar cubertas;
- instalar, manter e reparar as antenas utilizadas nas comunicacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Técnicos reparadores de equipamentos informáticos
- Instaladores de ordenadores
- Instaladores de cables de datos e telecomunicacións
- Montadores de equipamentos informáticos
- Técnicos reparadores de equipamentos de telecomunicacións
- Instaladores de telefonía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en enxeñaría das telecomunicacións, 3833

76 Mecánicos de precisión en metais, ceramistas, vidreiros, artesáns e traballadores de artes gráficas

761 Mecánicos de precisión en metais, ceramistas, vidreiros e artesáns

7611 Reloxeiros e mecánicos de instrumentos de precisión

Os reloxeiros e mecánicos de instrumentos de precisión fabrican, calibran, reparan, manteñen, axustan e instalan reloxos mecánicos de toda clase e outros instrumentos e aparellos de precisión con aplicacións náuticas, meteorolóxicas, ópticas e doutra índole, e ocúpase do seu correcto funcionamento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- reparar, limpar e axustar mecanismos de instrumentos de precisión, como reloxos mecánicos de toda clase;
- axustar os reguladores, utilizando calibres, cronos comparadores e pinzas;
- limpar, lavar e secar as pezas de relojaría, utilizando solucións e máquinas ultrasónicas ou mecánicas para a limpeza de reloxos;

- determinar a exactitude e o funcionamento dos reloxos, utilizando medidores e outros instrumentos electrónicos;
- determinar a exactitude de medidores, calibradores, indicadores e outros instrumentos de rexistro ou control para identificar compoñentes defectuosos ou verificar o cumprimento das especificacións;
- calibrar instrumentos ou escalas, utilizando ferramentas manuais, ordenadores ou instrumentos electrónicos;
- inspeccionar compoñentes, conexións e mecanismos accionadores para detectar defectos;
- montar instrumentos e aparellos, como barómetros, válvulas de control, xiroscopios, higrómetros, velocímetros, tacómetros e termóstatos;
- probar, calibrar e axustar instrumentos electrónicos, mercuriais, aneroides e outro tipo de instrumentos meteorolóxicos para verificar o cumprimento das especificacións por escrito e os diagramas esquemáticos, utilizando voltímetros, osciloscopios, medidores de tubo e outros instrumentos analíticos;
- axustar e reparar mastros, estruturas de apoio, luces delimitadoras, paneis de control, cables e arames de control e outros instrumentos eléctricos e mecánicos;
- reparar e axustar instrumentos ópticos como microscopios, telescopios, teodolitos e sextantes;
- verificar que os aparellos montados cumpran as especificacións e asegurar o seu funcionamento e sensibilidade segundo o estipulado realizando probas normalizadas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mecánicos de instrumentos de meteoroloxía
- Construtor de instrumentos cirúrxicos
- Construtores de reloxos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en ortopróteses, 3315
- Operadores de máquinas ferramentas, 7323
- Ensambladores de reloxos, 8209

7612 Fabricantes de instrumentos musicais; afinadores de instrumentos musicais

Os fabricantes e afinadores de instrumentos musicais constrúen, montan, reparan, axustan, restauran e afinan instrumentos musicais empregando ferramentas de man ou mecánicas. Xeralmente especialízanse nun tipo de instrumento, como os de corda, os de metal, os pianos, os instrumentos de palleta ou os de percusión.

Entre as súas tarefas inclúense:

- construír e montar instrumentos musicais e compoñentes destes en madeira, ebonita, metal, coiro e outros materiais;
- reparar ou substituír partes e compoñentes de instrumentos musicais, como cordas, pontes, feltros e teclas, utilizando ferramentas manuais e eléctricas;
- tocar e inspeccionar instrumentos para avaliar a calidade do seu son e identificar defectos;
- axustar a tensión das cordas para conseguir un ton ou timbre adecuado dos ins-

trumentos de corda;

- axustar bocais, palletas ou orificios dos tubos de órgano, utilizando ferramentas manuais, para regular o fluxo de aire ou o volume do son;
- afinar e manter en bo estado os órganos de tubos axustando o ton dos tubos ao ton do diapasón e axustando o ton dos outros tubos por referencia ao ton dos tubos afinados;
- instalar novos parches de tambor en instrumentos de percusión;
- afinar acordeóns comparando de oído o ton das palletas con palletas mestras e palletas limadas para obter o ton de referencia;
- aliñar botóns e teclas en instrumentos de palleta ou de vento;
- afinar instrumentos de percusión en función do ton desexado afrouxando ou estirando cordas que sosteñen pezas de coiro fixadas enriba ou aos extremos do instrumento;
- montar e instalar novos órganos de tubos e pianos en edificios.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fabricantes de instrumentos musicais (de metal)
- Fabricantes de instrumentos musicais (de corda)
- Fabricantes de instrumentos musicais (de madeira)
- Afinadores de instrumentos musicais

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mecánicos e reparadores de aparellos electrónicos, 7622

7613 Xoieiros, ourives e prateiros

Os xoieiros, ourives e prateiros deseñan, fabrican, axustan, reparan ou taxan obxectos de xoiaría, cerimoniais ou relixiosos, ouro, prata, outros metais preciosos ou xemas. Cortan, tallan, polen e engastan pedras preciosas e semipreciosas, incluídos xemas e diamantes, e gravan inscricións e motivos decorativos en xoias e obxectos de metais preciosos. Entallan e polen diamantes para usos industriais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- moldear, fundir ou coar á man obxectos de xoiaría e outros produtos de metais non ferrosos;
- confeccionar novos deseños de xoias e modificar deseños xa existentes, utilizando ordenadores en caso necesario;
- cortar deseños en moldes ou outros materiais que se utilizarán como modelos na fabricación de produtos de metal e xoiaría;
- modificar monturas para axustalas ou para repoñer as xoias;
- reparar, modificar de forma e modernizar xoias ou produtos de metais preciosos antigos seguindo deseños ou instrucións;
- confeccionar enteiramente xoias como sortellas, colares, pulseiras, broches e brazaletes a partir de materiais como ouro, prata, platino e pedras preciosas ou semipreciosas;
- examinar superficies e estruturas internas de xemas, utilizando polariscopios, refractómetros, microscopios e outros instrumentos ópticos, para diferenciar entre pedras, identificar espécimes raros ou detectar fallos, defectos ou peculiaridades

- que afecten ao valor da xema;
- entallar e pulir xemas e engastalas en obxectos de xoiaría;
- gravar inscricións e motivos decorativos en xoias e obxectos de metais preciosos;
- tallar, pulir e dar acabado a xoias destinadas a instrumentos de precisión como compases e cronómetros;
- inspeccionar produtos montados ou acabamentos para verificar o cumprimento das especificacións, utilizando lentes de aumento ou instrumentos de medida de precisión.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Esmaltadores de xoias
- Ourives
- Xoieiros
- Engastadores de pedras preciosas
- Prateiros

7614 Traballadores da cerámica, oleiros e afíns

Os traballadores da cerámica, oleiros e afíns fabrican obxectos de barro, louza e porcelana, sanitarios, tixolos, tellas e moas abrasivas á man ou a máquina.

Entre as súas tarefas inclúense:

- fabricar obxectos de barro, louza e porcelana;
- fabricar moldes de arxila e xeso;
- ler planos técnicos para coñecer os requisitos do cliente;
- fabricar obxectos nunha roda de oleiro premendo cos polgares no centro do barro que xira para ocar, e premendo coas mans e os dedos na parte interior e exterior dos cilindros de barro que se vaian formando para moldalos gradualmente ata obter as formas e tamaños desexados;
- axustar a velocidade da roda segundo o tacto da arxila a medida que as pezas se vaian alargando e as paredes se afinen;
- manexar unha roda mecánica de oleiro para fabricar obxectos de cerámica, como cuncas, copas, pratos e recipientes para prebes;
- axustar e manexar os controis dunha amasadora que mestura, comprime, corta e deposita cargas de arxila en moldes segundo o especificado;
- pulir superficies de produtos acabados, utilizando raspadores de caucho e esponxas húmidas;
- fabricar moas abrasivas baleirando e comprimindo en moldes unha mestura abrasiva a man ou a máquina;
- inspeccionar obxectos acabados para detectar defectos e verificar a exactitude das formas e tamaños dos obxectos, utilizando calibres e equipamentos;
- preparar os obxectos fabricados para a súa venda ou exposición, e manter relacións con redes de retallistas, oleiros e outros recursos que poidan facilitar a venda ou exposición dos traballos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Moldadores de obxectos de louza e porcelana
- Modelistas de obxectos de louza e porcelana

- Ceramistas
- Moldadores de moas abrasivas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de fornos de tellas e tixolos, 8191
- Operadores de fornos de obxectos de louza e porcelana, 8191

7615 Sopradores, modeladores, laminadores, cortadores e pulidores de vidro

Os sopradores, modeladores, laminadores, cortadores e pulidores de vidro sopran, modelan, prensan, cortan, biselan, esmerilan, polen e curvan o vidro seguindo un modelo. Utilizan as súas capacidades manuais e artísticas para deseñar e fabricar motivos ornamentais en vidreiras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- quentar vidro ata facelo flexible, utilizando isqueiros de gas ou fornos, xirándoo para que queza uniformemente;
- fabricar pezas de vidro soprando e curvando tubos de vidro ata que adquiren a forma desexada para obter material de laboratorio como matraces, retortas ou pipetas;
- cortar e pulir obxectos de vidro ou partes destes para corrixir defectos ou preparar superficies para o seu tratamento ulterior, e suavizar e pulir bordos rugosos, utilizando lixadoras de fita ou pulidoras;
- examinar as existencias de vidro e os produtos acabados e marcar ou desbotar material con defectos como puntos, manchas, marcas, golpes, escascamentos, rabuñaduras ou formas ou acabamentos inaceptables;
- ler encargas de traballos para determinar dimensións, lugares para cortar o vidro e cantidades que deben cortarse;
- observar calibres, debuxos imprimidos por ordenador e monitores de vídeo para verificar que as condicións de procesamento sexan as especificadas e facer os axustes necesarios;
- presentar motivos ou decorados sobre o vidro, medir dimensións e marcar liñas de corte, utilizando ferramentas para cortar vidro e cortando o vidro ao longo das liñas marcadas ou arredor dos motivos;
- preparar, accionar e axustar equipamentos informatizados ou robóticos para cortar vidro;
- inspeccionar, pesar e medir produtos para verificar o cumprimento das especificacións, utilizando instrumentos como micrómetros, calibres, lupas e regras;
- regular temperaturas de forno segundo os tipos de vidro que vaian procesarse;
- estampar motivos decorativos de partes dunha vidreira pasando do debuxo a tamaño completo a un calco e utilizando un estilete para reproducir os motivos;
- pulverizar solución de prata sobre o vidro para obter unha superficie con acabado especular, utilizando unha pistola pulverizadora;
- cortar e pulir vidros ópticos e doutro tipo segundo as dimensións e o peso especificados para moldalos e obter primordios de lentes e lentes oftálmicas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Pulidores de vidros

- Cortadores de vidros
- Biseladores de vidros
- Sopradores de vidro
- Modeladores de vidro

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de fornos de produción de vidro, 8191

7616 Rotulistas, gravadores de vidro, pintores decorativos de artigos diversos

Os redactores de carteis, pintores decorativos e gravadores decoran artigos de madeira, metal, fibras téxtiles, vidro, cerámica e outros materiais. Proxectan, trazan e pintan letras, figuras, monogramas e motivos decorativos para confeccionar rótulos e gravan motivos ornamentais e florais en vidro e outros artigos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- pintar con pincel ou a pistola debuxos decorativos sobre obxectos, como louza, vidro, cigarreiras, pantallas de lámpada;
- estampar debuxos decorativos ou ornamentais en obxectos valéndose de calcos;
- integrar e desenvolver elementos visuais, como liña, espazo, masa, cor e perspectiva, para obter os efectos desexados, como a ilustración de ideas, emocións ou sensacións;
- proxectar e pintar nun ou máis idiomas letras, figuras, monogramas e motivos decorativos para confeccionar rótulos;
- trazar ou esbozar debuxos decorativos ou letras sobre pezas de traballo ou equipamentos para preparar estampadores e calcos;
- deseñar motivos decorativos ou letras para pintar obxectos, como rótulos, vidro, louza ou placas de cinc;
- utilizar programas informáticos e máquinas de fresaxe co fin de obter imaxes talladas en 3 D para a súa aplicación a un rótulo de maior dimensión, así como a rótulos con gravados ou incrustacións;
- proxectar e fabricar rótulos normais de corte plano, rótulos ensombrecidos coa aplicación de vinilo ou rótulos xa cortados para a súa aplicación;
- escribir, pintar ou imprimir rótulos ou carteis utilizados para fins informativos ou doutro tipo;
- recortar letras e signos para fins informativos a partir de taboleiros de fibra prensada ou cartón, á man ou a máquina, como unha serra eléctrica de vaivén ou de fita;
- examinar esquemas, diagramas, mostras, cianotipos ou fotografías para decidir a forma de gravar ou entallar os obxectos;
- medir e calcular dimensións de rótulos, debuxos ou motivos decorativos que se vaian gravar;
- gravar e estampar debuxos, motivos ornamentais, gravados á augaforte, marcas comerciais, figuras ou letras en superficies planas ou curvas de moi diversos obxectos de metal, vidro, plástico ou cerámica;
- gravar á augaforte motivos decorativos, marcas de calibración e outras figuras en obxectos de vidro.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gravadores de vidro
- Gravadores á augaforte de vidro
- Esmaltadores de vidro
- Pintores decoradores de vidro e cerámica
- Pintores de rótulos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de pintura decorativa de cerámica, 8191
- Operadores de máquinas de pintura decorativa de vidro, 8191
- Pintores de edificios, 7231
- Pintores de produtos manufacturados, 7232
- Pintores de vehículos, 7232

7617 Artesáns en madeira e materiais similares; cesteiros, bruseiros e traballadores afíns

Os artesáns da madeira e materiais similares utilizan técnicas e modelos tradicionais, como secado ou impregnación, para preparar madeira, palla, vimbio, xuncos, canas, arxila, cunchas ou outros materiais, e tallan, moldean, montan, tecen, pintan e decoran diversos obxectos para uso persoal ou doméstico, ou para fins decorativos. Os tecedores de cestos, fabricantes de vasoiras e afíns seleccionan e preparan materiais como sedas, nailon, fibra, esparto, filamentos e arames para fabricar mobles de vimbio, cepillos e vasoiras, e para tecer distintos tipos de cestos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar madeira, palla, vimbio, xuncos, canas, cunchas e outros materiais similares;
- tallar motivos florais e artísticos en superficie de madeira para fins decorativos;
- tallar, montar, tecer, pintar e decorar diversos obxectos decorativos de uso persoal e doméstico, como ensaladeiras, culleres de servir, táboas de picar, bandexas, floreiros, xerras, cestos, sombreiros e esteiras de palla e outros artigos similares;
- tallar, montar, tecer e pintar diversos obxectos decorativos como estatuas e outras esculturas, pezas de xadrez, xoias e outros obxectos similares;
- fabricar mobles de vimbio a partir de xuncos pelados e amolecidos, canas, vimbio, ramas de salgueiro e materiais similares;
- fabricar distintos tipos de cestos entretecendo vimbio, xuncos, canas ou materiais similares;
- formar a base dos cestos entrelazando cordas de xuncos, vergas de madeira ou outros materiais cunha estrutura de varas de material como salgueiro;
- inserir varas arredor do bordo da base, entre seccións de madeira, e domealas para arriba para formaren a estrutura dos laterais;
- seleccionar e preparar materiais para cepillos, como sedas, nailon, fibras e arames, e fixalos á base dos cepillos;
- seleccionar e preparar materiais como xesta, esparto, filamentos e fibra, e fixalos ao mango das vasoiras.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Artesáns tecedores de xunco

- Artesáns de artigos de madeira
- Cesteiros
- Tecedores de mobles de vimbio

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axustadores e operadores de máquinas para fabricar produtos de madeira, 7812
- Operadores de máquinas de labra de pedra, 8114

7618 Artesáns en tecidos, coiros e materiais similares, preparadores de fibra e tecedores con teares artesáns ou de tecidos de calceta e afíns

Os artesáns dos tecidos, o coiro e materiais similares utilizan técnicas e padróns tradicionais para fabricar teas, pezas tecidas, bordadas, fiadas e outros obxectos para uso doméstico, así como calzado tradicional, bolsos, cintos e outros accesorios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- fiar e tinguir con colorantes naturais la, algodón e outras fibras;
- tecer, bordar, facer e aplicar pontil en pezas e artigos de uso doméstico;
- preparar e tinguir peles con corantes naturais e fabricar calzado, bolsos, cintos e outros accesorios tradicionais;
- fiar e bobinar, á man;
- tender á man no tear os fíos da urdidoira;
- confeccionar con teares manuais teas, tapices, encaixes, alfombras e outros tecidos lisos ou con debuxos;
- confeccionar alfombras de nós;
- confeccionar pezas de vestir e outros xéneros de punto, á man ou utilizando máquinas accionadas á man;
- confeccionar á man artigos de calceta, de gancho ou artigos de pasamanaría;
- atar redes á man;
- determinar a calidade e clasificar fibras téxtiles naturais;
- lavar fibras de la;
- limpar e espilir fibras téxtiles;
- transformar as fibras en fitas, peitear napas de fita, xuntar varias fitas en napas ou fitas de carda, ou transformar a fita en nobelos, madeixas ou mechas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Artesáns de alfombras
- Artesáns do coiro
- Peiteadores de fibras téxtiles
- Estiradores de fibras téxtiles
- Tecedores de gancho á man
- Tecedores de tear
- Redeiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas peiteadoras de fibras téxtiles, 8151
- Operadores de máquinas tecedora, 8152
- Operadores de tear, 8152

7619 Artesáns non clasificados baixo outras epígrafes

Os traballadores clasificados neste grupo primario realizan diversas tarefas non clasificadas no subgrupo 761, Mecánicos de precisión en metais, ceramistas, vidreiros e artesáns. Por exemplo, este grupo inclúe artesáns tradicionais en metais non preciosos e pedra.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cereiros
- Pirotécnicos
- Artesáns de artigos de pedra
- Artesáns de xoguetes de metal

762 Oficiais e operarios das artes gráficas

7621 Traballadores de procesos de preimpresión

Os traballadores de procesos de preimpresión fan probas de impresión, dispoñen o formato e compoñen texto e gráficos de forma axeitada para o seu uso en distintos procesos de impresión e de representación noutros medios visuais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar cámaras gráficas e outros equipamentos fotográficos para reproducir exemplares listos para impresión en películas, pranchas e dispositivos de saída dixitais;
- usar aplicacións informáticas para xerar imaxes, texto, bosquexos e imposicións para imprenta e para visualización noutros medios visuais;
- manexar equipamentos de preparación de pranchas para reproducir imaxes de película en pranchas de impresión, dispositivos de saída dixital e prensas;
- manexar equipamentos informáticos con pantalla para escanear, separación de cor, corrección de cor, enmascaramento, deseño creativo, combinación, imposición, retoque e outros procesos empregados para transferir a película, e producir películas para pranchas, saídas dixitais e prensas de cilindro;
- sacar probas dixitais e químicas a partir de sistemas dixitais e positivos e negativos de película;
- valorar as galeradas, comprobalas e corrixilas para garantir a súa calidade;
- preparar e expoñer papel pigmento para depositar no cilindro polo método de transferencia, e revelar imaxes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Caixistas
- Acuñaadores, artes gráficas
- Técnicos en preimpresión
- Montadores de pantallas de serigrafía
- Confeccionadores de pranchas de impresión
- Confeccionadores de pantallas de serigrafía
- Linotipistas

7622 Traballadores de procesos de impresión

Os traballadores de procesos de impresión axustan e manexan prensas e máquinas de impresión dixitais, litográficas, flexográficas, de fotogravado, de xornais e outras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar, regular e vixiar os mecanismos de alimentación de substrato, os mecanismos de entrega, os sistemas de tinxidura e outras funcións das máquinas de impresión;
- mesturar a tinta e os disolventes e regular a alimentación de papel e de tinta durante a impresión;
- vixiar, avaliar e determinar as prensas para comprobar que se cumpren os niveis de calidade fixados nas probas e detectar problemas de funcionamento;
- obter diversos produtos imprimidos utilizando máquinas de impresión en relevo, litográficas, flexográficas e de fotogravado;
- preparar as pranchas, mantas e cilindros de impresión en pequenas prensas de litografía en offset;
- cargar papel nos mecanismos de alimentación;
- controlar as operacións das máquinas e a calidade da impresión;
- manter, axustar, reparar e limpar as máquinas;
- obter imaxes imprimidas dixitais e transferir imaxes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Impresores á prancha
- Operadores de máquinas de impresión dixital
- Operadores de alimentación (impresión)
- Operadores de prensas de flexografía
- Operadores de prensas de fotogravado
- Fotolitógrafos
- Impresores en serigrafía
- Operadores de impresoras de serigrafía
- Operadores de máquinas de impresión, pequeno formato
- Operadores de máquinas de impresión de bobina

7623 Traballadores de procesos de encadernación

Os traballadores de procesos de encadernación encadernan libros e outras publicacións, e realizan tarefas de rematado de obras imprimidas á man ou a máquina.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar e supervisar o funcionamento dos equipamentos automáticos de encadernación e acabado;
- realizar encadernacións enteiras, a media pel e en rústica de libros, e reparar encadernacións;
- pregar, adaptar e coser as signatures a máquina ou á man;
- manexar guillotinas para corte e recorte de papel antes e despois da impresión, e programar electronicamente as unidades manexadas;

- manexar sistemas para inserir material imprimido en xornais, revistas e sobres;
- embelecen os produtos imprimidos automática e manualmente;
- manexar dispositivos de reprodución fotográficos e electrónicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encadernadores
- Operadores de guillotinas
- Operadores de máquinas de estampación en quente
- Operadores de pregadoras
- Operadores de alzadoras
- Operadores de multiencaernadoras
- Operadores de encadernadoras en rústica
- Operadores de encadernadoras con costura polo centro
- Cosedores, encadernación
- Operadores de pequenas encadernadoras de taller

77 Traballadores da industria da alimentación, bebidas e tabaco

770 Traballadores da industria da alimentación, bebidas e tabaco

7701 Matachíns e traballadores das industrias cárnicas

Os matachíns e traballadores das industrias cárnicas sacrifican reses, limpan, cortan e elaboran diversos produtos a base de carne, retiran os ósos e preparan produtos de alimentación afíns ou conservan a carne e outros alimentos e produtos alimentarios secándoos, salgándoos ou afumándoos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- sacrificar animais;
- esfolar e despezar as reses;
- desosar, cortar e preparar a carne para a venda ou para o seu tratamento e conservación;
- preparar os ingredientes e fabricar salchichas e produtos similares utilizando máquinas de cortar, mesturar e embutir;
- curar carne;
- accionar cámaras ou fornos para afumar carne e outros alimentos;
- cociñar ou preparar doutro modo carne e outros produtos de alimentación para a súa venda;
- vender carne aos clientes, incluído o envase, pesaxe e etiquetaxe dos produtos, e cobrar o prezo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Carniceiros
- Miudeiros
- Chacineiros-carniceiros
- Preparadores, xamóns
- Matachíns

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Comerciantes propietarios de carnicaría sen elaboración propia de produtos cárnicos, 5300
- Operadores de máquinas para a elaboración de produtos cárnicos, 8160

7702 Traballadores das industrias do peixe

Os traballadores das industrias do peixe sacrifican peixes, limpan, cortan e elaboran diversos produtos a base de peixe, retiran os ósos e preparan produtos de alimentación afíns ou conservan o peixe e outros alimentos e produtos alimenticios da industria do peixe secándoos, salgándoos ou afumándoos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- desosar, cortar e preparar o peixe para a venda ou para o seu tratamento e conservación;
- curar peixe;
- accionar cámaras ou fornos para afumar peixe;
- cocíñar ou preparar doutro modo peixe e outros produtos de alimentación para a súa venda;
- vender peixe aos clientes, incluídos o envasado, pesaxe e etiquetaxe dos produtos, e cobrar o prezo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Filetadores de peixe
- Peixeiros
- Salgadores, peixe
- Afumadores, pescados

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Comerciantes propietarios de peixaría, 5300

7703 Panadeiros, pasteiros e confeiteros

Os panadeiros, pasteiros e confeiteros elaboran diversas clases de pan, pasteis e outros produtos a base de fariña, así como chocolates e doces.

Entre as súas tarefas inclúense:

- elaborar pan, galletas, pasteis, tortas, fideos e outros produtos feitos con fariña;
- confeccionar a man, con axuda de utensilios e algunhas máquinas, doces e lambetadas, mesturando azucre, chocolate e outros ingredientes;
- combinar os ingredientes medidos en recipientes de máquinas de mestura, amasadura ou cocción;
- comprobar a calidade das materias primas para garantir que se cumpren as normas e especificacións;
- aplicar baños, glaseados e outras coberturas aos produtos cocidos, usando espátulas ou pinceis;
- comprobar a limpeza dos equipamentos e o estado do local antes da produción

- para garantir que se cumpre a normativa de saúde e seguranza no traballo;
- vixiar as temperaturas do forno e o aspecto dos produtos para determinar os tempos de cocción;
- coordinar a preparación, carga, enfornado, descarga, retirada e arrefecemento dos lotes de pan, boliños, pasteis e produtos de confeitaría.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Panadeiros, fabricación
- Pasteleiros, fabricación
- Chocolateiros
- Turroneiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Cociñeiros, 5110
- Operadores de máquinas para a elaboración de produtos de panadaría, 8160
- Operadores de máquinas para a elaboración de pan, 8160
- Operadores de máquinas para a elaboración de produtos de chocolate, 8160

7704 Traballadores do tratamento do leite e elaboración de produtos lácteos (incluídos xeados)

Os traballadores do tratamento do leite e elaboración de produtos lácteos (incluídos xeados) fabrican manteiga e diversos tipos de queixo, crema ou outros produtos lácteos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ferver ou pasteurizar o leite para conseguir o contido de materia graxa especificado;
- separar a tona do leite e batela para facer manteiga;
- verter no leite as cantidades medidas de fermento e doutros ingredientes;
- callar o leite, quentar o leite callado ata que tome a consistencia desexada, esco-rer a auga e meter o queixo nas formas para formalos por presión;
- salgar o queixo e perforalo ou untalo cun baño de cultivo para favorecer o crece-mento do balor;
- colocar os bloques de queixo en andeis, e xiralos periodicamente, para que curen;
- vixiar a calidade dos produtos antes do seu envasado, inspeccionándoos, toman-do mostras e axustando as condicións de tratamento en caso necesario;
- rexistrar as cantidades de ingredientes empregados, os resultados das probas e os ciclos temporais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Queixeiros, artesanal
- Manteigueiros, artesanal
- Xeadeiros, artesanal

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas para a elaboración de produtos lácteos, 8160
- Operadores de máquinas para o tratamento do leite, 8160

7705 Traballadores conserveiros de froitas e hortalizas e traballadores da elaboración de bebidas non alcohólicas

Os traballadores conserveiros de froitas e hortalizas e traballadores da elaboración de bebidas non alcohólicas preparan ou conservan froitas, noces e outros alimentos por diversos procedementos, en particular, cocción, secado, salgadura ou extracción de zume ou aceite.

Entre as súas tarefas inclúense:

- extraer zume de diversas froitas;
- extraer aceite das sementes oleaxinosas, das noces ou de certas froitas;
- cocer, salgar ou deshidratar froitas, legumes, verduras ou outros alimentos;
- mesturar e engadir ingredientes como pectina, azucre, especias e vinagre para axudar á conservación e mellorar a textura, o aspecto e o sabor;
- trasladar os alimentos conservados a tarros, frascos e outros recipientes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Elaboradores de conservas, froitas, verduras e hortalizas
- Preparadores, adubo e recheo de olivas
- Lagareiros de aceite, artesanal
- Elaboradores de aceite, artesanal
- Manipuladores de froitas e hortalizas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas enlatadoras, 8160

7706 Traballadores da elaboración de bebidas alcohólicas distintas do viño

Os traballadores da elaboración de bebidas alcohólicas distintas do viño controlan e preparan as materias primas e auxiliares, realizando as operacións de elaboración, nas condicións establecidas nos manuais de procedemento e calidade, así como manexando a maquinaria e equipamentos correspondentes e efectuando o seu mantemento de primeiro nivel. Realizan as operacións de maltaxe e executan e controlan as operacións necesarias para obter malte, mostos, cervexas, sidras e outras bebidas alcohólicas distintas do viño.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recepción a materia prima, efectuando a súa selección e almacenamento para o seu posterior tratamento no proceso de fabricación;
- efectuar o secado e a torrefacción dos grans xerminados, seguindo os procedementos establecidos;
- controlar a materia prima para a elaboración de cervexa e preparar os distintos compoñentes que interveñen na preparación previa da mestura segundo o tipo de mosto que se vai elaborar;
- executar os procesos de maceración do malte, filtración e ebulición do mosto comprobando as cantidades engadidas e as temperaturas;
- controlar o proceso de fermentación do mosto segundo as normas establecidas;

- realizar e controlar o proceso de maduración, acondicionamento e garda, segundo as especificacións establecidas;
- preparar e controlar as materias primas para iniciar o proceso de elaboración, seguindo as pautas establecidas no manual de procedemento e nas instrucións de traballo;
- obter os mostos nas condicións e coas características de calidade e hixiene requiridas para a súa posterior fermentación, asegurando os niveis de produción;
- controlar que as fermentacións dos mostos transcorren de acordo cos requirimentos de cada elaboración, establecidos nos manuais de procedemento e instrucións de traballo;
- aplicar os tratamentos fisicoquímicos establecidos nos manuais de procedemento para estabilizar e conservar os produtos, garantindo a súa calidade e hixiene;
- tomar mostras e realizar durante o proceso os ensaios e probas indicados, coa precisión requirida, verificando que a calidade do produto é conforme coas especificacións establecidas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cocedores de malte, cervexa
- Adegrueiros de cervexa
- Sidreiros

7707 Traballadores da elaboración do viño

Os traballadores da elaboración do viño realizan as operacións de elaboración, crianza e envase de viños, augardentes, licores e outros produtos derivados, nas condicións establecidas nos manuais de procedemento e calidade, así como manexar a maquinaria e equipamentos correspondentes e efectúan o seu mantemento de primeiro nivel.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar e controlar as materias primas para iniciar o proceso de elaboración, seguindo as pautas establecidas no manual de procedemento e nas instrucións de traballo;
- obter os mostos nas condicións e coas características de calidade e hixiene requiridas para a súa posterior fermentación, asegurando os niveis de produción;
- controlar que as fermentacións dos mostos transcorren de acordo cos requirimentos de cada elaboración, establecidos nos manuais de procedemento e instrucións de traballo;
- aplicar os tratamentos fisicoquímicos establecidos nos manuais de procedemento para estabilizar e conservar os produtos, garantindo a súa calidade e hixiene;
- efectuar o acabado e a crianza dos viños para alcanzar as características singulares e comerciais do produto, garantindo a súa calidade e hixiene.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Adegrueiros vinícolas
- Operarios na elaboración de viños

7708 Preparadores e elaboradores do tabaco e os seus produtos

Os preparadores e elaboradores do tabaco e os seus produtos preparan as follas de tabaco e fabrican diversos produtos a partir desta.

Entre as súas tarefas inclúense:

- seleccionar as follas curadas de tabaco segundo a súa clase, calidade e lugar de procedencia;
- xuntar follas de tabaco de diversas clases, segundo determinadas fórmulas, para obter mesturas de aroma particular;
- atender e vixiar o funcionamento dunha instalación humectora de tabaco preparándoo para ulterior tratamento;
- arrincar as nervaduras centrais e os pecíolos das follas de tabaco e picar o tabaco;
- confeccionar xarutos, cigarros, rapé e outros produtos do tabaco á man ou con máquinas simples.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cigarreiros
- Operarios de fabricación de cigarros
- Clasificadores de follas de tabaco
- Mesturadores de tabaco

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de fabricación de xarutos, 8160
- Operadores de máquinas de fabricación de cigarros, 8160

7709 Catadores e clasificadores de alimentos e bebidas

Os catadores e clasificadores de alimentos e bebidas inspeccionan, proban e clasifican varios tipos de produtos agrícolas, alimentos e bebidas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- inspeccionar, verificar, probar e cheirar produtos agrícolas, alimentos e bebidas en diversas fases de elaboración;
- determinar a calidade, a aceptabilidade para os gustos dos clientes e o valor aproximado dos produtos, e clasificalos en clases apropiadas;
- descartar os produtos inferiores;
- rexistrar a categoría ou o número de identificación en etiquetas, albarás ou facturas;
- pesar e medir os produtos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Clasificadores de alimentos
- Degustadores de alimentos
- Catadores de licores
- Catadores de té
- Catadores de viños

78 Traballadores da madeira, téxtil, confección, pel, coiro, calzado e outros operarios en oficios

781 Traballadores que tratan a madeira e afíns

7811 Traballadores do tratamento da madeira

Os traballadores do tratamento da madeira secan, conservan e tratan a madeira manualmente ou usando equipamentos para o tratamento da madeira, tales como fornos e cubas de tratamento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar e accionar estufas, cubas de tratamento e outros equipamentos para o secado dos troncos, preparar e secar a madeira e outros produtos de madeira e impregnalos con conservantes;
- vixiar o funcionamento dos equipamentos, os indicadores e as luces dos cadros de control para detectar desvíos das normas e garantir que os procesos se desenvolven de acordo coas especificacións;
- axudar a manter os equipamentos e máquinas de proceso de acordo co requirido;
- limpar, lubricar e axustar os equipamentos;
- transportar os materiais e produtos ás zonas de traballo e desde estas, manualmente ou usando carros, carretas ou aparellos de izar;
- cubrir e manter informes de produción;
- operar válvulas para a carga dos depósitos de tratamento coas distintas solucións; manter as temperaturas, presións hidráulicas e de baleiro, así como os niveis específicos, das distintas solucións durante cada unha das fases do ciclo de tratamento;
- activar bombas de presión hidráulica ou de baleiro que expulsan o aire e o vapor das caldeiras e forzan a impregnación dos poros de madeira coas solucións co fin de acelerar o tratamento.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de estufas para secar madeira
- Operadores de fornos para secar madeira
- Operadores de secadora
- Secadores de madeira
- Impregnadores de madeira
- Traballadores do tratamento da madeira (salvo operadores de máquinas de procesamento)
- Traballadores do tratamento da cortiza (salvo operadores de máquinas de procesamento)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de labra de madeira, 7812
- Operadores de máquinas para fabricar produtos de madeira, 7812
- Operadores de máquinas de procesamento da madeira, 8144

7812 Axustadores e operadores de máquinas para traballar a madeira

Os axustadores e operadores de máquinas para traballar a madeira regulan ou accionan e vixían máquinas automáticas ou semiautomáticas de labrar madeira, como serras mecánicas de precisión, tornos, molduradoras, trades, cepilladoras e fresadoras, para elaborar ou reparar pezas de madeira de mobles, accesorios e outros produtos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar, programar, manexar e vixiar diversos tipos de máquinas de labrar madeira que permitan facer operacións de dentar, limar, mandrilar, tradear, cepillar, prensar, torneiar, lixar ou tallar co obxecto de fabricar ou reparar pezas de madeira para mobles, accesorios e outros produtos de madeira;
- manexar máquinas de labrar madeira especiais preaxustar para fabricar produtos de madeira como perchas, mangos de vasoira, pinzas para a roupa e outros;
- seleccionar as coitelas, serras, follas, cabezais de fresaxe, trépanos e correas de acordo coa peza que se vai labrar, as funcións da máquina e as especificacións;
- instalar e axustar as follas, fresas, trépanos e correas, e usar ferramentas de man e regras;
- regular e poñer a punto diversos tipos de máquinas de labrar madeira para que sexan utilizadas por outros traballadores;
- ler e interpretar as especificacións ou seguir as instrucións verbais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas para traballar a madeira
- Operadores de máquinas de fabricación de mobles
- Operadores de serras mecánicas de precisión
- Operadores de máquinas para a elaboración de produtos de madeira
- Torneiros de madeira
- Operadores de fresadoras de madeira
- Reguladores-operadores de máquinas de labra de madeira

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de fabricación de laminados de madeira, 8144
- Ensambladores de produtos de madeira e de materiais afíns, 8209

782 Ebanistas e traballadores afíns

7820 Ebanistas e traballadores afíns

Os ebanistas e traballadores afíns fabrican, decoran e reparan mobles, carros e outros vehículos, rodas, elementos, accesorios, matrices, equipamentos, maquetas e outros produtos de madeira utilizando máquinas de labrar madeira, máquinas ferramentas e ferramentas manuais especiais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar máquinas de labrar madeira, como serras, cepillos, entalladoras e tupís motorizados, e usar ferramentas de man para cortar, configurar e formar pezas e compoñentes;
- estudar os planos, verificar as dimensións dos artigos que se van fabricar, ou pre-

parar especificacións e verificar a calidade e o axuste das pezas para garantir que se cumpren as especificacións;

- facer ensambladuras e axustar as pezas e subconxuntos para formar unidades completas usando cola e abrazadeiras, e reforzar as ensambladuras con cravos, parafusos e outros materiais de suxeición;
- fabricar, remodelar e reparar artigos de madeira diversos, como armarios, mobles, vehículos, modelos a escala, material deportivo e outras pezas ou produtos;
- adornar mobles e accesorios con motivos decorativos, tallados, incrustados, gravados ou enchapados;
- dar rematado final aos artigos ou mobles de madeira.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Ebanistas
- Fragueiros (carpinteiros de carros)
- Reparadores de mobles
- Fabricantes de rodas
- Patronistas en madeira

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Carpinteiros de armar, 7131
- Ensambladores de produtos de madeira e de materiais afíns, 8209

783 Traballadores do téxtil, confección, pel, coiro e calzado

7831 Xastres, modistos, peleteiros e sombreireiros

Os xastres, modistos, peleteiros e sombreireiros confeccionan, axustan, modifican ou arranxan pezas de vestir feitas á medida ou á man. Confeccionan á medida pezas como traxes, abrigos e vestidos con teas, coiros finos, peles e outros materiais, ou fan sombreiros segundo as especificacións dos clientes e dos fabricantes de pezas de vestir.

Entre as súas tarefas inclúense:

- confeccionar abrigos, traxes, saias, camisas, blusas, pezas de lenzaría e corsetería, sombreiros, gorras e pezas similares, a miúdo axustándose ás exixencias dos clientes;
- seleccionar teas, coiros ou peles que se adecuen ao tamaño, cor, textura e calidade desexadas da peza, cortalos para que se axusten ao patrón e dispoñelos sobre este de acordo co deseño da peza;
- facer cambios no estilo das pezas, por exemplo acurtando pantalóns, estreitando lapelas e engadindo ou tirando ombreiras;
- seleccionar e modificar patróns comerciais para axustalos ás especificacións dos clientes e dos fabricantes das pezas;
- axustar, modificar e arranxar vestidos, chaquetas e outras pezas á medida de acordo cos desexos dos clientes;
- confeccionar e coidar o vestiario utilizado en representacións teatrais, en televisión e en cinematografía;
- dispoñer en dobras e drapeados materiais como satín e seda, ou coser fitas ou

tecidos en forma de flores artificiais ou arredor da copa ou as abas para dar forma a sombreiros e enfeitálos;

- coser e unir materiais e pelo para confeccionar perrucas;
- combinar tiras de pelo para dar un aspecto natural ás perrucas, colocalas na posición especificada e coselas para formar postizos;
- confeccionar, transformar, renovar e reparar pezas de vestir e outros artigos de pel;
- recoller os anacos de peles que se conserven en bo estado de abrigos vellos, pegar unha tea de reforzo polo revés dos abrigos de pel e recortar as beiras das peles unha vez cosidas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Modistos
- Peleteiros
- Xastres
- Sombreireiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Artesáns-tecedores de teas, 7618
- Operadores de máquinas de coser, 8153

7832 Patronistas para produtos en téxtil e pel

Os patronistas para produtos en téxtil e pel crean patróns para a produción de pezas de vestir, teas e produtos de coiro ou pel.

Entre as súas tarefas inclúense:

- crear un patrón básico para cada un dos tamaños dunha peza usando gráficos, útiles de debuxo ou ordenadores;
- crear os padróns para un deseño concreto dunha peza con axuda dun ordenador;
- calcular as dimensións dos patróns segundo os tamaños, tendo en conta o encollemento do material;
- debuxar nas partes bosquexadas onde deben unirse estas, así como a posición das pinzas, petos e botoeiras, a costura decorativa nos zapatos ou as botoeiras nas zapatillas, usando ordenadores ou útiles de debuxo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Padroístas de peles
- Padroístas de pezas de vestir

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de fabricación de padróns para teas, 8159

7833 Cortadores de tecidos, coiro, pel e outros materiais

Os cortadores de tecidos, coiro, pel e outros materiais marcan, cortan, dan forma e recortan teas, coiros finos e outros materiais seguindo patróns ou especificacións para a elaboración de pezas de vestir, sombreiros e puchas, luvas e produtos diversos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- colocar equipamentos ou medir os materiais para determinar os puntos concretos de corte ou para obter o máximo rendemento e marcar as teas en consecuencia;
- trazar o padrón básico nunha peza de tea e cortalo;
- comprobar os patróns confeccionando pezas de mostra e axustándoas;
- colocar os patróns en camadas de tea e cortar estas usando coitelas eléctricas ou manuais ou mecanismos de corte accionados numericamente;
- cortar peles para confeccionar partes de pezas e outros artigos;
- recortar o material sobrante, como os bordos colgantes dun produto rematado;
- colocar o coiro no leito de corte da máquina procurando o máximo aproveitamento en función do gran, os defectos e a elasticidade da pel;
- preparar os padróns e marcar e cortar os materiais para a confección doutros artigos, como tapizarías, artigos de lona, antucas ou paraugas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cortadores de pezas de vestir
- Cortadores de luvas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de fabricación de padróns para teas, 8159

7834 Costureiros á man, bordadores e afíns

Os costureiros a man, bordadores e afíns cosen, reparan, renovan e bordan pezas de vestir, luvas ou outros produtos de tea, coiro finos e outros materiais, e confeccionan velas para barcos, carpas e toldos. Traballan principalmente á man con agulla e fío, pero poden facer algunhas tarefas con máquina de coser.

Entre as súas tarefas inclúense:

- arranxar á man, con agulla e fío, tecidos ou pezas de vestir defectuosos ou danados;
- soltar puntadas das pezas que se deben modificar, empregando coitelas ou outros utensilios;
- seleccionar o fío de acordo coas especificacións ou a cor, ou tingüilo para que dite coa cor e o matiz do tecido;
- poñer parches, coser roturas e costuras soltas ou zurcir defectos con agulla e fío;
- poñer corchetes;
- recortar os bordos a tesoiras para que as partes arranxadas parezan uniformes co debuxo do tecido;
- coser á man, con fío e agulla, deseños decorativos en patróns estampados, impresos ou estarcidos en tea;
- bordar deseños decorativos á man ou a máquina, con agulla e fío de cor;
- amolecer con auga o material de coiro ou de calzado co fin de preparalo para a costura;

- coser ou pegar adornos en artigos como sombreiros e gorras;
- coser á man as teas de paraugas e antucas á armadura, uníndoas ás varas de modo que queden suxeitas ao pregarse;
- confeccionar e montar teas grosas, lonas e materiais análogos en velas, toldos e tendas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Bordadores
- Costureiros
- Paraugueiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Modistos, 7831
- Artesáns-tecedores de teas, 7618
- Operadores de máquinas de coser, 8153

7835 Tapiceiros, colchoeiros e afíns

Os tapiceiros, colchoeiros e afíns instalan, arranxan e substitúen tapizarías de mobles, accesorios, artigos de ortopedia, asentos, paneis, capotas e outros elementos de automóbiles, coches de ferrocarril, avións, buques e similares con tea, coiro, coiro artificial ou outro material de tapizaría. Tamén confeccionan e arranxan almofadas, edredóns e colchóns.

Entre as súas tarefas inclúense:

- examinar cos clientes a tea, a cor e o estilo da tapizaría e pasarlles orzamento do tapizado de mobles e outros obxectos;
- confeccionar patróns de tapizaría a partir de bosquejos, de especificacións dos clientes ou de planos;
- trazar, medir e cortar os materiais de tapizaría seguindo os patróns, equipamentos, bosquejos ou especificacións de deseño;
- colocar, dispoñer e suxeitar os resortes, o recheo e a tapizaría dos mobles;
- coser á man os materiais de tapizaría para almofadas e xuntar as distintas partes;
- coser as esgazaduras na tapizaría con agulla e fío;
- pegar ou coser á tapizaría adornos, broches, galóns, botóns e outros accesorios;
- trazar, cortar e confeccionar tapizarías e instalalas en avións, vehículos de motor, coches de ferrocarril, embarcacións e buques;
- reparar o coiro cru que cobre os membros artificiais;
- rehabilitar mobles antigos empregando distintas ferramentas, como trenchas, martelos magnéticos e agullas longas;
- colaborar cos deseñadores de interior para decorar cuartos e coordinar o acabado dos tecidos;
- confeccionar edredóns, almofadóns e colchóns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Colchoeiros
- Tapiceiros de mobles
- Tapiceiros de vehículos

- Tapiceiros de artigos de ortopedia

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de coser, 8153

7836 Curtidores e preparadores de peles

Os curtidores e preparadores de peles recortan, raspan, limpan, curten, desfloran e tinguen peles, pelos ou peles de animais para producir pezas de coiro e pel con destino á confección de pezas de vestir e outros produtos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- escoller e clasificar os peles, pelos e peles de acordo coa cor, o ton, o tamaño e a densidade;
- retirar das peles e pelos as partículas de carne, graxa ou tecido protector para limpálos e suavizalos;
- quitar o pelo das peles ou peles poñéndoo a remollo en auga de cal;
- preparar os peles curándoo con sal;
- eliminar o pelo longo e groso das peles e igualar a lonxitude do pelame;
- adubar e tingir os pelos para mellorar o seu lustre e beleza ou restaurar o seu aspecto natural;
- preparar casca e licor de mirobálano para tratar as peles e peles;
- tratar as peles e peles en solucións especiais para curtidos;
- tingir as peles para reforzar os seus tons naturais;
- quitar as engurras e mellorar a textura dos peles ou peles en húmido;
- adubar e tingir os coiros;
- alisar, estirar e suavizar coiros e peles xa curtidos;
- adubar o coiro aplicándolle unha solución química ou aceite por igual na superficie cun pincel e deixándoo secar ao aire libre.&

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Zurradores de peles
- Clasificadores de coiros e peles
- Coireiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de curtume, 8155

7837 Zapateiros e afíns

Os zapateiros e afíns confeccionan, modifican e reparan calzado normal, á medida ou ortopédico ou outros artigos de coiro natural ou artificial, como maletas, bolsos e cintos (salvo roupa de vestir, sombreiros e luvas), ou participan na fabricación de zapatos e artigos similares. Decoran, reforzan ou dan o acabado a zapatos, maletas, bolsos e cintos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- confeccionar, modificar e reparar calzado normal para atender necesidades dos clientes;
- confeccionar, modificar e reparar calzado ortopédico ou terapéutico de acordo con prescricións médicas, ou modificar calzado existente para persoas con problemas nos pés e necesidades especiais;
- arranxar cintos, maletas, bolsos e produtos similares;
- sacar moldes de escaiola de pernas ou pés deformados para preparar planos;
- preparar insertos, equipamentos e alzas a partir de moldes dos pés de clientes;
- estudar os planos e outras especificacións para confeccionar calzado de acordo coas necesidades de clientes;
- estudar os pedidos ou as identificacións de partes de zapatos para obter información sobre as cargas de traballo, as especificacións e os tipos de materiais que se deben empregarse;
- comprobar a textura, cor e resistencia do coiro para garantir que é adecuado para o fin concreto a que se destina;
- cortar, moldear e acolchar as pezas con que se van confeccionar artigos de coiro;
- coser descosidos ou poñer parches para arranxar artigos como bolsos, cintos, zapatos e maletas;
- retirar e examinar zapatos, partes de zapatos e deseños para verificar que se cumpren as especificacións en aspectos como o encaixe axeitado das puntadas en canles;
- engadir accesorios ou elementos para adornar ou protexer os produtos;
- confeccionar e reparar artigos como monturas e arneses para animais, maletas, bolsos de man, maletíns, bolsos de coiro, cintos e outros artigos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Zapateiros remendadores
- Albardeiros
- Zapateiros
- Zapateiros ortopédicos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Bordadores, 7834
- Sombreireiros, 7831
- Operadores de máquinas de fabricación de calzado, 8156

789 Pegadores, mergulladores, probadores de produtos e outros operarios e artesáns diversos

7891 Mergulladores

Os mergulladores traballan baixo a auga, vaian provistos ou non dun aparello de respiración submariña, para inspeccionar, reparar, montar e desmontar instalacións e equipamentos, facer probas ou experimentos, preparar explosivos, fotografar estruturas da vida mariña, recoller diversas formas de vida mariña con fins comerciais ou de investigación, e buscar e salvar persoas e recuperar obxectos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- tomar as debidas precaucións de seguranza, supervisando por exemplo a duración e profundidade do mergullo e rexistrándose ante as autoridades, antes de iniciar expedicións submariñas;
- comprobar e manter o equipo de mergullo, como os cascos, máscaras, depósitos de aire, traxes de inmersión, arneses e indicadores;
- facer a inmersión servíndose de axudantes e utilizando escafandros autónomos ou traxes de inmersión;
- traballar baixo a auga, colocando ou reparando os alicerces de pontes, peiraos ou diques;
- inspeccionar cascos de embarcacións e instalacións baixo a auga para descubrir neles posibles avarías ou deterioracións e efectuar pequenas reparacións;
- informar sobre o estado de embarcacións afundidas;
- apartar obstáculos que se encontren baixo a auga;
- abrir furos na rocha para colocar barrenos baixo a auga;
- realizar diferentes tarefas baixo a auga relacionadas con traballos de salvamento ou de rescate de cadáveres;
- recoller moluscos, esponxas e outros organismos acuáticos;
- comunicarse cos traballadores de superficie mentres se permanece baixo a auga, empregando liñas de sinais ou teléfonos;
- obter información sobre as tarefas de mergullo e as condicións ambientais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mergulladores de salvamento
- Mergulladores

7892 Pegadores

Os pegadores colocan, montan e detonan explosivos en minas, canteiras e obras de demolición.

Entre as súas tarefas inclúense:

- garantir que se cumpren os procedementos e as normas de seguranza no lugar de traballo e de manexo, almacenamento e transporte de explosivos;
- planificar a disposición, profundidade e diámetro das perforacións para barrenos e dar instrucións ao respecto;
- comprobar a profundidade e limpeza das perforacións para barrenos;
- determinar a cantidade e o tipo dos explosivos que se deben usar;
- colocar os barrenos nas perforacións;
- montar cargas de cebo usando detonadores e cartuchos explosivos, ou dirixir outros traballadores para que as monten, e conectarlles filamentos eléctricos, fusibles e cordóns detonadores;
- conectar filamentos eléctricos, fusibles e cordóns detonadores en serie, comprobar os circuitos eléctricos e reparalos en caso de mal funcionamento, e conectalos en serie a máquinas de voadura;
- cubrir as cargas, encher as perforacións para barrenos con po de rocha, area e outros materiais, e apisoar o material para compactar as cargas;
- comprobar que detonaron todos os explosivos, informar sobre os fallos e ocuparse deles;

- declarar a seguraza das zonas de voadura antes e despois das detonacións;
- compilar e manter rexistros do uso de explosivos de conformidade coas leis e regulamentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Pegadores
- Polvoristas
- Grumetes encargados da pólvora
- Dinamiteiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Barreneiros (minas), 8111
- Barreneiros (pozos de petróleo ou gas), 8113
- Supervisores en enxeñaría de minas, 3201
- Peóns de minas e canteiras, 9603

7893 Clasificadores e probadores de produtos (salvo alimentos, bebidas e tabaco)

Os clasificadores e probadores de produtos (salvo alimentos, bebidas e tabaco) inspeccionan, proban, clasifican, mostran e pesan materias primas, compoñentes fabricados e artigos non comestibles producidos ou vendidos para garantir que se cumpren as normas de calidade e descubrir defectos, desgastes e desvíos das especificacións e ordenalos e clasificalos de acordo coa súa calidade.

Entre as súas tarefas inclúense:

- inspeccionar e probar produtos, pezas e materiais para garantir que se cumpren as especificacións e normas;
- clasificar as fibras téxtiles para o fialas e bobinalas;
- descartar ou rexeitar os produtos, materiais e equipamentos que non cumpran as especificacións;
- analizar e interpretar planos, datos, manuais e outros materiais para determinar as especificacións e os procedementos de inspección e de proba;
- notificar os problemas aos supervisores e ao persoal de produción restante, e axudarlles a identificalos e a corrixilos;
- rexistrar os datos das inspeccións e probas, como os relativos ao peso, a temperatura, a clase ou o contido de humidade, e as cantidades inspeccionadas ou clasificadas;
- marcar os artigos indicando datos como a clase e a súa aceptación ou rexeitamento;
- medir as dimensións dos produtos empregando instrumentos como regras, calibres ou micrómetros;
- analizar os datos das probas e facer os cálculos necesarios para determinar os resultados destas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Clasificadores de produtos
- Clasificadores de las

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos de control de calidade das ciencias físicas, químicas e das enxeñarías, 3160
- Inspectores de seguranza de produtos, 3326
- Clasificadores de froitas, 7709
- Clasificadores de hortalizas, 7709
- Clasificadores de peles, 7831
- Clasificadores de coiros, 7836

7894 Fumigadores e outros controladores de pestes e malas herbas

Os fumigadores e outros controladores de pestes e malas herbas usan produtos químicos para eliminar insectos nocivos, pequenos mamíferos, plantas silvestres e outros organismos indesexados co obxecto de evitar danos ás colleitas e aos edificios e outras estruturas e ao seu ámbito e previr riscos para a saúde.

Entre as súas tarefas inclúense:

- manexar e vixiar os equipamentos de fumigación;
- mesturar os produtos químicos de acordo coas instrucións;
- cubrir zonas ata a profundidade desexada con pesticidas, aplicando os coñecementos dispoñibles sobre condicións meteorolóxicas, tamaños de gota, cocientes elevación a distancia e obstáculos existentes;
- fumigar ou liberar solucións químicas ou gases tóxicos e dispoñer armadillas para acabar con pestes e animalías como ratos, térmites e cascudas;
- alzar, empurrar e bascular oa bocais, mangueras e tubos para fumigar directamente as zonas designadas;
- encher os depósitos de fumigación de auga e produtos químicos;
- limpar e manter os equipamentos para garantir o seu funcionamento eficiente.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fumigadores
- Controladores de pestes
- Controladores de malas herbas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fumigadores aéreos de cultivos, 3153

7899 Oficiais, operarios e artesáns doutros oficios non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo abrangue os oficiais, operarios e artesáns de artes mecánicas e doutros oficios non clasificados en ningunha outra epígrafe do gran grupo 7, Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo os operadores de instalacións e maquinaria). Inclúense nel, por exemplo, os que moldan, cortan, esmerilan e polen obxectivos ópticos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- quentar, moldar e prensar vidro óptico para confeccionar obxectivos;
- esmerilar e pulir os obxectivos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Arranxadores de flores
- Pulidor de obxectivos ópticos
- Moldadores de obxectivos ópticos
- Oficiais, operarios e artesáns de artes mecánicas e doutros oficios non clasificados baixo outras epígrafes

8 Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores

M Operadores de instalacións e maquinaria fixas, e montadores

81 Operadores de instalacións e maquinaria fixas

811 Operadores en instalacións da extracción e explotación de minerais

8111 Mineiros e outros operadores en instalacións mineiras

Estes traballadores manexan instalacións, máquinas e ferramentas manuais para extraer rochas, minerais e depósitos non metálicos de minas e canteiras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- colocar en posición, accionar e vixiar o rendemento de diversas máquinas de minaría a ceo aberto e en galerías, como as de arranque, corte e realización de rozas;
- axustar e accionar equipamentos de perforación en minas e canteiras;
- accionar máquinas e usar ferramentas manuais ou eléctricas para retirar as rochas, o mineral, o carbón e os demais depósitos que quedaron soltos;
- preparar, axustar e instalar puntais nos traballos subterráneos aplicando bulóns de ancoraxe;
- accionar máquinas para abrir novos condutos de ventilación;
- accionar máquinas auxiliares, como bombas para extraer aire, auga e lodo;
- realizar o mantemento de rutina e pequenas reparacións nas instalacións, máquinas e ferramentas, e ocuparse da súa lubricación e limpeza;
- cubrir rexistros detallando as operacións realizadas durante as quendas;
- recoller mostras de mineral para análise de laboratorio.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mineiros
- Salineiros
- Estibadores de minas
- Mineiros da extracción do carbón
- Mineiros da extracción de metais
- Mineiros da extracción de pedras ornamentais
- Operadores de máquinas perforadores en minas

- Operadores de máquinas extractoras de mineral

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en minaría, 3128
- Capataces de minas, 3201
- Barreneiros e dinamiteiros, 7892
- Peóns de minas, 9603
- Peóns de canteiras, 9603

8112 Operadores en instalacións para a preparación de minerais e rochas

Os operadores en instalacións para a preparación de minerais e rochas accionan e vixían máquinas e equipamentos de tratamento de minerais e rochas para obter produtos refinacións para o seu uso inmediato ou para posterior tratamento.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar e accionar máquinas e equipamentos para machucar, triturar, cortar, seccionar e partir rochas e minerais de acordo coas especificacións do traballo;
- colocar nas máquinas bloques e lousas de rocha para os traballos de dentado, corte e outros;
- vixiar e manter a alimentación de rochas e minerais non tratados das fitas transportadoras ás máquinas;
- accionar equipamentos de lavado, separación, lixiviación, precipitado, filtrado e combinación para eliminar o material de refugallo e recuperar os minerais;
- combinar os minerais con disolventes para facilitar o seu ulterior tratamento;
- separar metais ou minerais concentrados do mineral ou os depósitos aluviais por sedimentación, flutuación, gravidade, filtración ou por medios magnéticos ou electrostáticos;
- observar os contadores, indicadores e cadros de control, axustar as válvulas e mandos para garantir o funcionamento seguro e eficiente dos equipamentos e detectar o seu posible mal funcionamento, e axudar ao mantemento e reparación dos equipamentos e máquinas;
- examinar visual ou manualmente os materiais tratados para garantir que se cumpren as normas establecidas e as especificacións de traballo, e recoller, se é o caso, mostras para análise de laboratorio;
- rexistrar información sobre os tratamentos completados durante as quendas, especificando, por exemplo, as cantidades, tipos e dimensións dos materiais producidos;
- clasificar, amorear e trasladar os minerais e rochas tratados para a súa embalaxe, posterior tratamento ou embarque.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas quebrantadoras de mineral
- Operadores de lavadoiros de mineral
- Operador de máquinas do labrado da pedra

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en minas, 3128

- Tronzadores de pedra (con ferramentas manuais), 7122
- Labrantes de pedra (con ferramentas manuais), 7122
- Operadores de máquinas pulidoras de pedras, 8114

8113 Sondadores e traballadores afíns

Os sondadores e traballadores afíns colocan en posición, ensamblan e manexan máquinas e equipamentos de sondaxe para abrir pozos, extraer minerais, líquidos ou gases e para outros diversos fins.

Entre as súas tarefas inclúense:

- desmontar, desprazar e ensamblar plataformas de perforación e equipamentos auxiliares;
- ensamblar e desmontar tubos de perforación, canalizacións de revestimento e trépanos, e substituír os equipamentos que non funcionan axeitadamente;
- manexar os mandos para izar e elevar os tubos de perforación e canalizacións de revestimento nos pozos, regular a presión nestes e controlar a velocidade das ferramentas;
- preparar os fluídos de perforación e comprobar o funcionamento das bombas para garantir a circulación axeitada destes ao tubo de perforación e ao pozo;
- vixiar os indicadores e demais instrumentos e atender os equipamentos para detectar os casos de mal funcionamento e as condicións inhabituais dos pozos, e determinar a necesidade de modificar a perforación ou os equipamentos;
- manter, axustar, reparar e limpar as torres de perforación e a maquinaria de elevación e doutro tipo;
- manter rexistros das operacións de perforación e de mantemento;
- accionar máquinas e equipamentos para extraer dos pozos o po, os recortes e o material dos equipamentos de perforación que se soltasen ou rompesen;
- pechar e selar os pozos que xa non estean en servizo;
- se é o caso, supervisar e formar os membros do equipo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas perforadoras de pozos de petróleo e gas
- Operadores de tren de sondaxe/rotación (pozos de petróleo e gas)
- Sondadores prospectores, pozos en explotación
- Tubistas de minas e sondaxes
- Sondadores de rocha ou carbón

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en minaría, 3128
- Capataces de minas, 3201
- Barreneiros e dinamiteiros, 7892
- Mineiros, 8111

8114 Operadores de maquinaria para fabricar produtos derivados de minerais non metálicos

Estes traballadores accionan e vixían máquinas para fabricar e rematar diversos prefabricados de formigón ou pedra, incluída a pedra artificial, para a industria da construción.

Nota: entre os produtos fabricados polos operadores dos equipamentos e máquinas incluídos neste grupo primario figuran os seguintes: formigón mesturado para uso en proxectos de obras públicas e de construción, bordos, tixolos e baldosas de formigón, postes para cercas, tubos moldeados, revestimentos para cunetas, travesas de formigón para ferrocarrís, seccións de muros e tabiques, materiais de edificación, tubos de protección de cables, condutos para evacuación de fumes e po, rodas abrasivas e mobles de exterior.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar máquinas de extrudir, moldear, mesturar, bombear, compactar, molturar e cortar para a fabricación e acabado de prefabricados de formigón ou pedra;
- accionar equipamentos para producir cemento, cal e clínker, incluída a carga e descarga de ingredientes e o manexo de equipamentos de alimentación continua, como bombas e fitas transportadoras;
- accionar e vixiar máquinas que mesturan area, grava, cemento, auga e outros ingredientes para fabricar formigón;
- accionar equipamentos e máquinas que montan e enchen moldes con mesturas de formigón e pedra artificial, retiran os baleirados e rematan as superficies dos prefabricados;
- cortar, molturar, perforar, chorrear con area e pulir produtos de formigón, como bloques e lousas, de acordo coas especificacións establecidas;
- comprobar os planos de produción e as especificacións para determinar e seleccionar os materiais, ingredientes, procedementos, compoñentes e axustes para as máquinas de extrusión, moldeo, mesturado e compactación;
- vixiar o funcionamento dos equipamentos e máquinas observando instrumentos como os indicadores de temperatura e de presión, axustar os mandos e informar dos casos de mal funcionamento cando se requira;
- recoller e examinar mostras de mesturas e de produtos rematados para garantir que se cumpren as especificacións e axustar as máquinas correspondentemente;
- comprobar e manter rexistros de produción, incluíndo información sobre as cantidades, dimensións e tipos dos materiais e bens producidos;
- organizar o mantemento e reparación das máquinas e equipamentos e axudar nestas tarefas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores en instalacións para a produción de cemento
- Operadores de máquinas para elaborar xeso ou escaiola
- Operadores de máquinas para elaborar cal
- Operadores de máquina, produtos prefabricados de formigón
- Operadores de máquina, fabricación de pedra artificial
- Operadores de máquinas en planta de áridos
- Operadores de máquinas en planta de aglomerados asfálticos
- Operadores de máquinas pulidora de pedras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Pulidores de pedra (con ferramentas manuais), 7122

- Operadores de máquina de tratamento de rochas, 8112
- Operadores de instalacións de produtos cerámicos, 8191

812 Operadores en instalacións para o tratamento de metais

8121 Operadores en instalacións para a obtención e transformación de metais

Os operadores de instalacións para a obtención e transformación de metais accionan, vixían, axustan e manteñen máquinas e equipamentos de proceso único para tratar e converter minerais e refinar, endurecer, laminar e extrudir metais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar, preparar e regular máquinas de tratamento de minerais e metais para levar a cabo algunha fase do proceso;
- accionar máquinas monofuncionais de insistencia, separación, filtración, mestura, trituración, fundición, laminada, refinación ou algún outro tratamento dos metais e minerais;
- observar os indicadores, contadores, listados de ordenador, monitores de vídeo e produtos para garantir o funcionamento correcto das máquinas e verificar que se dan as condicións de tratamento especificadas;
- axustar os equipamentos, válvulas, bombas, mandos e equipamentos;
- controlar a preparación, medida e alimentación de materia prima e axentes de proceso ás máquinas;
- controlar o arranque e paraxe dos procesos, comprobar as avarías e controlar os equipamentos de proceso externos;
- verificar os equipamentos para detectar o seu mal funcionamento, realizar probas rutinarias de funcionamento e organizar o seu mantemento;
- analizar mostras dos produtos, realizar probas, rexistrar datos e levar rexistros de produción.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Fundidores de segunda fusión (metalurxia)
- Operadores de procesos de forxado de metais
- Operadores de instalación de obtención de aluminio
- Operadores de máquina estiradora de metais
- Operadores de máquina trefiladora de metais
- Operadores de coquización

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fundidores de alto forno, 3135
- Operadores de control de tren de laminación, 3135
- Operadores de máquina recubridora de metais, 8122

8122 Operadores de máquinas pulidoras, galvanizadoras e recubridoras de metais

Os operadores de máquinas pulidoras, galvanizadoras e recubridoras de metais accionan e vixían máquinas ou equipamentos para rematar, galvanizar e recubrir pezas ou artigos de metal co fin de aumentar a súa resistencia á corrosión e á abrasión, dar-lles aspecto decorativo ou conferir-lles propiedades eléctricas ou magnéticas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas e equipamentos para limpar pezas de metal antes de sometelas a procesos de galvanoplastia, esmaltación ou operacións similares;
- accionar e vixiar máquinas e equipamentos de galvanoplastia;
- accionar e vixiar máquinas e equipamentos para dar baños anticorrosivos en quente a produtos de ferro e aceiro;
- accionar e vixiar máquinas para recubrir fíos de arame cun metal non ferroso;
- accionar e vixiar aparellos para pulverizar metal fundido ou outras substancias sobre produtos de metal, co fin de revesti-los dunha camada protectora ou decorativa ou restaurar superficies gastadas ou deterioradas;
- accionar e vixiar aparellos para pavonar e dar un acabado resistente á oxidación a produtos de metal, tratándoos en quente con produtos químicos;
- comprobar o espesor adecuado do galvanizado empregando micrómetros, calibres e outros dispositivos de rexistro de datos, e levar rexistros de produción;
- preparar e mesturar solucións de metalizar segundo fórmulas ou especificacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina, galvanoplastia
- Operadores de máquina, pulidora/metalurxia
- Operadores de máquina, recubridora/arame

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Técnicos en control de procesos de produción de metais, 3135

813 Operadores de instalacións e máquinas de produtos químicos, farmacéuticos e materiais fotosensibles

8131 Operadores en instalacións industriais químicas

Os operadores en instalacións industriais químicas vixían e accionan aparellos e máquinas para combinar, mesturar, procesar e envasar unha gran diversidade de produtos químicos (salvo produtos farmacéuticos ou cosméticos).

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar, poñer en marcha, controlar, axustar e deter máquinas e instalacións;
- vixiar procesos de reacción e transferencias de produtos de conformidade cos procedementos de seguranza establecidos;
- vixiar medidores, calibradores e instrumentos electrónicos nun ou máis aparellos para a fabricación ou formulación de produtos químicos, como máquinas mesturadoras, quentadoras, amasadoras, secadoras, prensadoras, encapsuladoras, granuladoras ou recubridoras;
- medir, pesar e cargar ingredientes químicos seguindo as fichas de formulación;
- tomar mostras e realizar análises químicas e físicas de rutina de produtos e rexis-

- traer datos de produción;
- limpar e realizar reparacións menores en máquinas e instalacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de instalación química
- Operadores de instalacións de tratamento químico térmico de produtos
- Operadores de reactor, procesos químicos
- Operadores de equipamentos de destilación e reacción química
- Operadores de instalacións para producir aboamentos artificiais
- Operadores de maquina, fabricación de municións
- Operadores de maquina, fabricación de pinturas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina, fabricación de deterxentes, 8132
- Técnicos en control de instalacións de procesamento de produtos químicos, 3133
- Técnicos de refinarías de petróleo e gas natural, 3134

8132 Operadores de máquinas para fabricar produtos farmacéuticos, cosméticos e afíns

Os operadores de máquinas para fabricar produtos farmacéuticos, cosméticos e afíns vixían e accionan aparellos e máquinas para combinar, mesturar, procesar e envasar unha gran diversidade de produtos farmacéuticos, cosméticos ou similares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar, poñer en marcha, controlar, axustar e deter máquinas e instalacións;
- vixiar procesos de reacción e transferencias de produtos de conformidade cos procedementos de seguranza establecidos;
- vixiar medidores, calibradores e instrumentos electrónicos nun ou máis aparellos para a fabricación ou formulación de produtos químicos, como máquinas mesturadoras, quentadoras, amasadoras, secadoras, prensadoras, encapsuladoras, granuladoras ou recubridoras;
- medir, pesar e cargar ingredientes químicos seguindo as fichas de formulación;
- tomar mostras e realizar análises químicas e físicas de rutina de produtos e rexistrar datos de produción;
- limpar e realizar reparacións menores en máquinas e instalacións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina, fabricación de cosméticos
- Operadores de máquina, fabricación de produtos farmacéuticos
- Operadores de máquina, fabricación de deterxentes

8133 Operadores de laboratorios fotográficos e afíns

Os operadores de laboratorios fotográficos e afíns revelan películas fotográficas, sacan copias e amplían negativos ou diapositivas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar equipamentos que fabrican películas e papel fotográfico;
- accionar, vixiar e verificar equipamentos de procesamento e impresión fotográfica e seguir os procedementos de traballo;
- preparar as películas reveladas para diferentes lotes de procesamento en cuartos e cámaras escuros;
- inspeccionar imaxes, películas e copias, e axustar os reguladores nas máquinas impresoras para obter a cor, brillo, contraste, número, tamaño e tipo de copias desexados;
- axustar os reguladores e accionar máquinas de revelado automático;
- accionar equipamentos para pasar películas fotográficas a fitas de vídeo ou outros soportes electrónicos;
- realizar tarefas relacionadas co procesamento fotográfico;
- supervisar outros traballadores;
- accionar equipamentos automáticos (en establecementos retallistas) para revelar negativos en cor, e facer copias e diapositivas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina, revelado de fotografías
- Operadores de máquina, revelado de películas de cinema
- Operadores de máquina, revelado de radiografías
- Operadores de máquina, ampliación de fotografías
- Operadores de máquina para fabricar fita para películas de cinema
- Operadores de máquina para fabricar papel fotográfico
- Operadores de máquina para fabricar película fotográfica

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fotógrafos, 3731
- Fotolitoógrafos, 7622

814 Operadores en instalacións para o tratamento e transformación da madeira, a fabricación de papel, produtos de papel e caucho ou materias plásticas

8141 Operadores de máquinas para fabricar produtos de caucho e derivados de resinas naturais

Os operadores de máquinas para fabricar produtos de caucho e derivados de resinas naturais accionan e vixían máquinas que amasan e mesturan caucho, compostos de caucho ou derivados de resinas naturais, e fabrican diversos compoñentes e artigos a partir de caucho natural ou sintético e derivados de resinas naturais, como calzado de goma, artigos da casa, materiais illantes, accesorios industriais e pneumáticos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas para amasar e mesturar caucho bruto ou compostos de caucho con vistas ao seu tratamento ulterior;
- accionar e vixiar máquinas (calandras) que estiran a materia prima mediante rolos para producir láminas de caucho ou teas encauchadas;

- accionar e vixiar máquinas que, por extrusión, comprimen compostos de caucho ou moldan tales materiais no seu estado mol mediante operacións de vulcanización;
- accionar e vixiar máquinas para elaborar pneumáticos para rodas en formas especiais, vulcanizalos ou volver moldalos ou encauchalos unha vez gastados;
- examinar a produción para detectar defectos e desconformidades coas especificacións;
- localizar defectos e reparar pneumáticos gastados ou defectuosos mediante operacións de vulcanización ou doutro tipo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina de fabricación de produtos de caucho
- Operadores de máquina de fabricación de pneumáticos
- Operadores de máquina de vulcanización de pneumáticos
- Operadores de máquina mesturadora-amasadora de caucho
- Operadores de máquina extrusora de caucho
- Operadores de máquinas para fabricar selos de caucho
- Operadores de máquinas para fabricar produtos derivados de resinas naturais

8142 Operadores de máquinas para fabricar produtos de material plástico

Os operadores de máquinas para fabricar produtos de material plástico accionan e vixían máquinas que amasan e mesturan compostos para obter materiais plásticos e fabricar con elas diversos compoñentes e artigos de material plástico.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas que amasan e mesturan compostos para obter materiais plásticos;
- accionar e vixiar máquinas que moldan materiais plásticos por inxección, extrusión ou outros procedementos;
- accionar e vixiar máquinas para fabricar láminas de plástico e artigos impregnados de material plástico ou producir fibra de vidro;
- enfundar en plástico arame, corda, cable ou fibra óptica;
- examinar a produción para detectar defectos e desconformidades coas especificacións;
- reciclar os residuos de materiais de plástico;
- fabricar ollos artificiais e lentes de contacto, e fabricar e reparar monturas de lentes e pezas de plástico de produtos ortopédicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de fabricación de xoguetes de plástico
- Operadores de máquinas para fabricar produtos de plástico
- Operadores de máquinas inxectoras de plásticos
- Operadores de máquinas extrusoras de PVC
- Operadores de máquinas soldadoras de material plástico
- Operadores de máquinas metalizadoras de plástico por alto baleiro
- Operadores de máquinas para preparar moldes de resina

8143 Operadores de máquinas para fabricar produtos de papel e cartón

Os operadores de máquinas para fabricar produtos de papel accionan e vixían máquinas que fabrican caixas, sobres, bolsas e outros produtos de papel, cartón, cartolina e materiais similares.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas que pegan papel sobre cartón, cortan cartón segundo as dimensións desexadas, ou cortan e pregan elementos de cartolina ou de cartón para confeccionar caixas;
- accionar e vixiar máquinas que presan e embuten papel, cartolina ou cartón para confeccionar vasos e outros recipientes;
- accionar e vixiar máquinas que cortan, colan e pregan papel para fabricar sobres ou bolsas, ou confeccionan bolsas a partir doutros materiais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas para fabricar artigos de cartón
- Operadores de máquinas para fabricar manteis, toallíñas e compresas
- Operadores de máquinas cortadora/pregadora de papel e cartón
- Operadores de máquina troqueladoras de papel, cartón e materiais afíns

8144 Operadores de serradoiros, de máquinas de fabricación de taboleiros e de instalacións afíns para o tratamento da madeira e a cortiza

Estes operadores vixían, accionan e controlan equipamentos para desbastar troncos, cortar os troncos en chapas, fabricar taboleiros de contrachapado e de partículas e preparar doutras formas a madeira para a súa utilización posterior.

Entre as súas tarefas inclúense:

- examinar os troncos e a madeira bruta para determinar o seu tamaño, estado, calidade e demais características co obxecto de decidir os mellores cortes que deban facerse, ou accionar equipamentos automáticos para facer pasar os troncos por aparellos de láser que determinen os patróns de corte máis produtivo e rendibles;
- accionar e vixiar carrís e fitas transportadoras para colocar troncos en posición;
- accionar e vixiar serras mecánicas principais, reserradoras e de varias follas para serrar troncos, toradas, casqueiros ou rollas e suprimir esquinas e cantos desiguais da madeira serrada;
- accionar e vixiar máquinas intercaladoras de láminas de chapa e prensas para fabricar contrachapado con láminas de chapa coladas e prensadas en quente;
- limpar e lubricar os equipamentos de serradura.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas tronzadoras de madeira
- Operadores de máquinas escascadoras de madeira
- Operadores de fornos de secar madeira
- Operadores de serras circulares (madeira)

- Operadores de fabricación de laminados de madeira
- Operadores de máquinas de fabricación de aglomerados
- Operadores de máquinas para fabricar chapas e taboleiros contrachapado
- Operadores de máquinas para o tratamento da cortiza

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Traballadores do tratamento da madeira (salvo operadores de máquinas de procesamiento), 7811
- Traballadores do tratamento da cortiza (salvo operadores de máquinas de procesamiento), 7811
- Operadores de máquinas para traballar a madeira, 7812

8145 Operadores en instalacións para a preparación de pasta de papel e fabricación de papel

Os operadores en instalacións para a preparación de pasta de papel e fabricación de papel controlan, accionan e vixían máquinas e instalacións para converter materiais (madeira, trapos, esparto, palla, polpa ou papel usado) en pasta para fabricar papel, e accionan e vixían máquinas e instalacións para a fabricación de papel e cartón partindo da pasta de papel como materia prima.

Entre as súas tarefas inclúense:

- coordinar e vixiar o funcionamento dos equipamentos de cribaxe, os equipamentos de lavado, as caldeiras (dixestores), os depósitos de mestura e os restantes equipamentos de fabricación de pasta de papel desde cadros de control automatizados situados nunha sala central, para controlar a transformación da madeira, restos de pasta de papel, papel reciclable e demais materiais celulósicos;
- accionar e vixiar os equipamentos de cribaxe, os equipamentos de lixiviaxe, as caldeiras (dixestores), os depósitos de mestura e as restantes máquinas e equipamentos de fabricación de pasta de papel para completar as distintas fases do proceso;
- controlar o arranque e paraxe das máquinas e equipamentos de proceso, e observar os indicadores dos cadros de control, os indicadores de nivel e os demais instrumentos para detectar o posible mal funcionamento e garantir que as distintas etapas se desenvolven de acordo coas especificacións;
- analizar as lecturas dos instrumentos e as mostras dos ensaios de produción, e facer os axustes que se requiran no proceso e nos equipamentos;
- cubrir e manter informes de produción.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores en instalacións de fabricación de pasta de papel
- Operadores máquinas trituradoras de pasta de papel
- Operadores de máquinas lavadoras de pasta de papel
- Operadores de máquinas branqueadoras de pasta de papel
- Operadores de máquinas de fabricación de papel e cartón
- Operadores de máquinas calandradoras-satinadoras de papel
- Operadores de máquinas cortadoras de papel

815 Operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles e artigos de pel e de coiro

8151 Operadores de máquinas para preparar fibras, fiar e debandar

Os operadores de máquinas de preparar fibras, fiar e debandar accionan e vixían máquinas que preparan fibras téxtiles naturais para fiar e bobinar e fían, dobran, retorcen, arrastran e rebobinan os fíos e fiaduras procedentes de tales fibras. Retorcen dúas ou máis mechas de fío ou fiadura para preparar unha soa mecha máis forte, máis suave, uniforme e máis pesada, e tratan as fibras para facelas duras e resistentes á auga.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas para rachar trapos e reducilos a fibras;
- accionar e vixiar máquinas para limpar e converter os residuos de fiado en la esponxosa;
- accionar e vixiar máquinas que revolven e lubrican as fibras téxtiles para obter mesturas uniformes das clases desexadas;
- accionar e vixiar máquinas que limpan e espilen as fibras téxtiles, convértenas en fitas de fibras e a estas en varias napas con que se forman napas de fitas, peitean as napas de fitas, estíranas e combinan fitas de carda para obter nobelos ou madeixas;
- accionar a máquina peiteadora provista de varios corpos, combinando cada corpo varias fitas nunha soa dun peso e grosor similares aos da fita orixinal;
- accionar e vixiar máquinas para fabricar fíos e fiaduras a partir das mechas, para arrastrar dous ou máis fíos nunha bobina, para retorcer dúas ou máis mechas de fío ou fiadura ata obter mechas máis fortes, máis suaves ou uniformes, ou para pasar nobelos ou madeixas dunha bobina a outra;
- accionar e vixiar máquinas de fiadura que estiran e torcen mechas ou fitas en fío;
- accionar e vixiar máquinas para estirar fitas procedentes de máquinas peiteadoras en filamentos de primeira torsión;
- preparar aprestos para dar rixidez e calidades de acabado a tecidos e fíos mesturando ingredientes como amidón, sebo, resinas, xabóns e auga e fervendo a mestura ao vapor durante un tempo determinado;
- tratar os tecidos con produtos químicos para facelos resistentes á auga;
- limpar os rolos e cilindros das máquinas de cardar para retirar os restos de la;
- accionar e rectificar os rolos de metal de diversas máquinas de fiar, peitear e lustrear con novas cubertas de caucho ou coiro.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas lavadoras de fibras téxtiles
- Operadores de máquinas de fiar continuas
- Operadores de máquinas cardadoras de fibras
- Operadores de máquinas bobinadoras e rebobinadoras de fíos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fiandeiros artesáns, 7618

8152 Operadores de teares e outras máquinas tecedoras

Os operadores de teares e outras máquinas tecedoras axustan, accionan e vixían os teares e máquinas tecedoras que elaboran materiais tecidos, non tecidos e de punto, como teas, encaixes, alfombras, cordas, tecidos industriais ou roupa de vestir ou de calcetaría, ou que bordan tecidos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axustar e accionar baterías de máquinas máquinas de calcetar automáticas con agullas de lingüeta para calcetar pezas de vestir co patrón e deseño especificados;
- enfiar fíos, fiaduras e tecidos a través de guías, agullas e rolos de teares, máquinas máquinas de calcetar ou para outros procesos;
- atender teares automáticos que simultaneamente tecen fío de bucle, trama e urdume para elaborar alfombras e esteiras de varias cores e deseños;
- accionar e vixiar teares en que o fío ou o torzal se entrecruza e ata a intervalos reguladores para formar unha malla;
- accionar e vixiar grandes máquinas automáticas de varias agullas para bordar material ou coser varias camadas de material para elaborar xéneros por metros, edredóns ou colchas;
- atender máquinas de calcetar circulares con controis automáticos que tecen xéneros tubulares continuos;
- accionar e vixiar máquinas de calcetar para tecer produtos de calcetaría;
- accionar e vixiar máquinas para tecer as dedas e talóns dos calcetíns en aneis ou reforzos cortados en tecido circular;
- accionar e vixiar máquinas que cosen as aberturas correspondentes ás dedas nos calcetíns;
- accionar e vixiar máquinas de facer gancho para tecer encaixes ou adornos segundo un patrón ou deseño especificado;
- examinar teares para determinar as causas da súa paraxe, como a rotura de accesorios ou os defectos mecánicos;
- reparar ou substituír as agullas e os demais compoñentes gastados ou defectuosos;
- limpar, aceitar e lubricar as máquinas empregando mangueras de aire, solucións limpadoras, trapos, latas de aceite ou inxectores de graxa.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Preparadores-axustadores de teares
- Operadores de máquinas tecedoras en tear de calada
- Operadores de máquinas urdidora-encoladora de fíos
- Operadores de máquinas tecedora de redes e mallas
- Operadores de máquinas remalladoras de pezas de xénero de punto
- Operadores de máquinas circular tecedora de xénero de punto

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Tecedores artesáns, 7618

8153 Operadores de máquinas de coser e bordar

Os operadores de máquinas de coser e bordar accionan e vixían máquinas para confeccionar, arranxar, zurcir e renovar pezas de vestir feitas de tea, tecidos, peles ou coiro, ou para engadirlles deseños decorativos. Accionan máquinas de facer botoeiras (para botóns e para broches) para facer as botoeiras, repasar o seu bordo, coser os botóns e fixar os broches ás pezas de vestir.

Entre as súas tarefas inclúense:

- atender e accionar máquinas de coser para realizar operacións de unión, reforzo ou adorno en pezas de vestir ou en partes destas;
- pegar botóns, corchetes, cremalleiras, presillas ou outros accesorios a teas ou tecidos;
- atender máquinas de coser semiautomáticas con varios cabezais de costura controladas por unha cadea de padróns que segue varios deseños;
- accionar máquinas como remalladoras de unha ou de dúas agullas para unir, reforzar ou adornar automaticamente materiais ou artigos;
- accionar máquinas de coser para unir anacos de pel ata conseguir o tamaño e a forma desexados e aplicalos a pezas de vestir;
- accionar máquinas de coser para coser pezas de coiro e confeccionar pezas de vestir, bolsos, luvas e artigos similares deste material;
- vixiar o funcionamento das máquinas para detectar problemas como unha costura defectuosa, a rotura do fío ou o mal funcionamento;
- realizar tarefas de mantemento, como a substitución das agullas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas industriais de coser
- Operadores de máquinas industrial de bordar

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xastres, 7831
- Peleteiros, 7831
- Costureiros, 7834
- Bordadores, 7834
- Artesán de tecidos, 7618
- Operadores de máquinas de costura de calzado, 8156
- Operadores de máquinas de costura de marroquinaría, 8156

8154 Operadores de máquinas de branquexar, tinguir, estampar e rematar téxtiles

Os operadores de máquinas de branquexar, tinguir, estampar e rematar téxtiles accionan e vixían máquinas para tinguir, branquexar, lavar e tratar por outros medios as fibras, teas ou tecidos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- arrancar e controlar máquinas e equipamentos para branquexar, tinguir ou tratar doutro modo fibras, teas, tecidos e outros produtos téxtiles, e para darlles o acabamento;
- atender máquinas para encoller tecidos ata que acaden o tamaño previamente

- determinado ou para enfurtilos;
- atender diversas máquinas automáticas de peitear e limpar peles;
- accionar e vixiar máquinas que aduban a seda para darlle peso e corpo;
- accionar e vixiar máquinas para impermeabilizar os tecidos mediante a aplicación de produtos químicos;
- tinguir artigos para cambiar ou restaurar a súa cor;
- accionar e vixiar máquinas que estiran, satinan ou someten os tecidos a outros tratamentos de acabado;
- atender e regular equipamentos para a fumigación das peles e a retirada delas dos produtos estraños;
- accionar máquinas para peitear, secar e limpar peles, e para limpar, esterilizar e embelecen plumas;
- teclear instrucións de proceso para os equipamentos programados electronicamente;
- observar pantallas de ordenador, cadros de control e os procesos de entrada e saída dos tecidos para determinar se os equipamentos están a funcionar correctamente;
- limpar os filtros das máquinas e lubricar os equipamentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas para o acabado de produtos téxtiles
- Operadores de máquinas de tintura de teas
- Operadores de máquinas estampadoras de téxtiles
- Operadores de máquinas pasadoras de confección industrial
- Operadores de máquinas lavadoras de fíos
- Operadores de máquinas de tintura de fíos e fibras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de impresoras de serigrafía, 7622
- Operadores de máquina de lavandaría, 8170
- Operadores de máquinas pasadoras (non industrial), 8170
- Operadores de máquinas de tintura de pezas en lavandaría, 8170
- Lavadeiras á man, 9221
- Pasadores de ferro á man, 9221

8155 Operadores de máquinas para tratar peles e coiro

Os operadores de máquinas para tratar peles e coiros accionan e vixían diversas máquinas utilizadas na preparación, curtume e tratamento de coiros e peles. Cortan, ranchan, limpan, curten, desfloran e tinguen peles e pelecillos para obter pezas de coiro e peles acabadas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas para retirar os restos de carne e graxa das peles ou pelecillos co fin de limpalos e suavizalos antes de curalos;
- accionar e vixiar máquinas para eliminar pelos longos e grosos das peles e igualar a lonxitude do pelame, e para tinguir, alisar e suavizar as peles curtidas;
- accionar e vixiar máquinas para eliminar das peles as raíces do pelo, as células

- pigmentarias e os depósitos de sales;
- accionar e vixiar máquinas para reducir o grosor das peles e pelellos a un tamaño uniforme;
- accionar e vixiar máquinas para desbastar as peles ou pelellos ata obter o acabado especificado;
- accionar e vixiar máquinas para separar a la do coiro ou eliminar a carne e o pelo dos coiros;
- accionar ou vixiar máquinas para cortar ou fender os coiros co fin de obter dúas ou máis pezas ou darlles un grosor uniforme;
- accionar e vixiar máquinas para curtir coiros e pelellos en solucións especiais e obter produtos curtidos;
- tratar a superficie do coiro con aceites e accionar máquinas e darlle un acabado;
- accionar e vixiar máquinas para aplicar tinturas e corantes aos coiros curtidos;
- manter e reparar as cubas e a restante maquinaria.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de curtume de peles e coiros
- Operadores de máquinas cortadoras (preparación de peles e coiros)
- Operadores de máquinas de pasada e gravado de curtidos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Tintureiros de peles, 7836
- Coireiros, 7836

8156 Operadores de máquinas para a fabricación do calzado, marroquinaría e luvas de pel

Estes operadores accionan e vixían as máquinas con que se fabrican ou reparan calzado normal ou especial, bolsos e outros artigos, principalmente de coiro.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas para facer patróns e formas e cortar as diferentes partes do calzado;
- accionar e vixiar máquinas para coser diferentes partes do calzado, suavizar ou alisar bordos e superficies, cepillar, encerar, engadir ou perforar elementos ou deseños decorativos e dar o acabado aos artigos rematados;
- accionar e vixiar máquinas para fabricar maletas, bolsos, cintos e outros accesorios e artigos, así como monturas, colares e demais arneses.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas cortadora de pezas de calzado
- Operadores de máquinas de costura e aparado de calzado
- Operadores de máquinas de acabado de calzado
- Operadores de máquinas para rebaixar pezas (aparado de calzado)
- Operadores de máquinas automática para lixar zapatos
- Montadores a máquina de talóns de calzado
- Montadores a máquina para confeccionar luvas

- Operadores de máquinas para fabricar artigos de marroquinaría

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Zapateiro, 7837
- Artesáns do coiro, 7618
- Operadores de máquinas para o curtume do coiro, 8155
- Operadores de máquinas cortadoras de peles e coiros (confección), 8159

8159 Operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles e artigos de pel e coiro non clasificados en ningunha outra epígrafe do subgrupo 815, Operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles e artigos de pel e de coiro. Nel inclúense, por exemplo, os que accionan e vixían máquinas utilizadas para confeccionar sombreiros, tendas, colchóns ou artigos diversos, como os de pasamanaría ou de punto de labor de gancho.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas para fabricar sombreiros feitos de materias téxtiles, pel ou coiro;
- accionar e vixiar máquinas para confeccionar artigos de pasamanería ou de punto de labor de gancho;
- accionar e vixiar máquinas que dobran os tecidos á lonxitude desexada;
- accionar e vixiar máquinas que enrolan os fíos, bramantes ou fiaduras en madeixas como preparación para a súa expedición ou posterior tratamento;
- accionar e vixiar máquinas para medir o tamaño das pezas de coiro.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas para fabricar colchóns
- Operadores de máquinas para confeccionar sombreiros
- Operadores de máquinas para fabricar tendas
- Operadores de máquinas para confeccionar pasamanaría
- Operadores de máquinas para confeccionar teas non tecidas
- Operadores de máquinas para confeccionar adornos para toucado e vestido
- Operadores de máquinas cortadoras de peles e coiros (confección)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas cortadoras (preparación de peles e coiros), 8155
- Operadores de máquinas cortadoras de pezas de calzado, 8156

816 Operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco

8160 Operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco

Os operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco axustan, accionan e atenden máquinas usadas para sacrificar os animais, para separar a carne dos ósos e espiñas, e para enforar, conxelar, quentar, triturar, mesturar e tratar por outros procedementos produtos de alimentación, bebidas e follas de tabaco.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas usadas para inmovilizar, atordoar e sacrificar os animais e para separar a carne dos ósos e espiñas;
- axustar, accionar e atender máquinas e fornos para mesturar, enforar e preparar doutra forma pan e produtos de confeitaría;
- accionar máquinas para triturar, mesturar, salgar, cociñar e fermentar cereais e froitas para elaborar cervexa, viños, licores de malte, vinagre, fermento e outros produtos;
- atender equipamentos para confeccionar marmelada, caramelos, queixo, queixo fundido, margarina, xarope, xeo, pasta, xeados, salchichas, chocolate, amidón de millo, graxas comestibles e dextrina;
- accionar equipamentos para arrefriar, quentar, secar, torrar, escaldar, pasteurizar, afumar, esterilizar, conxelar, evaporar e concentrar produtos alimentarios e líquidos usados no seu tratamento;
- mesturar, reducir polpa, triturar, amasar e separar produtos de alimentación e líquidos empregando aparellos para batelos, prensalos, coalos, triturados e filtrados;
- elaborar xarutos, cigarros, tabaco de pipa e outros produtos tratando mecanicamente as follas de tabaco.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina de fabricación de produtos de panadería
- Operadores de máquina de fabricación de pan
- Operadores de máquina de elaboración de chocolates
- Operadores de máquina de fabricación de cigarros
- Operadores de máquina de elaboración de produtos lácteos
- Operadores de máquina de preparación de peixe
- Operadores de máquina de preparación de carne
- Operadores de máquina de tratamento do leite

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina enlatadora de conservas, 8193

817 Operadores de máquinas de lavandaría e tinturaría

8170 Operadores de máquinas de lavandaría e tinturaría

Os operadores de máquinas de lavandaría e tinturaría accionan máquinas de lavado, limpeza en seco, pasada e tratamento de tecidos en lavandarías e tinturarías.

Entre as súas tarefas inclúense:

- clasificar a roupa para limpala segundo o tipo, cor, tecido e tratamento de limpeza que precisen;
- colocar a roupa clasificada en recipientes e en fitas transportadoras para trasladala ás zonas de reparación e limpeza;

- inspeccionar e quitar manchas de pezas de vestir, repoñer botóns e efectuar reparacións menores;
- cargar e descargar lavadoras, secadoras e extractoras;
- engadir axentes de limpeza e amidóns ás pezas de vestir;
- alisar as pezas de vestir e pasalas por máquinas de limpeza e pasada;
- poñer en marcha e parar máquinas para desenredar, estirar e retirar pezas de vestir;
- colocar artigos en estantes e colgalos para a súa entrega e recolla;
- empacquetar a roupa e organizar a entrega de pedidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de limpeza en seco
- Operadores de máquinas de lavandaría
- Operadores de máquinas de pasada
- Operadores de máquinas de tintura de pezas en lavandaría

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Lavandeiros á man, 9221
- Pasadores de ferro á man, 9221
- Limpadores de alfombras e moquetas, 9229

819 Outros operadores de instalacións e maquinaria fixas

8191 Operadores de fornos e instalacións de vidraría e cerámica

Os operadores de fornos e instalacións de vidraría e cerámica accionan e controlan os fornos e demais máquinas utilizados para fabricar produtos de vidro, cerámica, porcelana, tellas ou tixolos. Accionan máquinas utilizadas para temperar, endurecer ou decorar vidro e cerámica.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e atender fornos de fabricación de vidro para obter vidro derretendo e fundindo ingredientes premesturados;
- atender máquinas de sopraxe en frío ou quente utilizadas para recubrir obxectos de vidro cun endurecedor de superficie;
- accionar e atender máquinas que estiran ou laminan o vidro fundido para dar forma a recipientes como botellas, xerras e vasos;
- accionar prensas manuais para moldar o vidro na forma desexada;
- accionar máquinas de extrusión que estiran ou laminan o vidro fundido en láminas ou follas continuas;
- accionar e vixiar instalacións para a produción de vidro soprado;
- accionar e atender máquinas de acabado que cortan, tradean, lixan, biselan, decoran, lavan ou polen vidro ou produtos de vidro;
- preparar e accionar máquinas prensadoras que moldan artigos cerámicos a partir de arxila húmida;
- accionar máquinas que mesturan arxila con auga para amasala e obter un estado plástico en forma semilíquida adecuado para fabricar produtos cerámicos;
- accionar e atender fornos para cocer pezas de barro, louza ou porcelana, ou para

- cocer tellas, tixolos e baldosas;
- accionar e atender máquinas para fabricar vidrados ou abrasivos;
- accionar e atender máquinas de extrusión que estiran ou laminan o vidro fundido para obter filamentos de fibra de vidro;
- inspeccionar os produtos rematados para detectar fisuras, gretas, roturas e imperfeccións de cor ou doutro tipo.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de fornos de produción de vidro
- Operadores de fornos de tellas e tixolos
- Operadores de fornos de cerámica e porcelana
- Operadores de máquinas de soprado de vidro
- Operadores de máquinas de mestura de arxila
- Operadores de máquinas de mestura de vidro

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Cortadores de vidro, 7615
- Sopradores de vidro, 7615
- Moldadores de tixolos, tellas e baldosas, 7614

8192 Operadores de caldeiras e máquinas de vapor

Os operadores de caldeiras e máquinas de vapor manteñen e accionan diversos tipos de máquinas de vapor, caldeiras, turbinas e equipamentos auxiliares para subministrar enerxía e outros servizos a edificios comerciais, industriais, e de vivendas, en lugares de traballo e a bordo de buques ou embarcacións autopropulsadas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar, limpar, lubricar e vixiar máquinas de vapor, caldeiras e equipamentos auxiliares, como bombas, compresores e equipamentos de aire acondicionado, para subministrar e manter vapor e enerxía a edificios, embarcacións ou ferramentas pneumáticas;
- analizar e rexistrar as lecturas dos instrumentos, localizar as avarías e realizar pequenas reparacións para previr fallos nos equipamentos ou sistemas;
- vixiar e inspeccionar o funcionamento eficiente dos equipamentos e garantir que a auga das caldeiras, os produtos químicos e o combustible se manteñen aos niveis requiridos;
- acender os fornos de carbón manualmente ou cun cargador, e as caldeiras de gas ou de petróleo con dispositivos de alimentación automática de gas ou bombas de combustible;
- comprobar a calidade da auga das caldeiras ou ocuparse de que se comprobe, axustar o que proceda e tomar as medidas pertinentes, como a adición de produtos químicos para previr a corrosión e a deposición de substancias nocivas;
- vixiar os indicadores dos motores, máquinas e equipamentos dos buques, rexistrar as variables e informar das anomalías o oficial de máquinas;
- accionar e manter as bombas e válvulas de descarga de líquidos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Encargado de caldeira
- Operador de caldeira de buque
- Técnico en equipamentos fixos
- Operador de máquina de vapor
- Fogueiro

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Oficiais maquinista, 3151
- Mecánicos de máquinas fixas, 7403

8193 Operadores de máquinas de embalaxe, embotellamento e etiquetaxe

Os operadores de máquinas de embalaxe, embotellamento e etiquetaxe accionan e vixían máquinas que pesan, empaquetan e etiquetan varios produtos ou enchen diferentes recipientes con produtos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- accionar e vixiar máquinas que pesan, retractilan, pechan e embalan varios produtos;
- accionar e vixiar máquinas que enchen tubos, frascos, latas, caixas, bolsas e recipientes con produtos como alimentos, bebidas, pinturas, aceites e locións e os pechan;
- accionar e vixiar máquinas para rotular produtos, paquetes e colectores mediante colaxe ou por outros medios.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas envasadoras de pastas alimenticias
- Operadores de máquinas envasadoras de azucre
- Operadores de máquinas embotelladoras de bebidas
- Embaladores envasadores de medicinas
- Operadores de máquinas empaquetadoras
- Operadores de máquinas etiquetadoras
- Operadores de máquinas enlatadoras de conservas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Empacadores manuais, 9700

8199 Operadores de instalacións e maquinaria fixas non clasificados baixo outras epígrafes

Este grupo primario abrangue os operadores de instalacións de máquinas e de instalacións fixas non clasificados en ningunha outra epígrafe do subgrupo principal 81, Operadores de instalacións fixas e máquinas. Nel inclúense, por exemplo, os operadores de máquinas que fabrican chips de silicio e que empatan cables e cordas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquina de fabricación de chips de silicio

- Operadores de máquina empadora de cables e cordas

82 Montadores e ensambladores en fábricas

820 Montadores e ensambladores en fábricas

8201 Ensambladores de maquinaria mecánica

Os ensambladores de maquinaria mecánica ensamblan compoñentes ou partes mecánicas de máquinas, de conformidade con normas e prescricións estritas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ensamblar e instalar pezas prefabricadas ou compoñentes para formar subconjuntos, máquinas mecánicas, motores e vehículos de motor acabados;
- examinar os pedidos de traballo, especificacións, diagramas e planos para determinar os materiais necesarios e as instrucións de montaxe;
- rexistrar datos de produción e de explotación nos formularios especificados;
- inspeccionar e probar os compoñentes e montaxes completadas;
- rexeitar as montaxes e compoñentes defectuosos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Montadores de motores
- Mecánicos de banco (camións)
- Montadores de vehículos
- Instaladores de motores
- Montadores axustadores de elementos mecánicos de motores aeronáuticos
- Ensambladores de turbinas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Montadores de bicicletas, 8209
- Montadores de equipamentos electromecánicos, 8202

8202 Ensambladores de equipamentos eléctricos e electrónicos

Os ensambladores de equipamentos eléctricos e electrónicos ensamblan ou modifican compoñentes de equipamentos eléctricos, electromecánicos e electrónicos de conformidade con normas e prescricións estritas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ensamblar compoñentes e sistemas eléctricos e electrónicos, e colocar, aliñar e suxeitar unidades a conxuntos, subconjuntos ou bastidores empregando ferramentas manuais ou motorizadas e equipamentos de soldadura ao estaño e de microsoldadura;
- examinar os pedidos de traballo, especificacións, diagramas e planos para determinar os materiais necesarios e as instrucións de montaxe;
- rexistrar datos de produción e de explotación nos formularios especificados;
- accionar máquinas para enrolar as bobinas de arame usadas en equipamentos e

compoñentes eléctricos como rexistradores, transformadores, debandados do inducido, motores eléctricos e xeradores;

- inspeccionar e probar os compoñentes e conxuntos completos e as instalacións e circuítos de cableamento, e rexeitar os compoñentes defectuosos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Montadores de maquinaria eléctrica
- Montadores de aparellos e cadros eléctricos
- Montadores de bobinadora/motores
- Montadores de equipamentos electrónicos
- Montadores de aparellos electrónicos
- Montadores de teléfonos
- Montadores de televisores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Fabricantes de instrumentos de precisión, 7611
- Mecánicos e reparadores en electrónica, 7531

8209 Montadores e ensambladores non clasificados noutras epígrafes

Os montadores e ensambladores non clasificados baixo outras epígrafes ensamblan varios produtos que non conteñen compoñentes mecánicos, eléctricos nin electrónicos, de conformidade con normas e prescricións estritas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- ensamblar compoñentes e colocar, aliñar e suxeitar unidades a conxuntos, sub-conxuntos ou bastidores empregando ferramentas manuais ou motorizadas e equipamentos de soldadura ao estaño e de microsoldadura;
- examinar os pedidos de traballo, especificacións, diagramas e planos para determinar os materiais necesarios e as instrucións de montaxe;
- rexistrar datos de produción e de explotación nos formularios especificados;
- inspeccionar e probar os compoñentes e os conxuntos montados;
- rexeitar os produtos defectuosos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Ensambladores de municións
- Construtores de caixas
- Ensambladores de bicicletas
- Ensambladores de portas
- Ensambladores de monturas de lentes
- Técnicos en acabado de mobles de madeira
- Montadores de xoias
- Ensambladores de coitelos
- Ensambladores de produtos de coiro
- Técnicos en acabado de maletas
- Ensambladores de produtos de cartón
- Ensambladores de plumas e bolígrafos
- Ensambladores de xoguetes de plástico

- Ensambladores de persianas
- Ensambladores de produtos téxtiles
- Ensambladores de termos

N Condutores e operadores de maquinaria móbil

83 Maquinistas de locomotoras, operadores de maquinaria agrícola e de equipamentos pesados móbiles, e mariñeiros

831 Maquinistas de locomotoras e afíns

8311 Maquinistas de locomotoras

Os maquinistas de locomotoras conducen ou asisten na condución de locomotoras de trens para o transporte de pasaxeiros e carga.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir ou asistir na condución de locomotoras de vapor, eléctricas ou con motor diésel;
- conducir trens metropolitanos de pasaxeiros, sexan subterráneos ou de superficie;
- conducir locomotoras que arrastren vagonetas polo interior ou a superficie de minas ou canteiras;
- inspeccionar as vías para detectar perigos, observando sinais e indicadores;
- utilizar sistemas de telecomunicacións para comunicarse coa tripulación dos trens e os controladores do tránsito, co fin de asegurar un funcionamento seguro e a puntualidade dos trens;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Maquinistas de locomotoras
- Condutores de trens

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Condutores de tranvías, 8420

8312 Axentes de manobras ferroviarias

Os axentes de manobras ferroviarias velan pola boa marcha e seguranza dos trens de carga durante as viaxes, controlan o tráfico ferroviario accionando sinais, desvían material rolante e forman trens nos apartadoiros de ferrocarril; tamén enganchan as vagonetas e controlan o seu movemento polos carrís das minas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facerse cargo da boa marcha e seguranza dos trens de carga durante as viaxes;
- controlar ou guiar o tráfico ferroviario en diferentes tramos ou empalmes das liñas, accionando os sinais ou agullas desde os postos de control ou de sinalización;
- desviar e enganchar material rodante nas estacións, apartadoiros e vías de ma-

nobra, de acordo coas instrucións recibidas sobre carga, descarga e formación de trens;

- formar trens de vagonetas para enganchalos a locomotoras ou cables de arrastre en minas ou canteiras, e controlar o seu movemento nas galerías de arrastre;
- controlar sistemas e equipamentos dos trens como os sistemas de aire acondicionado e calefacción, freos e canos de freo antes das viaxes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Gardafreos de ferrocarrís
- Axentes de manobras de ferrocarrís
- Gardaagullas de ferrocarrís

832 Operadores de maquinaria agrícola e forestal móbil

8321 Operadores de maquinaria agrícola móbil

Os operadores de maquinaria agrícola móbil conducen, manexan, operan e controlan un ou máis tipos de máquinas motorizadas, maquinaria móbil ou equipamentos utilizados en operacións agrícolas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e manexar maquinaria especial tirada por tractor ou autopropulsada, para arar a terra e sementar, fertilizar, cultivar e obter cultivos;
- preparar e posicionar plantas para a súa operación;
- axustar a velocidade, altura e profundidade dos instrumentos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de cultivadora
- Tractoristas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de movementos de terras e afíns, 8331
- Operadores de maquinaria forestal móbil, 8322

8322 Operadores de maquinaria forestal móbil

Os operadores de maquinaria forestal móbil conducen, manexan, operan e controlan un ou máis tipos de máquinas motorizadas, maquinaria móbil ou equipamentos utilizados en operacións forestais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e manexar maquinaria forestal tirada por tractor ou autopropulsada, para limpar a terra, plantar, obter e transportar árbores e troncos ou realizar outras operacións forestais;
- preparar e posicionar plantas para a súa operación;
- axustar a velocidade, altura e profundidade dos instrumentos;
- operar equipamentos para soste, agarrar e cortar árbores;

- operar accesorios para agarrar, mover, soltar e ordenar árbores e troncos, e operar equipamentos auxiliares como poden ser máquinas de quebrar madeira e partir troncos;
- alimentar con árbores cortadas as máquinas procesadores para desmontar ramas e cortar en troncos e cargalos en pillas e en camións.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de equipamentos de corte de troncos
- Condutores de transporte de madeiras
- Operadores de máquina cortadora de árbores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de movementos de terras e afíns, 8331
- Operadores de maquinaria agrícola móbil, 8321

833 Operadores doutras máquinas móbiles

8331 Operadores de maquinaria de movementos de terras e equipamentos similares

Os operadores de maquinaria de movementos de terras e equipamentos similares manexan e conducen máquinas para escavar, achandar, explanar, alisar e compactar terra ou materiais análogos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- operar e vixiar máquinas escavadoras, provistas de pas mecánicas, alcatruces, mordazas ou dragas de arrastre, para escavar e mover terra, rochas, area, cascallo e materiais análogos;
- operar e vixiar maquinaria para abrir gabias para condutos de desaugamento, drenaxes, abastecemento de auga, petróleo, gas e outros;
- operar e vixiar maquinaria provista dunha coitela frontal cóncava de aceiro, para empurrar, repartir e nivelar terra, area, neve e outros materiais;
- operar e vixiar equipamentos de dragaxe para extraer area, cascallo e lodo do fondo mariño ou fluvial;
- operar e vixiar máquinas para fincar estacas de madeira, de formigón ou de aceiro;
- operar e vixiar máquinas apisoadoras ou aplanadoras con rolo para compactar e achandar os materiais utilizados na construción e pavimentación de estradas, beirarrúas e obras similares;
- operar e vixiar máquinas pavimentadoras ou asfaltadoras para estender e alisar camadas de cascallo, formigón, asfalto ou preparados de alcatrán durante a construción de estradas, camiños ou obras similares.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de niveladoras
- Operadores de escavadoras
- Operadores de máquinas explanadoras
- Operadores de apisoadoras
- Operadores de máquinas quitaneves

- Operadores de máquinas de fincar estacas
- Operadores de máquinas asfaltadoras

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de guindastres, 8332
- Camioneiros propietarios, 8431
- Camioneiros asalariados, 8432
- Condutores propietarios de formigoneiras, 8431
- Condutores asalariados de formigoneiras, 8432

8332 Operadores de guindastres, montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais

Os operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais accionan e vixían guindastres fixas e móbiles e outros aparellos elevadores *in situ*.

Entre as súas tarefas inclúense:

- operar e vixiar guindastres móbiles ou fixas, facendo baixar e subir brazos e plumas, para elevar, mover, posicionar ou colocar equipamentos e materiais;
- operar e vixiar máquinas e aparellos para izar e subir ou baixar materiais e persoal en obras de construción ou en minas;
- accionar e vixiar teleféricos e instalacións similares;
- accionar e vixiar a maquinaria utilizada para remolcar ou arrastrar mediante cables, balsas ou barcazas con pasaxeiros, vehículos ou mercadorías durante breves traxectos;
- accionar e vixiar a maquinaria que abre e pecha pontes levadizas ou xiratorias para permitir a circulación fluvial e por estrada;
- accionar e vixiar guindastres provistos de accesorios de dragaxe para dragar vías fluviais e outras zonas;
- accionar guindastres instalados sobre embarcacións ou barcazas para elevar, mover e colocar equipamentos e materiais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de aparellos elevadores
- Operadores de guindastres móbiles
- Operadores de guindastres de torre
- Operadores de teleféricos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de maquinaria de movemento de terras, 8331

8333 Operadores de carretas elevadoras

Os operadores de carretas elevadoras conducen, accionan e vixían autoelevadoras ou vehículos similares para transportar, izar e empillar fardos e palés cargadas de mercadorías.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e vixiar o funcionamento de autoelevadoras e equipamentos similares para cargar e descargar, transportar, izar e empillar mercadorías ou palés cargadas en estacións terminais de carga e descarga, instalacións portuarias, almacéns, fábricas e outros establecementos;
- colocar os dispositivos elevadores embaixo, enriba ou arredor de paletas, fardos e caixas cargadas, e suxeitar ben os materiais ou produtos para o seu transporte ás zonas designadas;
- inspeccionar os equipamentos para identificar deterioración e danos;
- realizar o mantemento habitual de vehículos e equipamentos;
- manter rexistros do traballo realizado e das avarías dos vehículos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Operadores de carretas elevadoras
- Condutores de
- Carreteiro almaceneiro

834 Mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns

8340 Mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns

Os mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns realizan manobras e operacións en cuberta a bordo de buques e outras embarcacións.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facer garda durante a navegación e ao entrar ou saír de porto ou noutras augas pouco profundas;
- levar o leme barco de acordo coas instrucións recibidas;
- manexar cordas e cabos, e accionar os sistemas de amarre;
- manter en bo estado e, nalgúns casos, accionar equipamentos dispoñibles a bordo, aparellos de carga, cables, equipamentos salvavidas e extintores de incendios;
- limpar a cuberta e o casco, raspar, pintar e realizar outros traballos de mantemento;
- preparar, manexar e recoller aparellos de manipulación de carga, aparellos fixos e aparellos de rodadura.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Contramestres de cuberta
- Mariñeiros de cuberta de transbordadores
- Mariñeiros de cuberta de remolcadores
- Mariñeiros

84 Condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada

841 Condutores de automóbiles, taxis e furgonetas

8411 Condutores propietarios de automóviles, taxis e furgonetas

Os condutores propietarios de automóviles, taxis e furgonetas conducen e ocúpanse dos seus propios automóviles e furgonetas para o transporte de pasaxeiros, correspondencia ou mercadorías.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e ocuparse de automóviles, taxis ou camionetas para o transporte de pasaxeiros;
- conducir e ocuparse de automóviles, furgonetas ou camiións pequenos para a distribución de correspondencia ou mercadorías;
- axudar aos pasaxeiros coa equipaxe;
- cobrar o importe do traxecto ou o transporte realizados, ou recoller documentos que certifiquen as entregas;
- manexar equipamentos de telecomunicacións para coñecer a localización e dispoñibilidade, e seguir as instrucións do centro de control;
- calcular a ruta máis conveniente;
- axudar aos pasaxeiros con problemas físicos;
- manexar equipamentos para facilitar a carga e descarga de pasaxeiros con problemas físicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Taxistas propietarios
- Choferes particulares con coche propio
- Repartidores de pedidos propietarios de furgoneta
- Condutores propietarios de camionetas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas, 8412
- Condutores de autobús, 8420
- Condutores propietarios de camiións pesados, 8431
- Condutores mensaxeiros, 4221

8412 Condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas

Os condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas conducen e ocúpanse de automóviles e furgonetas para o transporte de pasaxeiros, correspondencia ou mercadorías.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e ocuparse de automóviles, taxis ou camionetas para o transporte de pasaxeiros;
- conducir e ocuparse de automóviles, furgonetas ou camiións pequenos para a distribución de correspondencia ou mercadorías;
- axudar aos pasaxeiros coa equipaxe;
- cobrar o importe do traxecto ou o transporte realizados, ou recoller documentos que certifiquen as entregas;
- manexar equipamentos de telecomunicacións para coñecer a localización e dispoñibilidade, e seguir as instrucións do centro de control;

- calcular a ruta máis conveniente;
- axudar aos pasaxeiros con problemas físicos;
- manexar equipamentos para facilitar a carga e descarga de pasaxeiros con problemas físicos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Taxistas asalariados
- Choferes particulares asalariados
- Repartidores asalariados de pedidos en furgoneta
- Condutores asalariados de camionetas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Condutores propietarios de automóviles, taxis e furgonetas, 8411
- Condutores de autobús, 8420
- Condutores asalariados de camiións pesados, 8432
- Condutores mensaxeiros, 4221

842 Condutores de autobuses e tranvías

8420 Condutores de autobuses e tranvías

Os condutores de autobuses e tranvías conducen e ocúpanse de autobuses ou tranvías para o transporte de pasaxeiros, correspondencia e mercadorías.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e ocuparse de autobuses, trolebuses ou autocares para o transporte urbano ou interurbano de pasaxeiros, correspondencia ou mercadorías;
- conducir e ocuparse de tranvías para o transporte de pasaxeiros;
- abrir e pechar as portas antes e despois da baixada ou suba de pasaxeiros;
- axudar aos pasaxeiros coa equipaxe;
- controlar as luces, a calefacción e a ventilación en autobuses e tranvías;
- observar o tránsito para asegurar unha viaxe segura;
- cobrar o importe do traxecto realizado ou verificar que o pasaxeiro viaxe co billete necesario.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Condutores de autobús
- Condutores de microbús
- Condutores de tranvía

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Condutores propietarios de automóviles, taxis e furgonetas, 8411

843 Condutores de camiións

8431 Condutores propietarios de camiións

Os condutores propietarios de camiões pesados conducen e ocúpanse dos seus propios vehículos motorizados pesados para o transporte a curta ou longa distancia de mercadorías, líquidos e materiais pesados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e ocuparse de vehículos motorizados pesados, como camiões con ou sen remolque ou caixa abatible para o transporte de mercadorías, líquidos ou materiais pesados a curta ou longa distancia;
- calcular a ruta máis conveniente;
- asegurar que as mercadorías se garden e cubran de forma segura, para evitar perdas e danos;
- axudar ou realizar operacións de carga ou descarga, utilizando diferentes dispositivos de elevación ou descarga;
- realizar o mantemento menor dos vehículos, e subcontratar o mantemento e as reparacións de maior importancia;
- estimar pesos para respectar as limitacións de carga, e asegurar unha distribución segura dos pesos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Condutores propietarios de camión de gran tonelaxe
- Condutores propietarios de camión cisterna
- Condutores propietarios de camión TIR (transporte internacional)
- Condutores propietarios de camión de mercadorías perigosas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Condutores asalariados de camiões, 8432
- Condutores propietarios de camionetas, 8411

8432 Condutores asalariados de camiões

Os condutores asalariados de camiões pesados conducen e ocúpanse de vehículos motorizados pesados para o transporte a curta ou longa distancia de mercadorías, líquidos e materiais pesados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e ocuparse de vehículos motorizados pesados, como camiões con ou sen remolque ou caixa abatible para o transporte de mercadorías, líquidos ou materiais pesados a curta ou longa distancia;
- calcular a ruta máis conveniente;
- asegurar que as mercadorías se garden e cubran de forma segura, para evitar perdas e danos;
- axudar ou realizar operacións de carga ou descarga, utilizando diferentes dispositivos de elevación ou descarga;
- realizar o mantemento menor dos vehículos, e subcontratar o mantemento e as reparacións de maior importancia;
- estimar pesos para respectar as limitacións de carga, e asegurar unha distribución segura dos pesos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Condutores asalariados de camión de gran tonelaxe
- Condutores asalariados de camión cisterna
- Condutores asalariados de camión TIR (transporte internacional)
- Condutores asalariados de camión de mercadorías perigosas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Condutores propietarios de camiós, 8431
- Condutores asalariados de camionetas, 8412

844 Condutores de motocicletas e ciclomotores

8440 Condutores de motocicletas e ciclomotores

Os condutores de motocicletas e ciclomotores conducen e ocúpanse de motocicletas ou triciclos con motor equipados para o transporte de materiais, mercadorías ou pasaxeiros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- conducir e ocuparse de motocicletas ou triciclos con motor equipados para o transporte de materiais, mercadorías ou pasaxeiros;
- respectar as regras e sinais de tránsito;
- limpar e lavar o vehículo, así como realizar o seu mantemento e reparacións menores;
- manter un rexistro das viaxes;
- entregar mensaxes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Motoristas repartidores (salvo mensaxería)
- Motorista, repartidor pizzas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mensaxeiros-motoristas, 4221
- Corredores deportivos de motos, 3721

9 Ocupacións elementais

O Traballadores non cualificados en servizos (salvo transportes)

91 Empregados domésticos

910 Empregados domésticos

9100 Empregados domésticos

Os empregados domésticos varren, limpan con aspiradora, lavan e enceran, coidan do enxoval doméstico, compran fornecementos domésticos, preparan alimentos, serven comidas e realizan outra serie de tarefas domésticas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- varrer ou limpar con aspiradora, encerar e lavar chans e mobles, ou lavar xanelas e outras superficies;
- lavar, pasar o ferro e remendar roupa de cama, de mesa e outra roupa da casa;
- lavar louza;
- preparar, cociñar e servir comidas e bebidas;
- comprar alimentos e diversos artigos de uso doméstico;
- limpar, desinfectar e desodorizar cociñas, baños e servizos;
- limpar xanelas e outras superficies de vidro.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Empregados domésticos
- Asistentes do servizo domésticos
- Limpadores domésticos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Ecónomos e mordomos, 5832
- Limpadores de hoteis, 9210
- Lavandeiras á man, 9221
- Varredores, 9443

92 Outro persoal de limpeza

921 Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares

9210 Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares

O persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares realiza diversas tarefas de limpeza co fin de manter limpos e ordenados os recintos e superficies de hoteis, oficinas e outros establecementos, así como de avións, trens, autobuses e vehículos similares.

Nota: Os traballadores que realizan tarefas de limpeza e asistencia só en cociñas e outras zonas de preparación de comidas clasifícanse no grupo primario 9310, Axudantes de cociña

Entre as súas tarefas inclúense:

- varrer ou limpar con máquina aspiradora, lavar e encerar chans, mobles e outros aparellos en edificios, autocares, autobuses, tranvías, trens e avións;
- facer camas, limpar cuartos de baño e subministrar toallas, xabón e artigos afíns;
- limpar cociñas e axudar nas faenas de cociña en xeral, incluíndo fregar a louza;
- recoller lixo, baleirar contedores de lixo e levar o seu contido aos puntos de recollida.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Limpadores de hoteis
- Limpadores de oficinas
- Limpadores en institucións sanitarias
- Limpadores de escolas
- Encerador de chans
- Limpadores de avións
- Limpadores de trens
- Limpadores de autobuses
- Limpadores de cociña

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Ecónomos e mordomos domésticos, 5832
- Conserxes, 5833
- Limpadores domésticos, 9100
- Limpadores de piscinas, 9229
- Varredores de rúas, 9443
- Axudantes de cociña, 9310
- Lavalouza, 9310

922 Limpadores de vehículos, xanelas e persoal de limpeza á man

9221 Limpadores en seco á man e afíns

As lavandeiras, limpadores en seco á man e afíns lavan, pasan o ferro ou limpan en seco diversos tipos de roupa e outros tecidos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- lavar e pasar o ferro á man a roupa da casa, roupa de vestir, tecidos e artigos similares, nunha lavandaría ou en locais similares doutros establecementos;
- limpar á man e empregando solucións químicas toda clase de roupa de vestir, tecidos, peles ou artigos similares nunha lavandaría ou tinturaría en seco, ou noutros establecementos;
- repoñer botóns e efectuar reparacións menores;
- colocar artigos en andeis e penduralos para a súa entrega e recolla.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Limpadores en seco á man
- Lavandeiros á man
- Pasadores de ferro á man

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas de limpeza en seco, 8170
- Operadores de máquina pasadora, 8170
- Operadores de máquinas de lavandaría, 8170

9222 Limpadores de vehículos

Os limpadores de vehículos lavan, limpan e lustran vehículos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar, lavar e lustrar automóviles e outros vehículos, á man ou con máquinas manuais;
- aspirar o interior dos vehículos e limpar en seco alfombras e tapizarías;
- aplicar axentes limpadores para eliminar manchas do interior dos vehículos;
- lavar pneumáticos e lamias e ennegrecer pneumáticos;
- lavar e lustrar xanelas de vehículos;
- baleirar e limpar compartimentos nos vehículos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Limpadores de coches
- Lavacoches á man

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de túnel/estación de autolavado, 5430
- Limpadores na rúa de vidros de automóviles, 9420

9223 Limpadores de xanelas

Os limpadores de xanelas lavan e secan vidros de xanelas e outros elementos de vidro.

Entre as súas tarefas inclúense:

- lavar, secar e lustrar xanelas e outras superficies de vidro con auga ou solucións de distintos tipos;
- utilizar escadas, estadas colgantes, cadeiras de calafate, camiões con alcatruz pneumático e outros equipamentos para acceder e limpar xanelas en edificios de varios pisos;
- seleccionar instrumentos adecuados para a limpeza e o lustre.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Limpadores de xanelas
- Limpadores de xanelas a grandes alturas

- Limpadores de vidros en edificios

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Limpadores de fachadas, 7295
- Limpadores de vidros de automóviles, 9222

9229 Outro persoal de limpeza

O persoal de limpeza incluído neste grupo ocúpase da limpeza de superficies, materiais e obxectos como alfombras e moquetas, paredes, piscinas e torres de refrixeración, utilizando equipamentos e produtos químicos de limpeza especializados.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar alfombras, moquetas e tapizarías utilizando máquinas limpadoras e os seus accesorios;
- seleccionar e aplicar axentes de limpeza para eliminar manchas de alfombras e moquetas;
- tratar alfombras e moquetas con produtos químicos repelentes para o chan e desodorizantes, e aplicar tratamentos para pestes;
- limpar muros de pedra, superficies de metal e taboleiros utilizando limpadores de auga e disolventes a gran presión;
- aplicar produtos químicos e métodos de limpeza a gran presión para eliminar microorganismos dos sistemas de auga e filtración e utilizar equipamentos de baleiro en húmido e outros aparellos de succión para eliminar cotralla, sucidade acumulada e outros depósitos en piscinas, compoñentes de torres de refrixeración e desaugadoiros.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Limpadores de alfombras e moquetas
- Limpadores de piscinas
- Limpadores de pintadas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Limpadores de fachadas, 7295

93 Axudantes de preparación de alimentos

931 Axudantes de cociña

9310 Axudantes de cociña

Os axudantes de cociña retiran as mesas, limpan as zonas de cociña, preparan ingredientes e realizan outras tarefas auxiliares para os responsables de preparar e servir os alimentos e bebidas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar as cociñas, zonas de preparación de alimentos e zonas de servizos;

- axudar aos cociñeiros e xefes de cociña a preparar os alimentos lavando, pelando, picando, cortando, medindo e mesturando os ingredientes;
- montar pratos para servilos;
- desembalar, comprobar, trasladar, pesar e gardar as fornecementos en frigoríficos, armarios e outras zonas de almacenamento;
- lavar os pratos e os utensilios de cociña e poñelos á parte;
- preparar, cociñar, torrar e quentar alimentos sinxelos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Axudantes de cociña
- Pinches de cociña
- Marmiteiros
- Axudantes de repostaría
- Lavalouza

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Cociñeiros, 5110
- Reposteiros, 5110
- Limpadores de cociña, 9210
- Preparadores de comidas rápidas, 9320

932 Preparadores de comidas rápidas

9320 Preparadores de comidas rápidas

Os preparadores de comidas rápidas preparan e cociñan unha serie limitada de alimentos e bebidas caracterizados por procesos de preparación sinxelos e polo emprego dun pequeno número de ingredientes. Poden tomar o pedido aos clie servirlo en mostradores ou mesas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- preparar alimentos e bebidas sinxelos ou xa preparados, como bocadillos, hamburguesas, pizzas, peixe frito, ensaladas e café;
- lavar, cortar, medir e mesturar alimentos para cocción;
- manexar equipamentos de cocción en grandes cantidades e de proceso único, como grellas, frixideiras e pranchas;
- requentar os alimentos xa preparados;
- limpar as zonas de preparación de alimentos e as superficies e utensilios de cocción;
- tomar pedidos de alimentos e bebidas e servilos en lugares especializados en comidas rápidas e para levar;
- pedir os ingredientes para as comidas rápidas e recibilos;
- cumprir as normas hixiénicas, de saúde e de seguranza nas zonas de traballo;
- verificar que as comidas preparadas cumpren os requisitos de calidade e cantidade.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Churreiros

- Cociñeiros-preparadores de hamburguesas, sándwiches e bocadillos
- Preparadores de kebabs

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Xefes de cociña, 3734
- Cociñeiros-propietarios, 5000
- Cociñeiros en xeral, 5110
- Pizzeiro, restaurante, 5110

94 Recolledores de residuos urbanos, vendedores na rúa e outras ocupacións elementais en servizos

941 Vendedores na rúa

9410 Vendedores na rúa

Os vendedores na rúa venden unha serie habitualmente limitada de produtos (excluíndo os alimentos para consumo inmediato) en rúas e en lugares públicos como estacións, teatros ou cinemas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- comprar ou recibir artigos para a súa venda, ou confeccionar artigos sinxelos co mesmo fin;
- cargar e descargar cestas, bandexas, carros de man, bicicletas, camionetas ou outros vehículos para levar mercadorías aos lugares de venda na rúa ou en estacións de ferrocarril ou outros centros;
- mostrar as mercadorías ou atraer a atención dos clientes sobre elas;
- achegarse á xente da rúa, ou ir de porta en porta, para ofrecer os seus servizos;
- cobrar polos seus servizos no acto.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Vendedores na rúa

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Distribuidores de prensa gratuíta, 9420
- Vendedores de lotaría na rúa, 4442
- Vendedores en quioscos, 5411

942 Repartidores de publicidade, limpabotas e outros traballadores de oficios na rúa

9420 Repartidores de publicidade, limpabotas e outros traballadores de oficios na rúa

Estes traballadores prestan diversos servizos en rúas e outros lugares públicos, como os de limpeza de calzado, lavado de parabrisas de automóbiles, realización de recados, repartición de folletos, coidado de bens e outros semellantes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- procurarse os materiais necesarios para prestar os seus servizos;
- achegarse á xente da rúa para ofrecerlle os seus servizos;
- limpar e lustrar zapatos;
- limpar parabrisas e xanelas de automóbiles;
- facer recados;
- axudar aos condutores a encontrar unha praza de aparcadoiro e velar por que os automóbiles non sufran danos en ausencia destes;
- repartir folletos e prensa gratuíta;
- cobrar polos seus servizos no acto.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Repartidores de publicidade
- Repartidores de publicidade nas caixas de correos
- Distribuidor de prensa gratuíta
- Coladores de carteis
- Limpadores na rúa de vidros de automóbiles
- Limpabotas
- Aparcacoches guías (non condutores)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mensaxeiros a pé, 9433
- Recadeiros a pé, 9433

943 Ordenanzas, mozos de equipaxe, repartidores a pé e afíns

9431 Ordenanzas

Os ordenanzas levan mensaxes, correspondencia e transportan paquetes aos seus destinatarios dentro dun mesmo establecemento ou nas diferentes seccións dunha mesma empresa ou organismo público.

Entre as súas tarefas inclúense:

- distribuír mensaxes, correspondencia, paquetes e outros obxectos nas diferentes seccións dunha empresa ou organismo público;
- facerse cargo de equipaxes e outros pormenores dos hóspedes do hotel;
- pode realizar labores de información, orientación e vixilancia;
- manexar os ascensores para atender ao público que os utilice;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Ascensoristas
- Ordenanzas

- Botóns

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Porteiros de hoteis, 5942
- Recadeiros, 9433
- Mensaxeiros a pé, 9433

9432 Mozos de equipaxe e afíns

Os mozos de equipaxe e afíns carrexan maletas ou outra equipaxe en hoteis, estacións de ferrocarril, aeroportos e lugares semellantes. Así mesmo, transportan paquetes e outros obxectos dentro dun mesmo establecemento ou dun establecemento a outro.

Entre as súas tarefas inclúense:

- transportar a man equipaxes en estacións, aeroportos e portos portuarios;
- entregar equipaxes en estacións de ferrocarril, aeroportos e outras partes;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Mozo de equipaxes

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Porteiros de hoteis, 5942
- Maleteiros de carga e descarga en aeroportos (*handling*), 9811
- Botóns, 9431
- Recadeiros, 9433

9433 Repartidores, recadeiros e mensaxeiros a pé

Os repartidores, recadeiros e mensaxeiros a pé levan mensaxes, transportan paquetes e outros obxectos aos seus destinatarios dun establecemento a outro así como a domicilios particulares e outros lugares. Desprázanse a pé.

Entre as súas tarefas inclúense:

- distribuír mensaxes, paquetes e outros obxectos dun establecemento a outro, ou noutras partes;
- servir de mensaxeiro postal;
- distribuír por conta de clientes os diversos artigos que estes envían a distintas empresas, domicilios particulares e outros enderezos;
- planificar a ruta máis eficiente e seguila;
- clasificar os artigos para entregalos de acordo coa ruta elixida.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Repartidores a pé de supermercados
- Repartidores de prensa a domicilio

- Recadeiros a pé
- Mensaxeiros a pé

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mensaxeiros motorizados, 4221
- Repartidores en furgoneta propia, 8411
- Repartidores en furgoneta asalariados, 8412

9434 Lectores de contadores e recadadores de máquinas recreativas e expendedoras

Estes traballadores dedícanse xa a reaprovisionar os depósitos de artigos para a venda e a recoller as moedas acumuladas neles e nos aparellos para medir o estacionamento, xa a verificar o consumo de gas, electricidade ou auga mediante a lectura periódica dos medidores.

Entre as súas tarefas inclúense:

- reaprovisionar as máquinas de venda automática e recoller as moedas depositadas nas súas caixas;
- recoller as moedas depositadas nas caixas dos aparellos para medir o estacionamento ou aparellos similares;
- ler os contadores de gas, electricidade e auga e anotar o consumo rexistrado;
- levar rexistros das mercadorías distribuídas e o diñeiro recollido;
- seguir as rutas establecidas para tomar as lecturas dos medidores;
- verificar as lecturas nos casos en que o consumo pareza anormal e rexistrar as posibles causas das flutuacións;
- inspeccionar os medidores para detectar conexións non autorizadas, defectos e danos como rotura dos precintos.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Lectores do contador da electricidade
- Lectores do contador da auga
- Lectores do contador do gas
- Recadadores de máquinas recreativas
- Recadadores de máquinas expendedoras (tabaco, bebidas, lambetadas etc.)
- Repositores de máquinas expendedoras automáticas

944 Recolledores de residuos, clasificadores de refugallos, varredores e afíns

9441 Recolledores de residuos

Os recolledores de residuos urbanos recollen desperdicios de toda clase en edificios, xardíns, rúas e outros lugares públicos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recoller lixo e materiais reciclables e depositalos en contedores e camións de lixo

- e reciclaxe;
- montar en camiións de lixo e de reciclaxe;
- cargar e baleirar os cubos de lixo en camiións e grandes colectores;
- descargar camiións de lixo e reciclado.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns de recolección de refugалlos
- Recolledores de lixo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Condutores asalariados de camiións de lixo, 8432
- Varredores, 9443
- Recolledores selectivos de residuos urbanos, 9442
- Clasificadores de refugалlos, 9442

9442 Clasificadores de refugалlos, operarios de punto limpo e recolledores de chatarra

Os clasificadores de refugалlos, operarios de punto limpo e recolledores de chatarra identifican e clasifican materiais de refugallo que poden ser reciclados e colócanos en compartimentos designados para a súa venda ou eliminación posterior. Poden comprar eses materiais, buscalos en vertedoiros ou en lugares públicos, ou traballar nunha empresa de reciclaxe.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recoller materiais para a súa reciclaxe en establecementos domésticos, comerciais e industriais, ou en lugares públicos como as rúas;
- clasificar papel, vidro, plástico, aluminio ou outros materiais de reciclaxe por tipos;
- colocar eses materiais en compartimentos designados;
- identificar e retirar mobiliario, equipamentos, máquinas ou compoñentes que podan repararse ou reutilizarse;
- vender materiais reciclables ou reutilizables.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Clasificadores de planta de reciclaxe
- Operarios de punto limpo
- Recolledores de serralla (serralleiros)
- Recolledores de cartón
- Recolledores selectivos de residuos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Peóns recolledores de lixo, 9441

9443 Varredores e afíns

Os varredores e afíns varren e limpan rúas, parques, aeroportos, estacións e outros lugares públicos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- varrer rúas, parques, aeroportos, estacións e outros lugares públicos similares;
- despexar e amorear neve;
- sacudir o po de alfombras golpeándoas con útiles especiais;
- limpar lixo, follas e neve de rúas e xardíns.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Varredores de parques
- Varredores de rúas
- Varredores de estación de tren
- Varredores de aeroporto
- Peóns limpadores da vía pública
- Operarios mantedores de rede de sumidoiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Peóns do servizo de recolla de lixo, 9441

949 Outras ocupacións elementais

9490 Outras ocupacións elementais

Este grupo primario abrangue as ocupacións elementais non clasificadas en ningunha outra epígrafe do gran grupo 9, Ocupacións elementais. Nel inclúense, por exemplo, os que expiden e controlan os billetes de entrada a aparcadoiros ou outros lugares, recollen e entregan os artigos persoais aos clientes nun gardarroupa e axudan aos clientes nos espectáculos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- vender e controlar os billetes de entrada e os pases dos clientes nos espectáculos ou controlar a súa identidade;
- examinar os billetes e pases para verificar a súa autenticidade aplicando criterios como os relativos á súa cor ou á data de expedición;
- guiar os clientes ás saídas ou facilitarlles outras instrucións e prestarlles axuda en caso preciso;
- dirixir os clientes aos espazos de descanso, postos de venda e teléfonos;
- dirixir os condutores de vehículos ás zonas de aparcadoiro;
- patrullar polas zonas de aparcadoiro para previr os danos aos vehículos ou os roubos nestes;
- calcular as tarifas de aparcadoiro e cobralas aos clientes;
- asignar vestiarios, cabinas ou armarios aos clientes de ximnasios e establecementos de baños e similares;
- limpar, pintan e manteñen edificios, terreos e instalacións, e efectúan reparacións sinxelas;
- substituír elementos defectuosos como lámpadas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Revisores de tickets de entrada en espectáculos
- Empregados gardarroupas

- Revisores de parquímetros
- Axudantes aparcacoches

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Vixilantes (habilitados para iren armados), 5941
- Vixilantes (non habilitados para iren armados), 5942
- Porteiros de salas de festa, 5942
- Aparcacoches guías, 9420

P Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes

95 Peóns agrarios, forestais e da pesca

951 Peóns agrícolas

9511 Peóns agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)

Os peóns agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns) realizan tarefas sinxelas e rutineiras na produción de cultivos extensivos e cultivos leñosos, tales como froitas, noces, grans e hortalizas en explotacións agrícolas. Non conducen maquinaria agrícola.

Nota: Os peóns da horticultura e a xardinaría clasifícanse en 9512, Peóns agrícolas en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns

Entre as súas tarefas inclúense:

- cavar e padexar para limpar gabias ou para outros fins;
- cargar e descargar fornecementos, produtos e outros materiais;
- enciñar, virar e amontoar palla e herba seca e materiais similares;
- regar, rarear e sachar cultivos á man ou utilizando ferramentas manuais;
- apañar froitas, noces, hortalizas e outros cultivos;
- plantar e obter cultivos, tales como o arroz, a man;
- clasificar, ordenar, agrupar e envasar produtos en recipientes;
- realizar reparacións menores en instalacións, edificios, equipamentos e cercas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns agrícolas en xeral
- Peóns agrícolas da oliveira
- Colleiteiros de froitas (laranxas, pexegos, peras...)
- Vendimadores
- Colleiteiros de patacas (en cultivo extensivo)
- Colleiteiros de hortalizas (en cultivo extensivo)

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Agricultores de cultivos extensivos, 6110
- Traballadores cualificados na fruticultura, 6110
- Colleiteiros de amorodos, 9512

- Colleiteiros de espárragos, 9512
- Colleiteiros de hortalizas (en cultivo intensivo), 9512
- Fumigadores, 7894
- Condutores de cultivadoras agrícolas, 8321
- Operadores de maquinaria agrícola, 8321

9512 Peóns agrícolas en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns

Os peóns agrícolas en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns realizan tarefas sinxelas e rutineiras en operacións de cultivo e mantemento de árbores, arbustos, flores e outras plantas en parques e xardíns privados, para producir plántulas, bulbos e sementes, ou cultivar hortalizas e flores mediante técnicas de cultivo intensivo.

Entre as súas tarefas inclúense:

- cargar, descargar e mover fornecementos, produtos e equipamentos;
- preparar sitios e parcelas de xardín utilizando ferramentas manuais e máquinas simples;
- axudar a plantar e transplantar flores, arbustos, árbores e relva;
- manter xardíns pola rega, mondar malas herbas e cortar a relva;
- limpar xardíns e quitar o lixo;
- axudar na propagación, plantación e colocación en testos de sementes, bulbos e gallos;
- coidar plantas mediante a rega e monda de malas herbas á man;
- recoller e envasar plantas para a venda e o seu transporte;
- realizar reparacións menores en instalacións, edificios, equipamentos e cercas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns agrícolas en horticultura
- Colleiteiros de amorodos
- Colleiteiros de espárragos
- Colleiteiros de hortalizas (en cultivo intensivo)
- Peóns agrícolas en xardinaría
- Peóns agrícolas en viveiros
- Cortadores de relva

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Traballadores cualificados na horticultura, 6120
- Xardineiros cualificados, 6120
- Colleiteiros de hortalizas (en cultivo extensivo), 9511
- Fumigadores, 7894
- Condutores de cultivadoras agrícolas, 8321
- Operadores de maquinaria agrícola, 8321

952 Peóns gandeiros

9520 Peóns gandeiros

Os peóns gandeiros realizan tarefas sinxelas e rutineiras na produción de animais, incluídas as aves de curral e os insectos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- cavar e padexar para limpar gabias ou para outros fins;
- cargar e descargar fornecementos, produtos e outros materiais;
- alimentar, abeberar e asear animais e manter as súas cortes limpas;
- vixiar gando e presentar informes sobre o seu estado;
- axudar ao mantemento da saúde e benestar do gando;
- axudar co pastoreo, condución e separación do gando para a muxidura, o transporte para a rapa ou o sacrificio e entre pastaxes;
- recoller ovos e colocalos en incubadoras;
- anciñar, virar e amontoar herba seca, palla e outros tipos de alimentos para animais e aloxalos;
- clasificar, ordenar e envasar os produtos en recipientes;
- realizar reparacións menores en instalacións, edificios, equipamentos e cercas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns gandeiros (explotacións de bovino)
- Peóns gandeiros (explotacións de ovino)
- Peóns gandeiros (explotacións de porcino)
- Peóns en explotacións de aves e coellos
- Mozos de cabalariza
- Peóns de limpeza e alimentación do gando
- Recolledores de ovos
- Peóns de granxa cinexética

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Gandeiros criadores de bovino, 6201
- Gandeiros criadores de ovino, 6202
- Gandeiros criadores de porcino, 6203
- Apicultores, 6204
- Criadores de aves e coellos, 6205
- Criadores de cans e gatos, 6209
- Pastores de ovellas, 6202

953 Peóns agropecuarios

9530 Peóns agropecuarios

Os peóns agropecuarios realizan tarefas sinxelas e rutineiras na produción tanto dos cultivos coma de animais.

Entre as súas tarefas inclúense:

- cavar e padexar para limpar gabias ou para outros fins;
- cargar e descargar fornecementos, produtos e outros materiais;
- anciñar, virar e amontoar palla, herba seca e materiais similares;
- regar, rarear e sachar cultivos á man ou utilizando ferramentas manuais;

- apañar froitas, noces, hortalizas e outros cultivos e recoller ovos;
- plantar e obter cultivos, tales como o arroz, á man;
- alimentar, abeberar e asear animais e manter as súas cortes limpas;
- vixiar o gando, presentar informes sobre o seu estado;
- axudar co pastoreo, condución e separación do gando para o muxidura, o transporte para a rapa ou o sacrificio;
- clasificar, ordenar, agrupar e envasar produtos en recipientes;
- realizar reparacións menores en instalacións, edificios, equipamentos e cercas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns agropecuarios
- Peóns agrícola-gandeiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Traballadores agropecuarios cualificados, 6410
- Peóns da agricultura en xeral, 9511
- Peóns da horticultura e a xardinaría, 9520
- Fumigadores, 7894
- Operadores de maquinaria agrícola, 8321

954 Peóns da pesca, da acuicultura, forestais e da caza

9541 Peóns da pesca

Os peóns da pesca realizan operacións de pesca en augas interiores, costeiras e profundas, así como tarefas sinxelas e rutineiras, para capturar peixes e mariscos.

Entre as súas tarefas inclúense:

- recoller algas, musgos mariños, ameixas e outros moluscos;
- preparar redes, canas e outros aparellos de pesca e equipamentos de cuberta;
- operar artes de pesca para capturar peixes e outras formas de vida mariña;
- limpar, clasificar e envasar peixes e mariscos en xeo e sal e estibar as capturas en adegas;
- limpar as superficies de cuberta e as adegas de peixe;
- manipular as amarras durante a atracada.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns da pesca

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Pescadores en augas costeiras, 6422
- Mariscadores, 6422
- Pescadores de altura, 6423
- Peóns da acuicultura, 9542

9542 Peóns da acuicultura

Os peóns da acuicultura realizan tarefas sinxelas e rutineiras para cultivar e obter peixes e mariscos en instalacións acuícolas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar o leito mariño e alimentar peixes e moluscos cultivados;
- obter algas, musgos mariños, ameixas e outros moluscos;
- preparar e limpar as instalacións;
- limpar, clasificar e envasar peixes e mariscos en xeo e sal e estibar as capturas en adegas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns de acuicultura

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Peóns da pesca, 9541
- Acuicultores, 6421
- Mariscadores, 6422

9543 Peóns forestais e da caza

Os peóns forestais e da caza realizan tarefas sinxelas e rutineiras como o cultivo e mantemento de bosques naturais e artificiais, a poda, a corta e o serradura de árbores. Así mesmo, axudan en actividades de caza.

Entre as súas tarefas inclúense:

- facer covas para plantar árbores;
- empillar e cargar troncos e madeira;
- limpar a maleza de bosques e rarear novas plantacións;
- manter a garda sobre incendios forestais;
- eliminar as ramas máis grandes e copas das árbores, recortar ramas e serrar toros en táboas;
- operar e manter serras mecánicas e manuais para tallar árbores, e cortar toros e ramas en táboas;
- recoller sementes, e plantar plántulas;
- realizar reparacións menores e manter camiños forestais, edificios, instalacións e equipamentos;
- axudar en actividades de caza.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns forestais
- Leñadores
- Limpadores-rozadores de montes
- Replantadores de árbores en montes
- Monteiros
- Batedores

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Traballadores cualificados forestais, 6410

- Extractores de cortiza, 6410
- Carboeiros (de carbón vexetal), 6410

96 Peóns da construción e da minaría

960 Peóns da construción e da minaría

9601 Legoeiros de obras públicas

Os legoeiros de obras públicas efectúan tarefas rutineiras ligadas aos traballos de construción e mantemento de estradas, presas e obras semellantes.

Entre as súas tarefas inclúense:

- escavar e encher covas e gabias, estender camadas de cascallo e outros materiais e realizar outras tarefas de construción e mantemento de camiños e vías férreas;
- cargar e descargar materiais e equipamentos de construción e transportalos nas obras;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns de obras públicas
- Legoeiros
- Peóns asphaltadores
- Peóns de mantemento de estradas
- Peóns de mantemento de diques
- Preparadores de pistas de neve
- Peóns en escavacións arqueolóxicas
- Coveiros

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Traballadores do formigón, 7111
- Canteiros, 7122
- Operadores de maquinaria para o movemento de terras, 8331
- Peóns da construción de edificios, 9602

9602 Peóns da construción de edificios

Os peóns da construción de edificios efectúan tarefas rutineiras ligadas ás obras de construción e demolición de edificios.

Entre as súas tarefas inclúense:

- limpar e recuperar tixolos usados e realizar outras faenas similares en obras de demolición;
- eliminar obstrucións seguindo as instrucións recibidas;
- cargar e descargar materiais e equipamentos de construción e transportalos nas

- obras;
- desempeñar tarefas afíns;
- supervisar outros traballadores.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns da construción de edificios
- Peóns de albanel
- Peóns de demolición

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Albaneis, 7121
- Operarios especializados en demolición, 7199
- Peóns de obras públicas, 9601
- Legoeiros de estradas, presas e similares, 9601

9603 Peóns da minaría, canteiras e outras industrias extractivas

Os peóns de minas e canteiras realizan tarefas sinxelas en minas e canteiras.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axudar aos mineiros e outros traballadores de instalacións mineiras a manter as máquinas e equipamentos e as instalacións das minas e canteiras;
- ensamblar e desmontar os equipamentos de minaría;
- recuperar pezas de seccións abandonadas de minas e canteiras;
- retirar saíntes perigosos de seccións de minas e canteiras;
- retirar os refugallos e os materiais e equipamentos útiles das zonas de traballo unha vez rematadas as actividades de extracción, e limpar os restos de rochas e minerais;
- limpar as máquinas, equipamentos, ferramentas, vías de acceso e vías de transporte;
- clasificar, cargar, descargar, amorear e almacenar as ferramentas, materiais e fornecementos usados por outros operarios.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns de exterior de minas
- Peóns de canteiras
- Peóns de salinas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Canteiros, 7122
- Labradores de lousa, 7122
- Mineiros, 8111
- Operadores en instalacións mineiras, 8111
- Perforista (pozo de gas ou petróleo), 8113

97 Peóns das industrias manufactureiras

970 Peóns das industrias manufactureiras

9700 Peóns das industrias manufactureiras

Os peóns das industrias manufactureiras axudan aos operadores de máquinas e aos ensambladores e realizan diversas tarefas simples e rutineiras na fabricación. Por exemplo, estes traballadores pesan, embalan e rotulan materiais e produtos á man.

Entre as súas tarefas inclúense:

- pesar, retractilar, pechar e embalar manualmente materiais e varios produtos;
- encher á man frascos, latas, caixas e outros recipientes con produtos;
- rotular a man produtos, envases e varios recipientes;
- transportar bens, materiais, equipamentos, ou outros obxectos á zona de traballo, e retirar as pezas acabadas;
- cargar e descargar vehículos, camións e vagonetas;
- liberar as máquinas en caso de quedaren bloqueadas e limpar as máquinas, equipamentos e ferramentas;
- clasificar e separar a man produtos acabados ou compoñentes.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns da industria
- Peóns industria alimentaria
- Peóns industria metalúrxica
- Peóns industria téxtil, confección e do coiro
- Peóns de matadoiro industrial
- Peóns manipuladores de peixe
- Encaixadores, envasadores e embotelladores á man
- Etiquetadores a man
- Peóns manipuladores cargadores
- Peóns clasificadores de botellas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de máquinas para fabricar produtos de papel e cartón, 8143
- Operadores de máquinas para a fabricación do calzado, 8156
- Operadores de máquinas para elaborar e envasar produtos alimenticios, 8160
- Operadores de teares e outras máquinas tecedoras, 8152
- Operadores de máquinas embaladoras, embotelladoras ou etiquetadoras, 8193
- Peóns de carpintaría, 9602

98 Peóns do transporte, descargadores e repositores

981 Peóns do transporte, descargadores e afíns

9811 Peóns do transporte de mercadorías e descargadores

Estes peóns realizan tarefas como embalar vultos, carrexar, cargar e descargar mobles e outros aparellos domésticos nas mudanzas; carga e descarga de mercadorías

e outros tipos de carga ou equipaxe transportados por barco ou avión; transportar e depositar mercadorías en diversos almacéns. Para realizar o seu traballo estes peóns poden conducir bicicletas, carretas e outros vehículos accionados polo home, así como vehículos de tracción animal.

Entre as súas tarefas inclúense:

- embalar mobles de oficina ou aparellos domésticos, máquinas, aparellos e outros obxectos para transportalos dun lugar a outro;
- cargar e descargar mercadorías e equipaxe de camións, furgóns, vagóns de ferrocarril, buques ou aeronaves;
- cargar e descargar cereais, carbón, area, equipaxes e outros obxectos similares utilizando fitas transportadoras, tubos e outros sistemas de transporte;
- conectar mangueras entre as canalizacións dunha estación terrestre principal e os depósitos de barcas, buques cisterna e outros barcos para cargar e descargar petróleo, gases licuados e outros líquidos;
- cargar e amorear mercadorías en almacéns ou depósitos similares;
- clasificar a mercadoría antes da súa carga e descarga;
- guiar as bestas na dirección desexada, poñendo atención a outros vehículos e cumprindo as normas de tránsito;
- conducir os animais que arrastran vehículos de tracción animal en minas ou can-teiras;
- conservar en bo estado as máquinas, realizar reparacións de pouca importancia e instalar pezas de recambio;
- coidar e alimentar os animais;
- cobrar o importe do traxecto realizado ou do transporte.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Peóns de carga e descarga
- Mozos de almacén
- Mozos de carga e descarga, mercados de abastos
- Estibadores
- Maleteiros de carga e descarga en aeroporto (handling)
- Mozos de mudanzas

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Operadores de guindastres, 8332
- Operadores de montacargas, 8332
- Repartidores de paquetes en furgón (autónomo), 8411
- Repartidores de paquetes en furgón (asalariado), 8412
- Repartidores a pé, 9433
- Maleteiros de hotel, 9432
- Mozos de equipaxes, 9432
- Repositores de hipermercados, 9820
- Cocheiros, coche a cabalo, 9812

9812 Condutores de vehículos de tracción animal para o transporte de persoas e similares

Estes traballadores propulsan bicicletas e vehículos similares e conducen vehículos de tracción animal para o transporte de pasaxeiros.

Entre as súas tarefas inclúense:

- axudar aos pasaxeiros a ocupar o seu asento ou descender do vehículo;
- mover o vehículo na dirección desexada respectando as normas de tráfico e evitando outros vehículos;
- inspeccionar os compoñentes do vehículo para identificar deterioracións e danos;
- manter o vehículo en bo estado, realizar reparacións de pouca importancia e instalar pezas de recambio;
- cobrar o importe do traxecto realizado ou do transporte;
- conducir os animais na dirección desexada, poñendo atención a outros vehículos e cumprindo as normas de tránsito;
- coidar e alimentar os animais.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cocheiros, coche a cabalo

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Taxistas propietarios, 8411
- Taxistas asalariados, 8412

982 Repositores

9820 Repositores

Os repositores colocan mercadoría en estantes e expositores e manteñen os almacéns limpos e ordenados nos supermercados e outros establecementos grosistas e retalistas.

Entre as súas tarefas inclúense:

- colocar os produtos ordenados en arcóns ou andeis, e empillar produtos a granel no chan;
- repoñer os andeis, asegurando que os produtos con datas de caducidade máis próximas queden diante;
- retirar produtos xa caducados;
- manter en orde os andeis retirando produtos que pertencen a outras seccións;
- anotar o que se vendeu e tirar do almacén os produtos necesarios;
- buscar produtos nos estantes ou no almacén para os clientes;
- orientar os clientes ao lugar onde se encontren os artigos buscados;
- recibir, abrir, desembalar e inspeccionar a mercadoría entregada polo fabricante ou o distribuidor por se estiver danada.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Repositores de hipermercados

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Mozos de almacén, 9811
- Repositores de máquinas expendedoras automáticas, 9434

0 Ocupacións militares

Q Ocupacións militares

00 Ocupacións militares

001 Oficiais e suboficiais das forzas armadas

0011 Oficiais das forzas armadas

Os oficiais das forzas armadas proporcionan liderado e xestión ás unidades de organización nas forzas armadas e/ou realizan tarefas similares a aquelas que cumpren unha variedade de ocupacións civís fóra das forzas armadas. Este grupo inclúe a todos os membros das forzas armadas co rango de alférez (ou equivalente) ou superior.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Capitáns xenerais
- Almirantes
- Xenerais do aire
- Tenentes xerais
- Xenerais de brigada
- Coroneis
- Comandantes
- Capitáns
- Tenentes
- Alféreces
- Capitáns de navío
- Alféreces de fragata

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Oficiais da garda civil, 2623
- Inspectores de alfándegas, 2623
- Xenerais da Garda Civil, 2623

0012 Suboficiais das forzas armadas

Os suboficiais das forzas armadas fan cumprir a disciplina militar e supervisan as actividades dos empregados en ocupacións das forzas armadas, outros rangos, e/ou realizan tarefas similares a aquelas que cumpren unha variedade de ocupacións civís fóra das forzas armadas. Este grupo inclúe membros das forzas armadas de rangos tales como sarxento, suboficial e sarxento maior.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Brigadas
- Sarxentos

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Suboficiais da Garda Civil, 3632

002 Tropa e mariñeiría das forzas armadas

0020 Tropa e mariñeiría das forzas armadas

A tropa e mariñeiría das forzas armadas inclúe todos os membros conscritos e non conscritos das forzas armadas salvo oficiais e suboficiais. Realizan tarefas militares específicas e/ou realizan tarefas similares a aquelas que cumpren unha variedade de ocupacións civís fóra das forzas armadas.

Exemplos de ocupacións incluídas neste grupo primario

- Cabos
- Soldados

Ocupacións afíns non incluídas neste grupo primario

- Axentes da Garda Civil, 5910
- Policías nacionais, 5921
- Policías municipais, 5922
- Policías autonómicos, 5923